



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 45

**Sesión Plenaria**  
18 de outubro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (Continuación)

---

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.2 5776 (10/PNP-000492)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **González Vázquez, José e cinco deputados/as máis**

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmoables situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

#### **4.3 8124 (10/PNP-001368)**

##### **Grupos Parlamentarios: Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego**

De iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da fisolofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 184, do 29.09.2017

#### **4.4 14901 (10/PNP-001193)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Cal Ogando, Marcos e Villares Naveira, Luis**

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

#### **4.5 16414 (10/PNP-001257)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Pazos Couñago, José Alberto e dez deputados/as máis**

Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

**4.6 17226 (10/PNP-001299)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**4.7 17349 (10/PNP-001306)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**4.8 17987 (10/PNP-001338)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**4.9 17997 (10/PNP-001339)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**Punto 5. Interpelacións****5.1 10194 (10/INT-000431)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre o proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

**5.2 10583 (10/INT-000456)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e seis deputados/as máis**

Sobre a diminución da contía orzamentaria dedicada ás axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

**5.3 16633 (10/INT-000565)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 18475 (10/POPX-000052)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co número de empresas deslocalizadas de Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**6.2 18494 (10/POPX-000053)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos da situación das rías na produción marisqueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**6.3 18514 (10/POPX-000054)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a retirada do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 14105 (10/POP-001842)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e cinco deputados/as máis**

Sobre os cambios políticos que se teñen producido na provincia de Pontevedra nos últimos dous anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

**7.2 15290 (10/POP-002030)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Romero Fernández, Cristina Isabel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

**7.3 18512 (10/PUP-000110)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da responsabilidade de dotar suficientemente as partidas orzamentarias destinadas á igualdade, así como á violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**7.4 18515 (10/PUP-000111)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 13 máis**

Sobre a campaña publicitaria da Xunta de Galicia *#DameGalicia*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**7.5 16652 (10/POP-002105)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto social, ambiental e paisaxístico que tería a execución do proxecto de creación da área deportiva das Costeiras, no concello de Baiona

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**7.6 12962 (10/POP-001581)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis**

Sobre as medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie nos concursos de solo empresarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

**7.7 16734 (10/POP-002117)****Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre o grao de execución orzamentaria actual no referido ao número de solicitudes aprobadas, así como ao importe total adxudicado, das partidas correspondentes ao ticket eléctrico, destinado a axudar as familias ao pagamento das facturas da luz, así como no referido ás axudas urxentes de tipo social para evitar cortes na subministración de luz e gas a consecuencia do non-pagamento de recibos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**7.8 18482 (10/PUP-000109)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura da mina de cobre a ceo aberto de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**7.9 13753 (10/POP-001708)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a calidade asistencial en atención primaria e nos hospitais comarcais despois da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

**7.10 15404 (10/POP-002048)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis**

Sobre o número de novos permisos de explotación marisqueira convocados para o ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Magdalena Barahona Martín. (Páx. 15.)*

*Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, o señor presidente prégalles a todos que garden un minuto silencio polas vítimas dos incendios forestais. Todos os membros da Cámara e do Goberno, así como os asistentes a esta sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 15.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego en relación co número de empresas deslocalizadas de Galicia nos últimos anos. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 15.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 18.)*

*Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 19.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 21.)*

*O señor Fernández Leiceaga (S) solicita a palabra para unha cuestión de orde sobre a alteración da orde do día. (Páx. 23.)*

**Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos da situación das rías na produción marisqueira (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 24.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 25.)*

*Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 2.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 28.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a retirada do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 30.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 34.)*

*Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 36.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 37.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmoables situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. González Vázquez (P)*. (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 42.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 45.) e *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 47.)

*Nova intervención do señor González Vázquez (P)*. (Páx. 49.)

**Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie, nos traballos para o denominado Pacto educativo, un debate en profundidade sobre a situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 50.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 52.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 54.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 56)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Luis Villares Naveira, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 63.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 65.)

*O señor Cal Ogando (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 67)



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e dez deputados/as máis, sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 69.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 74.) e Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 76)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 78.)

*O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 81.)

*A señor Prado del Río pide a palabra, con base no artigo 76.2 do Regulamento, por ofensas ao grupo* (Páx. 83.)

*A señora Quinteiro Araújo (EM) fai uso da palabra para aclaracións.* (Páx. 83.)

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

*O señor presidente comunica un cambio na orde do día que consiste en que as interpelacións que figuran en primeiro e segundo lugar serán substanciadas logo de rematar as preguntas ao Goberno.* (Páx. 84.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 85)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 87.), Sra. Cuña Bóveda (EM) (Páx. 89.) e Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 90)

*Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S).* (Páx. 92.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Prezas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 94.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 99.) e *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 101)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 103.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 105)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Novo Fariña (P)*. (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 109.) e *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 110)

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 112.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 113.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 117.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 119.)

*O señor Rodríguez Estévez (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 121.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 123.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre

sucesións e doazóns derivados da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 123.)

Votación da Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 124.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Luis Villares Naveira, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución da auga no conxunto do territorio galego: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 124.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e dez deputados/as máis, sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro: *aprobada por 40 votos a favor, 20 en contra e 11 abstencións.* (Páx. 124.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa: *rexeitada por 14 votos a favor, 40 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 125.)

*A señor Presas Bergantiños dá lectura ao texto transaccionado.* (Páx. 125.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 125.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias S. A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención* (Páx. 126.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 126.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e seis minutos da tarde e retómase ás tres e corenta e sete minutos.*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre as incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 127.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 130.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 136.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os cambios políticos que se teñen producido na provincia de Pontevedra nos últimos dous anos.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 139.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 142.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Cristina Isabel Romero Fernández e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Romero Fernández (P).* (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 144.)

Réplica da autora: *Sra. Romero Fernández (P).* (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 146.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da responsabilidade de dotar suficientemente as partidas orzamentarias destinadas á igualdade, así como á violencia de xénero.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 148.)

Réplica da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 150.)

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a campaña publicitaria da Xunta de Galicia #DameGalicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 152.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 153.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 154.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 155.)

**Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto social, ambiental e paisaxístico que tería a execución do proxecto de creación da área deportiva das Costeiras, no concello de Baiona.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 156.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 157.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 159.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 160.)

**Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie nos concursos de solo empresarial.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 161.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 161.)

Réplica do autor: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 162.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 163.)

**Pregunta de D. Francisco Casal Vidal, do G. P. de En Marea, sobre o grao de execución orzamentaria actual no referido ao número de solicitudes aprobadas, así como ao importe total adxudicado, das partidas correspondentes ao ticket eléctrico, destinado a axudar as familias ao pagamento das facturas da luz, así como no referido ás axudas urxentes de tipo social para evitar cortes na subministración de luz e gas a consecuencia do non-pagamento de recibos.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 164.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 165.)



Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 166.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 167.)

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición da Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura da mina de cobre a ceo aberto de Touro.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 168.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 169.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 170.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 171.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a calidade asistencial en atención primaria e nos hospitais comarcais despois da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 172.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 173.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 174.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 175.)

**Interpelación de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 177.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 179.)

Réplica do autor: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 182.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 184.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a diminución da contía orzamentaria dedicada ás axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 185.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 189.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 193.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 194.)

*Remata a sesión ás oito e vinte e un minutos do serán.*

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días a todos e a todas.

Reiniciamos a sesión.

Desculpa a asistencia a este pleno a deputada dona Magdalena Barahona Martín.

Antes de comezar co que é o desenrolo da orde do día, prégolles a todos que gardemos un minuto de silencio polas vítimas dos incendios que tiveron lugar.

Grazas.

*(Todos os membros da Cámara e do Goberno, así como os asistentes a esta sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Comezamos coa orde do día, punto 6, preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego en relación co número de empresas deslocalizadas de Galicia nos últimos anos**

**O señor PRESIDENTE:** Dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, presidente.

Señor Feijóo, como comprenderá, despois da situación que viviu Galiza estes días, resulta imprescindible que vostede dea explicacións sobre a xestión da vaga de lumes e as medidas para afrontar esta situación.

O país viviu xornadas trxicas nas que perderon a vida catro persoas, miles tiveron que ser desaloxadas das súas casas e centos quedaron atrapadas en autoestradas sen saber que facer; hai casas e negocios queimados. En definitiva, vivimos unha situación de auténtica emerxencia nacional, e o grave é que isto era unha traxedia anunciada.

Hai miles de persoas que se sentiron soas, abandonadas; miles, indignadas pola falta de medios, pola descoordinación e tamén pola manipulación informativa, igual que no *Prestige*.

E permítame que lle aforre cousas que son obvias. É evidente e ninguén vai discutir que houbo condicións climatolóxicas extremas e que hai quen prende lume. E precisamente por isto resulta máis incomprensible e moito máis irresponsábel a actuación do Goberno galego. No medio dunha seca sen precedentes, cun outono con incendios diarios, cun fu-

racán ás portas de Galiza, vostedes deciden recortar medios. Despíden a case 1.000 traballadores do Servizo de Extinción de Incendios e proclama vostede, mesmo uns días antes da vaga de incendios, que isto non tería consecuencias porque —dixo literalmente— «o risco de incendios na zona atlántica baixou de forma evidente». Supoño que recoñecerá que se equivocou e asumirá a súa responsabilidade. É o mínimo que lles debe ás miles de persoas que saíron á rúa a dicir «Lumes, nunca máis», aos miles de cidadáns que tiveron medo, aos que estiveron sós loitando contra o lume e ás persoas que o perderon absolutamente todo.

E nesta situación, señor Feijóo, hai dúas alternativas. Hai unha, que é a de seguir escondéndose detrás do relato, da teoría do terrorismo incendiario, a de eludir calquera auto-critica e responsabilidade e a de seguir coa mesma política forestal destes trinta anos; unha política fracasada e criminal que converteu Galiza nun polvorín. Pero hai outra opción, que é a que lle levamos ofrecendo desde hai moito tempo desde o BNG: dar un cambio á xestión forestal e enterrar o negocio do lume para substituílo polo negocio da limpeza, da ordenación e da posta en valor do noso monte e a recuperación do medio rural.

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón, á pregunta.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E é máis urxente que nunca...

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón, formule a pregunta, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...porque co cambio climático o que está en xogo é o futuro do noso territorio, pero tamén a seguridade das persoas. E eu agardo que por unha vez non veña aquí agochase detrás do pasado nin manipular a hemeroteca.

Mire, señor Feijóo, ten a miña palabra de que o BNG nunca vai utilizar as vítimas dos lumes para facer campaña electoral, como fixo vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ten a miña palabra, señor Feijóo. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón...

**A señora PONTÓN MONDELO:** E, pola contra, fágolle —e remato, señor presidente— unha dobre proposta...

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe. *(Murmurios.)*

Non, silencio, por favor. *(Murmurios.)*

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...transparencia, crear unha comisión especial... *(Murmurios.)*



**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón —perdoe un momento—, á pregunta. Formule a pregunta, por favor. *(Murmurios.)*

Silencio. *(Murmurios.)*

É que terminou o seu tempo. Formule a pregunta. *(Murmurios.)*

**A señora PONTÓN MONDELO:** Supoño que hoxe hai as mesmas normas que durante todas as sesións...

**O señor PRESIDENTE:** Si, si. Pero por iso.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...onde vostede ten flexibilidade. *(Murmurios.)* Creo que estamos falando dun tema o suficientemente importante... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...como para que non se empece agora a restrinxir o tempo aos portavoces da oposición.

**O señor PRESIDENTE:** E xa expuxo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Eu quero formularlle dúas propostas ao presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdón. Xa está fóra do tempo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...nun contexto de crise... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e de emerxencia nacional como a que estamos vivindo.

**O señor PRESIDENTE:** Fóra do tempo, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Creo que é importante.

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón, á pregunta.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Nós queremos transparencia, unha comisión especial que estude e investigue a xestión da vaga de lumes. E queremos unha segunda cuestión que é importante: actuar. Ten que haber axudas para todo o mundo, ten que haber un plan de recuperación das zonas queimadas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e un cambio de rumbo na política forestal.

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón, terminou o seu tempo.

Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Vostede [...]. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor presidente.

Eu comprendo a situación na que estamos neste momento. Sería bo, en todo caso, se os grupos da Cámara o consideran, que me digan exactamente ao que teño que responder.

Non teño ningunha dúbida nin ningún problema en responder ao que ocorreu en Galicia entre a madrugada do domingo, a partir das 8 da tarde aproximadamente, ata as 8 da mañá do luns. E eu entendo perfectamente, señoría, que vostede me faga este tipo de consideracións. Creo que onte o Goberno compareceu na Cámara para dar explicacións ao respecto.

Non teña ningunha dúbida, señoría, de que o presidente da Xunta ten que dar explicacións, e dará as explicacións, como non pode ser doutro xeito. E, por iso, polo primeiro que creo que debemos de empezar é pedindo respecto; respecto, en primeiro lugar, para as catro familias que perderon os seus seres queridos. Respecto para os galegos que viviron con angustia esa noite trágica como consecuencia das condicións climatolóxicas das que vostede fala; ás que hai que engadir, efectivamente, os efectos da cola do furacán *Ofelia*. E respecto para as miles de persoas que traballaron durante este verán, esa noite e durante todos estes meses nos equipos de extinción, que xogaron a vida e que algúns deles obtiveron lesións, e algún deles aínda ten algún tipo de intoxicación.

Señorías, creo que non é razoable faltarlle ao respecto a toda esta xente e creo que non é razoable de ningún xeito dicir que o problema era unha falta de medios. Nunca un mes de outubro de ningún ano houbo tantos medios como este mes de outubro; insisto, nunca. E sabe perfectamente que non foi unha cuestión de medios, porque vostede oculta que os contratos dos fixos discontinuos que finalizaban o 30 de setembro foron todos prorrogados en canto vimos que comezaba outubro e en canto vimos unha actividade incendiaria impropia. Porque intentaron queimar todos os parques naturais de Galicia de forma simultánea, ¡todos!: o Invernadoiro, o Xurés, o Courel, Os Ancares, o Macizo Central e mais As Fragas do Eume. E, polo tanto, o que fixemos foi prorrogar de forma inmediata aos máis de 400 brigadistas. O día 12 finalizaban outros contratos de outubro e prorrogamos o día 13 para que se seguiron incorporando ao dispositivo.

Pero, ademais, sabe vostede que non se puido apagar coa rapidez e a eficacia habitual porque as condicións meteorolóxicas, efectivamente, eran extremas. E calquera persoa que que teña

un pouco de respecto sabe que o problema en ningún caso foron os medios, senón que o problema, señoría, foron todas as condicións que coincidiron.

Mire, señoría, eu non teño ningunha dúbida —e levo falando desde hai moito tempo, sobre todo desde que vimos os 68 falecidos en Portugal antes do verán— e dixeran que podía ocorrer en Galicia o que ocorrera en Portugal. E dixeran que, grazas aos servizos de extinción, estaba convencido de que en Galicia seríamos capaces de evitalo. Lamento de verdade que non teña unha soa palabra para condenar os incendiarios. Todas as palabras son contra a Xunta; nin unha soa palabra contra os que prenden os lumes. Non se equivoque de inimigo, señora Pontón.

Mire, señora Pontón, nós imos seguir aquí dando a cara todos os días polo que facemos regular, polo que facemos mal e polo que facemos ben. Pero, dende logo, respecto dos servizos de extinción, non lle podo máis que acreditar que estamos orgullosos de todos os servizos de extinción. Estamos orgullosos da solidariedade do noso pobo e estamos orgullosos, señoría, de que iniciase xa o Goberno de España onte e presentase unha proposta para un paquete de axudas directas a Galicia, a Asturias e a Castela-León. E, por suposto, o Goberno da Xunta mañá tomará razón sobre as axudas directas que tamén vai plantexar en relación con este asunto. *(Aplausos.)*

Pero, señoría, o pobo galego demostrou unha vez máis unha unión excepcional; demostrouno coa solidariedade e demostrouno co arroxo dos veciños. Miren vostedes as fotografías e miren vostedes o que ocorría nalgunhas cidades de Galicia. Hai un pobo exemplar, un pobo unido e un pobo solidario. E, señoría, nós non imos romper...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...esa unidade. Imos estar coas vítimas, imos estar contra o terrorismo incendiario e imos estar cos equipos de extinción. En definitiva, imos estar co noso pobo, ao que servimos e ante o cal daremos todas as explicacións que se nos requiran. Pero o pobo galego non o vai desunir ningún.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, vostede onte non tivo tempo de escoitar a miña intervención; polo tanto, entendo que non coñeza todo o que dixemos neste pleno.

O Bloque Nacionalista Galego claro que pide respecto polos brigadistas, pola xente que está traballando nos lumes; por iso levamos moitos meses denunciando a precariedade, a falta de medios e a descoordinación. *(Aplausos.)*

E respecto por este país, señor Feijóo, é empezar por desculparse polos erros. Onte aquí díxose que había medios suficientes para enfrontar a loita contra os lumes, e non é certo. Vos-

tede tres días antes de que empezara a vaga de lumes díxonos que non había ningún problema polo despido dunha parte importante do servizo de extinción. E despois tiveron que readmitilo correndo porque, efectivamente, era un problema e era unha decisión temeraria a que adoptou o Goberno. Queremos saber quen é responsable desa decisión porque seguramente, por intentar aforrar uns poucos cartos, acabamos gastando miles e miles de millóns de euros en extinguir uns incendios, e cuns danos materiais, humanos e económicos que son absolutamente desoladores.

E, desde logo, señor Feijóo, respecto é non botarlles a culpa aos demais de situacións nas que o Goberno ten unha responsabilidade. Lémbrolle que é a súa obriga, marcada polo Estatuto de autonomía de Galiza, responder politicamente ante este Parlamento.

Nós hoxe non chegamos aquí con propostas sen ter advertido nada; todo o contrario, señor Feijóo. Eu mesma, despois do que pasou coa vaga de lumes en Portugal, envieille unha carta a vostede na que lle pedía unha reunión para que fálamos sobre o problema que había no noso país e que queríamos sentarnos a falar sobre a falta de medidas de prevención, sobre a necesidade de cambiar un modelo forestal que claramente está ao servizo de Ence e frear o despoboamento e o abandono, non só do noso rural, tamén estamos vendo que dos parques naturais, porque non estaba a situación en boas condicións e sabíamos que había unha situación preocupante. Vostede, señor Feijóo, nin tan sequera se molestou en contestar. Non se molestou en contestar ante unha oferta sincera de diálogo para poder cambiar as cousas e que neste país non sigamos repetindo erre que erre...

**O señor PRESIDENTE:** Remate. Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...un grave problema.

Eu, insisto, creo que hoxe sería importante que houbera... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...recoñecemento dos erros, compromiso de que vai haber unha comisión especial de estudo que investigue o que pasou durante a vaga de lumes que nos permita que os erros que se cometeron non se volvan repetir, porque non queremos lumes nunca máis no noso país.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E, señor Feijóo, é necesario...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que haxa un compromiso con axudas maior, porque non só están afectadas vivendas, tamén están afectados negocios, propiedades públicas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa, terminou o seu tempo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...de concellos que non teñen recursos económicos e, desde logo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...hai que cambiar a política forestal, hai que darlle un cambio de rumbo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

Silencio.

Terminou o seu tempo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...porque, sen iso, será imposible que poidamos facer fronte nin a tantos incendiarios nin ao cambio climático.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grazas.

Turno de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, dixen o que dixen e imos seguir traballando.

Mire, segue vostede insistindo en que había precariedade de medios, e iso é falso, ¡falso!, porque o día 9 de outubro se prorrogaron os contratos dos 436 brigadistas. Polo tanto, non traia á Cámara falsidades. (*Murmurios.*) Cando finalizaban os contratos o 12 de outubro, a seguinte tanda prorrogáronse a partir do 13 de outubro, é dicir, do seguinte día. Polo tanto, é falso o que vostede está dicindo, e iso non llo admito. ¡É falso! (*Aplausos.*)

Señorías, tivemos que escoitar de todo esa noite, ¡de todo! ¡Alá a conciencia de cadaquén! Tivemos que escoitar que isto se facía porque a Lei de montes de Galicia aprobada polo PP permitía a recualificación dos terreos para poder edificar nos terreos queimados. (*Murmurios.*) ¡Falso de toda falsidade, señora Pontón!, e van dúas xa. Tivemos que escoitar de todo: que se desaloxaba o hospital de Vigo, que había lume no túnel da Cañiza, que Vigo quedara sen luz e sen auga. Escoitamos de todo: que explotara unha gasoleira en Baiona. ¡Escoitamos de todo! Señora Pontón, non se apunte vostede a ese todo e sexa un pouco seria e non frivolice coa dor dos galegos. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, non é razoable en ningún caso omitir datos. O número de lumes durante o mes de agosto, o día que houbo máis lumes, foi de 50. O domingo foron 132; en outubro, sen

tantas horas de exposición ao sol e sen tantas horas diúrnas. ¿Como se explica iso, señoría? O número de lumes pola noite do sábado ao domingo entre as 12 da noite e as 9 da mañá, 25. O número de fogos do domingo, dende as 8 da tarde que empezou a vaga de lumes, foi de 68.

¿Señora Pontón, hai algunha explicación razoable a isto? Non é que houbera lumes e non os apagamos, non, señoría. É que había lumes e os apagabamos, e canto máis apagabamos, máis lumes, e cantos máis lumes, máis perigo para a poboación, e, iso si, esperar a cola do furacán *Ophelia* para a cuestión perfecta, o volcán perfecto de lume en Galicia.

Señoría, non lle escoitei nin unha palabra de condenar este tipo de actuacións, (*Murmurios.*) este tipo de actuacións terroristas en contra do pobo que vostede e eu defendemos. Hai unha gran diferenza, señoría: eu sempre estou no mesmo lugar. Podo cometer erros, sen dúbida, pero nunca direi que a culpa é dun partido político que está detrás dos lumes forestais. (*Murmurios.*) Nunca escoitará iso. E o que non podo aceptar, señoría, é que me veña dar vostede leccións sobre este asunto.

Si, señorías, xa sei que se fixeron manifestacións. Tamén escoitei algunhas persoas que foron ás manifestacións; por exemplo, á que foi vostede en Vigo. Decía esta persoa: «*Los organizadores portaban banderas de significación política que nada representaban el sentir de las personas que allí estábamos, que lo que queríamos era presentar nuestro dolor por los montes quemados*». Dicían estas persoas: «*Concentración de miles de personas que pretendíamos condenar un atentado contra los montes gallegos, cuando finalmente nos encontramos con banderas de partidos políticos y, finalmente, nos dimos cuenta de que estábamos en el medio de una manifestación política*».

Señora Pontón, non é moi razoable utilizar a xente para facer manifestacións políticas sen saber que as fan.

Pero, mire, sobre as axudas. O presidente do Goberno de España ás oito horas estaba aquí; a ministra de Agricultura ás 24 horas estaba aquí; e a proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso fala exactamente diso, de que hai que incrementar as axudas, de que hai que parametrizar os danos e de que hai que proceder aos danos persoais e aos danos da reforestación forestal.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mañá o Goberno da Xunta vai tomar decisións ao respecto. E o primeiro que dixemos é que ninguén pode quedar sen a súa vivenda habitual como consecuencia dos lumes.

E sobre as brigadas, teremos moitas posibilidades de falar. Supoño que vostede saberá o número de concellos do BNG que non quixeron as brigadas; supoño que o saberá. (*Murmurios.*) Supoño que saberá daqueles concellos que non quixeron pactar as brigadas que financiaba a Xunta de Galicia durante o verán. Por iso, señora Pontón, se vostede quere falar en serio da dor e de como tiramos para diante, a favor; agora, se vostede quere dar leccións aquí de lumes, iso si que non, señora Pontón.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor. Silencio... Señora Prado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdón. Señora Prado... *(Murmurios.)*

Modulo eu e regulo eu o debate. Entón, creo que... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón, non ten a palabra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señora Pontón, non ten a palabra. Non ten a palabra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, véxome na obrigación de chamala á orde. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Chámoa á orde. Chámoa á orde. Non ten... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non; non é dese estilo. Non ten vostede a palabra. Non, non lle dei a palabra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O Regulamento coñézoo perfectamente. Non... Non, non ten a palabra. Non ten a palabra, señora Pontón. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, chámoa á orde... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, chameina á orde unha vez. Vólvoa chamar á orde; segunda vez. Advírtolle... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Pontón, segunda vez, e advírtolle de que se a volvo chamar teño que expulsala. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, terminou. Non, terminou. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, xa está. Xa está. *(Murmurios.)* Señor Leiceaga... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa está, terminou. Terminou.

Señor Leiceaga, ten vostede a súa pregunta.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Unha cuestión de orde, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Pois dígame cal é a cuestión de orde.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, a cuestión de orde é evidente.



Antonte tivemos unha discusión na Xunta de Portavoces onde algúns grupos da oposición solicitamos a posibilidade de alterar a orde do día, e díxosenos que non podía ser; solicitamos tamén a comparecencia do señor presidente para falar dos incendios, e non podía ser, e hoxe prodúcese unha alteración *de facto* da orde do día que coloca a algúns grupos da oposición nunha situación de indefensión. (*Murmurios.*)

E, señor presidente, recórdolle que onte vostede... (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Xa está.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...retirou a palabra a aquelas persoas que falaban de incendios.

Por tanto, quero saber se podemos alterar *de facto* a orde do día pola nosa vontade ou non. Iso é o que quero saber.

**O señor PRESIDENTE:** Non. Debería... Debe formular vostede a súa pregunta, e agora correspóndelle... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso foi debatido onte. Agora correspóndelle a vostede formular... Si, o da alteración da orde do día foi debatido onte.

Formule vostede a súa pregunta.

**Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos da situación das rías na produción marisqueira**

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Señor presidente, xa lle digo que imos presentar unha queixa formal diante da Mesa. E eu espero que o señor Feijóo, despois desta representación que fixo hoxe aquí, se aveña a un pleno extraordinario a semana que vén na Cámara para falar de incendios todos os grupos nas mesmas condicións. (*Aplausos.*)

É certo que hai problemas ambientais serios en Galicia. Un deles moi evidente é o dos incendios forestais destes días, sen dúbida ningunha, que testemuña o fracaso dunha política de ordenación e conservación dos montes e as limitacións da política de prevención e control dos lumes.

Estamos nas mans da seca, estamos nas mans do vento, estamos nas mans da calor, estamos nas mans da chuvia, e isto non pode ser.

Aproveito para manifestar a miña solidariedade con todas as vítimas dos incendios, vítimas mortais ou vítimas doutro tipo, e tamén o meu apoio a todos aqueles que estiveron combatendo os lumes estes días co seu traballo, co seu esforzo, moitas veces silencioso. (*Aplausos.*)

Pero hoxe a miña pregunta tiña que ver coas rías, que é outro problema ambiental. É un problema ambiental que pon en cuestión as políticas de fomento do marisqueo e a política de saneamento e depuración das augas, que ten consecuencias moi evidentes para miles de



familias que viven do marisqueo, dos bancos de marisco, e que, ademais, plantexa problemas para o conxunto da poboación do litoral e para o conxunto da poboación de Galicia.

Hai un problema nas rías, señor presidente, e parece que a súa xestión non está contribuíndo a reduci-lo. Fíxese, no ano 1994, cando se introduciron os permex, había 9.000 familias que vivían do marisqueo. Na última campaña do 2016 eran 3.799, e caeron 500 nos últimos sete anos, desde que vostede é presidente.

No momento en que o señor Pérez Touriño era presidente da Xunta producíanse máis de 9.500 toneladas de bivalvos nos bancos de marisco. Na última lexislatura en que vostede é presidente prodúcense exclusivamente 7.100 de media anual. Por tanto, houbo unha caída do 25 % na produción, unha caída da que vostede é, dalgunha forma, responsable.

Fíxese o que opinan os representantes do sector, algúns dos cales están hoxe aquí.

En Arousa, sobre os bancos de libre marisqueo, frustración. O patrón maior de Cambados di: «É tráxico ou desesperante». O de Carril: «É como saír a navegar nunha embarcación a vela sen que haxa vento». Os Lombos do Ulla están a menos do 20 %. Eu estiven alí para comprobalo cos mariscadores. Decía un mariscador de Carril na prensa: «Non hai nada, o Ulla non trae marisco. Os datos que dá a Xunta son mentira». Pero un antigo patrón maior da Illa asegura: «Se fallan Os Lombos, falla todo o sistema da ría».

En Noia a campaña está paralizada pola toxina, igual que sucedeu o ano pasado; e o patrón maior dicía non hai moitos meses tamén na prensa: «Nunca se sanearon as rías, e, se isto non se corrixe, ímolo pagar todos».

Na ría do Burgo o retraso do dragado deixa os mariscadores coa auga ao pescozo polo efecto dos lodos. E en Ferrol este ano tamén, outra vez máis, a vieira ten que volver quedar na ría porque os investimentos prometidos aínda non están operativos.

No Informe de Abanca sobre a economía galega do ano pasado sitúase xustamente a falla de saneamento como un dos principais problemas que afecta a capacidade de produción das rías, e esa, señor presidente, é a súa responsabilidade nos últimos oito anos. Por iso lle pregunto: ¿como avalía os efectos da situación das rías sobre a produción marisqueira?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, comparto con vostede esa queixa, creo que procede; dígoo honradamente. Polo tanto, señor Leiceaga, ten vostede o meu compromiso de comparecer na Cámara para dar explicacións como corresponde.

En primeiro lugar, onte produciuse unha modificación na orde do día a petición do Goberno para comparecer un membro do Goberno. En canto teñamos todos os danos, as propostas e as respostas a todas esas preguntas, por suposto, o presidente da Xunta comparecerá na Cámara, e eu pedín a miña comparecencia para o pleno que corresponda, (*Aplausos.*) non teña vostede ningunha dúbida. Aí, señor Leiceaga, imos falar de todo o que vostede queira —e o resto dos grupos—, pero non asumo a responsabilidade de ter que contestar a preguntas que me fan outros grupos parlamentarios, aínda que non estean na orde do día.

Na orde do día si está a súa pregunta. Agradezo que mostrase a solidariedade polas vítimas, e quero darlle, en consecuencia, a resposta á súa pregunta con base, se lle parece a vostede, non en opinións, senón en datos, porque as opinións, como vostede sabe, sempre son opinables.

Mire, señoría, voulle dar os datos: 1.110 millóns de euros levamos investidos en depuración de auga e saneamento dende o ano 2009. Construímos 45 depuradoras, que dan servizo a 1.700.000 galegos; é dicir, construímos depuradoras para máis da metade da poboación e fixemos actuacións en 165 concellos; é dicir, en máis da metade do total de concellos de Galicia. Se vostede suma o número de obras, daralle unha división: cinco actuacións de saneamento cada mes, dende o ano 2009; e dende o ano 2009 o resultado das augas é que o 70 % eran de boa calidade e, neste momento, estamos no 77 %.

Non só mellorou a calidade da auga, é que mellorou a actividade marisqueira, e os datos que lle vou dar son os datos das lonxas, non son os datos da opinión de distintas persoas. De abril do ano 2009 a setembro do ano 2017 houbo, por exemplo, 43 zonas de actividade nas que solucionamos a súa situación, mellorando 1.400 quilómetros de bancos marisqueiros para máis de 1.650 bateas, que é, por certo, o 50 % do total das bateas de Galicia.

Quero darlles, sen ánimo de entrar en discusión, señor Leiceaga, o número de bancos marisqueiros que vostedes sanearon en catro anos: 5; nós, 43.

Pero seguimos dando datos. No ano 2010, 8 millóns de metros cadrados de zonas recuperadas para o marisqueo, e o que é importante —e creo que é un dato que vostede, que é economista, debería de valorar—: o marisqueo aumentou nas súas descargas un 13 % e na súa facturación un 18 % dende o ano 2013. Volvo reiterar o dato: un 13 % as descargas dende o ano 2013 e un 38 % a facturación.

A frota de baixura: descargas, un incremento do 24 %, un 45 % a facturación. Sobre os permex —os permisos—, o ano 2015 foi o primeiro ano da serie histórica iniciada na que subiron o permex 2.000 persoas, de marisqueo a pé, e dende o ano 2014 tivemos un saldo positivo no número de permex. Estes son os datos, señor Leiceaga. Polo tanto, seguimos mellorando a calidade das augas, cinco obras ao mes. As zonas de marisqueo, 10 millóns de metros cadrados é o que imos facer; xa fixemos 8 millóns, agora 10 máis. Valor engadido, máis comercialización, máis renda, máis facturación e máis persoas en actividade. Está prevista a convocatoria para o ano 2017 de 191 permex máis.

Polo tanto, señor Leiceaga, probablemente haberá cuestións puntuais en determinadas rías e en determinados lugares. Eu fállolle de Galicia na súa totalidade. Hai máis permex, máis

facturación, máis descargas, máis saneamento, máis depuración e máis quilómetros cadrados de zonas para o marisqueo.

Señor Leiceaga, estes son os datos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, señor presidente. Espero, entón, que poidamos ter a semana que vén ese pleno, que solicitaremos, sen dúbida, co asunto dos incendios como único punto na orde do día.

E mire, non son opinións, son opinións sobre o traballo da xente que está operando en cada un dos bancos e, polo tanto, coñecen mellor ca ninguén o que pasa. Son opinións dos patróns maiores, (*Aplausos.*) que nos están aí escoitando e que saben perfectamente o que se saca do mar.

E mire, a depuración das rías vostede recoñecerá comigo —se non, é que estamos falando doutra Galicia— que é un dos principais problemas que ten nestes momentos a produción marisqueira, e é máis, que ten esa riqueza fundamental, que son as nosas rías. Terá que recoñecelo comigo. Claro que a depuración está mellorando. É como na dependencia. ¡Oe!, se despois de tantos anos de goberno, vostedes non son capaces de que mellore a depuración das augas da ría, é que terían que marchar directamente. Claro que está mellorando, ¿pero mellora ao ritmo e coa determinación necesaria? Iso é o que teñen que preguntarse. No ano 2000 tiña que estar completada a depuración das augas de acordo coa normativa europea, ¡no ano 2000! E no ano 2011 o Tribunal Europeo produciu unha sentenza contraria a España.

No ano 2013 houbo unha amoestación e un aviso de posibles sancións, e no ano 2016, unha multa de 46 millóns por 17 depuradoras en España, das cales 3 están en Galicia. E hoxe están pendentes de entrar a funcionar a de Vigo e a de Ribeira.

Non se sabe nada da de Marín (Pontevedra), nos Praceres. Non se sabe nada da de Santiago, que paralizou un alcalde seu, o señor Conde Roa, e como consecuencia non vai estar operativa ata o ano 2023, afectando a ría de Arousa. A de Noia, que está construída, é insuficiente, e o seu alcalde, o alcalde do PP, di que hai que construír outra nova, outra adicional. Necesítanse cinco máis en toda a Barbanza para que a calidade das rías sexa suficiente. E así sucesivamente. Estamos falando das catro rías principais, de miles de familias, e a iso é ao que ten que dar vostede resposta.

Sabe vostede tamén que un 77 % da calidade das augas indica que despois de tantos anos de goberno e de centos de millóns utilizados hai un 23 % das augas que non dan esa calidade, por exemplo, a praia de Testal ou, por exemplo, praias en Ribeira. Ese segue sendo o seu problema. E hai problemas tamén de execución clarísima das obras de saneamento e depu-

ración que están previstas. No último ano, Augas de Galicia executou apenas 4,9 millóns dos 41 que tiñan no orzamento. Un ano máis de parón na depuración.

E mire, recentemente contestaron unha pregunta deste grupo por escrito dicindo o seguinte: «Actualmente o Goberno galego traballa co obxectivo de que no horizonte 2020 toda a planificación do saneamento das rías estea concluída e a maior parte das infraestruturas estean executadas, en servizo». As palabras importantes son «horizonte», «planificación» e «a maior parte», o cal quere dicir que tampouco nesta lexislatura van completar vostedes os traballo de saneamento e depuración, e eu creo que tampouco na seguinte.

E sanear, ademais, como sabe todo o mundo, non abonda, hai que rexenerar, porque hai que extraer os lodos, por exemplo, aos dous metros que hai na ría do Burgo, hai que ampliar as zonas marisqueiras, hai que controlar e hai que axudar naqueles momentos en que se produce o cese da actividade.

Un estudo da Consellería de Pesca, ou do Mar, de hai uns anos xa, dicía que no caso do berberecho só estabamos no 4 % do potencial, e no caso da ameixa fina, no 6 %. Isto indica xustamente a intensidade do traballo que hai que facer para o futuro.

Esa é a súa responsabilidade, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Leiceaga.

Resposta e peche do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Coñezo as miñas responsabilidades, señor Leiceaga. A miña responsabilidade é comparecer no pleno. A semana que corresponda decidiráa o propio Parlamento, pero non teña ningunha dúbida de que esta comparecencia se vai producir. Creo que temos todos moito interese en falar do que ocorreu en Galicia naquelas 24 horas.

Señoría, vostede agora vai cambiando, e eu agradézollo, porque os datos que vostede traía do marisqueo eran datos incorrectos. Hai un dato: mire, dende xaneiro do ano 2016 incrementáronse en 1.300 persoas os afiliados á Seguridade Social do Mar. *(Murmurios.)* Si. Nas descargas en lonxa temos a mellor cifra dos últimos vinte anos: 500 millóns de euros. Entre o ano 2013 e ano 2016 o valor do peixe e mariscos frescos en Galicia incrementouse un 20% e as descargas, un 15 %.

Imos seguir dando datos, señor Leiceaga, dado que están mariñeiros aquí. Os mariñeiros saben que cando vostedes gobernaban en Madrid baixaron o número de toneladas que permitían pescar un 44 %, 194.000 toneladas menos de cota. E baixou a facturación, como consecuencia desta redución de cota, nun 44 %, 406 millóns.

Imos falar do que hai agora. Dende o ano 2012, ¿sabe canto incrementamos a cota en Galicia? Un 40 %, e, en euros, un 117 %. Señor Leiceaga, ¿verdade que estas cifras debería vostede sabelas ou polo menos ter información ao respecto?

Falemos de depuración, señor Leiceaga. Vostedes estiveron gobernando o país, España, durante oito anos de vacas gordas, salvo os dous últimos. Na ría de Vigo empezaron: cero infraestruturas para a depuración da ría de Vigo. Nós, co Goberno central, puxemos 104 millóns de euros de financiamento autonómico na ría de Vigo para facer unha depuradora de 230 millóns de euros, a depuradora máis grande que nunca financiou a Xunta de Galicia. Si, señoría, viñan vostedes da Xunta de Galicia, (*Aplausos.*) e non deixaron un euro para esa depuradora, para a depuradora de Vigo; o Bipartito, cero euros, exactamente igual que para o hospital de Vigo.

Seguimos falando de depuradoras, señor Leiceaga. Na ría do Burgo, 100 millóns de euros, Xunta de Galicia; tanque de tormentas en Santa Cruz, en execución, 4 millóns; bombeos do Temple e A Pasaxe, en execución, 2 millóns.

Na ría de Pontevedra levamos investido desde o ano 2009 37 millóns de euros; inicio do emisario submarino dos Praceres, na ría de Pontevedra, 15 millóns de euros; previsión de iniciar a depuradora dos Praceres, en canto teñamos autorización por parte do Ministerio.

Ría de Ferrol: investimento, 385 millóns de euros. Por fin, conseguimos que os gobernos das Mareas, en Ferrol, nos autorizaran facer a última obra que nos faltaba —7 millóns de euros—, na Malata, para o total saneamento da ría de Ferrol.

Na ría de Arousa —da que vostede fala—, 55 millóns de euros, e en Ribeira, finalizada a depuradora en probas, 19 millóns de euros.

Novas depuradoras no Grove, en Ribadumia e en Corrubedo.

Imos ás rías altas. EDAR de Ribadeo, 20 millóns de euros; en tramitación, outras 18; en Viveiro, 13; en Foz, 8; e en Burela, 7.

Ría de Pontedeume: fase II e III, 4,3 millóns de euros en execución.

A EDAR de Santiago, 60 millóns de euros en total, dos cales a Xunta pon 13 millóns de euros. Este mes, a sinatura do convenio entre o Estado, o Concello e a Xunta de Galicia.

Señor Leiceaga, reitérolle: no ano 2020 as infraestruturas estarán funcionando ou en execución. Non estamos falando do horizonte, estamos falando do ano 2020. Pero o que máis me preocupa neste momento da xente do mar, ¿sabe o que é? O posible impacto que poidan ter os lumes nas rías; iso é o que máis me preocupa neste momento. E por iso neste momento estamos cartografando os lugares e os solos que presentan maior risco de erosión; e por iso neste momento estamos definindo as técnicas correctoras a aplicar; e por iso neste momento estamos prevendo que as cinzas nalgún lugar, sobre todo en Arcade, poidan chegar ao mar. Non lle digo o que vostedes me contestaban a min cando falaban das cinzas do mar en epi-

sodios anteriores: simplemente se burlaban de que plantexáramos os problemas das cinzas no momento dos lumes.

Pero, señoría..., *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...señor Leiceaga, agradézolle...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, señor Losada.

Señor Losada, silencio. ¡Silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Dá a sensación de que hai xente que ten algún remordemento de conciencia. Señor Leiceaga, vostede non, non se preocupe. Vostede é un deputado bastante serio, e por iso seguirei falando con vostede dos lumes na comparecencia que pido como presidente da Xunta. *(Aplausos.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a retirada do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia**

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, a xente esperaba de vostede hoxe, e espera de vostede hoxe, que cando vén ao Parlamento polo menos veña dar as explicacións mínimas que deu tamén nos medios de comunicación. Cremos que a Cámara, que representa a soberanía popular neste momento, merece como mínimo as mesmas explicacións que vostede emite nas emisoras privadas. Polo tanto, nós temos a obrigaón de preguntarlle cando vén a esta Cámara. Tiñamos a obrigaón de pedirlle que viñera, pero unha vez que non se produciu esa alteración da orde do día, polo menos unha vez que vén, temos a obrigaón de preguntarlle. Por iso lle preguntaremos por iso, porque a xente espera de vostede que na Cámara dea algunha explicación polo menos neste primeiro momento e que non poña a conselleira a facelo, senón que veña vostede.

A pregunta é clara: ¿que tería pasado se non chega a chover? A fin de semana Galicia viviu o seu domingo negro...

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe un momento, señor Villares. Imos razoar un pouco. Un erro da Presidencia que se puido producir na pregunta da señora Pontón, e polo cal pido descul-



pas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, estou falando eu. Non nos ten que levar a que isto sexa un erro continuado.

Polo tanto, eu pídolle que vostede reconduza a súa pregunta sobre o que está escrito, que é sobre a Lei de saúde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, perdón, un erro continuado, xa o estou dicindo. Erro asumido por esta Presidencia... (*Protestas.*) Si, erro asumido. (*Murmurios.*) Eu tiña que reconducir a pregunta da señora Pontón porque non se falou nada das empresas deslocalizadas, e ese é un erro da Presidencia que eu asumo, pero non ten que servir para que vostedes convertan isto nun erro continuado que nos leve a unha terxiversación do que é a orde do día.

Polo tanto, pídolle que vostede reconduza a súa pregunta. Pídolle por favor que reconduza a súa pregunta cara á Lei de saúde de Galicia.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Señor presidente, a pregunta vén ao final de todo.

**O señor PRESIDENTE:** Si, pero o argumentario tamén ten que ser consecuencia da pregunta.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** O argumentario será consecuente coa pregunta que vou facer, que vai estar relacionada coa sanidade.

**O señor PRESIDENTE:** Non complique vostede unha situación na que eu dei unha explicación.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Non, non, non a vou complicar.

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe un momento, máxime cando o presidente xa anunciou que ía comparecer.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Non anticipe vostede as miñas intencións...

**O señor PRESIDENTE:** Pídolle, por favor, que vaia vostede á Lei de saúde.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...porque talvez a miña pregunta a remate preguntando pola sanidade.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Silencio.

Continúe coa súa pregunta.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Mentres a xente traballaba esta fin de semana, o seu presidente rendíase pola noite nos medios de comunicación, como ía dicindo, dicindo que non se podía facer nada, que estaba a situación fóra de control. A xente sentiuse completamente abandonada, por vostede e pola Xunta, na peor noite da historia...

**O señor PRESIDENTE:** Señor Villares, por favor, ese tema creo que forma parte do que vai explicar o presidente, e pedinlle que fale da Lei de saúde.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Señor presidente, señor presidente do Parlamento...

**O señor PRESIDENTE:** Píddolle por favor que fale da Lei de saúde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, un erro... Non, perdón, niso discrepamos. Un erro cometido non debe levarnos a uns erros mantidos. Polo tanto, eu píddolle que vostede reconduza a pregunta da Lei de saúde.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Eu comprométome a que a miña pregunta será sobre a Lei de saúde de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Pero argumente vostede sobre a Lei de saúde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor VILLARES NAVEIRA:** E vou argumentar, vou argumentar.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Mire, o abandono sufrido pola poboación esta fin de semana nada tiña que ver nin cos incendiarios nin cos lumes arraianos, tiña que ver coa incapacidade da Xunta de xestionar esta emerxencia. A xente sentiuse abandonada.

Sentíronse abandonados cando chamaron ao 112 e non podían obter información sobre os lumes. Sentíronse abandonados cando lles dicían que non había bombeiros. E non había bombeiros porque non estaban dispoñibles os efectivos. E xa digo dispoñibles, porque non se concatenaron ben os contratos. Se iso era por unha cuestión legal, terán que reformar a lei para que non dea resultados inxustos.

Cando lles dicían que non había medios de extinción, mentres había parques comarcais na provincia de Lugo e na provincia da Coruña que non estaban completamente mobilizados. Onte amosamos o parte dun parque de bombeiros onde se demostra que non estaban todos os efectivos mobilizados. Polo tanto...

**O señor PRESIDENTE:** Señor Villares, Lei de saúde. Señor Villares, formule a pregunta, Lei de saúde.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, si, vou, chegarei, chegarei, pero déixeme tempo porque...

**O señor PRESIDENTE:** É que estamos xa case dous minutos por riba.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Non, non, dous minutos por riba que ocupou vostede, non eu.

**O señor PRESIDENTE:** Correcto, correcto, pero, por favor, formule a pregunta.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** A pregunta ten que ser contextualizada, porque para iso teño tres minutos. (*Protestas.*) Non, home, non, ¡que va!



**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor. Formule a pregunta.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Vivimos unha situación de abandono, unha situación de abandono porque non funcionaron os servizos públicos, porque non funcionaron as emerxencias...

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta, se non teño que retirarlle a palabra e o presidente responderá.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...porque non funcionaron os servizos de comunicación pública. A CRTVG non serviu para informar a poboación de onde había lumes, como había que defenderse dos lumes, onde había que evacuar...

**O señor PRESIDENTE:** Síntoo, señor Villares, terminou o seu tempo. Terminou o seu tempo, señor Villares, síntoo. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pois formule a pregunta, formule a pregunta.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Porque cando a CRTVG non informa de como protexerse dos fumes, se produce unha intoxicación da xente con máis facilidade, e esa intoxicación ten repercusión no sistema sanitario, entón déixeme formular a pregunta completa, e déixeme os tres minutos que a xente quere explicarlle ao señor presidente como se contextualiza esta pregunta.

Esta situación de abandono, que levou á xente a sentirse completamente desamparada porque fallaron os servizos públicos esenciais pola imprevisión da Xunta...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares. Terminou o seu tempo. Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Non, non é grazas, aínda non formulei a pregunta.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Está formulada.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** É necesario que ante esta situación de abandono...

**O señor PRESIDENTE:** Formulada. Grazas, señor Villares. Está entendido. Vai sobre os servizos sanitarios.

Resposta do señor presidente. *(Murmurios.)*

Silencio, silencio. Terminou o seu tempo, señor Villares.

*(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Terminou o seu tempo, por favor. Resposta do presidente da Xunta. Silencio. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Villares, non se está gravando isto. Terminou o seu tempo. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Villares, non quero chamalo á orde. Señor Villares, xa está lida a pregunta e está entendida, vai sobre a Lei de saúde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, terminou o seu tempo. Grazas, señor Villares. Terminou o seu tempo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

É evidente *(Murmurios.)* o respecto que ten o Grupo de En Marea-Podemos pola sanidade pública, evidentemente. *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Nós estivemos traballando, por suposto, todos os hospitais, o 061 e todos os servizos de coordinación e non hai ningunha persoa que quedara desatendida, en ningún instante, como consecuencia dalgún fallo da sanidade pública. *(O señor Villares pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Villares, silencio, silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero, como é lóxico, aquí dá a sensación, dado que vostede me dixo onde estaba o domingo e onde estaba os seguintes días...

Mire señoría, dende que vimos a vaga de lumes na madrugada do sábado, o primeiro que fixemos foi falar ás 2 da mañá a conselleira do Medio Rural e mais eu *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor. *(Protestas.)* Señor Lago, silencio. Silencio, por favor. Imos deixar que responda.

Si, a pregunta foi formulada. Silencio. Silencio, por favor. ¡Silencio!

Responda.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Non se preocupe, señor presidente. Eu creo que o que pode molestar é que eu conteste ao que se me pide que conteste, porque igual non queren escoitar algunhas cousas, o cal me sorprende.

Mire, señor Villares, dime vostede onde estaba eu o domingo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, pero é que lle vou dicir ao Pleno onde estaba o domingo. Correspóndeme.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor presidente, se pode falar, falo, e, se non, calo.

**O señor PRESIDENTE:** Está argumentando. Silencio. silencio. (*Fortes murmurios.*) Señor Villares, por favor, ¡silencio!

Señor presidente, continúe.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Reitero, dado que fun directamente aludido de onde estaba o domingo, a Cámara ten dereito a saber onde estaba o domingo, por suposto. A partir da madrugada do sábado, estabamos en contacto permanente coa conselleira do Medio Rural, por suposto. O domingo ás dezaseis trinta horas fun ao Centro de coordinación.

Pero xa sei por que se están poñendo tan nerviosos, señoría. Porque o primeiro que fixen o domingo, en canto tiven a información axeitada, foi chamar aos xefes da oposición. Localiceí a un, ao señor Villares, e falei con el á unha da madrugada. (*Aplausos.*) E por iso non me parece razoable que vostede me diga onde estaba eu o domingo, señoría. Informándoo a vostede. Aí estaba eu o domingo. Informándoo a vostede, que oculta á Cámara esa información. E por iso non é xusto e non acepto este tipo de consideracións, señor. Non acepto este tipo de mentira.

Comprendo que á unha da mañá non é momento para falar coa xente, e comprendo que á unha da mañá non puider localizar aos outros líderes da oposición. Pero vostede e eu falamos, e que me diga onde estaba eu o domingo paréceme indigno, señor Villares. ¡Indigno! Reitero, indigno.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Comprendo que non se queira falar aquí, pero reitéroo, señor presidente.

Señor presidente, hai un problema.

Señor Villares, pódese facer oposición ao Goberno e ser un pouco persoa, é compatible. Pódese facer oposición ao Goberno e criticar e denunciar os incendiarios terroristas, señor Villares.

Se a vostede lle chega un incendiario acusado pola Garda Civil e a Policía no antigo oficio de xuíz, ¿que vai dicir?, ¿que o culpable é o PP, ou que o culpable é o incendiario que ten diante, señor Villares? (*Aplausos.*) De verdade que vostede non toma en serio este asunto.

Señor Villares, non creo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

¡Silencio, señor Lago! Señor Lago, silencio, se non, téño que chamar á orde.

Señor presidente, remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, presidente.

Non teñan vostedes ningunha dúbida, falaremos de lumes o que se queira. Pero non crean, señores deputados das Mareas de Podemos, que vostedes son os listos e nós somos os parvos. Se se lle imputa a un Goberno unha falta de dedicación, o Goberno ten a obriga de que todos os cidadáns de Galicia coñezan onde estivo o Goberno. O Goberno non estaba de vacacións, estaba falando. Onde estaba vostede non o sei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Ten vostede un problema que non sei se se arreglará na saúde pública de Galicia ou non. O seu problema é que non escoita, e non sei se é un problema de otorrino ou é un problema moito máis grave que ese, porque, desde logo non escoita, non escoita nada. Por non escoitar, non escoitou —tamén é certo que o señor Santalices non llo puxo fácil— nin sequera a parte da miña intervención que puiden expoñer, porque non preguntei onde estaba, e está escrito, está rexistrado, non preguntei iso. Entón, como vostede non escoita nada, ten preparada a súa resposta sen saber nin sequera cal era a pregunta, porque nin sequera escoitou a este voceiro cando estaba falando. Así que, por favor, vaia ao servizo de otorrino do Sergas, a ver se lle poden arreglar ese problema auditivo que ten, porque, se non é un problema auditivo, igual ten difícil solución.

Como non escoitou, tampouco escoitou as condenas que fixemos, igual que o recoñecemento que fixemos ás vítimas, aos voluntarios e a toda a cidadanía de Galicia polo labor que fixeron esta fin de semana, dignísima, meritísima, moito mellor que a do Goberno, que nós entendemos que non estivo á altura desas circunstancias. ¡A ver se agora o señor presidente me vai empezar a cortar!

Nós entendemos que houbo un pobo que si estivo á altura desas circunstancias, e, polo tanto, non foi abandonado. Non foi abandonado o ben común por unha xente, pero si polo seu presidente, si polo seu Goberno, porque non estivo á altura. Había cousas que dependían de vostedes, e nós intentamos aquí explicar que esas cousas non foron tratadas convenientemente por quen tiña a responsabilidade. Non se me deixou expoñer cales, e houbo varias que se podían ter evitado. Algunhas delas teñen que ver coa saúde do noso país e da nosa xente, pero vostedes non nos deixan explicar, vostedes non deixan que utilizemos a palabra para explicar todo iso, porque non queren oír o que lles parece incómodo.

Falou vostede mesmo do 065. Moi ben, eu estaba empezando a explicarlle que o 112 estaba colapsado na fin de semana, e iso ten tamén consecuencias médicas, porque a xente preguntaba como facer, como reaccionar fronte a unha situación de emerxencia que podía ter consecuencias sobre a saúde da poboación.

Os servizos de emerxencias, todos os que funcionaron mal, puideron ter consecuencias sobre a poboación, tiveron consecuencias sobre a poboación, e non se me deixa explicar nada diso. Non entendo por que. Cal é a inquina de non deixar que nós nos expresemos no Parlamento para que despois vostede poida unilateralmente expoñer o texto que xa ten preparado e que non ten nada que ver co que nós lle estamos preguntando, aínda que nós lle preguntemos pola saúde de Galicia, porque realmente viña con iso prefeito porque non escoita, non escoita a ninguén.

Nós non imos cuestionar que estivera o domingo facendo cousas. Claro que falamos por teléfono. ¡Claro que falamos! E vostede contoume cal era a situación. ¿E eu que lle dixen? Que todas as institucións nas que participaban os gobernos das Mareas estaban á disposición do Goberno para loitar contra os lumes, para loitar polo ben común, e que por suposto, con independencia de que teñamos diferenzas políticas (*Murmurios*), por riba de todo está o interese xeral. Nós, polo tanto, poñemos ao servizo das autoridades competentes tanto os recursos dispoñibles como a vontade e a participación de todas as Mareas, que estaba mobilizada a nosa xente para botarse á rúa e defender o que era de todos. Iso tamén o falamos, porque hai que saber estar á altura cando realmente veñen os problemas.

Por iso parece inexplicable, e incluso un pouco miserable...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...vir aquí e intentar utilizar esa conversación como se fose algo que nos prexudicase a vostede e a min. Non nos prexudica, e unha vez que agora se sabe que falamos, creo que é bo que a xente saiba que en situacións de emerxencia somos quen de falar, somos quen de chegar a acordos, somos quen de traballar en prol do interese xeral. Pero cando o lume se apaga, é necesario que quen ten responsabilidades de goberno responda, e iso é o que hoxe esperaba a xente de vostede. Unha vez que se están apagando os lumes, e unha vez que vén vostede ao Parlamento, que non trate a sesión plenaria como se nada pasase, porque pasou algo e está pasando algo moi grave, e iso era o que nós queríamos transmitir hoxe aquí nesta Cámara, e non puidemos, coa colaboración do señor presidente.

Grazas. (*Aplausos*.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Peche, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Non lle oculto a miña sorpresa, porque parece ser que os deputados das Mareas de Podemos me dicían que falara de sanidade porque eles falaban de sanidade. Acabamos de escoitar a réplica. Pero, señor presidente, ¿exactamente que teño que facer? ¿Falar de sanidade ou falar do que me fala o señor Villares? Eu teño un problema co señor Villares e co seu grupo. Estou encantado de poder responder a todas as preguntas que me fagan, o que me custa moito é tomar en serio o que se me di. Porque se eu teño que contestar a unha pregunta contesto a esa pregunta.

Intentei contestar á señora Pontón o que lle petou. Ao señor Villares moléstalle que lle conteste ao tema dos lumes porque teño que falar de sanidade, e agora na réplica non me fala para nada da sanidade. ¡Incluso non sabe nin o teléfono da sanidade! (*Risos.*) É curioso, ¡o 065! Pero, señor Villares, ¿vostede en que país vive? (*Risos.*) Hai tres teléfonos. Apunte: 085, bombeiros; 061, sanidade; 112, coordinación de todos os servizos. Señor Villares, ¿de verdade que tampouco sabe disto?

Polo tanto, ¿que é o que se nos quere concretar? Acabo de plantexar unha cuestión de orde do Grupo Parlamentario Socialista, na miña opinión con todo o dereito, dado que está nunha situación de absoluta discriminación. Comparezo porque é a miña obriga, non porque mo pidan os grupos —que tamén—, senón porque é a miña obriga. E resulta que agora se me imputa con quen falei o domingo nas televisións privadas. Digo que falei con este je enfádase! Pero, señor Villares, eu falei con vostedes, falei co señor Pedro Sánchez e falei co señor Pablo Iglesias Turrión. ¡Claro que si! É a miña obriga poñerme á disposición de todos os líderes políticos que visiten Galicia. Por certo, o señor Pablo Iglesias Turrión ten un pouco máis de principios ca vostede. Dígollo con absoluta honestidade, e láméntoo dicir.

Polo tanto, señor Villares, que di que non funcionaban os servizos de sanidade. Pero ¡que disparate se está dicindo na Cámara! Un servizo de sanidade exemplar, que o acreditamos durante a traxedia de Angrois, mentres este señor se dedicaba a outras cousas, e agora vénnos dicir aquí que non funcionaba tampouco a sanidade. Pero ¡que disparate é este! Pero ¿que interese teñen estes deputados das Mareas de Podemos en desprestixiar todos os servizos públicos? Non podo aceptar este tipo de consideracións. Non podo aceptar de ningún xeito que se nos diga que non funcionaban os servizos de emerxencia, que non funcionaba o 061 ou o 112.

Pero, señor Villares, saímos do monte, que a nosa obriga é estar nos montes, non nos territorios municipais, non nos núcleos urbanos, non é a nosa competencia. Baixamos todas as brigadas dos montes para salvar as persoas e as casas nos núcleos urbanos. Pero, señor Villares, ¡se houbo incendios na praza de España en Vigo!, ¡houbo incendios nas glorietas de Vigo!, ¡houbo incendios dentro de Vigo! E resulta que nós baixamos a Nigrán, a Baiona... Por certo, municipios que non quixeron ter brigadas municipais financiadas pola Xunta de Galicia —diso tamén falaremos, señor Leiceaga—. ¿Cales son os concellos que non queren brigadas municipais financiadas pola Comunidade Autónoma? E agora resulta que teño que escoitar a alcaldes que non tiñan medios.

Pero, señor Villares, ¿de que quere que lle fale? Non admito nesta Cámara que se diga que os servizos sanitarios non funcionaron correctamente. É unha calumnia que non podo admitir. (*Aplausos.*) Falemos do que queira, pero non me parece axeitado o que se está dicindo aquí. (*Aplausos.*)

Señor Villares, xa sei que vostede non cre no Goberno da Xunta de Galicia. Antes de tomar posesión como deputado xa non cría; non creu nunca. Xa sei que vostede non cre no Goberno de España. Xa sei que vostede non cre na Policía e na Garda Civil. Son eles os que están falando de que situacións se están atopando e que están investigando. Pero polo menos créalle ao pobo de Galicia. Vaia vostede por aí e pregunte cando comezaron os lumes: de madrugada.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pregunte como, cando se collía un lume, empezaba outro. Pregunte aos distintos alcaldes das Mareas e do BNG. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Pregúntelle ao alcalde de Pontearreas, que cando tiñan os seus lumes controlados empezaban lumes... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...ata en quince parroquias de forma simultánea.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Villares, dígolle unha cousa, teño todo o interese en contestarlle ás súas preguntas, pero facilíteme unha cousa: facilíteme tomalo en serio como deputado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Continuamos co punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmoables situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Bos días, señor presidente.

Señorías, debatemos hoxe unha proposición non de lei relativa á tributación polo imposto sobre sucesións e doazóns de persoas non residentes. Eu quería dicir, en primeiro lugar, que en temas desta natureza é obrigatorio utilizar argumentos técnicos con rigor para non xerar falsas expectativas nos cidadáns afectados. Eu levo insistindo, sempre que falo de temas fiscais, neste aspecto, tanto coa tributación dos emigrantes retornados como respecto da plusvalía municipal.

Hoxe tratamos unha cuestión que é certo que ten suma importancia en Galicia, dado o elevado número de emigrantes que temos na nosa comunidade. Boa mostra desta importancia

é que só nos tres últimos anos a tributación neste imposto dos non residentes supuxo 15 millóns de euros. Para entendernos, cando falamos de non residentes, estamos falando dos nosos emigrantes.

Eu quero, para contextualizar a nosa iniciativa, falar con carácter previo do imposto sobre sucesións e doazóns. É un imposto que grava as transmisións gratuítas, tanto se é entre persoas vivas —serían doazóns— como no caso de falecemento do causante —serían sucesións—. Pode que moitos de vostedes incluso o coñezan como dereitos reais. Na configuración do noso sistema tributario é un imposto cedido; é dicir, non é un imposto propio das comunidades autónomas, senón que é un tributo do Estado pero no que as comunidades autónomas teñen competencias normativas. Señorías, isto é unha medida de autogoberno, favorece a corresponsabilidade entre o Estado e as comunidades autónomas e a autonomía financeira das comunidades autónomas. É dicir, as comunidades autónomas poden tomar as súas propias decisións en materia deste imposto.

Esta competencia normativa que ten a Comunidade Autónoma permitiulle á Xunta regular unha importante redución na tributación por este imposto para os contribuíntes —e isto é importante— residentes en Galicia. A partir do 1 de xaneiro do ano 2016 fíxose unha reforma que supuxo a supresión de facto do imposto para o 99 % dos galegos e galegas. E sen argumentos demagóxicos, non é unha rebaixa fiscal para beneficiar os ricos, é unha rebaixa fiscal para a xente do común. A partir do 1 de xaneiro de 2016 só pagan o imposto de sucesións os que teñen un patrimonio elevado. Dende esa fecha, eximimos do pago do imposto a todas as persoas que reciben unha herdanza dun ascendente, descendente ou cónxuxe, cando a parte que recibe cada herdeiro é inferior aos 400.000 euros. É dicir, de 0 a 400.000 euros nunha herdanza hoxe en Galicia non se paga o imposto de sucesións.

Esta modificación sitúa a Galicia entre as comunidades autónomas cunha menor fiscalidade na transmisión por herdanza —quero remarcar— nos casos de menores patrimonios. Un fillo que recibe hoxe unha herdanza de 400.000 euros, señorías, paga en Galicia cero euros de impostos, e máis de 60.000 euros en comunidades como Andalucía ou Asturias, que teñen a mesma capacidade e poderían modificar a súa normativa. Ademais, trátase dunha reforma especialmente beneficiosa nunha comunidade autónoma na que cabe a posibilidade, polo noso Dereito civil, das herdanzas en vida: pactos de mellora ou apartación.

En termos conceptuais ¿por que facemos nós esta redución? Para beneficiar a xente. Miren, entre outras cousas, fomentamos o aforro das persoas maiores, favorecemos a recuperación económica porque permitimos que os que reciben a herdanza dispoñan de máis cartos. Só no ano 2016 houbo máis de 62.000 galegos e galegas que herdaron sen pagar impostos; aforraron 41 millóns de euros.

Buscamos tamén manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica do fogar. E buscamos, señorías, evitar un problema para min duro de entender e que se agudizou coa crise económica, e foi o feito de que moitos fillos ou netos tiveran que renunciar ás súas herdanzas porque non podían pagar o imposto. Isto é un feito acreditado. Desde que nós fixemos esta modificación reducíronse drasticamente as renuncias a herdanzas nesta comunidade autónoma.



Sen embargo —aínda que repito que é un imposto cedido—, o imposto non está totalmente cedido á Comunidade Autónoma. Como sinala o artigo 32 da Lei 22/2009 —que é o que regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas—, a cesión está condicionada a que os suxeitos pasivos causantes ou os bens estean situados no territorio español. Polo tanto —e aquí está o problema que hoxe traemos á Cámara—, non está cedido o imposto nos seguintes supostos —os seguintes casos—: no caso do imposto sobre sucesións, cando o falecido, o causante, é non residente ou cando o que recibe a herdanza é non residente. No caso do imposto sobre doazóns, cando se trata de bens inmoables situados fóra do territorio español ou cando se trata dun que recibe a doazón e non reside en España.

Ata o 1 de xaneiro do ano 2015 —e agora falaremos de por que se produce esta modificación— nestes supostos o rendemento non correspondía á comunidade autónoma galega, correspondía ao Estado. E ademais tamén nestes supostos lle correspondía ao Estado a xestión, a inspección e a recadación. ¿Cal era a consecuencia? Que se aplicaba a normativa estatal. É dicir, cando había unha herdanza dun emigrante, aplicábase a normativa estatal, que é máis gravosa para os seus herdeiros que a normativa actual da Comunidade Autónoma galega. Isto provocaba situacións de clara discriminación. Simplemente por dar un dato, un pai falecido en Galicia, cun patrimonio na nosa comunidade autónoma de 300.000 euros, cun fillo que reside en Galicia e outro que reside en Alemaña, se lle deixaba a herdanza por metade a cada un, podía suceder que o de Galicia —e de feito sucedía— non pagara o imposto de sucesións e, sen embargo, o de Alemaña tivera que pagar de acordo coa normativa estatal arredor de 20.000 euros de imposto. É dicir, estamos a falar dunha clara discriminación que deu pé a unha Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 3 de setembro de 2014, que declarou que o Reino de España neste ámbito incumpría as obrigas que lle puña encima da mesa tanto o Tratado constitutivo da Unión Europea como o Acordo sobre o espazo económico europeo do 2 de maio de 1992. Polo tanto, o que vén dicir a Sentenza é que non se pode facer discriminación segundo se trate de residentes ou non residentes.

¿Cal é a consecuencia da Sentenza? Por un lado, elimina este réxime de tributación, que se chama tecnicamente «por obrigación real», pero ao mesmo tempo sostén, permite e di que é conforme á normativa comunitaria a existencia dunha pluralidade de réximes fiscais dentro do Estado español en materia de sucesións e doazóns. É dicir, o que nos di o Tribunal de Xustiza da Unión Europea é que as comunidades autónomas poden seguir decidindo ter diferentes sistemas no imposto de sucesións. E pode haber comunidades autónomas como a galega que beneficia os seus cidadáns cun imposto próximo a cero no 99 % dos casos, e outras, como pode ser Andalucía ou como pode ser agora mesmo Asturias, que graven moito máis as herdanzas.

O lexislador español tiña que adaptar a súa lexislación, e aquí cabían dúas posibilidades. A primeira posibilidade era unificar todo o imposto de sucesións e doazóns —digo entre todas as comunidades autónomas—. A segunda era modificar as normas que regulan a lexislación aplicable. E isto foi o que se fixo, a través dunha modificación —que está recollida na Lei 26/2014— con efectos a partir do 1 de xaneiro do ano 2015, que o que veu dicir é que nestes casos de non residentes se aplicara a lexislación das comunidades autónomas, aínda que a xestión continuaba en mans do Estado.

Con esta normativa, polo tanto, as situacións de non residentes —eu podo recoller todos os diferentes ámbitos—, por exemplo, sucesións con causante non residente, é dicir, galego falecido en Alemaña con todo o seu patrimonio en Alemaña, e os seus herdeiros residen en Galicia, tributaría de acordo coa normativa galega. Tamén nos casos de sucesións con herdeiro non residente. Sería o caso dunha persoa que reside en Galicia e falece deixando, por exemplo, herdeiros en Alemaña. Tributa polos bens situados en España de acordo coa normativa galega. E, repito, é máis beneficiosa que a normativa estatal, que era a que se aplicaba antes desta reforma.

Doazóns de bens inmoables en España a favor de non residentes. Por exemplo, un piso situado en Ourense e un fillo residente en Alemaña, tributa tamén conforme á normativa galega.

É dicir, faise unha modificación —que a nós nos parece ben— de adecuación á Sentenza do Tribunal de Xustiza. Pero entendemos que hai que ir máis alá, porque, se ben é certo que se aplica a normativa das comunidades autónomas, a xestión do imposto —neste caso de non residentes— segue correspondendo ao Estado, e para o noso grupo parlamentario a solución máis conveniente tería sido a cesión completa deste imposto ás comunidades autónomas, incorporando os non residentes de acordo cos puntos de conexión que veñen recollidos na normativa nacional.

Desta forma buscamos que se produza unha aplicación homoxénea e igualitaria da norma a todos os contribuíntes por administracións tributarias especializadas neste tributo; que se logre unha maior eficiencia na xestión; que se faciliten as obrigas aos contribuíntes, diminuindo de forma significativa a presión fiscal indirecta; e ademais —e isto é importante—, que nos casos que haxa que tributar porque así o marca a normativa autonómica, estes ingresos vaian directamente ás comunidades autónomas.

Eu remato xa, señorías, dicindo que este é o contido da nosa resolución. Nós pedimos a cesión completa do imposto no caso de sucesións de non residentes, e pedimos esta cesión como fórmula para a mellor defensa dos intereses destes galegos e galegas que teñen lazos co exterior.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor González Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bos días.

Ante a situación actual dos lumes forestais, a Consellería do Medio Rural está a tramitar unha encomenda de xestión para mobilizar a brigada do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais da empresa pública de servizos agrarios galegos.

**O señor PRESIDENTE:** Señora Presas, á cuestión.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Dita mobilización está prevista a partir do luns 16 e ata o 31 de outubro do presente ano.

**O señor PRESIDENTE:** Non, á cuestión. Señora Presas, á cuestión. Creo que isto xa está debatido e xa foi falado anteriormente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Presas, á cuestión.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Esta é unha información oficial da Xunta de Galiza que o seu presidente negou..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...difamando..., difamando *(Aplausos.)* á voceira do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Porque vostedes practican de forma moi habitual a inconcreción... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e a mentira, pero este grupo parlamentario..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio. ¡Silencio!

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...por respecto ao pobo galego, non o fai. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Asinado polo señor Pablo Arbones Maciñeira. *(Aplausos.)* ¿Sóalles? ¿Saben quen é? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión, señora Presas. Silencio. Silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Intentouno dicir antes, pero o señor Santalices...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...non estaba tan magnánimo como outras veces e incumpriu o regulamento, que recolle o dereito a ler un documento...

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión. Á cuestión.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...nesta sede parlamentaria.

Xa vou á cuestión, señor Santalices, non se preocupe. Ten un pouco alterada esta bancada. Non sei se lles molesta que...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non. Silencio. Silencio.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...se lean documentos oficiais da Xunta de Galiza, señores. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Regulamento, artigo 77. Léao, señora Prado, faga o favor. Por favor, artigo 77.2. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Cando me deixen falar.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Señor Pazos, silencio. Silencio todos, por favor. Está no uso da palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

No Grupo Parlamentario do BNG, ademais de ler as comunicacións oficiais e de ler as leis —aínda que vostedes digan que non—, tamén lemos e estudamos o Regulamento. Si, si, 77, 77. Vaia, señora Prado.

Ben, continuando un pouco —porque non lles imos dar o pracer de que me retiren a palabra e non poder falar desta cuestión—, cando lemos esta iniciativa do Partido Popular nun momento case me emocionei, porque era un momento case histórico: o Partido Popular pedindo que Galiza aumente a súa capacidade de xestión. A verdade é que case quedo conmovida, porque outras veces, cando o Bloque Nacionalista Galego o di, parece que somos extraterrestres. Aínda o outro día, na comparecencia da señora directora da Atriga.

Nós, por suposto, non nos imos opoñer a esta demanda que fai o Partido Popular nesta iniciativa, pero non podemos deixar de recordar a falta de ambición en materia de autogoberno que ten a Xunta de Galiza e que é absolutamente escandalosa. Recordemos: cero peticións de competencias nos seus anos de goberno, ¡cero cesións! Tivo que ser a raíz precisamente de algo tan obvio como é unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea, e da incoherencia —como relataba o voceiro do Partido Popular— de que este imposto non estea xestionado de forma íntegra no noso país, que vén esta iniciativa que simplemente corrixe unha anomalía. O señor Tellado di moitas veces que a cuestión da AP-9 non é unha demanda soberanista, pero con esta iniciativa o Partido Popular tampouco se bota ao monte.

Pero hai algunha cuestión interesante na súa iniciativa. Recollen como é fundamental para unha xestión máis eficiente, para mellorar a capacidade de xestión tributaria e demais. Nós concordamos con ese argumento, agora ben, somos partidarios de estendelo de forma ambiciosa e de pedirilles aquí, no que me queda de tempo, que sexan un pouco coherentes e que vaian máis alá. Que non só corrixan esta anomalía, senón que intenten incrementar esa eficiencia da xestión, aumentar os recursos da facenda galega e a nosa autonomía financeira dunha forma máis ambiciosa. ¿Por que entón non solicitar do Goberno central o rendemento dos impostos que soportamos, xunto coas competencias sobre os mesmos, e avanzar nesta dirección? E máis aínda —vou resumir porque me queda pouco tempo— se temos en conta

que estamos na antesala, como temos avaliado nesta Cámara, da reforma do sistema de financiamento, e a vía de avanzar na cesión de tributos para Galiza está camiñando na dirección contraria a raíz do que podemos deducir dese informe de expertos.

Polo tanto, isto é preocupante, e sería bo que vostedes aplicasen estes principios neste momento histórico, porque ademais por primeira vez na historia, desde que se reforman os sistemas de financiamento, se está a falar de que, aínda que se mantén *o statu quo*, jollo!, a Administración central non vai poñer máis recursos nin as comunidades autónomas van incrementar as súas porcentaxes de cesión, apostando de feito o documento por unha clara recentralización fiscal, reducindo ás comunidades autónomas as súas capacidades normativas agás no IVE.

Polo tanto, pedímoslle desde aquí ao Partido Popular, ademais de que se lea a carta do señor director de Seaga, que se defina ante a reforma do sistema de financiamento...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e que o faga apostando por xeneralizar o que aquí se propón dunha forma tímida e moi puntual, isto é, que se impulse a vía de incrementar competencias en materia tributaria, cousa á que os animamos, ou que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...clarifique se vai facer iso ou vai renunciar tamén neste contexto histórico a que Galiza asuma máis capacidade para xestionar a súa capacidade financeira.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputados.

A verdade é que os socialistas cremos que o sistema impositivo é fundamental para conquistar unha redistribución da riqueza que favoreza as persoas máis vulnerables e que impida a súa exclusión social, así como igualar no acceso a determinados servizos a aquelas que polas súas rendas non están ao seu alcance.

Os socialistas manifestamos unha e outra vez o noso desacordo co sistema tributario español, posto que nós loitamos por un sistema que grave máis a quen máis ten, xa que non se pode tratar igual impositivamente a quen é diferente. Polo tanto, a finalidade que nós buscamos é acadar o estado de benestar e progreso que o noso país necesita.

A igualdade de dereitos e a igualdade de acceso a eses dereitos só se pode conquistar cun estado que aposte firmemente por este principio de redistribución da riqueza. A atención das persoas máis vulnerables, unha boa oferta sanitaria e unha boa oferta educativa, equipamentos sociais e equipamentos na loita contra os incendios, medios materiais de xustiza, infraestruturas e o soporte da actividade produtiva dependen, efectivamente, dos ingresos da Comunidade Autónoma, e a parte impositiva é unha parte moi importante.

Seguramente se o Partido Popular —o partido que goberna hoxe tanto no Estado como na Comunidade Autónoma— tivera aplicado este principio defendido polos socialistas, noticias como as que aparecían onte en moitos xornais, onte que era o Día internacional para a erradicación da pobreza, non tiñan aparecido: *España tercer país de la Unión Europea donde más creció el riesgo de pobreza durante la crisis. Casi 700.000 gallegos siguen en riesgo de pobreza pese a la recuperación económica.*

Os anos da crise económica supuxeron un descalabro na calidade de vida e na capacidade económica dos galegos e das galegas, agravado pola falla de protección tanto do Estado como da nosa Comunidade Autónoma. Aínda que os indicadores macroeconómicos mostran unha melloría, as familias aínda non perciben esta melloría. Aínda seguen a ter dificultades no acceso ao mercado laboral; aínda seguen a ter precarización no mercado laboral; aínda seguen a percibir empeoramento dos servizos públicos; e aínda teñen dificultades de acceso a determinados bens e servizos que marcan unha diferenza fundamental no nivel de vida de cada unha das familias.

Podemos ir ao IGE, ao Instituto Galego de Estatística, que acaba de publicar a enquisa conjuntural a fogares sobre o terceiro trimestre do exercicio 2017, e permite avaliar a percepción dos consumidores respecto das súas expectativas de gasto, de capacidade futura de aforro, así como da percepción da súa situación económica persoal, e os datos o que nos revelan é que un 42,13 % chega con dificultade a fin de mes e un 9,54 % chega con moita dificultade. É dicir, máis do 52 % dos fogares galegos teñen dificultades para chegar a fin de mes. E co agravante de que neste último trimestre empeora respecto do trimestre anterior do mesmo exercicio 2017; é dicir, un 6,77 % dos fogares consideran que a súa situación é peor.

Hoxe, á vista disto, o Partido Popular trae unha PNL sobre a que a verdade teño bastantes dúbidas, non sei moi ben que dicir sobre ela. Eu insisto, agradézolle, señor Vázquez, as leccións fiscais que vostede nos outorga unha e outra vez. Son de agradecer porque aprendemos todos, pero eu creo que aquí neste Parlamento estamos para facer política, non para que nos veñan dar clases de tributación.

Na exposición de motivos que vostedes poñen, explican con claridade que o imposto sobre sucesións e doazóns non é un imposto totalmente cedido á Comunidade Autónoma galega. Explícanos a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na que di ademais que foi incumprida polo Estado, polo seu Estado do Partido Popular, e que, polo tanto, permite diferenzas de trato fiscal das doazóns e das sucesións en determinados casos.

Polo tanto, o Partido Popular tráenos aquí nin máis nin menos que algo que xa está contemplado na Sentenza do tribunal europeo e que simplemente ten que ser aplicado polo Estado central.



No Grupo Parlamentario Socialista estamos de acordo con esta cesión...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...—remato xa, señor presidente—, o que non entendemos é que se traia aquí a debater a este Parlamento. A verdade é que non vou entrar no traballo parlamentario de ningún compañeiro e de ningunha compañeira. Pero, en fin, de todos os xeitos, nos últimos tempos vemos como tamén as peticións aprobadas por unanimidade neste Parlamento europeo son ninguneadas unha e outra vez polo Estado. Exemplos temos: o traspaso da AP-9, conquistar o Laboratorio comunitario de control bacteriolóxico dos bi-valvos para que se ubique en Galicia, e, polo tanto, vemos como o PP galego non goza nestes momentos de gracia no Estado. Parece que caeron vostedes...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...en desgraza.

Estamos de acordo con que se cumpran as sentenzas. Estamos de acordo en que o Estado ten obriga de cumprir as sentenzas, e, polo tanto, imos votar a favor. Pero tamén estaremos pendentes do cumprimento de todos os acordos aquí tomados para que non sigan facendo que fan. Recórdolle que os socialistas solicitamos en reiteradas ocasións unha oficina de control sobre os acordos parlamentarios, e o Partido Popular, co seu rodillo, rexeitouno unha e outra vez, impedindo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...ese control.

Por certo, señor González Vázquez, espero que tamén traia aquí pronto un tema que é moi importante e sobre o que probablemente teña o Parlamento que pronunciarse, e é que os emigrantes retornados de Alemaña seguen a ter unha dobre imposición.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Supoño que fará algo tamén neste sentido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos Queiruga.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Grazas, presidente.

Señores deputados e deputadas, no meu caso, na miña intervención non vou facer ningunha reflexión sobre o que pasou esta fin de semana con respecto aos incendios, porque por sorte



ou por desgraza o que pasou ou non pasou sabémolo todas e todos os que estivemos e sufrimos dende hai anos esta lacra. E, desafortunadamente, para quen quere negar a realidade, a realidade supera as mentiras, e pouco máis hai que dicir. E sobre todo as redes sociais e o Facebook lite están para testemuñar o que pasou e a tristeza que nos embarga, e cada un que vexa o que fai coa súa conciencia e como dorme polas noites.

Con respecto a esta cuestión que nos trae aquí, en primeiro lugar quero dicir que nós nunca imos estar en contra de pedir o autogoberno para Galicia, traer xestión de novas competencias e novos impostos para Galicia, porque de feito é a base do pensamento de moitas das que estamos aquí e é a base tamén do ideario político de xestión do común do Grupo de En Marea. Entón, polo tanto, ¿que imos dicir nós ao respecto? ¡Que benvido sexa que o Grupo Popular empece a pedir!, aínda que é unha iniciativa que nos sorprende pola obviedade, xa que hai que cumprir unha sentenza do Tribunal de Xustiza europeo, polo tanto, non é tampouco algo que xurdira do seu grupo, pero nos parece unha boa nova. E parécenos unha boa nova porque sabemos o moito que lles custa a vostedes en certas cuestións cumprir a lei, e iso que se queren erixir sempre como os grandes cumpridores da lei, pero en materia económica, en materia de reparto de riqueza e de dereitos sociais, cústalles moitas veces cumprir a lei. Pero bueno, se se fai realmente, a nós parécenos ben e parécenos positivo.

Con respecto a se despois se vai realmente executar a súa petición por parte do Goberno do Estado, xa se falou que pasa co que vota aquí este Parlamento e o peso político que teñen vostedes como no caso da AP-9 e tamén o Laboratorio de referencia dos moluscos bivalvos, que o seu grupo despois vota en contra en Madrid.

Nós, dende logo, si que estamos a favor desta iniciativa, e de que se fiscalice tamén. E o que a nós nos preocupa, se realmente se leva adiante, é que se fiscalice a súa aplicación e a xestión deste imposto, e que o que máis nos preocupa tamén é que esta xestión asegure que redunde no beneficio de todos os galegos e galegas. Que esta riqueza que se xera, como ben vostede explicou, que estes recursos que quedan aínda sen ingresar polo Goberno da Xunta para repercutir no benestar dos galegos, que realmente se reparta para todos os galegos e galegas, porque vemos que na súa practica política, no caso dos impostos de gravame da riqueza, patrimonio, sucesións etc., vostedes xeralmente... —non sei se teñen algunha excepción, eu descoñezoa— tenden a gravar aos que menos teñen, ou sexa, non gravar as grandes riquezas, as grandes fortunas, e aos que teñen os grandes patrimonios, que son moitas veces os que lles fan a vostedes doazóns para as súas campañas electorais e para manter o seu sistema de financiamento e tamén as elites que teñen por detrás para que gobernen en beneficio deles —iso non é tampouco ningunha novidade—, aínda que despois lle doen ao Sergas o que lles sobra.

Entón, polo tanto, gustaríanos que afondaran un pouco máis sobre que van facer con respecto a estes gravames, cal vai ser a súa liña, pero en principio estamos de acordo. E pouco máis que engadir á parte de solicitar máis información.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Santos.

Por parte do Grupo Parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra o señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Penso que o texto resolutivo da proposición non de lei non ten posibilidade ningunha de votarse en contra porque é unha cuestión que ten unha certa transcendencia. E eu quero facer unhas matizacións con algunha das cousas que escoitei.

Señora Rumbo, vostede sempre me fala do tema técnico e de que non se fai política. Mire, eu diríalle que se fai política con rigor e buscando solucións que encaixen dentro do sistema tributario. Como non se fai política é facendo demagogia e contándolles historietas á xente que está sufrindo que non se poden facer en absoluto. ¿Como poden falar aquí de que os emigrantes retornados de Alemaña seguen a ter dobre imposición? Terame que explicar, cando está falando de imposición, que significa. Hai un convenio que evita precisamente a dobre imposición e está solucionado o tema totalmente, e vostede o sabe.

Vostede vén aquí, presentará outra PNL e eu tereillo que explicar porque non me queda outro remedio, pero non por nada. Tereille que explicar, pero poderíallo explicar calquera membro do meu grupo parlamentario, non porque sexa eu, que non son cousas que se poidan facer (*Aplausos.*), e están utilizando a demagogia para confundir a xente. Eu prégoille que sexamos rigorosos no tema técnico, e se iso é non facer política... Eu polo menos, que levo —é certo— menos que vostede en política, entendo que hai que falar con rigor e axustarse ao sistema legal vixente. E respectar a legalidade é unha cousa pola que estes días, ademais, deberíamos todos loitar máis.

Falou trinta segundos desta PNL. Despois, nas comparecencias na Comisión 3ª fala da importancia que teñen para vostede os emigrantes retornados. Pois esta é unha cuestión que afecta a emigrantes. E fala de que nós —tamén o dixo a señora Santos— facilitamos ou favorecemos tributariamente aos ricos. Miren, polo menos Galicia é a segunda comunidade autónoma de España na que se paga menos IRPF nas rendas de arredor de 20.000 euros; son datos. Mantemos o imposto sobre o patrimonio, que podíamos eliminar, e recadamos cada ano 70 euros; e eliminamos o imposto de sucesións e doazóns para a xente de menores rendas. ¡Home!, se iso é favorecer aos ricos tributariamente, pois bueno. Eu, dende logo, polos datos, non o comparto en absoluto.

Eu penso que, aínda que leu a PNL, o sentido voulo matizar eu, e darlle o exemplo de que ten importancia. O que fai a normativa nacional é dicir que se aplique nestes casos a normativa da Comunidade Autónoma. Polo tanto, que se e un emigrante... (*Pronúncianse palabras que non se perciben*) Espere, déixeme un momentíño e acabo de explicarllo, e despois, se quere, falamos fóra do pleno, pero penso que non podemos dialogar. O que fai a normativa é que se un emigrante, por exemplo en Alemaña, ten que tributar porque o seu fillo está aquí, en vez de aplicarlle a normativa estatal, que é máis gravosa, como nós dende o 1 de xaneiro de 2016 aplicamos a redución ata 400.000 euros, aplícaselle a de aquí.

Nós pedimos que vaiamos máis alá, e dicimos non só que se lle aplique a normativa estatal, senón que tamén a recadación dese imposto, que é cedido, lle corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia.

Mire, iso significa que, por exemplo, se un millonario como algún dos que temos aquí residira en Suíza, e mañá a súa filla estivera aquí e herdara, o que estamos pedindo é que todo o imposto diso veña para Galicia directamente, que sexa cedido integramente.

Polo tanto, eu penso que se algún dos seus grupos defende o autogoberno e defende a necesidade de que teñamos un sistema de financiamento claro e que favoreza a Galicia, non poden estar en contra desta posibilidade.

Eu remato xa dicindo que nós estamos totalmente de acordo co sistema de financiamento actual. Nós non defendemos, señora Presas, a existencia dun cupo para Galicia porque é un suicidio en termos económicos para Galicia. ¡É un suicidio! Nós o que queremos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** ...é que se avance —e remato xa— no sistema de financiamento e se teñan en conta as peculiaridades de Galicia, que son basicamente o envellecemento da poboación e a dispersión, porque así teremos mellor financiamento, pero sempre respectando o principio de corresponsabilidade e o principio de solidariedade entre todos os que forman parte de España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor González Vázquez.

**Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie, nos traballos para o denominado Pacto educativo, un debate en profundidade sobre a situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei non se presentou ningunha emenda.

Para formular a iniciativa teñen todos os grupos da Cámara un tempo aproximadamente de cinco minutos.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Bo día a todas e a todos.

Antes de máis, quixera saudar a todas as persoas que estades hoxe aquí na bancada de convidadas, que sodes en boa medida, pero imaxino que non só, impulsoras e promotoras precisamente desta proposición non de lei de iniciativa popular que conseguiu o apoio de máis

de 8.000 persoas. E non só iso, senón algo aínda máis complexo que recoller eses máis de 8.000 apoios, e é que fose apoiada de maneira unánime por todas as forzas políticas desta Cámara.

O noso agradecemento e recoñecemento desde o Bloque Nacionalista Galego polo traballo que desenvolvestes ao longo de moitos meses, non só para conseguir as sinaturas necesarias que permitiran o debate nesta Cámara, senón tamén pór o foco non só político, senón mediático, que moitas veces é incluso máis difícil que traer algo aquí nunha cuestión central que atinxe moito máis alá —cremos nós— do mero ámbito educativo.

Saudar tamén ao alumnado que nos está a escoitar desde o gran salón deste pazo do Hórreo. Estudantado de secundaria ao que lle queremos dar a benvida ao corazón político deste país, á Cámara de representantes, na que reside a soberanía nacional do pobo galego.

Dicía que a cuestión que hoxe debatemos, a recuperación da Filosofía como materia troncal do bacharelato, vai alén do ámbito educativo, para se situar como unha cuestión fundamental do desenvolvemento humano, individual e colectivo.

Dicía Jean-Paul Sartre aquilo de que cada un de nós é, en cada momento da súa vida, a suma das súas eleccións previas. O home, dicía Sartre, nós, desde o BNG, dicimos o ser humano porque as mulleres tamén existimos, o ser humano é o que decide ser por si propio. E para decidir por unha mesma é absolutamente necesario, imprescindible, pensar, dudar, cuestionarnos, preguntas para nos facer, pero tamén para atopar nelas resposta, que exixen as ferramentas que nos permitan, con base na análise, construír, fixar unha opinión propia sobre a realidade. Máis, se cabe, en momentos inmensamente convulsos como os que estamos a vivir agora, no seo dunha crise civilizatoria, dicíame unha vez —creo que nunha das entrevistas máis interesantes que puideron facer— a filósofa arxentina Isabel Rauber.

Neste contexto, a Filosofía nas aulas, non só como ámbito formativo, senón como espazo de estímulo no currículo académico, é chave para entender. Para entender o que nos rodea, mais tamén todo o aprendido. Para interconectar coñecemento, tecendo unha rede que constrúe pensamento e opinións propias. Por exemplo, a razón pola que nun momento determinado un conxunto de persoas con poder suficiente decide que a Filosofía desapareza como materia troncal, que os estudos de Música perdan tamén presenza, mentres apostan de maneira cada vez máis firme e decidida por materias científico-tecnolóxicas e criterios economicistas. Non é unha decisión baladí, nin inocente, nin inocua, responde e reproduce unha lóxica de mercado nun dos principais espazos de desenvolvemento humano, baseándose nun coñecemento cada vez máis compartimentado, máis fragmentado e especializado, en idades ademais cada vez máis temperás. É como aplicar esas cadeas de montaxe, como as da Citroën, en Vigo, pero ás nosas cabezas.

Intelixencia cega, que dicía Edgar Morin, aquela que non sabe outra cousa que separar, rachar o complexo do mundo en fragmentos dissociados. E no marco desa lóxica actual, polo menos dende o BNG cremos que cabe preguntarse: ¿que individuos saen dese modelo de ensino? Saen individuos que se preguntan, por exemplo, nese gran salón no que están agora moitos estudantes, quen son as persoas que aparecen retratadas nos cadros que tedes arredor, que

representan, por que están aí. Estades no gran salón que se chama, ademais, salón dos Reis. A Filosofía chámamos a preguntar, por exemplo: ¿é democrática a monarquía? *(Aplausos.)*

Martha Nussbaum dicía que as Humanidades, e a Filosofía entre elas, son imprescindíbeis para a democracia porque nos axudan a cuestionar a tradición e a autoridade. Esas preguntas que eu formulaba a respecto dos cadros que rodean ese salón dos Reis son un exemplo de pensamento crítico.

Desde o BNG apoiamos esta proposición non de lei. Agradecemos de novo que trouxerades esta iniciativa popular a esta Cámara e que poidamos hoxe debatela. E alédanos ademais que todas as forzas políticas esteamos de acordo na recuperación da Historia da Filosofía como materia obrigatoria no bacharelato. Pero tamén cremos que hai que ir máis alá, que non serve só con recuperar esa pequena illa despois de teren sido aplicadas enormes e lesivas reformas no ensino público deste país. Cremos que a LOMCE, como lei responsable —entre outras moitas cousas— da desaparición da Filosofía, a LOMCE no seu conxunto, o espírito do que emana, e non só as reválidas, debe ser derogada, porque queremos unha educación que nos ensine a pensar e non a obedecer.

Moitas Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Bo día.

En primeiro lugar, saudar a todas e a todos os estudantes que nos acompañan hoxe dende o palco de invitados, e como acaba de facer referencia a señora Rodil, noutro salón deste Parlamento. Quero tamén saudar o señor decano da Facultade de Filosofía, a representación simbólica da Filosofía, e vanme permitir que saúde a dona Carme Adán. Señoría, moi bo día.

En primeiro lugar, creo que procede facer cando menos un dobre agradecemento aos promotores desta proposición non de lei que se tramita neste Parlamento pola modalidade de iniciativa legislativa popular, agradecemento cando menos por dúas cousas.

En primeiro lugar, por mellorar —coa súa indubidable cualificación por parte dos promotores— a calidade desta iniciativa, que sen dúbida introduce esa especialización á que facía referencia. Ademais, agradecer tamén que esta iniciativa non pode en ningún momento considerarse que ten ningún nesgo corporativo por parte dun colectivo de alumnado, dun colectivo de docentes ou dun colectivo de profesionais de calquera ámbito relacionados con defender unha parcela do seu poder dentro do sistema educativo. E, tal e como mencionou xa a señora Rodil, por lograr que os catro grupos parlamentarios presentes neste Parlamento trouxeramos e fixeramos nosa esta proposición non de lei.

Cabe preguntarse por que, se o sentido común fixo que a materia de Filosofía se mantivese en programas de estudo ou currículos escolares, ou como queira que demos en denominalos, con independencia da orientación política dos distintos gobernos, desapareceu coa entrada en vigor da LOMCE. Se ese sentido común se mantivese, este debate de hoxe sería innecesario neste Parlamento e sería innecesario tamén na sociedade.

¿Como é posible —debemos preguntarnos— que un país moderno se permita eliminar da formación común os coñecementos, cando menos a nivel básico, da Filosofía e da súa historia?

Por certo, señor conselleiro, perdoe que me esquecín de saudalo, sabe vostede que a materia de Historia da Filosofía figura como troncal de opción nas modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais do bacharelato. Cabería preguntarse por que os que temos unha formación científica temos que renunciar a esa formación xeral, a esa formación básica, para entender a nosa sociedade tal e como é hoxe, tal e como foi, e levala cara onde pretendemos que estea no futuro. Decía que como é posible que teñamos que escoller entre eliminar unha formación básica ou manter unha formación científica, cando hasta hai moi pouco tempo ambas resultaban plenamente compatibles.

A explicación a esa triste realidade é moi sinxela, e ademais é de aritmética simple. Cando o extinto ministro Wert decidiu levar a cabo esta reforma innecesaria da Lei básica de educación do noso Estado, reforma que por certo tampouco concitou o aplauso unánime dentro das filas do propio Partido Popular, pero aínda así aprobaron a lei no Parlamento do Estado, pareceulle ao señor Wert oportuno priorizar unha falsa optatividade que se acaba traducindo —sábeno ben nos institutos de ensinanza secundaria— nunha sorte de rosario de materias e áreas que non ten precedente na historia educativa deste Estado. Materias optativas introducidas pola regulamentación estatal, materias optativas introducidas pola regulación autonómica, e por se iso no fose abondo, a posibilidade de que os centros creen materias optativas propias. E desa maneira temos un mercantilismo do sistema educativo que raia extremos indecentes.

Temos materias de 4 horas á semana, de 3, de 2, e por se iso fora xa pouco, de 1 hora. Pregúntome se algún dos que estamos aquí, tanto no palco dos invitados como nos escanos deste Parlamento, podemos crer que unha materia de 1 hora pode proporcionar formación sólida nunha ensinanza coma o bacharelato, que ten claramente un carácter propedéutico, polo tanto, preparatorio para etapas superiores.

Isto —insisto— non sería necesario se non decidíramos incrementar o número de materias optativas en detrimento das horas de formación común básica para a cultura de calquera cidadán dun estado moderno, dun país moderno, como o que queremos seguir sendo e o que aspiramos a manter nun futuro.

O que se pide nesta proposición non de lei —e vou rematando, señor presidente— é perfectamente viable, e ademais é razoable. Polo tanto, sendo razoable e sendo viable, entenderei que esta proposición non de lei saia aprobada unanimemente deste Parlamento, porque o que se lle pide á Consellería de Educación é que, dentro das súas competencias, regule



a inclusión desta materia de Historia da Filosofía como troncal, cousa que xa teñen feito outras comunidades autónomas, e, polo tanto, pode facerse. E por outro lado —e isto seguramente xa lles gusta menos—, que inste o Ministerio de Educación do Goberno do Estado a propiciar, dentro desa subcomisión entendo que existente no Congreso dos Deputados que se está encargando da elaboración do pacto social e político de educación, que poña a Filosofía no lugar —entendo— do que nunca debeu saír por culpa dunha lei —insisto— tan perniciosa como innecesaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña Bóveda.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas. Moi benvidas.

Eu tamén quero parabenizar unha iniciativa que acadou o consenso social, e esperemos que tamén o consenso da Cámara, unha esperanza fundada e moi importante.

É un día especialmente grato para nós estar aquí e compartir con vós as nosas reflexións, e permitídemme un pouco unha intertextualidade coa proposta que a promotora fai.

Quería como limiar dicir que na UNESCO hai un slogan que é: *A filosofía, unha escola de liberdade*. E fago referencia a isto porque este lema me parece importante, e hai documentos ben nutritivos que teñen relación coa Declaración de París en favor da Filosofía e ademais coa estratexia intersectorial en relación tamén con esta materia. Neses documentosponse de manifesto con toda rotundidade unha auténtica vontade de salvagardar a Filosofía, así como o seu ensino e perennidade.

Permitídemme tamén arrancar coa cita dunha filósofa que é Hannah Arendt, que moitas coñecedes, que di: «O dereito a ter dereito, ou o dereito de cada persoa a pertencer á humanidade, debера ser garantido pola mesma humanidade».

Jacques Derrida, no ano 1991, considera a cuestión do dereito á Filosofía desde un punto de vista cosmopolítico. Esta proposición o que reflicte é unha fonda convicción: o dereito da Filosofía para todos e para todas. ¿Que sería, señores e señoras deputadas, se non tiveramos estes alicerces tan necesarios que nos ofreceron a todas e todos os que estamos aquí estas ensinanzas?

Compartimos, para arrancar, que todas somos filósofas. Compartimos esta idea. E compartimos tamén a idea de que a ausencia da Filosofía é unha incompletitude; é unha palabra inconmensurable, case non colle na boca, é unha palabra que eu vou adoptar tamén. Porque é certo que máis que un problema lacunar ten que ver coa falla de conciencia e ten que ver coa vulnerabilidade intelectual. Somos moi vulnerables se non pensamos, moi vulnerables; e moi manipulables tamén.



Móvense os pensamentos no labirinto da existencia do mundo nunha danza simbiótica. Escóitase no silencio o latexo vital, e vese na escuridade a vida no seu radical dramatismo. Bergamín oe os segredos da Filosofía porque di que posúe un *terceiro ouvido*, do que xa falara Nietzsche: o que percibe supremas harmonías, que xera sentimento. Como Unamuno cando di: «Todo ten que ter relación coa participación».

É que non se entende como un ben que se posúe. Como esta sociedade á que se encamiña tamén o ensino, á mercantilización, a soamente valorarnos como seres para os mercados. Isto non é un ben que se posúe, senón un modo de existencia de conciencia, e como di O'Rivas —citado onte creo que con pouco respecto—: «O non ter conciencia é a peor doenza da humanidade». E como di tamén Saramago: «A conciencia aliméntase cada día». É unha cuestión de conciencia a supervivencia da Filosofía.

O punto 3, historia de pensadores e pensadoras, a min lévame ao «ser ou non ser» hamletiano. Todas somos Hamlet. Cando digo todas, en feminino, é porque falo de persoas.

Tamén podería dicir: eu son Ofelia, a muller das veas cortadas, facendo alusión a outro tipo de reflexión sobre Europa. Se non somos quen de imaxinar a Platón e a Aristóteles camiñando por unha praza ateniense en animado coloquio. Se non sabemos o que significa o *cogito* cartesiano, ou como se lle deu a volta ao *cogito ergo sum*, son, logo existo, ou existo, logo son, como fixo o propio Unamuno ou como fixo Elena Castro, unha filósofa —porque creo que hai que dar voz ás filósofas, que existen e son moi potentes e moi valiosas—, que di: *ergo sum malgré tout*, son a pesar de todo.

Se cremos que a *Crítica da razón práctica* é pura parvada, acheguémonos ao *Tempo e música* de Jeanne Hersch en *O voo da lechuza*, e ela di —seguimos falando de persoa—: «A persoa non é completamente libre», en alusión a Kant. Temos aquí tamén unha muller que representa o mundo kantiano no *Te con Kant*, moi recomendable. «Nunca comeza de todo o xogo». A liberdade non é un poder do que nos valem arbitrariamente, aínda que teñamos maioría absoluta, para facer o que nos pete. Ela, nunha fermosísima formulación dunha teoría que nos leva á vocación ou ao desenvolvemento das persoas, di: «Ao final debemos recoñecer que o que fixemos é porque non podíamos facer doutro xeito, estabamos motivadas pola máis pura das necesidades». Así, no sentido verdadeiramente filosófico, ela fala de liberdade e de necesidade.

Si, necesitamos, necesitamos pensar, necesitamos ver cos ollos da alma, con esta imaxe de María Zambrano. Se non coñecemos o amencer da razón poética, que vén de lonxe como...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...—había un par de minutos de marxe, dixéronnos—.

Se non amamos, difundimos e defendemos a poesía e a filosofía, que representan os «sabereres da salvación», segundo Max Scheler, citado na obra *Un descenso aos infernos*, seremos ou non seremos, saberemos ou non saberemos.

Necesítámolo, e interrogámonos: ¿queremos cidadáns e cidadás, ou súbditos? ¿Queremos reforzar os alicerces fundamentais da cultura, ou só festas de cocido? A ciencia e a filosofía camiñaron xuntas dous mil anos, e cada vez semella máis que en campos como a física teórica ou a bioloxía volven estar xuntas.

Esperemos, con esperanza, que haxa unanimidade nesta Xunta, neste Parlamento. Formar moi ben o profesorado e tomar moi en serio a disciplina.

Hai que dicir tamén que a Filosofía, para nenos e nenas, ten efectos espectaculares. Non hai que esperar aos 12 anos. Como dicía Piaget, o pedagogo suízo, moito antes. É unha aprendizaxe para a vida, para o mundo, para sermos persoas.

Entón, como xa o tempo está rematando, simplemente coincidir coa idea dun arsenal para os novos tempos, ¡claro que si!, e dicir que nós defendemos cos tres ouvidos, cos ollos da alma, esta iniciativa. Porque, como dicía o fenomenólogo Bachelard: «Para facer crer hai que crer». Nós cremos que a Filosofía é un alicerce esencial para a vida, para a política, para o futuro deste país, para o futuro da democracia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Cuña.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías. E bo día tamén a toda a xente que nos está acompañando hoxe aquí, e no salón dos Reis, tamén seguindo o debate desta proposición non de lei.

Para min —teño que confesalo— a verdade é que é unha situación moi gratificante a nivel persoal. Como moitos de vostedes saben —moitos dos que me acompañan aquí—, precisamente a miña profesión é a de docente de Filosofía, co cal resulta moi gratificante poder estar defendendo esta posición hoxe aquí.

Entre outras cousas, falábase de que temos que buscar ou acadar ese consenso. Eu creo que o consenso se dá xa por sobreentendido dende o momento en que todos os grupos asumimos esta iniciativa como propia.

Como todos vostedes saben e como foron sinalando nas súas intervencións, a historia da Filosofía é unha historia chea de fracturas, chea de escisións, pero chea tamén de superación, e neste caso chea tamén de revolución, chea tamén de novos pasos cara adiante. E hoxe, curiosamente, ten que ser a Filosofía a que permita a esta Cámara dar un novo paso cara adiante, porque é a primeira iniciativa lexislativa popular en forma de proposición non de lei que se debate na Cámara do Parlamento galego. Unha vez máis, ¡como non!, a Filosofía aportando ese paso cara adiante ou esa forma de afrontar a realidade dun xeito novo, dun xeito diferente.

A verdade é que para min era moi difícil afrontar esta intervención, porque, verdadeiramente, cando ti decides como posición vital dedicar unha parte importante do teu tempo e da túa vida precisamente ao estudo da Filosofía, non sabes moi ben como poder defender en cinco minutos a posibilidade de reintegrar o papel da Filosofía, ou a importancia do papel da Filosofía, aos sistemas educativos, porque, evidentemente, estás absolutamente convencido da necesidade e da importancia do papel desta disciplina e estás absolutamente convencido do positivo que aporta para o futuro de todos nós a Filosofía.

Pero, dito isto, evidentemente, as regras son as que son e temos que adaptarnos a este espazo temporal e defender dalgún xeito as cuestións que van implícitas na proposición de lei. Pero para facer isto quería un pouquiño volver tamén á figura de Kant, para dicir que dalgún xeito todos os que estamos aquí escoitando este debate —tanto no público como aquí os deputados e deputadas, como no propio salón dos Reis ou quen o estea seguindo por internet— somos conscientes de que ao final a Filosofía nunca vai desaparecer. Por moito que as circunstancias da realidade poidan ser hostís ou esquivas en moitos momentos, a Filosofía non vai desaparecer, e por iso quería falar de Kant. Porque vostedes lembrarán e coñecen que Kant na *Crítica da razón pura* pásase gran parte da obra intentando mostrar as condicións de posibilidade da Metafísica como ciencia. E, dentro destas condicións de posibilidade da Metafísica como ciencia, Kant chega a concluír que non é posible a Metafísica como ciencia, pero si que ao final, pola propia estrutura do coñecemento humano, é unha tendencia natural: existe unha necesidade do ser humano por plantexarse as preguntas metafísicas.

Do mesmo xeito, eu creo que na sociedade todos os individuos nos preguntamos permanentemente que podemos coñecer; todos nos preguntamos permanentemente que debemos facer; todos nos preguntamos permanentemente que cabe esperar. E, ¡como non!, tamén seguindo a Kant na pregunta antropolóxica, que é o home, que é o ser humano.

Polo tanto, iso é o que apoia a miña tese de que a Filosofía, independentemente da condición e do contexto concreto de cada momento, que —como todos sabemos— a historia foi moi longa e houbo moitos contextos, uns de luces e outros de sombras, e lembremos tamén diferentes períodos, paso á Ilustración. Recordemos tamén a Kant, como nos dicía no seu ensaio de 1784, *¿Que é a Ilustración?*, que sinalaba que a Ilustración era a saída do home da súa autoculpable minoría de idade, e dalgún xeito exhortábanos a atrevernos a saber, ese *sapere aude*. Pois eu creo que dalgún xeito todo iso forma parte da natureza humana. A filosofía como tal forma parte da natureza humana. E a propia Historia da Filosofía ensínanos e demóstranos que a filosofía é inalienable ou inseparable ou inescindible do propio ser humano.

Dito isto, nós, dende logo —e eu como representante neste caso do Grupo Parlamentario Popular—, coincidimos coa iniciativa que se nos presentou desde a Comisión promotora. Queremos agradecer ademais o traballo feito pola Comisión promotora desta iniciativa lexislativa popular. E queremos recoñecer que cando se fala, cando se argumenta, cando se poñen enriba da mesa as razóns, a propia Filosofía unha das cousas que nos ensina é a escoitar, a comprender, e non só a argumentar. Tamén a argumentar; pero fundamentalmente a escoitar, a comprender e a consensuar, a chegar a acordos. E neste caso eu creo que a vontade do propio comité propositor desta proposición non de lei de chegar a acordos, de conseguir mellorar o papel da Filosofía no ensino, facilitou tamén que hoxe esteamos aquí

nunha xornada que podemos cualificar —ou polo menos eu así o quero cualificar— de festiva para a Filosofía e para todos os que temos que ver dalgún xeito co mundo da Filosofía. Quero agradecer, reiterar o agradecemento, á Comisión promotora.

Como dicía anteriormente, e como quero rematar a miña intervención... Vou facer unha referencia, acabo de cambiar o que quería dicir. Quero lembrar agora a Nietzsche cando falaba do eterno retorno e da moral do eterno retorno. Eu creo que todos os que estudan a Nietzsche e coñecen un pouco a Nietzsche e a moral do eterno retorno saben que Nietzsche defendía que o superhome quere permanentemente vivir —por iso de aí o eterno retorno— no mundo no que el actúa e modifica ao seu xeito porque el entende que é o mellor mundo, el é o superhome está no mellor mundo. E eu quero que o eterno retorno sexa un mundo no que exista a Filosofía.

Polo tanto, máis nada e moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Gil.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Luis Villares Naveira, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a número 18800, por iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 14901)*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a deseñar un plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do país, en colaboración cos concellos e a Fegamp e con partida orzamentaria suficiente nos orzamentos para o exercicio 2018 que contemple e cubra, como mínimo, as seguintes accións:*

- a) Renovación de redes e contadores, uso de aplicacións de xestión de caudal en tempo real.*
- b) Elaboración de mecanismos e equipos de control de fugas.*
- c) Redución do consumo non rexistrado.*
- d) Implantación de sistemas de vixilancia da rede de distribución con prelocalización.*

e) *Establecemento de plans periódicos de inspección e control das redes de distribución.*

f) *Campañas de comunicación antifraude e de uso correcto da rede.*

g) *Plans de revisións de consumos sospeitosos.*

h) *Avaliacións periódicas do resultado do plan».*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Un informe da Axencia Europea de Medio Ambiente alertaba sobre as consecuencias e riscos que o cambio climático tiña para Galicia: dende o incremento do nivel do mar á elevación da temperatura media, pero sobre todo pola diminución de precipitacións, que podían chegar en pouco tempo ata o 30 % de media menos en moitos meses. A pesar diso, hoxe Galicia continúa tendo os maiores focos de CO<sub>2</sub> do Estado, e a nosa emisión de gases de efecto invernadoiro supón o 0,12 % do total mundial, cando apenas chegamos ao 0,045 % da poboación total.

A Xunta de Galicia non ten feito nada para evitar esta situación, aprobando en moitos casos normativas que van no senso contrario. En consecuencia, as súas políticas teñen contribuído á escaseza de auga dos últimos días, que afecta á correcta extinción dos lumes forestais, pero tamén de forma moi significativa á subministración de auga potable en numerosos concellos de Galicia. A Xunta simplemente mira ao ceo a ver que pasa, sen ningunha proposta para mellorar esta situación.

A antiga concepción do noso país como excedente en reservas de auga, onde eran inimaxinables períodos de seca como os que estamos a sufrir nos últimos anos, ten actuado sobre as políticas públicas, de forma que non se fomentou nin a súa conservación nin un correcto uso da auga, ocupándose unicamente a Xunta de Galicia de plans de emerxencias ante a concorrencia desta situación, esquecendo unha vez máis as necesarias políticas de prevención ante os avisos e indicadores que levan décadas avisando de que esta situación se estaba achegando.

Hoxe, con esta PNL, dende o noso grupo queremos poñer o foco nunha cuestión moi concreta, nunha situación moi concreta, que é preocupante e está sendo absolutamente desatendida polo Goberno galego.

Galicia, con Asturias, presenta as peores taxas de eficiencia da rede de subministración de auga do conxunto do Estado, con taxas inferiores ao 60 %, e moi próximas ao 50 % na maioría dos casos. Isto quere dicir que ata o 50 % das nosas reservas de auga se perden durante o transporte dende a captación ata os fogares ou industrias, porcentaxe moi lonxe dos óptimos acadables do 80 %.

Durante anos isto non era un problema, xa que, salvo cuestións excepcionais, a subministración está garantida polas condicións do noso país, pero hoxe fanse necesarias medidas correctoras que melloren estes índices.

Por esta situación, e referíndonos concretamente ao que é a eficiencia da xestión das canalizacións das augas, presentamos esta iniciativa, onde instamos a Xunta de Galicia a establecer un plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do país, en colaboración cos concellos e a Fegamp, que contemple, entre outras cousas, as seguintes accións: renovación de redes e contadores; uso de aplicacións de xestión de caudal en tempo real; elaboración de mecanismos e equipos de control de fugas; redución do consumo non rexistrado; implantación de sistemas de vixilancia na rede de distribución con prelocalización; establecemento de plans periódicos de inspección e control das redes de distribución; campañas de comunicación antifraude e de uso correcto da rede; plans de revisión de consumos sospeitosos, e, por último, avaliacións periódicas do resultado do plan.

Estas son as nosas propostas concretas sobre este plan, que nós entendemos que debe conter a posible solución a este problema e mellorar esta situación, pero, evidentemente, estamos abertos a calquera outra proposta.

Nós o que queremos é instar a Xunta de Galicia a que estableza un plan. Se os técnicos consideran que algunha destas propostas pode ser mellorada, eliminada ou substituída, pois benvida sexa. Pero o que pensamos que é indispensable é ter un plan.

A escaseza de auga agrávase por ter unhas canalizacións pouco eficientes, pero en última instancia o verdadeiro problema, o motivo polo que chegamos a esta situación e que non se vai solventar mellorando a efectividade e a eficacia das canalizacións, ten que ver coas agresións medioambientais e coa contribución fundamentalmente ao cambio climático. Esas que parece que non lle importan a ninguén, porque, aínda sufrindo dunha maneira tan evidente xa as consecuencias, parece que ninguén ten présa por asumir os compromisos necesarios para tratar de revertir esta situación —se aínda é posible revertela a estas alturas—, pero cando menos para tratar de deter o seu avance e poder paliarlo dalgunha maneira.

O problema do cambio climático é un problema que se afronta con políticas transversais, e en Galicia non se está afrontando nin tan sequera dende a Consellería de Medio Ambiente. Só hai que mirar para o modelo de xestión de residuos, o modelo Sogama, no que a conselleira de Medio Ambiente considera un exemplo internacional unha xestión de residuos que tan só recicla o 3,5 % de todos os residuos xestionados e que dirixe á incineración a maior parte dos residuos. Evidentemente, a incineración elimina CO<sub>2</sub>, á parte doutros contaminantes, o que contribúe ao cambio climático.

Pero hai multitude de políticas que deben cambiar, como é tamén a forestal. Esta teima do Partido Popular de converter Galicia nunha enorme alfombra verde de eucaliptos, e, indo máis alá, nunha enorme alfombra de árbores foráneas e alóctonas. En Galicia dáse o paradoxo de que temos invertidas as porcentaxes de plantas foráneas e plantas autóctonas. Cando o normal na maioría dos sitios é que as autóctonas estean por riba do 80 %, en Galicia as foráneas son as que se achegan a esas cifras.



Con respecto á seca, o eucalipto é unha planta que, aínda que a señora Mato non o sabe, ademais de pirófila é unha devastadora —digo que non o sabe porque o dixo esta mañá na radio—, unha aniquiladora de recursos hídricos. Polo tanto, cantos máis eucaliptos plantemos en Galicia, máis problemas de seca teremos e menos recursos hídricos teremos.

Polo tanto, hai políticas que non son compatibles. Non se pode pretender solventar o problema do cambio climático incinerando os residuos sólidos. Non se pode pretender solucionar o problema dos recursos hídricos plantando máis eucaliptos. Por iso digo o da necesaria transversalidade nas políticas medioambientais.

Nas políticas de mobilidade non é menor a contribución do Partido Popular ao cambio climático, que aínda a día de hoxe segue defendendo como principal política en infraestruturas e en mobilidade que cada galego e galega teña unha vía de alta capacidade a menos de 15 minutos da súa casa. Non sei como pretenden vostedes combater o cambio climático apostando polo transporte individual a motor e o consumo de combustibles fósiles. Evidentemente non é compatible, ou unha cousa, ou a outra. Ou se aposta por mobilidade sustentable, ou se aposta por vías de alta capacidade e que cada galego e galega teña unha vía de alta capacidade a menos de 15 minutos. Poden explicar vostedes como poden compatibilizar esas dúas cousas ou, se non, recoñecer que non están facendo absolutamente nada para loitar contra o cambio climático.

Tamén a cruzada do Partido Popular en contra da transición enerxética, na súa aposta por poñerse do lado do oligopolio eléctrico, é outro dos grandes problemas cos que contamos na loita contra o cambio climático. Non se pode loitar contra a transición enerxética, poñer impostos ao sol, evitar o autoconsumo, e dicir á vez que se está loitando contra o cambio climático, porque non é compatible unha cousa coa outra. Polo tanto, ou están facendo vostedes unha cousa, ou están facendo vostedes a outra. Ou están loitando contra o cambio climático, ou están alimentando o cambio climático, que é o que nós estamos a dicir; e estou poñendo exemplos moi concretos e moi claros ao respecto.

O director de Augas de Galicia hai pouco fixo unhas declaracións nas que facía un chamamento á cidadanía para que reducira o consumo de auga. As propostas do Partido Popular sempre son botar balóns fóra. Evidentemente, hai que concienciar á cidadanía para que xestione mellor este recurso. Xa tardan vostedes moitísimo en facer campañas serias de concienciación para que a cidadanía trate de consumir o mínimo posible, pero a realidade é que o consumo doméstico supón unha moi pequena parte do consumo total, polo tanto, unicamente incidindo nesa cuestión non se vai solventar.

Estamos de acordo co señor Roberto Rodríguez, que fai un chamamento á cidadanía para que non malgaste o recurso, pero dicímoslle ao señor Roberto Rodríguez que malgastar o recurso tamén é que a metade da auga que vén das zonas de captación se perda polo camiño. Polo tanto, aí é onde podemos facer máis e aí é onde a Xunta de Galicia ten que poñerse a traballar nesta cuestión.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Bo día. Grazas, presidente.

A verdade é que eu, visto o que pasou neste pleno esta mañá, dicía: nalgunha das miñas iniciativas ao mellor podería falar de incendios. Xusto esta é a única de medio ambiente, polo tanto aquí, supostamente, teríamos barra libre para falar do que nos dese a gana en relación cos incendios, igual que fixo hoxe o presidente da Xunta de Galicia.

Imos votar a favor desta proposición non de lei, pero cremos —por iso presentamos unha emenda— que necesita un pouco máis de precisión que quizais a mellore, e é que o plan sexa deseñado e ademais que haxa unha partida orzamentaria para o ano que vén que sexa suficiente para poder desenvolver todas estas medidas e todas estas accións, porque, se non, estamos no de sempre: existe un plan de deseño, pero logo, na práctica, nin existe orzamento nin se executa nunca. Xa non digo despois exixir a súa execución.

O certo é que temos unha preocupante seca dende mediados do ano pasado, do ano 2016. Nós presentáramos xa en xaneiro, e logo hai escasamente quince días, unha iniciativa sobre a seca. Temos dúas demarcacións hidrográficas que están en catro puntos menos que no ano 2016 por esta época, e hai seis concas que xa están en situación de alerta. Nós criamos no seu momento —e por iso fixemos e rexistramos estas iniciativas— que é imprescindible que o Goberno da Xunta de Galicia incremente o control sobre a seca.

Galicia non está preparada para unha seca tan prolongada como a que temos. Andalucía está preparada, Murcia está preparada, nós non porque somos a terra da auga. A nosa terra non é capaz, no momento en que deixa de chover, de ter recursos suficientes, e, sobre todo, de gardalos para poder despois empregalos. Sendo así, non houbo ningún tipo de previsión. Non a hai, e non se pensa en que fenómenos como o *Ophelia* son consecuencia de algo. Cada vez son máis frecuentes e son consecuencia de algo anterior, daquilo que o primo de Mariano Rajoy negaba dende o principio, porque tiña un primo que era superlisto... (*Aplausos.*) —nunca nos dixo como se chamaba, ¡menos mal!, porque estaría deixando mal a súa familia—, que dicía que o do cambio climático era unha invención dos ecoloxistas. Pois parece que non é así, e de feito o propio Goberno ten na súa mente deseñada unha estratexia de loita contra o cambio climático.

Desas iniciativas que fixeramos no seu momento, o 10 de outubro Augas de Galicia díxonos que estaban a intensificar os controis e que a oficina técnica da seca se reunira unha vez e que se ía reunir outra. Estamos a falar de hai máis dun ano con esta situación de seca. Ademais Augas de Galicia remitiu comunicación —iso dicíase nos o 10 de outubro— e recomendacións aos concellos para reducir o consumo de auga. Estas recomendacións eran limitar o baldeo das rúas, que non se enchan tanto as piscinas ou non se lles cambie a auga, que se fomenta o uso responsable da auga nas instalacións municipais, que se intensificasen os labores de mantemento na rede de abastecemento... Este tipo de cuestións para minimizar

precisamente a perda de auga. Pero o curioso é que nesta resposta do 10 de outubro o que nos dixo Augas de Galicia foi que estas recomendacións eran para reducir os consumos de auga especialmente durante a tempada estival. Pero claro, a resposta é de outubro, a tempada estival xa pasara e non entendiamos moi ben por que, e a explicación está en que, como xa fixeramos dúas iniciativas diferentes sobre a seca, o que fixo o Goberno foi respostarnos — como soe ser habitual — coa mesma resposta a preguntas distintas, por iso lles quedou esta coletilla de «especialmente durante a tempada estival» contestada no mes de outubro.

O certo é que non sabemos nada dos resultados desas recomendacións; nada tampouco sobre o orzamento para o plan de seca —en realidade nada porque non está en ningunha parte—; nin tampouco sabemos por que vostedes se negan de maneira reiterada a que exista en Galicia un plan de actuación inmediata, e logo anual, especificamente contra a seca.

Nós xa lle advertiamos desta situación en xaneiro deste ano. Sempre votaron en contra de todo o que pedimos. E o único que fixeron foi reunir esta oficina técnica da seca unha vez, e vaise reunir outra vez. Mentres non entendan que o cambio climático non era unha invención dos ecoloxistas e que o incremento das temperaturas vén dalgún sitio, seguiremos tendo problemas de auga. De momento non hai —de momento— problemas para o abastecemento para as persoas nas cidades, pero vai chegar un momento en que iso vai ocorrer. Non sabemos que pasa coas augas subterráneas e os pozos. Moitos están secos, non temos ningunha información...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...—vou rematando, presidente—, e iso quere dicir que vostedes fan exactamente o mesmo que veñen facendo dende hai case trinta anos que con algún tempo intermedio non gobernaron aquí, que é improvisar sobre a marcha e negar o que vai pasando. E mentres seguiremos ardendo, porque loitar contra os incendios non se fai a través do día que o incendio está e a través de motobombas. A loita máis eficaz contra os incendios —e iso dino todos os expertos— faise con prevención, antes, precisamente, de que os incendios se produzan e en épocas de humidade, non en épocas de seca.

Pola nosa banda, nada máis. Agardamos que a nosa emenda sexa aceptada.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

O primeiro que temos que facer é recoñecer que realmente hai un problema, un problema serio e grave no noso país, o país —en teoría— dos mil ríos, da abundancia, e no que temos que asumir e tomar conciencia de que os recursos naturais, e a auga concretamente, son li-

mitados; que estamos ante un cambio climático, que é unha evidencia, que é unha realidade, e que en Galiza se manifesta, por exemplo, no incremento das temperaturas ao longo dos últimos anos e tamén no descenso das chuvias. Ademais esta situación non se dá de maneira igual, senón que ten máis repercusións e máis afectación en determinadas partes do territorio; concretamente, nos últimos tempos, na parte oriental da provincia de Ourense, con graves consecuencias na actividade produtiva e no abastecemento de auga.

Hai que recoñecer, polo tanto, que a auga é un recurso estratéxico e vital para o futuro e que ten que haber políticas públicas acordes con este desafío, con este reto, que temos como país e como sociedade, e non valen declaracións retóricas, supostas estratexias contra o cambio climático, que despois se contradín coas políticas concretas que aplican vostedes desde o Goberno do Partido Popular.

Esa resposta ten que ser en diferentes niveis, e pasa principalmente polo cambio do modelo económico e produtivo, porque non hai que esquecer que o 85 % do consumo de auga se dá na actividade económica, sobre todo na actividade industrial, e que ten moito que ver tamén co modelo enerxético e co modelo de mobilidade, e vostedes seguen apostando por actividades industriais extractivas que supoñen o espolio de grandes cantidades de recursos e de auga, e esta lei de depredación que acaban de aprobar no Parlamento vai precisamente nesa dirección.

Tamén é fundamental un cambio en relación coa actividade económica e produtiva no modelo forestal, baseado na eucaliptización ao servizo de Ence —sabemos que non lles gusta que digamos isto, pero esa é a realidade—, que ten graves consecuencias nos solos, tamén nas reservas de auga, como xa se dixo, e na incidencia dos lumes e da actividade incendiaria.

E falando de lumes temos que dicir que nos parece unha auténtica indecencia, que nos parece unha infamia, que nos parece unha ruindade e unha actitude miserable, que os portavoces do Partido Popular —empezando polo presidente da Xunta— poñan en dúbida o labor e o compromiso dos gobernos municipais e de todos os grupos políticos (*Aplausos.*) na loita e no combate contra o lume nesta fin de semana e ao longo dos últimos tempos. Non é de recibo, é unha ruindade, e en política non vale todo, hai certos límites que non se poden pasar.

Loxicamente, este cambio de modelo tamén pasa por unha profunda mudanza en relación co consumo doméstico de auga, con todo o ciclo da auga, desde a captación, o abastecemento e a depuración, mellorando a eficacia da xestión deste recurso. Vostedes puxeron en marcha..., tiveron a iniciativa dun pacto local da auga que empezou a negociarse coa Fegamp no ano 2013, e despois de catro anos non houbo ningún avance concreto nesta cuestión. Esta é unha responsabilidade compartida polos concellos, pola Xunta de Galiza e tamén por moitas traídas de auga que garanten o abastecemento en moitos concellos —pequenos concellos e núcleos rurais— do noso país, e, polo tanto, ten que haber políticas públicas, e a Xunta de Galicia, como Administración que ten competencias en todo o territorio, ten a responsabilidade de liderar esas políticas públicas en relación co Pacto da auga para abordar todos estes temas.

Non se poden ter só políticas reactivas, políticas paliativas, aínda que tamén son necesarias. Agora, coa alerta da seca, hai que ter políticas máis ambiciosas, que estean á altura deste

reto, deste desafío; políticas preventivas, políticas de anticipación a medio e longo prazo, que pasan, en primeiro lugar, pola concienciación e a sensibilización sobre este tema, que ten que ser unha responsabilidade colectiva polo bo uso dos recursos, pola xestión eficiente do abastecemento, da distribución da auga, e, se é necesario —haberá que analízalo—, pola construción de novas infraestruturas que garantan o abastecemento para o consumo doméstico.

En consecuencia, imos apoiar esta iniciativa, que plantexa medidas concretas, e tamén exiximos que o Goberno galego cambie o rumbo das súas políticas e se poña a traballar de verdade para facerlle fronte a este gran desafío que temos como país e como sociedade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Popular de Galicia, o señor Trenor López.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Bos días, señorías.

Señor Bará, estou completamente de acordo con vostede en que en política non vale todo. É verdade, e está ben que o recorde. Está ben que o diga e que tamén aplique vostede isto que nos recomenda a toda a Cámara, porque non vale todo. Todos seguimos as redes, todos seguimos os twitter, todos seguimos as declaracións e todos sabemos o que dixemos o domingo pola tarde e pola noite. (*Aplausos.*)

Señor Cal, señoría, fixo vostede unha lectura moi correcta das dúas follas da súa proposición non de lei, e mentres que se mantivo nesa lectura foi todo correcto, pero cando se moveu desa lectura amosou un gran descoñecemento sobre todo o que falou fóra desa lectura, sobre o tratamento de residuos e sobre mobilidade; descoñecemento por un lado e hipocrisía por outro.

Quero recordarlle aquí unhas cousas. Mentres que vostede vén aquí dicir que hai que apoiar o uso do transporte colectivo, na Coruña, por exemplo, estase a bloquear o acceso do uso do transporte colectivo; ou, por exemplo, mentres vostede vén aquí falar do transporte colectivo, vostedes estanse a opoñer ao transporte público gratuíto para os xoves, xa que como vostedes consideran que o que non fan vostedes hai que obstaculizalo, hai que bloquealo, hai que facer boicot, pois dálles igual que sexa o transporte público ou que sexa calquera outra medida que redunde en beneficio dos cidadáns.

Señora Vilán, non é bo mezclar tantos temas, a min gustaríame dedicarlle toda unha xornada a falar de todos os temas dos que falamos. Esta iniciativa vai sobre a eficiencia das redes de abastecemento, pero aínda podemos meter os outros temas. Pero mire, en Galicia temos un plan da seca aprobado no 2013, e eu o que lle pido, e o que lle pedín tamén noutras intervencións, é que sexa vostede coherente e teña vostede tamén valor para pedirilles aos seus alcaldes o que lle pide a esta Cámara. Que cando xusto a semana pasada se activaron os protocolos derivados da seca máis grande que tivo Galicia nas últimas décadas, houbo un al-

calde, o alcalde da cidade máis poboada de Galicia, que dixo que iso non era cousa súa, que el tiña auga en abundancia e que non tiña por que aplicar eses protocolos. Señora Vilán, cando vostede veña aquí darnos lección sobre plans de seca, teña vostede polo menos o valor de pedirilles aos seus alcaldes que, cando se activen eses plans, apliquen as medidas sobre iso.

Señoría, señor Cal, entrando no tema da súa iniciativa que tan ben leu: a normativa básica en materia de réxime local, a Lei reguladora de bases de réxime local e da Administración local de Galicia atribúe aos concellos as competencias en materia de subministración de auga, alcantarillado, tratamento de augas residuais, e regula tamén todos os servizos que deben prestar os concellos.

A Lei de augas de Galicia, dentro do respecto ao principio de autonomía e ao reparto competencial básico, dispón tamén para as entidades locais as atribucións de abastecemento de auga potable, da rede de alcantarillado e o tratamento de augas residuais. Dito doutra forma, o servizo de abastecemento de auga é competencia dos municipios, que son os que xestionan, os que prestan ese servizo, e tamén son os responsables de garantir a calidade da auga que subministran. Tamén son os que poñen o prezo que se debe cobrar por ese servizo, un prezo que vostede sabe que ten que recuperar os custos e cubrir o custo do servizo e o custo da prestación.

En Galicia, señoría, sabe vostede que hai moitísimos concellos e moitas formas diferentes de prestar este servizo, e tamén derivado desta diversidade hai distintas tarifas, porque cada concello ten plena capacidade para exercer as súas competencias.

A cada concello aféctanlle moitísimas variables, de carácter técnico, do tipo de tratamento, da lonxitude das redes, da antigüidade das mesmas, sen contar, por exemplo, con que non é o mesmo un concello como o da Coruña, como o meu concello, que presta o servizo a través de Malsa, unha empresa pública, un servizo moi regulamentado, con moitas accións das que vostede pide que xa están incluídas, que xa están a realizar, que ademais ten recursos, que se obteñen ou cobrándolle este servizo aos veciños, e, por exemplo, este ano puideron desviar un millón de recursos da auga, deses que se lle cobraron polos servizos, para organizar as festas, cousa á que eu, por exemplo, me opuxen, porque entendo que o que se cobra de auga ten que servir para reinvestirse na auga, ou se non para baixarlles o servizo aos cidadáns, non para organizar festas.

Pero, como lle dicía, non ten nada que ver un servizo como o da Coruña co doutro concello máis pequeno, un que presta unha empresa pública ou outro que o ten, por exemplo, a través do sector privado.

A Xunta de Galicia non pode impoñer o nivel que pide vostede, o nivel específico de medidas que pide vostede, un plan que cubra moitas desas accións tan concretas. Pero precisamente, señor Cal, como non é posible impoñer unha regulación ou un modelo para toda Galicia, porque é competencia dos concellos, en Galicia buscamos outra vía para poder acadar acordos neste terreo, e esa vía é o Pacto local que xa veu a esta Cámara, que conta co respaldo desta Cámara, pero que vostedes non quixeron votar, ao que vostedes votaron en

contra —o Bloque non, o Bloque abstívose, pero vostedes votaron en contra—. O Partido Socialista apoiou esa iniciativa para respaldar o diálogo e a colaboración, para potenciar a colaboración e apoiar, en definitiva, os concellos pequenos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...tanto no abastecemento como no saneamento. Tamén en investimentos de proxectos e en colaboración técnica e económica.

Señoría, a Xunta está a traballar, dentro das súas atribucións, en colaboración cos concellos e en colaboración coas deputacións, para avanzar na mellora destas prestacións, e, como lle digo, xa temos un plan, que é o Pacto local. Pídlle a vostede e aos seus concellos que actúen con lealdade. Eu sei que vostedes non saben o que é a lealdade institucional. (*Murmurios.*) Non o saben, descoñéceno. Vostedes cren que as outras administracións están para facer confrontación, están para intentar confrontar o seu modelo co do resto. Señorías, hai vías de colaboración, hai que apostar pola colaboración, porque iso redunda nun mellor servizo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ... para os cidadáns. Eu sei que ao señor Sánchez isto do diálogo lle molesta. Moléstalle porque el é partidario de bloquear, ¡claro que si!...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...todos os proxectos que redundan nunha mellor calidade de vida para os cidadáns.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Nada, dentro do agardable, por suposto. O Partido Popular non trae ningunha solución para un problema importantísimo que ten Galicia. Nin unha soa solución, ¡absolutamente nada! Vén aquí provocar, atacar a oposición, criticar os gobernos municipais, e nun tema de tanta importancia, de vital importancia para Galicia, non trae vostede absolutamente ningunha solución e adica o seu tempo a atacar e a facer campaña municipal. Non agardaba menos.

En canto á ausencia de propostas de solución, se vostedes quixeran solucionar o problema, un problema que está claramente detectado, xa as terían posto en marcha. Pero si me sorprende que haxa cando menos un mínimo de seriedade e adique o seu tempo a falar desta cuestión, que é unha cuestión verdadeiramente importante.



Dicía Roberto Rodríguez nunha entrevista o outro día que a NASA, para saber se hai vida fóra do planeta, mira se hai auga, porque a auga dá vida. Fixo unha gran declaración, señor Roberto Rodríguez, pero é verdade, a auga é algo moi importante e deberían vostedes poñerlle un pouco máis de atención a esta cuestión.

Fala de impoñer. Esta proposta non é unha proposta para impoñer, esta proposta é unha proposta para colaborar coa Fegamp. Vostede fala de impoñer porque non quere abordar a proposta. A proposta fala claramente dunha colaboración cos concellos para comezar a buscar unha solución a este problema.

En canto ao plan que ten a Xunta, de 2013, ¿por que non explicou como vai a súa execución?, ¿contan vostedes con informes sobre a execución deste plan? Non, porque o plan non se está executando. ¿Por que non presentou aquí vostede datos de como vai ese plan?, ¿por que non os presentou? Tivo vostede cinco minutos e adicouse a atacar os municipios, a criticar a oposición... Non, tivo cinco minutos para facelo, ¿por que non o fixo?, ¿por que non o fixo? Porque non teñen vostedes nada que ofrecer a este respecto, non teñen vostedes informes. ¿Contan vostedes con algún informe da auga que se está perdendo polas canles? Porque eu deille cifras e vostede non as cuestionou. ¿Contan vostedes con algún informe ao respecto? ¿Vostedes se preocuparon por saber canta auga se está perdendo nas canalizacións]? ¡Faielle gracia! Non se preocuparon. Co problema que temos, vostedes non se preocuparon ata o de agora en absoluto por este problema. E vén aquí facer unha intervención verdadeiramente vergonzosa.

Fálame de descoñecemento e hipocrisía. ¿A que se refire? ¿As políticas de mobilidade?, ¿da aposta polo transporte individual a motor?, ¿da política forestal?, ¿da aposta polo monocultivo de eucalipto? ¿A que se refire cando me fala de hipocrisía e de descoñecemento? Porque eu creo que dei datos moi claros, ¿os de Sogama? ¿Conta vostede con outros datos sobre a xestión de residuos de Sogama, que só recicla o 3,5 % do total dos residuos xestionados? ¿Conta vostede con outros datos para falar-me a min de descoñecemento e hipocrisía? ¿Ten outros datos? Non os ten. Vostedes utilizan a xestión de residuos para incineración, emiten CO<sub>2</sub> e contribúen ao cambio climático. Vostede veu aquí a desacreditar o que dixen eu e non puxo ningún outro dato enriba da mesa. Polo tanto, vostede veu facer o que fai o Partido Popular habitualmente, que é non ofrecer ningunha solución e vir aquí provocar e facer campaña municipal.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Sobre a emenda. Sobre a emenda, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Sobre a emenda. Imos aceptar a emenda. Parécenos acaída porque concreta unha partida orzamentaria para comezar a poñer solucións a este problema.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e dez deputados/as máis, sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro**



**O señor PRESIDENTE:** Hai dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 16414)*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:*

*<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Levar a cabo as actuacións necesarias co obxectivo de lograr, previa negociación ca empresa Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo S.A, a gratuidade do párking de dito centro hospitalario.*

*2. Poñer a disposición das persoas usuarias como aparcamentos gratuítos as dúas parcelas titularidade do Sergas correspondentes ao proxecto sectorial do novo hospital de Vigo, tal que, na primeira das parcelas, no prazo máximo de 15 días, se eliminen os cerramentos e executen o paso de peóns e vehículos dende o acceso principal do novo hospital de Vigo; e na segunda delas se inicien, no prazo máximo dun mes, as obras que permitan o seu acondicionamento>>.)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 16414)*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto co seguinte texto:*

*<<O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a que inicie as actuacións para a recuperación para a xestión integramente pública do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. Dentro das que estará o aparcamento como servizo gratuíto para todas as persoas que teñen que acudir ao centro: traballadores/as, doentes, familiares, visitas...>>.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías, hoxe teño a honra de propoñer nesta Cámara un debate que nos debería levar á aprobación dunha iniciativa encamiñada a obter dous obxectivos moi concretos. O primeiro, requirir da Administración competente — neste caso o Concello de Vigo — que finalice o proceso de urbanización da contorna dunha infraestrutura sanitaria de primeira orde como é o hospital público Álvaro Conqueiro.

O segundo, requirir a esa mesma Administración que o acceso de todos os usuarios potenciais deste hospital a esa urbanización, que debera incluír algunhas prazas de aparcamento en superficie, se produza en condicións de igualdade, sen discriminacións arbitrarias.

En definitiva, o que propoñemos e solicitamos é o estrito e escrupuloso cumprimento da obriga legal dunha administración pública, algo que pensamos non debería xerar ningunha polémica.

Son plenamente consciente tamén de que o debate plantexado, aínda referido a cuestións tan puntuais como as que acabo de describir, transcende a este particular e incorre de maneira clara nun debate máis amplo sobre o exercicio de dereitos civís aos que debera ser acredor todo cidadán galego polo mero feito de vivir na nosa terra.

Hoxe as galegas e os galegos van ter a posibilidade de coñecer cal é o posicionamento de cada un dos grupos políticos representados nesta Cámara sobre unha cuestión que resulta de enorme interese para todos eles. ¿Debemos galegas e galegos ser iguais en dereitos ou podemos ser discriminados en función do concello no que vivamos?

Eu xa sei que En Marea e o BNG están en contra da igualdade de dereitos dos cidadáns galegos e, consecuentemente, están a favor de que existan cidadáns de distintas categorías no noso país. Non fago esta afirmación dende a intuición ou por un prexuízo persoal. Afírmoo con coñecemento de causa e baseándome no sentido do voto emitido polas súas señorías durante o pasado debate sobre o estado da Autonomía, no que este grupo parlamentario realizou unha proposta de resolución co seguinte teor literal: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir aos cidadáns galegos o acceso aos servizos públicos en condicións de igualdade, sen establecer distincións en razón da súa veciñanza ou da Administración prestataria do servizo».

Creo sinceramente que é unha redacción clara, de sinxela comprensión e con escasa marxe interpretativa. As Mareas de Podemos e BNG votaron en contra desta proposta de resolución e, consecuentemente, posicionáronse a favor de discriminar os galegos en función da súa veciñanza. Esa é a realidade.

O PSdeG optou por un posicionamento distinto: a abstención. Eu podo entender que ese posicionamento foi unha necesaria mostra de ambigüidade, un intento de poñerse de perfil para non pisar ningún calo na véspera do procedemento de elección do novo secretario xeral dos socialistas galegos. Paréceme razoable. Xa remataron as primarias, xa elixiron secretario xeral, e hoxe os galegos deberían de poder saber cal é a súa opinión definitiva sobre esta cuestión, e así todos saberemos tamén cales son as prioridades políticas do novo Partido Socialista de Galicia. ¿Que é máis importante para o PSdeG: a igualdade de dereitos dos galegos ou acadar unha tregua familiar para que os representantes do vello e do novo PSdeG poidan compartir mesa e mantel durante as próximas festas de Nadal? Esa é a dúbida.

Porque, no que fai referencia ao sustento legal da proposta que hoxe facemos, non existe dúbida ningunha. Artigo 14 da Constitución española: «Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.»

Existen numerosos pronunciamentos xudiciais, de audiencias provinciais, de tribunais superiores de xustiza, do Tribunal Supremo, que en base a este artigo validan a posibilidade de establecer nos servizos municipais condicións vantaxosas en beneficio de colectivos concretos por razóns de carácter socioeconómico, e nesas mesmas resolucións prohíben explicitamente vincular esas condicións vantaxosas ao lugar de residencia dos cidadáns.

Neste mesmo sentido tense pronunciado en distintas ocasións o Defensor del Pueblo e os seus homólogos autonómicos, entre eles o Valedor do Pobo, que negan reiteradamente a posibilidade de —cito literalmente— «cobrar máis aos non empadroados, olvidando que os poderes públicos deben facilitar e non obstaculizar o exercicio das liberdades de circulación de persoas, bens e servizos, así como a relación entre os individuos e grupos sociais en que se integran, en base ao artigo 9 da Constitución española.».

Pero vostedes, señorías, xa saben isto, e por iso hoxe pretenderon a través das súas emendas distorsionar o debate co fin de salvar a cara e defender —na miña opinión— o indefendible. E para iso non se lles ocorreu nada mellor que obviar a Constitución, obviar a Lei de bases de réxime local, obviar as resolucións xudiciais, obviar os pronunciamentos do Defensor del Pueblo, exixir á Xunta de Galicia que asuma as obriga que lle corresponden ao Concello de Vigo, obviando tamén que toda a actuación da Xunta trata igualitariamente os galegos e só o alcalde de Vigo pretende discriminalos pola súa veciñanza civil.

Porque, señorías, para vostedes o prioritario é atacar o Goberno galego antes que defender os galegos, e para iso hai que atacar calquera logro dese goberno, calquera. O Hospital Álvaro Cunqueiro é un exemplo paradigmático desa práctica. Do Cunqueiro díxose de todo. Chegaron a afirmar que non cumpría as mínimas calidades técnicas e incluso cuestionaron —algúns aínda o fan— o seu carácter de hospital público. Hoxe os profesionais da sanidade e os usuarios acreditaron que o Álvaro Cunqueiro dispón de excelentes calidades, que lle permiten ofrecer unha sanidade de calidade, pública, universal e gratuíta.

Hoxe a realidade desmente aos que afirmaron que se pagaría polos servizos sanitarios, aos que afirmaron que se pagaría por utilizar os sillóns dos acompañantes dos doentes, aos que dicían que os doentes terían que pagar por beber auga durante a súa estancia hospitalaria, porque iso se dixo, señoría, e algunha desas afirmacións, algunha desas mentiras, díxose aquí, en sede parlamentaria.

E así creceu o Cunqueiro, zancadilla tras zancadilla, mentira tras mentira, e por suposto todo isto aderezado cunha absoluta falta de colaboración do Concello de Vigo, un concello que se negou a cumprir as súas obrigas básicas, negando abastecemento de auga, de saneamento, negando abastecemento eléctrico, negándose a ordenar o tráfico na contorna, negando a súa urbanización e negándose a controlar o aparcamento desordenado nos viais da zona, que incluso dificultou o acceso de ambulancias ao servizo de emerxencias; un concello incapaz de amosar unha mínima colaboración entón e agora. Levamos meses demandándolle que remate os labores de urbanización da contorna do Álvaro Cunqueiro, habilitando as prazas de aparcamento en superficie, que calquera municipio de España debe habilitar para o normal funcionamento de calquera hospital de España.

Non existen dúbidas de cal é a administración que ostenta esa obriga; todos os municipios de España saben que é da súa exclusiva competencia, en virtude do artigo 25 da Lei de bases de réxime local, todos excepto un. O máis curioso desa excepción é que quen dirixe o único concello de España que descoñece esta obriga é tamén o presidente de todos os municipios de España.

Tamén debo recoñecer que este descoñecemento por parte do rexedor vigués das súas obrigas competenciais ten un compoñente que poderíamos denominar Guadiana, porque periodicamente o rexedor, o señor Caballero, anuncia a inminente construción dun aparcamento na contorna do Cunqueiro para satisfacer as necesidades dos usuarios e periodicamente nos vemos obrigados a recordarlle que, a pesar do inmenso volume de anuncios que fixo neste sentido, segue sen cumprir o seu compromiso.

Calquera responsable público ao uso recoñecería a demora, intentaría explicar os motivos da mesma e poñerlle solución. Pero o señor Caballero nin é un calquera nin é responsable, así que, antes de recoñecer o seu erro, preferiu recorrer á súa estratexia favorita: a manobra Puigdemont. O desenvolvemento desta manobra Puigdemont, anteriormente coñecida como manobra Mas ou manobra Pujol, consiste basicamente na invención dun inimigo externo. O seu lema máis popular é coñecido por todos: *España nos roba*, coas variantes de *Madrid nos roba* e con iso de por que temos que manter nós os vagos dos andaluces, os ignorantes dos extremeños ou os pedigüeños dos galegos.

O señor Caballero adoptou esa estratexia en Galicia e adaptouna tamén: Santiago róubanos, A Coruña róubanos, ou por que temos que pagar o transporte urbano ou o aparcamento dos que veñen pasear a Vigo cos impostos dos vigueses.

A mesma estratexia, as mesmas falacias, as mesmas mentiras. (*Aplausos.*)

A derradeira ocorrencia do amado líder é establecer na contorna do Cunqueiro un *parking* gratuíto só para vigueses. Podería ser un mal chiste, se non fora porque xa coñecemos a onde conduce esa política de mentira e de confrontación artificial.

A proposta de Abel Caballero é ilegal, é inxusta, pero, sobre todo, é indecente, porque ataca directamente os usuarios da sanidade pública que deben desprazarse ata Vigo para recibir asistencia hospitalaria, discriminándoos por un único motivo: non ser votantes potenciais do señor Caballero.

O Goberno da Xunta fixo o máis difícil: construír o maior hospital público de Galicia co orzamento máis minorado da historia da Autonomía; pola contra, o señor Caballero négase a cumprir a mínima parte que lle corresponde, dispoñendo dun remanente de tesourería de máis de 90 millóns de euros. Esa é a diferenza.

Os usuarios da Área Sanitaria somos conscientes da lóxica de ubicar o hospital de referencia na cidade máis importante desta área. Nada cómpre obxectar a esa decisión. Pero os vinte e cinco concellos que con Vigo conformamos esa área non podemos aceptar baixo ningún concepto que un alcalde irresponsable pretenda converter esa decisión lóxica nunha ferramenta

para tratarnos como cidadáns de segunda. É inadmisíbel, e aínda menos admisíbel sería que os representantes do pobo galego, constituídos en sesión plenaria, validasen o discurso segregacionista e discriminatorio deste alcalde. Porque non é certo, señorías: ninguén discrimina os cataláns, como ninguén discrimina os vigueses.

Vigo está recibindo o maior volume de investimentos da súa historia, que lle están permitindo desenvolver as súas capacidades en sectores estratéxicos para Vigo e para toda a comarca: o naval, a automoción, o sector do mar, o turismo. Son investimentos de xustiza, e por iso ninguén os cuestiona, pero, señorías, si exiximos a mínima lealdade institucional para desenvolver plenamente as capacidades de Vigo.

Queremos a Vigo, queremos o Vigo leal, xeneroso, traballador, capaz de liderar o desenvolvemento do sur de Galicia, o Vigo integrador, o que creceu acollendo persoas das máis diversas orixes e que xamais se sentiron estranxeiros na cidade olívica.

Teño 45 anos, son de Redondela, vou a Vigo practicamente a diario, xamais neses corenta e cinco anos un vigués ou unha viguesa me fixeron sentir que non era benvido na súa cidade, xamais me sentín estraño en Vigo e xamais vivín esa situación ata que chegou o Goberno do señor Caballero. E non podemos tolerar que o alcalde de Vigo siga coa falacia de que os cidadáns da Área Metropolitana... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...ou da Área Sanitaria de Vigo somos un fato de gorróns que queren esquilmar os vigueses; é falso e ademais é profundamente ofensivo.

Remato xa, presidente. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, por favor, silencio.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Queremos seguir construíndo o Vigo que entre todos levantamos, o gran Vigo.

Hoxe sabemos que a política de confrontación e de manipulación produce réditos electorais durante un tempo, pero tamén sabemos que o prezo a pagar é a fractura social, é un prezo alto e perigoso.

Non é comprensíbel que Abel Caballero, presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, critique esa maneira de facer política cada noite e que Abel Caballero, alcalde de Vigo, a practique cada mañá.

Pido o seu apoio para pedir que se cumpran as obrigas no concello de Vigo e que os galegos sexamos tratados por igual en todo o territorio galego, incluíndo o concello de Vigo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Para, para, para, por favor! Iso é unha falta de respecto. Non, non, perdoe un momento. Esa é unha falta de respecto e iso sobra, e, se non, teño que chamalo á orde. Iso sobra, iso sobra. Non, non, ese tipo de expresións sobran. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, o debate ten a súa confrontación política despois, o que sobra é o xesto seu, e a próxima vez chámoo á orde. ¿Queda claro?

Señora Prado, cando queira.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Eu teño que recoñecer que quedei un pouco sen palabras. Teño que recoñecer que tampouco fun quen de escoitar integramente a súa intervención, polo ruído que había, pero a verdade é que eu non sei se estamos a punto de que o Partido Popular amplíe a doutrina imperante de que diante do incumprimento da lei pois vai mandar as forzas da orde e os antidisturbios a Vigo —case fun capaz de entrever que algo así estaba a punto de suceder— ou se vostedes o seguinte paso que van dar é ir ao Constitucional para pedir o amparo e que tome medidas, porque, dende logo, vaimos recoñecer, señor deputado, que este hábito que está tendo o Partido Popular de vir aquí a este Parlamento poñerlle deberes a todo o mundo e non responsabilizarse das súas obrigas, e de vir facer oposición municipal a este Parlamento, pois que dea como consecuencia unha intervención —permítame que llo diga— moi fóra do que debe ser este Parlamento, porque igual pode ir vostede facer esa intervención ao Concello de Vigo. Ademais, na vez de solucionar os problemas políticos con política, parece que vostedes o resumen todo a cuestións de legalidade e pouco máis.

En todo caso, indo á iniciativa que hoxe trae aquí o Partido Popular, máis unha vez volvemos falar do hospital de Vigo, un hospital novo de Vigo, que é un clarísimo exemplo de trato de favor a empresas amigas, un exemplo clarísimo de dilapidación de fondos públicos, de dilapidación dos impostos dos galegos e das galegas a favor dos negocios dos amigos. É un hospital pensado para que a empresa adxudicataria faga caixa.

Iso si que debería de ser ilegal, iso si que debería de ser ilegal, señor deputado do Partido Popular. Un hospital que en moitos aspectos ten máis a ver case cun centro comercial que cun centro sanitario; un hospital onde as persoas que teñen que acudir ao mesmo non teñen máis alternativa que pasar por caixa para deixar o seu vehículo e non teñen ningunha alternativa ao aparcamento da concesionaria, un aparcamento menos gravoso que a intención orixinal —iso si é certo—, máis que ese envaine inicial, que ía significar un auténtico atraco a man armada, pois só se rectificou pola presión da cidadanía, unha presión moi contundente da cidadanía, mais que segue sendo de pago.



E nese contexto trae vostede aquí unha iniciativa da que eu dende logo vou ler a parte resolutiva, porque non me acaba de quedar claro —teño que dicirlllo con franqueza—.

Na primeira parte di que se complete a urbanización da contorna do hospital público. Poderíamos estar de acordo en que se complete a urbanización. Pero é que logo vostede di: habilitando en condicións de igualdade as prazas de aparcamento en superficie necesarias. En condicións de igualdade ¿co *parking* privado, co *parking* no que hai que pagar? É que non sei a que condicións de igualdade se refire: se quere que se faga o aparcamento para que sexa igual ao *parking* polo que vostedes permiten que se atraque as persoas que alí teñen que acudir, polo que vostedes resulta que lles poñen un imposto ás persoas que máis enfermas están, ás persoas que están alí hospitalizadas, aos seus familiares —que teñen que pagar por estar alí—, aos que teñen que ir a consultas, aos que están en Urxencias. Realmente non sei a que condicións de igualdade se refire vostede nesta iniciativa, señor deputado.

«E para que faga aparcamentos necesarios para o normal funcionamento da principal instalación sanitaria de Galiza», co cal está recoñecendo que non hai un normal funcionamento do Hospital Álvaro Cunqueiro. Co cal se desdía da súa parte expositiva, onde di que é un exemplo. Permítame: o seu primeiro parágrafo é un insulto á intelixencia de calquera que saiba como está o Álvaro Cunqueiro. Di que «a pesar da campaña de desprestixio ao que foi sometido antes da súa apertura, transcorridos pouco máis de dous anos, ten acreditada a súa calidade nas instalacións...». ¿Foi vostede por alí recentemente? ¿Foi preguntarlles aos profesionais de Urxencias, que aínda seguen demandando que se abran salas, que resulta que seguen sen ter onde cambiarlles os cueiros aos doentes e demais? ¿Vai vostede por alí e leva escoitado as demandas dos profesionais, que seguen dous anos despois sen ser atendidas?

Eu pídolles, se vostedes teñen un confronto PP-PSOE —que supoño que agora na intervención se recrudecerá—, que o teñan fóra deste Parlamento e que solucionen os problemas das persoas que teñen que acudir a ese hospital.

Por iso o BNG presenta unha emenda a esta iniciativa onde seguimos insistindo no que fixemos desde o minuto -1, que é que o hospital de Vigo se recupere para a xestión integramente pública, e que, dentro desa xestión pública, estea o aparcamento como servizo gratuíto para todas as persoas que teñen que acudir ao centro —traballadores, doentes, familiares e visitas—. Porque a día de hoxe, señor deputado do Partido Popular, seguen facéndose colas porque soamente teñen cincocentas prazas para os profesionais, e cando é o cambio de quenda, mentres non saen os da quenda anterior —saben que nos hospitais hai o que se chama «cambio de quenda»—, os da seguinte quenda teñen que agardar que marchen os da anterior, pois resulta que non hai prazas para poder facer ese cambio de quenda; é dicir, que se converte nun auténtico caos, en colas e demais.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Co cal eu pídolles que, efectivamente, solucionen desde a política para que os doentes na Área Sanitaria de Vigo poidan acudir a un hospital onde non se lles cobre por aparcar, onde non se lles cobre pola televisión, onde non teñan que asistir a estes espectáculos.

E, despois, a min xa me gustaría que nos aclare se estamos a piques de que lle vaian mandar os antidisturbios a Vigo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Porque vostede aquí —remato, presidente— insistiu en que é ilegal. E, como estamos no momento en que todo o ilegal se soluciona coa Policía, non sei se estamos a punto de asistir a un episodio destes no concello de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Pazos, mire, eu, escoitándoo, xa teño perfectamente claro por que o Partido Popular chegou a ter 14 concelleiros no Concello de Vigo na década dos noventa e agora ten 7. Eu creo que non fai falta facer ningunha análise de ciencia política para percibir exactamente a cuestión.

Os cidadáns de Vigo merecen fundamentalmente un pouco máis de respecto do que vostede manifestou aquí. Porque quero recordarlle que ese alcalde —que é a encarnación de todos os males políticos, sociais, económicos, etc.— ten 17 de 27 concelleiros, e a xente vota. E é verdade que vostedes teñen 41 neste Parlamento, pero é exactamente igual de certo que no Concello de Vigo o Partido Socialista de Galicia ten 17. Polo tanto, cando piden respecto para os seus votantes, agradeceríalle a vostede o mesmo respecto. (*Aplausos.*)

Mire, se de verdade quere confrontar co alcalde de Vigo, se cre que o Partido Popular, o señor Feijóo, o vicepresidente Rueda teñen que confrontar co Goberno de Vigo, desistan no recurso da Área Metropolitana e confronten alí. ¿Saben por que non confrontan alí? (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, o recurso presentárono vostedes, señor Puy. Eu agradézolle moito as aportacións intelectuais —que xa sabe que as teño en alta estima—, pero polo de agora estou debatendo co señor Pazos. E estou seguro de que, ademais, o presidente é plenamente consciente despois das turbulencias iniciais desta sesión. Polo tanto —insisto—, a Área Metropolitana é o sitio para confrontar. O que pasa é que, como non a controlan, prefiren matala. Esa é a cuestión.

E mire, todos sabemos en Vigo —ata o Partido Popular— que a candidata Elena Muñoz non funciona e que veñen aquí facer xa publicidade e propaganda electoral para as próximas eleccións municipais, pero disimulen un pouco. Está ben que fagan enquisas telefónicas —sabe de que lle falo, seguro—, pero disimulen un pouco.

E, despois desta introdución, paso á metodoloxía.

Escoitamos neste Parlamento durante moito tempo como no sistema de cofinanciamento público-privado os socialistas non estabamos lexitimados para cuestionalo, porque tiñamos o caso do Hospital Son Espases, de Baleares, que fora iniciado e impulsado por un goberno socialista. Eu vou ler un titular de prensa dun diario nada proclive á esquerda: «*Matas ofrece al fiscal implicar a Arenas en el caso Son Espases. Asegura que montó la reunión con Lapuerta en la que le dio el sobre para amañar el concurso*». Ou sexa, que non deberon ser os socialistas os que iniciaron a cousa. (*Aplausos.*) E parece que Lapuerta e os sobres, e Matas e Arenas e Soto del Real Corporation..., porque, ao final, acabamos exactamente aí.

A outra aproximación metodolóxica vivímola neste pleno xa en dúas ocasións —imos á terceira—. A Xunta invita e os concellos pagan cando as competencias son municipais. Vímolos onte cos *Doing Business* eses da Lei de implantación industrial, vímolos esta mañá coas brigadas antiincendios, que é moi cómodo, pero eu creo que as competencias...; estaría moi ben que leran o Estatuto de autonomía desta comunidade autónoma; e vémolos agora outra vez.

Señor Pazos, aínda que repita mil veces que ese hospital é un hospital público, ¡non é un hospital público! Que non se lles cobre aos enfermos pola atención sanitaria non quere dicir que sexa un hospital público. Tampouco se lles cobra en Povisa; (*Aplausos.*) e eu creo que o señor Silveira é o dono do Grupo A Nosa Terra; neste caso é Acciona.

E volvo sacar —e vouno sacar as veces que faga falta— o Rexistro Mercantil. ¿Cantos hospitais da rede do Sergas teñen un CIF no Rexistro Mercantil?, que neste caso pódolle dicir cal é —se a miopía mo permite—: A27752120. ¿É o do Sergas? ¿Está este hospital nos activos do Sergas? Pero se ata ten rexistrada a marca industrial, a patente número N302838. Chámase empresa, e na empresa pódense prestar servizos públicos, privados e mediopensionistas, pero chámase empresa.

E a proba de que se chama empresa e de que lle vai moi ben ¿vostedes danse conta de que cada vez que veño aquí falar de empresas que teñen relación cos gobernos do PP teñen uns resultados financeiros espectaculares? A concesionaria do Cunqueiro amortiza en catro anos un terzo da débeda da súa construción. Insisto: nun contexto de crise económica e de dificultades financeiras, amortiza en catro anos —datos da empresa— un terzo da débeda da súa construción. ¡Oia!, ¿non lle parece isto inmoral, máis alá do aparcamento? ¿Non lle parece inmoral, señor Pazos? ¿De verdade que pode dicir que este é un hospital público? ¿De verdade que o pode dicir sen poñerse colorado? ¡Esto es un negocio! (*Aplausos.*) ¡Esto es un negocio!, un negocio como el *parking*. (*Aplausos.*) Un impuesto a la enfermedad, que la gente aparcaba en parcelas embarradas que literalmente se hundían cuando llovía, por no pagar el *parking*. De eso es de lo que estamos hablando, exactamente de eso.

E despois, por certo —e vostede aquí falta á verdade, non sei se mente—, sabe perfectamente que se están facendo as obras —e logo gustaríame un certo *timing* de como vai a cuestión—, e sabe perfectamente que vostedes teñen dúas parcelas —o Sergas, non a empresa— valladas e allanadas que non abren porque saben que así lle joden o negocio ao *parking* do Hospital Álvaro Cunqueiro. ¿Como vén aquí pedir isto? (*Murmurios.*) ¿Queremos explicar? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah, muy bien!

**O señor PRESIDENTE:** Remate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ¡Ah, muy bien!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Y además el bolso lo deixo en casa. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Hablo muy bien. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Aquí ¿que pasa? *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ¿Que pasa? ¿Que só podedes vós... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Tranquilidade.

Señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...faltar ao respecto? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ¿Só podedes vós faltar ao respecto? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ¿Só podedes vós? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** E, por certo, señor Pazos, dígalle á Xunta de Galicia que cando Augas de Galicia e o Sergas teñen que dar as autorizacións para conectar ese aparcamento construído ou en construción polo concello non teñan os papeis dous meses no caixón. E seguro que tamén sabe de que lle falo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Bastantes cousas noxentas tivemos que escoitar onte e hoxe. A última que tivemos que escoitar é do señor Pazos, que di que non defendemos a igualdade de dereitos. Deberían ter un pouco máis de respecto e o señor presidente ao mellor debería ser un pouco máis ecuánime, porque desta bancada permítese absolutamente todo, pero os do outro lado temos que estar calados, non vaia ser que se sintan ofendidos. *(Aplausos.)*

E igual de lamentable resulta que o presidente Feijóo trate de culpar —non se sabe moi ben a quen— dos bulos de que o Cunqueiro ardía. Isto é consecuencia do apagón informativo da Radio e da Televisión pública, non é culpa da oposición. *(Aplausos.)*

Por falar xa da propia iniciativa, eu penso que traen esta iniciativa para facer propaganda, como fan habitualmente coas súas iniciativas. Pero, ademais —cousa que me molesta especialmente—, tráena para converter esta Cámara no espazo das loitas partidistas do Partido Popular, da Xunta de Galicia e do PSdeG en Vigo. E estas cuestións cansan e non deberían utilizar esta Cámara para resolver o que non conseguen resolver na prensa.

Pero hai unha cousa positiva de que trouxeran esta iniciativa, porque nos permite falar dunha cuestión que é moi necesaria: do Álvaro Cunqueiro e do seu modelo privatizador, que o Álvaro Cunqueiro é o mellor exemplo, o último exemplo acabado desta política, un modelo que tamén se exemplificou no anteproxecto da Lei de reforma da Lei de saúde. Porque, por moito que digan que o hospital é público, que están cansados de repetir que o hospital é público porque non se paga —xa llelo dixeron outros portavoces: en Povisa tampouco se paga—, é privado, porque estamos pagando todas as galegas e galegos un canon anual cun sobrecusto de máis de 1.000 millóns de euros. Un servizo coma este só pode estar concibido para o público e non para que ninguén estea levando beneficios económicos ano tras ano.

E outra das barbaridades que din na súa iniciativa —e que tamén dixo na súa intervención— é que «os usuarios e os profesionais acreditan a súa calidade». Miren, eu hai un ano, días antes de tomar posesión como deputada, estiven traballando neste hospital e pasei practicamente pola metade dos servizos deste hospital, porque, co seu modelo xenial de contratación pública, tiña contratos de días ou practicamente de horas. E podo asegurarlle que os profesionais non acreditamos na súa suposta calidade, e non o digo eu, dígoo todo contratado con todas as compañeiras e compañeiros cos que traballei durante o breve tempo que estivo aberto o Álvaro Cunqueiro. E, se o funcionamento é correcto —por suposto que ás veces é máis correcto do que debería—, é grazas ao traballo que sacan adiante os traballadores e traballadoras e non grazas ás administracións públicas. Pero tamén o sacan nunhas condicións que deberían resolverse de inmediato, porque quedan traballando horas gratis. Hai moitas traballadoras que quedan horas gratis os domingos ou os festivos porque non substitúen, porque non hai persoal. E todas esas horas nunca xamais se pagan. Eu traballei moitas horas no Álvaro Cunqueiro sen cobrar un duro, eu mesma, hai un ano. Entón, non vaian dicir que os profesionais acreditamos na calidade do Álvaro Cunqueiro. *(Aplausos.)*

Tamén me gustaría dicirlle, cando falan da excelencia do Álvaro Cunqueiro, se tamén se refiren á excelencia da súa apertura. Non sei se se acorda dese marabillosa traslado que se fixo nunhas condicións marabillosas para todos os traballadores e traballadoras que transportaban o material nos seus propios vehículos, para todas as traballadoras que estaban soas atendendo

e recibindo pacientes constantemente. E non se fixo absolutamente ningunha autocrítica, ningunha responsabilidade política por esa nefasta xestión na apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, ningunha autocrítica e ningunha responsabilidade. (*Aplausos.*)

E, entón, que veñan agora falar de que o *parking* é público pois parece case unha burla. Por suposto, que o *parking* sexa público, pero o que terían que facer é un hospital por completo público e non entender este complexo como un negocio.

E, ademais, como xa digo, non utilicen esta Cámara para o seu xogo político entre Partido Popular e Partido Socialista de Vigo. No ano 2014 o Partido Socialista conseguía aprobar un orzamento en minoría e o Partido Popular conseguía financiamento para as acometidas eléctricas do hospital. Puidéronse acordar chiringuitadas naquel momento. Eu pídolles que se senten a falar e que agora tamén non empreguen este tema para sacar réditos políticos. Porque non se pode permitir que a situación do *parking* do Hospital do Álvaro Cunqueiro sexa a que é.

E, cando falan do *parking* —tamén se comentou aquí—, deberían tamén falar das colas eternas que teñen que facer os traballadores e traballadoras para entrar a traballar. Deberían pagarlles unha hora máis como mínimo a todas as persoas, porque teñen que estar esperando ás veces durante máis de media hora paradas no coche, o que tamén conleva que, se veñen bastantes ambulancias, tamén, ¡vaia por Deus!, temos un hospital cunhas entradas absolutamente bloqueadas.

Entón, tamén, ademais de *parking* gratuíto, non ten ningún sentido que teñamos un *parking* no propio hospital con prazas baleiras e mentres tanto esteamos agora discutindo que hai que facer un *parking* fóra. Non, o que hai que facer é que o *parking* que está no propio hospital sexa gratuíto e non haxa miles de prazas baleiras todos os días. Iso é o que non ten ningún tipo de sentido.

Entón, volvo repetirlle: fagan a propaganda que queiran, pero todo o mundo pode asegurarlle que en Vigo ten moi claro que este hospital non é público, e todo o mundo que vai algunha vez ao Álvaro Cunqueiro, que pasa por urxencias do Álvaro Cunqueiro, ten claro que este hospital non funciona ben. Dan igual as enquisas e todo o que digan. Calquera persoa que entra no Hospital Álvaro Cunqueiro sabe que é nefasto, que é nefasto e que cae, por certo, a pedazos. Esperemos a ver como está este hospital dentro de cinco anos. (*Murmurios.*) Non, non... ¡Ai, Dios mío!

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, por favor.

Silencio, silencio. Silencio, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Hai, totalmente en serio...

**O señor PRESIDENTE:** E remate. Silencio, silencio. Silencio, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Vaian á planta baixa do hospital e miren as paredes do hospital abaixo. Vaian ás habitacións e miren como están...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...os cabeceiros das camas, a ver se lles parece que é dun material como o que había no Hospital Xeral. Vaian miralo, porque ao mellor é que nunca pasaron por aí...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...porque van parir e ter fillos e atender na sanidade privada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro. *(Murmurios.)* Silencio, silencio.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, señor presidente.

Por empezar polo final, señora Quinteiro, xúrolle que o Hospital Álvaro Cunqueiro mellorou moito desde que vostede saíu del; non digo que fora esa a razón, pero mellorou moito. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Hai tempo que non vai vostede por alí. ¡Home!, se quere, digo que foi a razón, pero digo que non, que non creo que sexa esa a razón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, imos ir cunha certa orde. Eu asegúrolle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, silencio.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Eu agradezo os consellos da señora Prado Cores sobre o comportamento que debemos manter na Cámara, agradézolle o consello e ademais o exemplo constante que nos dá o BNG nese sentido, de verdade que si, que llo agradezo moito.

Efectivamente, señora Prado, nós cando se incumpre a lei cremos que debemos actuar. Nós non imos mandar a Vigo o Exército. O que facemos —mire vostede— é tan sinxelo como isto: traer iniciativas parlamentarias á casa da palabra. Diálogo, señora Prado Cores, diálogo, e cando non se fai caso do diálogo, recurso á xustiza, por suposto, recurso á xustiza.

Pero vexo que ten vostede algunhas dúbidas de que é o que pedía eu na miña iniciativa. Aclárola: pedimos que se proceda a garantir as condicións de igualdade de acceso a calquera servizo público. O *parking* do hospital é un *parking*, efectivamente, de pago, como era o *parking* ao que iamos habitualmente a xente que non somos de Vigo cando acudiamos ao Hospital Xeral, que estaba no centro de Vigo, e como o *parking* privado, verdade, do Clínico de Santiago, que se abriu cando gobernaban vostedes. Porque, claro, eu falaba con compañeiros da Coruña, falo con compañeiros de Santiago, falo con compañeiros de cidades de Galicia e resulta que eles alá onde vostedes gobernan resulta que seguen pagando os *parkings*. Parece ser que o único *parking* que hai que liberalizar é o do Cunqueiro. Non, non, non. Eu vou ha-

bitualmente ao Cunqueiro, vostede non. E eu digo as cousas aquí do mesmo xeito que o meu grupo as pode dicir no Concello de Vigo; o seu non, plantéxese vostede por que.

Señor Losada, falou vostede de Matas, da corrupción, encarouse coa xente: ¿que pasa?, ¿que pasa? Eu, de verdade, lamento confirmar o que dicía. É a estratexia Puigdemont, e todo Puigdemont necesita o seu Rufián. *(Risos.)* Eu lamento que hoxe fose vostede o que tivera que exercer de Rufián nesta Cámara; láméntoo polo cariño que lle teño persoalmente.

Pero mire, eu respecto os votantes de Vigo, ¡como non os vou respectar! E dígolle máis: aseguro que non creo que exista un vigués que respalde que os cidadáns da súa contorna deben ser discriminados nas súas condicións de acceso aos servizos que desfrutamos todos; non creo que haxa un só vigués que ratifique esa aseveración do señor alcalde de Vigo. E, polo tanto, teño que criticalo, e teño que actuar en consecuencia. E, polo tanto, teño que recordarlle algunhas cousa que di vostede, que a competencia é súa. Por certo, a de incendios, cando se trata de incendios forestais, é da Xunta; cando se trata de incendios urbanos, é das deputacións e dos concellos de máis de 20.000 habitantes. Conviría que, se van gobernar algunhas institucións, empezasen a coñecer cales son as súas obrigas, porque desde logo non están facendo fronte ás mesmas.

Claro que en Povisa hai xente que paga, claro que si, porque é un concertado. Hai xente que vai alí e non paga pola asistencia sanitaria; iso é un servizo público, público, de sanidade. Hai xente que vai pola súa conta e ten que pagar e eses van a un hospital privado. No Cunqueiro non paga ninguén, porque é 100 % un servizo hospitalario público *(Aplausos.)*, por moito que se empeñen vostedes en repetir unha e outra vez e durante anos a mesma mentira.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** As emendas non as podemos aceptar e espero que todo o mundo se posicione a favor dese tratamento igualitario. Non sei se En Marea vai votar ou non sinceramente, porque, como onte vivimos ese momento pantasma en que había xente que falaba pero resulta que non había ninguén presente no momento das votacións, pois a ver se hoxe se posicionan. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En todo caso, en todo caso...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. *(Murmurios.)* Silencio, silencio...

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...entendo que os moleste que os galegos coñezan... *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, señor Lago, silencio.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...o sentido do seu voto. Pero, aínda que vostedes onte optaron por non votar...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...esa é a maneira e a obriga que temos os deputados: pronunciarnos nesta Cámara co noso voto. *(Murmurios.) (O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, señor Lago; se non, vou ter que chamalo á orde.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos. *(Murmurios.)*

*(A señora Prado del Río pide a palabra.)*

¿Para que quere a palabra, señora Prado? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Perdoe? Déanlle voz ao escano.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, en base ao artigo 76.2, por ofensas ao grupo.

**O señor PRESIDENTE:** Dígame exactamente cales foron.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Ben, a señora deputada...

**O señor PRESIDENTE:** Non, cales son exactamente.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, si. A señora deputada de En Marea, porque faláron varios voceiros, referiuse ás mulleres deste grupo como que só imos aos hospitais a parir e a ter fillos e a ver os fillos doutras.

Eu quero dicir que é unha ofensa moi grave, cun tinte absolutamente machista e con profundas raíces patriarcais *(Murmurios.)*, dicir que as mulleres só imos aos hospitais a parir e a ver outras mulleres. Nós, por desgraza, temos outras enfermidades e tamén somos profesionais e tamén hai mulleres profesionais no Servizo Público de Saúde.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(A señora Quinteiro Araújo pide a palabra.)*

Si, señora Quinteiro, ¿para que quere a palabra? *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Dixen que ían á sanidade privada todas as persoas. Os homes non paren, os homes do meu grupo tampouco paren, pero dixen que ían á sanidade privada en xeral, en xeral. *(Murmurios.)* Non ten absolutamente nada de machista.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, terminou.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** E non dixeran que non foran só a iso, van ao hospital a moitas cousas, como todas as persoas..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Queda retirado, que non o dixo, non o dixo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...como todas as persoas. Non dixeran iso.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Retírouno? Retírao. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Non, retíroo, pero non o dixeran.

**O señor PRESIDENTE:** Retírouno.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Retiro a palabra «parir», pero non dixeran que foran só facer iso, non o dixeran.

**O señor PRESIDENTE:** Retirado. Terminou. (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Señora Prado, terminou o debate.

Grazas. (*Murmurios.*)

Si, quedou retirado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por favor, silencio. Temos arriba público, non me gustaría que levaran esta imaxe do Parlamento. (*Murmurios.*) Non me gusta, non me gusta, a min non me gusta, ¡eh! Perdoen, eu levo aquí moitos anos, non me gusta que leven esta imaxe.

Pídolles desculpas eu en nome de todos. Síntoo, síntoo... Eu teño a miña forma de ver o Parlamento, síntoo. (*Murmurios.*)

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

**O señor PRESIDENTE:** Imos pasar á seguinte proposición non de lei e antes vou comunicar un cambio na orde do día. O cambio consiste en que as interpelacións que figuran en primeiro e en segundo lugar serán substanciadas logo de rematar as preguntas ao Goberno. Xa está falado cos portavoces e coas persoas interesadas neste asunto.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, presidente.

Cousas breves. Eu vou facer unha confesión pública en tan solemne institución.

Señor Pazos, o Servizo de Inspección Educativa de Lugo mellorou moitísimo desde que eu non estou alí. Dígoo eu, porque estou seguro de que o señor Fernández, que ten moitísima máis educación que vostede, xamais diría unha cousa dese tipo, (*Aplausos.*) xamais. Evidentemente, vai vostede a rebufo das declaracións que fai o señor presidente da Xunta de Galicia referíndose a determinado deputado deste Parlamento e utilizou exactamente o mesmo argumento. Igual lle poñen unha condecoración, igual lle poñen un pin; xa veremos.

Miren, indo ao asunto —señor presidente, xa vou—, a proposición non de lei que presentamos hoxe para debate neste pleno ten a súa relación co pacto social e político pola educación que se está a tramitar dentro dunha subcomisión no Congreso dos Deputados en Madrid.

Temos que dicir que pode ser certo, que hai asuntos máis urxentes que atender, pero iso non quere dicir que non haxa asuntos importantes. E, nese sentido, o noso grupo parlamentario entende que por parte do Goberno do Estado non se lle está dando o impulso necesario a esa modificación, tamén necesaria, da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE). E, polo tanto, dentro desa dinámica, o noso grupo parlamentario di que pacto educativo si, pero inmovilismo non. Levamos moitos meses de lealdade ao Goberno do Estado neste ámbito —e non só neste ámbito— como para deixar que a realidade política nos leve a que remate a lexislatura sen que se teña producido a necesaria —entendemos— modificación desta lei.

Entendemos que, ademais, esta proposición non de lei, que tamén se vai tramitar no Congreso dos Deputados —e é alí onde evidentemente a actual configuración vai permitir que saia cara a adiante—, non vai poder ser bloqueada con esa estratexia que está a utilizar o Goberno do señor Mariano Rajoy de bloquear acordos parlamentarios coa argumentación de que supoñen compromisos orzamentarios e que, polo tanto, ao non estar contemplados nos orzamentos, non se poden levar á práctica. Esta PNL é gratuíta no sentido que declaro, de que non supón custo económico; non é gratuíta desde o punto de vista político nin é gratuíta desde o punto de vista da organización escolar, posto que é algo profundamente meditado.

Se hai algo que caracterizou o avance do noso sistema educativo ao longo dos últimos anos, das últimas décadas en realidade, foi o papel activo da participación das comunidades educativas na planificación escolar. E cando falo de comunidades educativas falo evidentemente de profesorado, pero tamén falo —¡como non!— de nais e pais de alumnos e dos mesmos alumnos.

É certo que, por unha cuestión tamén meramente ideolóxica, dentro desa modificación perniciosa e innecesaria da Lei orgánica de educación se introduciron aspectos que merman, cando non eliminan directamente, a participación desa comunidade educativa en decisións extraordinariamente importantes para a realidade dos nosos centros.

O primeiro ámbito que quixera resaltar, porque así están secuenciadas na nosa proposición non de lei, é o que se refire á planificación na organización da rede de centros e, polo tanto, dos concertos educativos. E aquí xa non é que só non sexa gratuíta, senón que incluso permitiría aforrar cartos ou, cando menos, comprometer gasto en concertos educativos que poden ser absolutamente prescindibles.

Porque sabemos todos os que aquí estamos —ou, polo menos, os que levamos directamente asuntos de educación— que a LOMCE introduciu un concepto absolutamente novo na planificación dos concertos educativos, que son os concertos á demanda. É dicir, se a poboación demanda centros concertados, polo tanto privados, a Administración vese na obriga, en base a esa demanda, de concertar unidades, cando en realidade iso é —imos dicir— unha atrocidade desde o punto de vista da optimización na xestión do gasto público. O que ten que facer, e nese sentido vai a nosa proposición non de lei, é priorizar a rede de centros públicos como garantía de universalidade e de equidade no sistema educativo.

Tamén propoñemos na nosa proposición non de lei algo tan relevante como modificar o artigo 127, que se refire ás competencias do Consello Escolar. Creo que todos máis ou menos xa sabemos como funcionan os consellos escolares. Levabamos moitos anos de tradición organizativa, cunha participación activa dos consellos escolares e organización dos centros, pero a LOMCE, evidentemente, modificou tamén ese artigo; artigo que, por certo, conta cun recurso admitido a trámite no Tribunal Constitucional no ano 2014; é dicir, aínda non sabemos se este artigo é ou non constitucional, posto que todos sabemos tamén que no artigo 27.7 da Constitución española figura a participación de profesores, pais e alumnos no control dos centros, nos termos que establece a lexislación correspondente.

Pretendemos tamén que se supriman os apartados l), m), n) e ñ) do artigo 132, que tamén está recorrido e tamén o Tribunal Constitucional admitiu a trámite ese recurso, e que se refire ás competencias que ten o director ou directora dos centros educativos. Porque entendemos que cando recae nunha única persoa a competencia final de aprobar un documento tan importante como é a programación xeral anual do centro, cando antes ese documento tiña que ser aprobado polo Claustro de Profesores e polo Consello Escolar, se está furtando de maneira definitiva a capacidade para definir os centros educativos nos que queremos que estuden os nosos alumnos.

Tamén queremos que se elimine a competencia que ten neste momento o director ou directora do centro para decidir sobre a admisión dos alumnos. E non é que exista dúbida sobre a aplicación leal e correcta da normativa de admisión, senón que parece moito máis razoable que esa competencia se descargue nun órgano colexiado como é o Consello Escolar, simplemente por unha cuestión de transparencia e de boa gobernanza. Neste momento esa competencia é exclusiva do director do centro.

Por último —pero non menos importante—, queremos que o procedemento de selección da dirección —directoras e directores dos centros educativos— se reconduza aos termos nos que estaba na Lei orgánica de educación. Francamente, é algo que resulta moi difícil entender que un sistema que estaba funcionando razoablemente ben se substitúa por un sistema que o único que fai é xerar dúbidas. E digo xerar dúbidas —e síntome particularmente concer-



nido— porque non se pode transferir a competencia da selección da dirección dun centro a unha comisión na que a maior parte, ou cando menos o 50 % como mínimo, dos representantes forman parte do que entendemos por Administración.

¿Cal é o problema para que as persoas que están no centro, tanto profesores como pais e alumnos coa idade correspondente para poder participar nesas comisións, seleccionen candidatos? ¿Cal é o problema para que se manteña a preferencia dos profesores e profesoras dos centros educativos para ser seleccionados como directoras ou directores fronte a outros candidatos que proveñen de fóra? ¿Cal é o problema e por que queremos manter iso? ¿Por que se introduciu esa modificación? ¿Que dinámicas se xeraron nos centros educativos cando empezaron a aparecer directoras e directores a dirixir eses centros sen ningún coñecemento deles, posto que viñan de fóra deses centros, e utilizando esta nova modalidade, priorizando sobre outros profesores ou profesoras do propio centro que saían seleccionados? ¿Que necesidade existía desta nova configuración?

Entendemos que todo isto debe ser modificado. Entendemos que é necesaria esa modificación polos motivos que expoñía antes, no sentido de que nos dá a impresión de que o Goberno do Estado está dilatando a tramitación desa nova lei ata o punto de que o propio calendario electoral a nivel estatal leve a que sexa intramitable porque nos metamos nun proceso de eleccións xerais.

E, polo tanto, creo que todos leron a nosa proposición non de lei, coñecen o seu contido e, francamente —insisto—, como queira que resulta gratuíta a súa aplicación, gustaríame contar co apoio unánime desta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Bo día de novo.

Collendo a parte final da intervención do portavoz do Partido Socialista, eu creo que non é que lle dea a impresión a vostede; é que eu creo que ao Goberno español e ao Partido Popular no Estado español saíulle a xogada redonda a respecto do pacto de Estado, unha cuestión que xa ten saído en máis ocasións na Comisión 4ª e que explicarei tamén ao longo da miña intervención; eu creo que na última sesión que tivemos da Comisión de Educación xa saíu tamén este tema do pacto de Estado.

No BNG, aínda podendo concordar —e concordamos *de facto* coa necesidade, co contido, co fondo da propia iniciativa, coa necesidade de reformar a situación na que se atopa actualmente a comunidade educativa, en tanto que poida participar no desenvolvemento da vida dentro dos propios centros de ensino, que teñan canles de participación e de poder decidir sobre as cuestións que afectan tanto o alumnado e o profesorado como tamén as propias familias—, co que non podemos concordar é co fondo, porque o que se propón é unha reforma

da LOMCE, a reforma dunha lei que nós —témolo dito en moitas ocasións, hoxe mesmo pola mañá na intervención a respecto da iniciativa de «Filosofía, si»— cremos que xa debería estar derogada, que debería ter sido derogada, ademais nun momento no que, despois dun proceso electoral, a aritmética dentro do Parlamento español mudou e deixou o partido que sustenta o Goberno en minoría.

Nós dixémolo, ademais, desde o primeiro minuto, antes mesmo de que chegase a ser aprobada esa LOMCE, que tiña que dar marcha atrás daquela o ministro Wert e o Goberno do Partido Popular. Nós, nese sentido, entendemos que non é a vía de reformar partes ou parchear a LOMCE a solución para resolver os problemas que ten o ensino público no noso país, como aconteceu por exemplo coas reválidas.

E, nese senso —insisto—, que nós concordamos en que é necesario procurar outra participación, unha participación real da comunidade educativa, pero cremos que non é a forma de facelo parchear ou reformar a LOMCE, senón tumbala.

Cremos, ademais, que ese pacto social e político polo ensino —e dicíao ao comezo da miña intervención— foi unha xogada que lle saíu redonda ao Goberno do Estado español e ao Partido Popular no marco do Estado español, porque unha lei que naceu, antes mesmo de ser aprobada, no momento no que se coñece o propio proxecto legislativo, acompañada de fortísimas críticas da comunidade educativa, do profesorado, de asociacións de todo tipo e organizacións políticas, unha lei que non puido ou non debía ter sido aprobada en ningún momento, pois de repente no intre no que se crea ese espazo, esa subcomisión dentro do Senado para supostamente chegar a un acordo e a unha nova lei educativa, pois todo se volveu calma. Deixou de falarse, deixou de estar o foco mediático, social e mesmo político nalgunhas ocasións enriba da LOMCE para que non falemos moitas veces nin sequera do tema mentres a lei segue en vigor, segue viva e dándolle ao rabo absolutamente, coas consecuencias que isto ten todos os días.

Por pór un exemplo que me viña a min á cabeza despois sobre todo —non está agora— da intervención do señor Pazos Couñago antes, porque usaba unha palabra que nos vén moi ben para pór de exemplo aquí. Lembremos todos: a orde de abril de 2017 aprobada pola Xunta que ampliaba os concertos educativos coa privado-concertada, que lle entregaba, lle transfería máis de 1.500 millóns de euros de aquí a seis anos amparándose precisamente nesa LOMCE, porque segue absolutamente en vigor. E eu dicía que me traía este exemplo á cabeza o señor Pazos Couñago porque el denunciaba segregacionismo ou intento de segregacionismo —dicía, e atribuíallo neste caso a un alcalde, ao de Vigo no concreto—, pois isto é segregacionismo. Están financiándose con cartos públicos que proceden dos petos das traballadoras e dos traballadores deste país, centros que segregan o alumnado por razón de sexo, e non vimos, no momento no que o Bloque Nacionalista Galego trouxo a esta Cámara a necesidade de que iso acabase, que con esa vehemencia se defendera a supresión do que é —ese si— un segregacionismo, unha discriminación real, palpábel e financiada con cartos públicos.

Nese sentido, o noso grupo absterase —insisto—, e explico a razón desa abstención. Concordamos en que hai que mudar a lei, pero non hai que reformar a LOMCE; hai que crear un

marco normativo novo, e xa saben cal é a nosa postura —está no programa electoral, defendémola en moitas ocasións—, que é crear unha Lei galega de educación.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Bo día outra vez.

Realmente nós temos tamén no programa como algo ineludible a derogación da LOMCE. Estamos de acordo totalmente en que é unha lei perniciosa. Entón, non entendemos moi ben como o Partido Socialista non está realmente, con todo o argumentario que fai, por esta mesma vía, pola vía da derogación.

A LOMCE é unha lei predemocrática, e imos xustificar por que afirmamos isto. Quen levamos no ensino moitos anos —e é o meu caso— coñecemos xa, dende a lei Villar Palasí ata hoxe, moitas leis. Esta lei retrotráenos a tempos pasados. A LOMCE é un atentado, é unha lei que soamente estivo aprobada polo PP, unidireccionalmente, de costas a toda a comunidade, non só educativa senón social.

Eu levo moitos anos traballando e realmente as conquistas dos anos 80, por exemplo coa LODE ou a LOXSE, foron importantes. Aí xa o Consello Escolar tiña un valor, un valor democrático, real, participativo; era un verdadeiro órgano de goberno, votábase democraticamente. Así como recentemente tanto a Comisión de Coordinación Pedagóxica como outros órganos son soamente consultivos, agora o que se lle quere dar —é moi importante este tema que trae, non é un tema baladí— é nada máis e nada menos quen toma as decisións nos centros, co que iso implica.

Nós cremos que é un tema moi importante, e o que é increíble, absolutamente alucinante, é que este cambio no carácter participativo, dándolle —digamos— todo o poder decisorio ao equipo directivo, faise no nome da calidade e da excelencia. Isto é un paradoxo e non hai por onde collelo.

O que se consegue é un adeus á democracia, sen participación nas decisións nin de pais nin de alumnado, nin de administracións, nin de profesorado, nin de xente de servizos; falaremos despois doutras persoas que si tiñan que estar representadas.

Xa non ten nada que dicir no proxecto educativo do centro, xa non ten nada que dicir dos criterios de admisión —o Consello Escolar, refírome—. O Consello Escolar xa non ten nada que dicir na programación xeral anual. ¿Como é posible? Xa non ten nada que dicir no regulamento de réxime interno. Van ter un poder absoluto, que os converte en cursais das consellerías, realmente o que se dixo e se denunciou por parte de representantes sindicais, reis ou raíñas de taifas que non teñen que dar contas á comunidade educativa.

Nos países máis avanzados, onde o ensino é realmente democrático, os directores e as directoras dan contas á comunidade educativa, non á Administración. ¿Que queremos? ¿Empresas? Vale, ese parece ser o seu modelo. Os directores e as directoras xa non representan a comunidade, son reféns realmente de quen os nomea, meros capataces da Administración. E atribuír todas as decisións a un órgano unipersoal, no século XXI, é unha involución; non ten outro nome, non ten outro nome.

Desde a aprobación da LOMCE, todas as decisións dependerán única e exclusivamente do director e da directora, nomeados a dedo, a dedo. Este é o modelo. Cando estamos nos centros educativos, hai o que se chama a modelaxe, que é que os alumnos e alumnas viven xa nunha minicomunidade democrática. Pois este modelo é un modelo absolutista, decimonónico.

É preocupante, é antidemocrático e é moi grave, hai moito perigo. Imaxinemos actividades de dubidoso contido, por fascistas, homófobas, xenófobas, machistas ou algo similar; rularon uns libelos —díxose na comisión—, e é terrible. Isto é inadmisibile. ¿Que medidas se tomaron? Ningunha. E, señoras e señores representantes do Partido Popular, isto é moi grave, é moi perigoso.

Os directores e directoras poden manexar este tipo de documentos sen ningún tipo de..., aínda que toda a comunidade, pais e nais, vostedes que falan sempre da capacidade lexítima, decisión de elixir centro e de intervir no centro, ¿que pasa cos concertados neste caso, que pasa? Pois que nos colexios concertados nin sequera teñen que ter representación municipal. Nós estamos absolutamente en contra da concertación e estamos absolutamente en contra da LOMCE. Hai verbos; os verbos son accións.

Entón, ¿que facía antes o Consello Escolar? Avaliar, coñecer, informar, aprobar, decidir, fixar.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ¿Que pode facer agora? Informar e ser informado, nunca decidir. Isto é fume, un fume moi perigoso. Soamente poden intervir os consellos escolares na aprobación de orzamentos.

Hai certo tramo de inconstitucionalidade. Señor Álvarez, non só no artigo 27.7, tamén no 27.5, que vostedes coñecerán ben. A Constitución recoñece o dereito á participación efectiva de todos os sectores afectados. Isto é unha concepción piramidal, mercantilista, que converte as familias en consumidoras, non en protagonistas.

O último, para rematar. Nós abstémonos porque queremos contundentemente a derogación da lei, da LOMCE. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, señor presidente.

Bo día de novo, señorías.

A verdade é que eu creo, en primeiro lugar, que hai que dicir unha cuestión, que eu entendo que ninguén o pon en dúbida, pero quero reafirmalo, porque entendo que tamén temos que facelo directamente. Nós confiamos plenamente na capacidade tanto dos directores como de todo o persoal dos centros docentes e demais, e sei que todos os voceiros e voceiras que me antecederon no uso da palabra pensan exactamente o mesmo, pero, para evitar malentendidos, porque se falaba de que ao mellor quedaba á mercé dos directores a toma de determinadas decisións, xa digo que nós confiamos plenamente na súa capacidade.

Dito isto, hai unha cuestión sobre a que eu, a verdade, ao fío das diferentes intervencións, teño unhas sensacións encontradas. Por unha banda, estou profundamente preocupado pola posición do Partido Socialista en todo o que ten que ver co pacto social e político pola educación a nivel estatal, porque, se non, non se entende a razón de traer hoxe esta proposición non de lei aquí. Pero, por outra banda, quedo contento ao ver que dende os outros grupos, BNG e En Marea, se di claramente que o que se pretende é, fuxindo de todo tipo de pacto, derrogar radicalmente a actual Lei orgánica de mellora da calidade educativa, e, polo tanto, xa deixan claro, evidentemente, que a posición deles non é unha posición que defenda o pacto educativo.

O cal resulta paradoxal, porque aquí se nos enche a boca falando de buscar participación, de aumentar a participación, e cando precisamente establecemos un foro no que poidan participar todos os axentes implicados na educación para que poidan achegar todo o que pensan para acadar un pacto, que é o que demanda a sociedade, un pacto de Estado social e político pola educación, pois vostedes din que se desmarcan e están absolutamente en contra deste pacto, e o que pretenden é a derogación radical e inmediata da LOMCE.

Esa é a súa posición. Si, evidentemente, o BNG é normal que teña esa posición, porque non pode participar do pacto, porque non ten representación nas cámaras, entre outras cousas. Pero saben perfectamente que hai sindicatos educativos e outro tipo de entidades e asociacións, nas que poden estar ao mellor representados doutro xeito, que si participan nestas sesións da subcomisión que está constituída no Senado e na comisión constituída no Congreso dos Deputados.

Digo que me preocupaba a posición do PSOE pero que dalgún xeito me alegraba a claridade nos outros dous grupos, porque, ao final, se se dá conta, señor Álvarez, vostedes optaron por unha posición de vir agora, cando estamos negociando un pacto social e político pola educación, propoñer unha reforma da LOMCE, nuns artigos ou nunhas cuestións concretas, cando nós entendemos que estas reformas da lei ou o que saia do marco educativo ten que circunscribirse a ese pacto.

E mire, curiosamente, cando traen iniciativas de educación a esta Cámara, xeralmente a oposición acostuma a ter unha visión unitaria neste sentido, e soen aprobarse as proposicións non de lei uns a outros que traen a esta Cámara, e, neste caso, mire vostede que os grupos do BNG e de En Marea non van votar a favor da súa proposición non de lei.

Nós o que lle pediríamos ao Partido Socialista —e, neste caso, a vostede, como representante do Partido Socialista— é que se aveñan novamente ao pacto. Imos traballar, imos seguir traballando. Eu non entendo por que din que está o Goberno dilatando a consecución deste pacto social e político pola educación. Vostedes saben perfectamente que estamos nun Estado de dereito no que existe separación de poderes, e hai unha Cámara lexislativa e hai un Executivo. O Executivo non interfere para nada no proceso de toma dun pacto nunha Cámara lexislativa. Vostede sábeo perfectamente, porque, coma min, é representante público nunha Cámara lexislativa, e sabe que ten un funcionamento autónomo e que poden precisamente diferentes entidades sociais, como está sendo neste caso, desde sindicatos a outras entidades do contorno educativo, federación de ANPA e demais, participar do pacto e achegar todas as súas propostas.

E vostedes hoxe, unilateralmente, deciden retirarse deste pacto, proponendo unha modificación da LOMCE, e o curioso é que, retirándose deste pacto, quizais podían pretender ou intentar achegarse ás posturas dos que deciden romper unilateralmente coa lei ou co marco legal educativo vixente, pero resulta que quedaron sós aí tamén.

Nós dámoslles a oportunidade: avéñanse novamente ao pacto, déixense de propoñer de xeito unilateral esta reforma da LOMCE, cando está todo o Estado ou todos os axentes educativos traballando pola consecución dun pacto e dun marco de consenso. Teñen a posibilidade de traballar nesa comisión, nesa subcomisión, e a partir de aí conseguir todos o que a sociedade nos demandou desde o primeiro momento, que era unha nova lei de consenso e un marco educativo no que estea representado o interese xeral.

Polo tanto, xa lle digo que eu creo que a posición do Partido Socialista, neste caso, ten que ser a posición de defensa permanente do pacto, de traballo incansable para a consecución dese pacto, e non, desde logo, unha posición que o que pretenda é saír dese marco ou do traballo dese marco de consenso para propoñer modificacións unilaterais da lei.

Evidentemente, señor Álvarez, esa é unha decisión que ten que asimilar o seu grupo e o seu partido, pero eu xa lle digo que neste caso —reitero a invitación, para terminar— están moito mellor dentro do que é o marco educativo, avíndose ao pacto e traballando co Grupo Popular e co Partido Popular nas diferentes instancias para conseguir un pacto, que aliñándose cos que queren simplemente derrogar unilateralmente sen propoñer alternativas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Aínda que despois mantereirei a orde na que se fixeron as intervencións, como antes, señor Fernández Gil, falabamos de xeometría, tres puntos non están sempre necesariamente aliñados e, polo tanto, catro, moito menos.



Señora Rodil, dixo vostedes cousas nas que estamos absolutamente de acordo, porque evidentemente tanto no noso programa a nivel estatal como no noso programa autonómico ía a derogación da LOMCE. No noso programa ía a eliminación dos concertos nos centros que segregan por sexos. Saben vostedes perfectamente cal é a nosa posición nese asunto. Tamén saben que no noso programa electoral ía e aínda presentamos unha proposta de resolución no último debate de política xeral na que se pedía a creación dunha comisión para o estudo dunha Lei galega de educación. Polo tanto, estamos de acordo en todo o que vostede di. Entendo que tamén o matizou vostede, que era unha diferenza de fondo, que non de forma, e, polo tanto, nese sentido estamos tamén de acordo.

Lamento a súa abstención, igual que lamento a abstención de En Marea, porque miren, a derogación da LOMCE é un problema técnico: non se pode derogar unha lei e deixar o sistema educativo sen ningunha lei vixente. Polo tanto, haberá que modificala, non entra en vigor a que estaba antes de forma automática, iso non é así; é unha cuestión de técnica xurídica e, polo tanto, non podemos dicir: imos derogar porque si. Estamos de acordo en que é necesario cambiala, pero estamos de acordo en que é necesario cambiala cun consenso que evite precisamente a situación na que estamos neste momento. Por iso, o señor Fernández Gil non ten que preocuparse pola posición do Partido Socialista na subcomisión do Congreso dos Deputados, segue sendo a mesma.

Eu empecei a miña intervención dicindo: pacto, si; inmovilismo, non. Non estamos pedindo a derogación da LOMCE; si estamos pedindo a derogación daqueles aspectos da LOMCE que si se poden derogar e que ademais se aplican sistematicamente cada curso. Porque cada curso académico, nesta comunidade autónoma e no resto das que configuran o Estado, hai procedementos de selección de directoras e directores de centros públicos; todos os cursos. Todos os cursos, evidentemente, hai procesos de admisión de alumnado, en todas as etapas educativas; todos os cursos, necesariamente. Todos os cursos se aproban programacións xerais anuais nos centros, porque son anuais, evidentemente; polo tanto, todos os cursos, a diferenza doutros documentos de organización.

De todos modos —e para rematar—, porque as posicións están claras, vaime permitir que felicite tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Grupo de En Marea, porque o Partido Popular acaba de levalos ao rango de validadores da calidade das iniciativas que presenta o noso grupo parlamentario, porque —se  $p$  entón  $q$ , ¿verdade?—, se eles non validan, a iniciativa é mala, e, polo tanto, xa que estamos no Día da Filosofía, imos seguir filosofando e imos seguir intentando cambiar a realidade, que para iso nos elixiron aqueles aos que representamos, a uns e a outros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Prezas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-001306, documento número 17349).*

*Emenda de modificación:*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:*

*<< A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Poñer en marcha axudas directas por superficie para os viticultores afectados polas xeadas e pola sarabia, que inclúan tanto a compensación polas perdas da produción prevista para este ano, como as medidas precisas que permitan a súa plena recuperación no seguinte ciclo produtivo.*
- 2. Establecer liñas de crédito do Igape para que as explotacións gandeiras e vitícolas poidan facer fronte aos gastos.*
- 3. Poñer en marcha un plan urxente consensuado coa Fegamp, organizacións ecoloxistas e agrarias, con medidas concretas para loitar contra a seca.*
- 4. Buscar fórmulas que permitan a adaptación dos seguros agrarios á realidade da estrutura produtiva e da propiedade do sector primario de Galicia.*

*B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno de España para que lle solicite:*

- 1. A bonificación por parte do Ministerio de Traballo do 90 % das cotas á Seguridade Social dos viti-cultores e gandeiros afectados polas xeadas e a sarabia.*
- 2. A redución por parte do Ministerio de Facenda dos módulos para os sectores afectados.*
- 3. A declaración de zona de emerxencia nas zonas nas que se dean as condicións requiridas para elo>>.)*

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.

Unha vez máis a realidade do noso país superou a lentitude que moitas veces teñen os trá-mites parlamentarios e políticos neste país, e a iniciativa que trae hoxe o Bloque Nacionalista Galego para o debate é proba unha vez máis desa situación.

Eu recoméndolles a todas as súas señorías que no día de hoxe consulten a edición de Ourense de *La Voz de Galicia*, na que vén unha reportaxe na que se fala fundamentalmente do caso

dunha das moitísimas persoas do noso país que acaban de vivir as tráxicas consecuencias dos lumes que asolagaron o noso país esta fin de semana; poden consultalo na internet. Fálanos do caso de Miguel, un supervivente, non só polo que pasou esta fin de semana, senón porque é un rapaz de 29 anos que decidiu apostar polo rural ourensán, que decidiu apostar por quedar neste país e por saír adiante no noso rural, e que agora ten a vida destrozada, e que di que chega precisamente a súa miseria agora e non coa crise.

Fala nesta reportaxe de moitos dos problemas que vai ter que afrontar a partir do día de hoxe, algúns deles agravados polas circunstancias das que falamos na nosa iniciativa, e que tamén están profundamente relacionadas coas consecuencias que a longo prazo van deixando os lumes no noso país con ese perigo que ten a reincidencia para a capacidade de recuperación do territorio.

Como dicía, señorías, este 2017 está a ser un ano difícil, un ano difícil para o rural do noso país, e hoxe queremos falar en concreto da situación extrema que están a soportar moitos ourensáns do oriente da provincia. Concellos como A Veiga, como O Bolo, como Vilariño de Conso, como Chandrexa de Queixa, como A Mezquita, como A Gudiña, como Viana do Bolo; concellos que non son os únicos, por suposto, que sufriron adversidades durante este ano pero que si o fixeron dunha forma especialmente drástica e que tamén durante estes últimos días viviron moitos deles a incidencia alta dos incendios. Pero xa tiñan unha situación de por si extrema, unha situación extrema derivada fundamentalmente da xeadada primeiro, da seca e tamén desa reincidencia dos incendios.

Hoxe falarei brevemente de tres sectores moi importantes aos que está afectando profundamente este problema: a castaña, o mel e o sector gandeiro. Se facemos revisión do que supuxo este dramático 2017, pois recordaremos como na noite do 26 ao 27 de marzo unha gran xeadada deu un fortísimo contraste térmico e acabou queimando un volume importante de cultivos. Dicíao onte e retómoo hoxe: falamos fundamentalmente durante os últimos meses da uva; foi a primeira preocupación, loxicamente, nunha provincia que ten tantas denominacións de orixe e que dan de comer a tantas familias e que nos posicionan internacionalmente; pero isto afectou moitos máis cultivos.

Un deles, que a primeira vista hai moita xente á que non se lle vén á cabeza, é precisamente todo o que ten que ver coa castaña. En concellos como Viana do Bolo literalmente apareceron practicamente queimadas as pólas das árbores, nunha imaxe que recordaba moito estes lumes dramáticos que vivimos nos últimos días; algo que a poboación de Viana dicía que non vivira nunca, os máis vellos non recordaban unha xeadada tan drástica. Ademais —falámolo tamén durante o día de hoxe—, os meses tan cálidos e con tan pouca choiva que viñan arrastrándose, esa primavera tan cálida, derivou en que eses castaños xa estaban en flor e, polo tanto, o dano foi moito maior.

Temos debatido tamén neste Parlamento moito no que vai de lexislatura sobre a diferenza entre árbores como o eucalipto e frondosas autóctonas. Esa diferenza témola falado tamén no traballo que custa que estas árbores evolucionen, o traballo que custa que se poñan a producir, os tempos de crecemento e demais. Iso dá idea tamén do difícil que vai ser a recuperación.

¿Vostedes saben canta castaña se produce en Viana do Bolo cada ano? 2 millóns, 2 millóns. É o principal produtor do noso país. E agora mesmo están traballando na recollida da castaña e non vale, non vale para consumir, non vale para vender. Xa na altura das xeadas temían unhas perdas de até un 80 % e agora están a dicir que incluso pode ser peor, máis alá do 80 %. É unha situación moi grave.

Non vale, non se adapta ao que recolle o Regulamento da indicación xeográfica protexida da castaña de Galiza, ese Regulamento de 2009 que tamén nos serve para facer unha retrospectiva e ver o excepcional que está sendo este ano en canto á temperatura, en canto á seca e falta de auga. No seu artigo 11 di sobre a rega: «nas condicións climáticas e edáficas da área de produción...» —unha área de produción, por certo, que na provincia de Ourense absorbe todos os concellos, é a única do país— «...non é habitual a achega da auga, agás nos primeiros estadios da plantación». Isto dános idea do extraordinario do momento que estamos a vivir.

Pero non só afectou este sector, tamén outros elementos. Gustaríame facer mención, por exemplo, a toda a súa afectación para a apicultura e para a produción de mel, algo no que a situación dos castiñeiros, a situación das masas arbóreas pois tamén inflúe de forma negativa. Este é outro dos sectores afectados pola seca, polos lumes e por esta falta de auga. Non é un sector exento de problemas en Ourense tampouco, aínda que alí a praga da velutina aínda non tivera a incidencia máis extrema que ten en provincias atlánticas. En todo caso, é un sector exento de problemas por cuestións como a incidencia dos lumes. Pero agora, co engadido da seca, e aínda sen prever o dano que pode haber despois desta fin de semana, os apicultores, a Asociación Galega de Apicultura xa fala tamén de perder ata un 80 % da produción. A seca produce falta de alimento e, polo tanto, xa produciu no pasado a morte de moitas das abellas. Dunha banda, falta de alimento, doutra banda, falta de floración do castiñeiro e outras árbores pois deriva en que as e os apicultores teñan que estar dándolles alimento e asumindo un custo extraordinario e que, polo tanto, estean tamén máis debilitadas e sexa difícil que poidan sobrevivir ao difícil inverno.

Todas estas cuestións afectan de forma importante —e dicíao ao comezo da miña intervención ao lembrar este gandeiro de Maceda, do que fala hoxe *La Voz de Galicia* na súa edición de Ourense— para o gando. E despois da xeadas xa as e os gandeiros alertaron desta situación, xa dixeron hai meses que a recolleita de forraxe ía ser mellor, xa dixeron que se aveciñaba un tempo complicado. Sumado a que en lugares como Viana do Bolo, que agora mesmo o río está tan baixo que resucitou a fábrica da luz, algo que xente da miña idade non recordaba, por exemplo. A isto súmase un verán duro e cunha falta de auga importante, que fai que as e os gandeiros teñan que recorrer grandes distancias cos seus animais para darlles de beber. Polo tanto, esta situación ninguén dubidará de que é absolutamente preocupante: están sen alimento, están sen bebida, pensan mesmo en sacrificar e vender animais. E, por suposto, todo o que pasou durante esta fin de semana —e que aínda está pendente de analizar e de cuantificar de forma global— pois só fai agravar esta situación e estendela. Non é só tremendamente grave para os concellos que relatei, senón que tamén se está estendendo a moitos outros puntos de Ourense e do país.

Polo tanto, nós hoxe queremos darlle unha oportunidade ao Grupo do Partido Popular para que escolla, dunha vez, se esta vai ser a legislatura do rural ou a legislatura da extinción.

Porque, sinceramente, vendo as propostas que fixeron nas últimas semanas, dá a impresión de que o que queren facer é que poñamos directamente un candado a todo Ourense e que pechemos as producións alí. *(Aplausos.)*

Levan advertindo desta situación desde hai moitos meses: despois da xeadada, á hora de facer a colleita de diferentes cultivos, á hora de empacar a forraxe, á hora de atravesar todo o verán, recentemente tamén a través de diferentes mobilizacións. E o Goberno galego o que fai é abandonar directamente o rural ourensán. Primeiro, anunciáronse axudas que non son axudas, que son créditos brandos e que teñen uns prazos que non se sosteñen. Despois falan tamén de adiantar as axudas da PAC a mediados de novembro. ¿Pero vostedes pensan que con esta situación poden agardar un mes máis, con esta situación, xa como estaba hai unha semana e moito menos despois dos últimos días?, que eu agardo que os conviden a tomar por fin medidas extraordinarias diante de circunstancias que son extraordinarias e que, polo tanto, requiren de poñer á disposición todos os recursos.

E o que xa é o colmo —e vou rematando, porque non me queda tempo— é que saia o presidente da Xunta de Galiza despois do último Consello da Xunta vendendo un paquete extraordinario de medidas, as cales xa estaban ou aplicadas ou en vistas de ser aplicadas. Polo tanto, propaganda, propaganda e máis propaganda, como cando pretendían alentarnos dicindo que os animais podían ir beber auga ás balsas de incendios e logo estaban baleiras.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Polo tanto, nós convidámoslos a que a partir do Pleno de hoxe adopten medidas extraordinarias para unha situación que é extraordinaria, e que só nos pode levar a escoller ou en que verdadeiramente sexa a legislatura na que apostemos por cambios para o noso medio rural ou na que definitivamente apostemos pola liña da depredación, a liña da extinción e a liña do abandono, que parece ser a que patrocinan vostedes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

A verdade é que esta iniciativa é moi semellante á que debatemos onte a proposta do Grupo Socialista, unha moción onde pediamos que se tomen medidas dunha vez por todas contra os danos climatolóxicos que se produciron na provincia de Ourense, en concreto —e tal e como relatou a señora Presas— na zona do oriente ourensán. Así que o que fixemos hoxe, posto que onte o Partido Popular impediu que esa iniciativa saíra a adiante, foi presentar unha emenda con todas esas medidas que recollíamos.

Estes días viamos os que somos asiduos ás redes sociais que dentro do Partido Popular se puña de moda o *hashtag* #NoMasBulos. Eu hoxe quero utilizar este *hashtag* na miña intervención. «Houbo equipos de extinción en Carballeda de Avia dende primeira hora da noite»; ¡no más bulos!; é mentira. (*Aplausos.*) O alcalde de Carballeda de Avia non recibiu... (*Aplausos.*), e vólvo dicir, porque eu non lle teño medo nin ao presidente da Deputación de Ourense nin a todas aquelas persoas ás que ordena que nos insulten nas redes sociais ou mesmo nalgúns ocasións pola rúa; eu non lle teño ningún medo. E vou volver dicilo: ás cinco da mañá foi cando chegaron os medios de extinción da Deputación de Ourense; onde estaban os medios saberase co paso dos días.

Ben, ¡no más bulos!: «está en marcha un Plan de loita contra a seca»; ¡mentira! Hai un plan, en papel, que non se está executando e sobre o que non se está facendo absolutamente nada. É por iso polo que hoxe volvemos pedir nesta emenda que se poña en marcha e que se faga en consenso coa Fegamp e coas organizacións ecoloxistas e tamén agrarias.

«Axudas contra os danos climatolóxicos que está dando a Xunta de Galicia»; ¡no más bulos!; mentira. Non está dando axudas; o que está facendo é o que fai todos os anos e co mesmo importe ademais, que é dar axudas a eses seguros agrarios que levamos repetindo en moitas ocasións que non están adaptados á realidade da nosa comunidade autónoma; é máis, que non chegan nin á porcentaxe do 65 % que recomenda a Unión Europea —están no 40 %— e que —repito— son do mesmo importe —exactamente 4,6 millóns de euros— que no anterior período orzamentario.

«Adiantáronse as axudas para a PAC»; ¡no más bulos!; é mentira. O que se fixo foi que se aprobou en agosto por parte da Comisión Europea —¿a proposta dalgúns gobernos? Si, do Goberno de España tamén— que o que se faga este ano é que se paguen cando se teñen que pagar, porque saben vostedes que sempre hai atrasos ao respecto destas axudas e se dan en novembro ou en decembro, demasiado tarde para a xente que leva sufrindo neste ano primeiro a xeadas, despois a sarabiada, unha seca prolongada e que está vivindo estes días un verdadeiro drama humano, social, económico e medioambiental en toda Galicia, en toda a provincia de Ourense e, en particular, neste caso ao que nos referimos, no oriente ourensán.

«Nunca se deron axudas directas»; ¡no más bulos! 16 de setembro do 2016, axudas á Ribeira Sacra. Había eleccións autonómicas, a diferenza é que agora non as hai. O que se está dando agora mesmo son —como ben dixo a señora Presas— os créditos brandos.

«Está habendo un montón de incorporacións ao medio rural de persoas novas»; ¡no más bulos!; é falso. Está habendo poucas incorporacións. É certo que as poucas que hai é de xente na que se produce un relevo xeracional —como comentabamos onte aquí tamén— en explotacións que xa están dimensionadas economicamente e que son viables. Son persoas estas persoas novas ás que lles custa adaptarse a un medio onde hai moi pouca marxe de beneficio, no que se require un grao de implicación permanente.

E permítanme que faga unha paréntese. Cando debatemos a interpelación, os gandeiros, agricultores e apicultores que viñeron aquí tiveron que facer verdadeiros malabares para



poder desprazarse dende Viana do Bolo ata aquí, ata Santiago de Compostela, para deixar os animais ao coidado doutras persoas.

Ben, ¡no más bulos!, a ver se conseguimos que hoxe se aprobe esta iniciativa. Se non, eu o que lles pido, señores e señoras do Partido Popular, é que reflexionen, que fagan o mesmo que o que fixeron coa Lei de acuicultura: que freen as manifestacións que vai haber, como xa houbo, en novembro, de gandeiros, agricultores e apicultores que van reclamar axudas; e —repito— houbos hai dous meses e vostedes non escoitan nin por activa nin por pasiva. Hoxe teñen a posibilidade de aprobar esta iniciativa e de frear esas mobilizacións ou de seguir empecinándose en dicir «non».

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Nós por suposto que imos apoiar esta iniciativa. Xa expuxo moi ben a señora Presas a situación dramática que levamos vivindo este último ano. De feito, xa noutras ocasións —como se mencionou neste mesmo pleno— tamén abordamos esta problemática, e, por suposto, co acontecido estes días, tampouco podemos deixar de pensar en como afectou a seca de maneira directa a vaga de lumes que sacudiu o país recentemente.

Nós concordamos en que a situación é totalmente insostible para moitos gandeiros, para moitas agricultoras, para apicultores, porque obviamente levan un ano nefasto, levan un ano que non poden aguantar máis, con moitísimas situacións adversas, e obviamente non se lles está dando a resposta que merecen e debemos pór solucións de inmediato.

E penso que é importante cando falamos destas cuestións —e tamén se mencionou hoxe— que por unha parte teñamos a vista posta no curto prazo, que, por suposto, hai que darlle solucións inmediatas, pero que tamén teñamos a mirada longa e que pensemos tamén no longo prazo.

Por iso, por suposto, aínda que concordamos coas medidas expostas para o curto prazo, a consellería debe falar máis cos concellos afectados, con todas as persoas que están padecendo esta situación, e pór en marcha unha liña directa de axudas que contribúa a paliar os danos ocasionados e as perdas. Hai que darlles esa resposta urxente que levan demandando todas esas persoas, que, como xa repetimos moitas veces, levan un ano desastroso.

Pero tamén entendo que é momento para pensar en cuestións estratéxicas, para que estas situacións ou situacións semellantes non se poidan abordar. E, por suposto, non hai solucións máxicas, porque o problema é que hai que cambiar o modelo por completo, e isto require dunha reflexión profunda, de abrir un debate sosegado sobre que modelo de país estamos pondo en práctica ou que modelo de país está pondo en práctica o Partido Popular,

pero, sobre todo, que modelo de país está imperando a nivel global: o neoliberalismo. Tamén hai que falar de neoliberalismo e das consecuencias que ten este sobre a nosa vida nas distancias inmediatas.

E por iso nós entendemos que temos que pór en marcha plans estratéxicos e hai que abrir esas mesas de diálogo que moitas veces o Partido Popular se nega a abrir. De feito, non entendemos que se lle dean respostas sempre cos problemas enriba da mesa, hai que previlos, e moitas veces xa se anuncian aquí neste Parlamento; nas comisións, moitas veces prevese ou dise: pode pasar isto. Os gandeiros e os agricultores estano dicindo, porque non o dicimos nós, como os grupos parlamentarios da oposición. Estao dicindo a xente que vive e que traballa no noso país e que din, por exemplo, neste caso concreto: a falta de choiva e de auga pode traer consecuencias preocupantes, hai moitos meses, e non se puxeron medidas cando despois a situación chegou á situación tan dramática.

Porque eu penso que o problema fundamental de base é que o goberno nega o cambio climático e nega as circunstancias novas que envolven todos os condicionantes meteorolóxicos. Por exemplo, o tema da desestacionalización dos incendios forestais. É alucinante como se negou, se negou, se negou, non pasa nada, dá igual, en outubro, cando as evidencias eran..., ben, evidencias, como mellor di a palabra. Entón, espero que con estas novas circunstancias dunha vez por todas se asuma que hai un problema: hai cambio climático, hai condicións meteorolóxicas diferentes, e as medidas que se puñan en marcha ata este momento xa non seguen valendo como noutros momentos.

E tamén, por suposto, que pensemos en medidas en que moitas veces se fai propaganda. Tamén o comentaba a portavoz do Partido Socialista. Fálase da cantidade de mozos e mozas que se incorporan ao rural. Tamén o comentamos moitas veces. Hai que falar dos mozos e mozas que se incorporan ao rural, pero tamén hai que falar da cantidade de mozos e mozas que abandonan o rural. ¿Cantos deses mozos seguen cinco anos despois, cantos seguen dez anos despois, cantos seguen quince anos despois? E a cantidade de persoas que teñen que abandonar o rural ou que malviven tendo que soportar circunstancias moi preocupantes.

E xa vou rematando, porque se me acaba o tempo, e quería facer unha última reflexión, porque a verdade é que non entendo o nivel de cinismo que se está vivindo neste Parlamento estes dous días, e penso que hai que dicilo, e aquí xa se comentou: non todo vale. Pois se non vale todo, entón deberían reflexionar sobre algunhas acusacións que fan. Non todo vale, e os titulares do 2006, que foron nefastos, aquí a oposición non está sacando nin sequera eses titulares, a oposición non está facendo nada diso, non está facendo xogo partidista coa desgraza de todos os galegos e as galegas, non se está facendo xogo partidista. E, non obstante, o presidente da Xunta de Galicia e todos os portavoces do Partido Popular veñen aquí dicir que se os concellos de tal partido non poñen as brigadas, se x deputados e deputadas a ver que estaban facendo ese día... ¿Que tipo de xogo rastrero é ese?, rastrero. E eu pediría que, por favor, (*Aplausos.*) se reflexionara...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grazas, grazas.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...que non todo vale, e se é verdade que hai que —xa remato— pór medidas e arrimar o ombro todas xuntas para determinadas circunstancias, polo menos que non se sexa tan cínico. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Acabamos de escoitar a voceira do Grupo En Marea falando de que hai que reflexionar sobre algunhas acusacións e eu quería tamén dicirlles, compañeiros, que pensei que ía pedir desculpas, porque acabamos de ler, no twitter oficial do Grupo En Marea, a un deputado que no Congreso dos Deputados dixo, referíndose ao Partido Popular: «Galicia non ardeu, queimárona vostedes». A min gustárame, de verdade, que vostede, que acaba de dicir iso, *(Murmurios.)* lles dixera aos seus compañeiros que iso está feo; polo menos dígalles: «iso está feo».

E si que quixera tamén empezar, xa que aproveitaron en todas as iniciativas para falar de incendios, con outra nova que pensei que ían dicir, pero tampouco vexo que lles interese moito. É que, estabilizado o último incendio que existía ata agora, no concello da Gudiña, agora non hai ningún lume activo en Galicia. Penso que tamén é un motivo para estar todos satisfeitos, porque creo que todos o levamos sufrido e pasado moi mal nestes días. *(Aplausos.)*

Comezarei por dicirlle á autora da iniciativa que a nós o asunto da seca nos preocupa moito, como lle preocupa ao Goberno de Galicia, que foi tratado xa en diversas ocasións, e que considero que a través desta proposta, unha proposta xeneralista que desde logo non pon ningunha medida concreta, chega máis ben tarde ou a destempo.

E vou dicir, señorías, por que. Fronte ao que vostedes din, a Consellería do Medio Rural, a conselleira, estivo, está e estará en todo momento en contacto cos colectivos afectados, representados principalmente polos consellos reguladores das distintas indicacións xeográficas, sindicatos, denominacións de orixe —como as do viño, IXP da castaña, IXP da pataca—, por ser os máis afectados polos efectos climáticos adversos. E eu quero dicirlles: ¿por que se empeñan en negar a evidencia? ¿Por que faltan á verdade continuamente? ¿Pero é que acaso os conselleiros, os seus equipos e o propio presidente non están a percorrer Galicia todos os días e precisamente están mantendo reunións con todos os alcaldes das diferentes cores políticas, asociacións, sindicatos, colectivos de todo tipo e deste xeito están pulsando continuamente a realidade diaria da sociedade galega? ¿Por que vostedes queren negar esta evidencia?

Miren, respecto de todas as incidencias meteorolóxicas que tiveron lugar durante o ano 2017 os técnicos da Consellería do Medio Rural, en colaboración con Agroseguro, dispoñen xa dunha valoración dos danos sufridos nas distintas colleitas. Por iso, o Consello da Xunta do día 7 de setembro aprobou as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e á educación

do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva, castañas, patacas, cereal, horta e froiteiras afectadas tanto pola sarabia como pola xeada, mediante un convenio de colaboración entre o Igape, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíprocas, procedéndose á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva. Polo tanto, #nonmáisdemagoxia.

Unha nova liña de axudas que mobilizará arredor de 3,5 millóns de euros para facilitar o acceso das explotacións agrarias afectadas tamén pola seca a préstamos bonificados a custo cero para o financiamento de circulante, é dicir, para pagamento de nóminas dos traballadores, impostos, seguridade social, alugueiros, provedores, *leasing*, etc., ou refinanciamento de pasivos fundamentalmente para evitar problemas de liquidez. E, como dixo a conselleira, ningunha solicitude vai quedar sen ser atendida. Así que #nonmáisdemagoxia.

Señora Noela Blanco, do Partido Socialista, mire, eu creo que vostede está obsesionada coa Deputación Provincial de Ourense e co seu presidente. Ao mellor confundíuse de Cámara. É verdade, porque é que non perde vostede ocasión para nomear a Deputación de Ourense e ten que saber que, cando a nomee, debe informarse ben. Mire, a Deputación puxo toda a súa maquinaria á disposición do operativo da provincia; polo tanto, infórmese ben.

E, desde logo, eu penso que vostede non confía moito no Grupo Socialista da Deputación, porque está vostede facéndolle o traballo continuamente aquí. Entón, mire, dedíquese vostede a traballar nesta Cámara.

Quero dicir, señorías, que claro que compartimos a súa preocupación pola seca, e de feito isto que quede claro: logo do verán, permitiuse aos gandeiros que para alimentar os seus animais collesen auga dos puntos de auga previstos para loitar contra os incendios, cando esta acción era habitualmente prohibida. Polo tanto, #nonmáisdemagoxia.

O Consello do Goberno galego analizou o 11 de outubro de 2017 un informe da Consellería do Medio Rural no que se contemplan diferentes actuacións partindo da recente declaración da fase de alerta por seca na nosa comunidade, un informe que agora vostedes solicitan na súa iniciativa e que avaliaba a situación da seca hidrolóxica e meteorolóxica que vive Galicia desde finais do 2016 e que está afectando de xeito importante tanto a produción de forraxes como a subministración de augas e as propias explotacións.

Quero dicir: ¿como se puxeron esas medidas? Logo de pulsar a realidade e as reunións cos afectados, a través de ordes para garantir a subministración de auga das explotacións agrarias, cubrindo o 50 % do investimento subvencionable, e 5.000 euros como importe máximo por beneficiario, cunha dotación orzamentaria dun millón de euros en dúas anualidades. Polo tanto, #nonmáisdemagoxia.

E tamén dicir que estas actividades subvencionables nas explotacións poden servir para estruturas para o abastecemento de auga, tales como balsas de almacenamento, abrevadeiros, condicións para o abastecemento, etc. E, ademais, tamén desta maneira as actuacións poderían ser tamén subvencionables a través da orde de axudas para os plans de mellora das explotacións do ano 2018.

Polo tanto, señorías —e remato—, o Goberno de Galicia non estivo de brazos cruzados, senón que estivo traballando para poñer medidas negro sobre branco e aprobalas —non é publicidade e propaganda— no Consello da Xunta.

Eu o que lles teño que dicir é que, ademais dos anticipos da PAC, aos que vostedes non lles dan ningunha importancia—, ademais dos case 5 millóns de euros para subvencionar os seguros agrarios, tan importantes, o Goberno galego e o Grupo Popular o que teñen que dicir é que vostedes se sumen a se realmente queren estar na lexislatura do rural ou se queren estar criticando todo o que o Goberno galego pon para solucionar os problemas do rural.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BLANCO PARADELO:** Polo tanto, nós estamos traballando de forma seria e rigorosa constantemente para facerlles fronte aos danos causados polos fenómenos climatolóxicos adversos e tamén, como se fixo o domingo —e díxoo o presidente—, para facerlle fronte a esa vaga de incendios, mentres outros, ao mellor, estaban preparando pancartas, manifestacións ou camisetas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco Paradelo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Nótase que é vostede do Partido Popular de Ourense, porque tamén lle molesta que a xente libremente, se o considera, se manifieste nas rúas. *(Aplausos.)* Pero, lamentablemente, señor Blanco Paradelo, algo de democracia parece que aínda queda neste país, algo.

E mire, eu non lle caiba dúbida de que estou profundamente satisfeita e aliviada porque neste momento teñamos o dato confirmado, hai menos dunha hora, de que están todos os incendios extinguidos no noso país; a min cáusame un profundo alivio, de verdade. Tamén, que agora mesmo o ceo na nosa provincia poida estar despexado e se poidan refrescar zonas que arderon; de verdade que me alegro, de verdade. Agora ben, o que non quero é que iso sexa o salvoconduto para que pareza que neste país non pasa nada e que non temos un problema serio e estrutural e, especialmente, en Ourense, que ten unhas condicións moi particulares, diante das que vostedes negan facer un plan específico. *(Aplausos.)* Por exemplo, este mesmo gandeiro fala nesa entrevista precisamente de como houbo cincuenta focos cando menos neste verán perigosos en Maceda. Se iso non é un problema, ¿que será un problema?

Por contestar a algunha das cuestións, vostedes falan de que nós non concretamos. Pois concretamos con cuestións tan elementais como que se axude para dar de comer a estes animais. Se os gandeiros e gandeiras teñen que ver como os seus animais morren ou teñen que vendelos, a min que me expliquen como narices van pagar eses créditos do Igape, se é que chegan a tempo de solicialos e se é que chegan a tempo de recibilos. *(Aplausos.)* ¿Como, como, se perden a súa forma de sustento?

Nós falamos tamén de que é preciso solicitar axudas directas. Será o Partido Popular quen teña que explicar por que para o Partido Popular da Rioja si valen as axudas directas segundo animais rexistrados e por que para o Partido Popular de Galiza non. Alá vostedes e as súas incompetencias, pero non intenten facer a mesma caricatura de todos. Se vale para La Rioja, valerá tamén para adaptalo á nosa realidade, aínda que non teñamos ese tipo de gandería, e facer axudas directas.

Por apuntar algunha outra cuestión antes de que se me esgote o tempo, direilles que o que fan basicamente con estas axudas é absoluta propaganda. Non se aclaran sobre cantos van ser os millóns destinados aos créditos do Igape. A propia orde é contraditoria entre si porque recolle que, se se esgotan, xa se pecha esa liña de axudas, pero ao mesmo tempo din que é un crédito ampliable. Nin vostedes se aclaran.

Logo fan demagogia, porque, por exemplo, agora anuncian axudas para o abastecemento de auga e bebedoiros móbiles etc. Pero iso xa se vén incluíndo dende hai anos nos plans de mellora subvencionados até o 50 %, jé que non supón nada novo! É que nos seguros agrarios non van aumentar a contía, aínda que hai outras administracións que as van baixar para que o poidan soportar os nosos gandeiros. Pero ¿que pensan?, ¿que son parvos? (*Aplausos.*) ¡É que de verdade que me alucina!

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Esgótaseme o tempo. Simplemente lles vou reiterar que teñen que escoller: ou lexislatura do rural, ou lexislatura da extinción.

E remato facendo miñas unhas palabras deste gandeiro do que lles falaba hoxe, que dicía a respecto das visitas cos medios de comunicación e demais dos responsables políticos —eu non dubido que teñen que visitalas e que é moi importante que vaian alí e que o vexan, pero logo teñen que actuar, non mirar para o aire—: se viñeran con herba, aínda axudaban algo. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** A emenda. A emenda.

A emenda, ¿acepta ou non acepta?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** A respecto da emenda...

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Vou vou, non se poña nervioso que non vou falar de nada novo.

Facemos unha proposta de transacción nos termos do acordo ao que chegamos onte, incorporando esa concreción de ampliación dos créditos brandos do Igape e concretando tamén a cuestión do alimento directo para a gandería.

**O señor PRESIDENTE:** En todo caso, vannos facer chegar esa proposta.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Si. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos**

**O señor PRESIDENTE:** Debatenos agora unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Bará.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 17987)*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias, S.A. coa finalidade de procurar a viabilidade e continuidade da empresa e o mantemento do emprego».*

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día, ou boa tarde xa a estas horas.

Traemos aquí a situación da empresa Madeiras Iglesias, situada na comarca de Vigo, e quero en primeiro lugar enviar un saúdo a integrantes do comité de empresa que nos acompañan neste pleno en representación do cadro de persoal, que levan anos pasando por un auténtico calvario, asumindo sacrificios e renuncias para intentar por todos os medios salvar a empresa.

Hai que ter en conta que estamos a falar dunha firma que foi punteira no sector, a segunda de Europa, cunha importante exportación ao mercado exterior. Unha empresa especializada na fabricación de varios produtos, principalmente madeira flotante, o que supón tamén a transformación de produtos e, polo tanto, traballar na cadea de valor da madeira.

Unha empresa que chegou a ter 800 postos de traballo e que na actualidade ten 253 postos de traballos fixos. Aínda así, despois de todo o emprego perdido, son moitos postos de traballo, moitas persoas, moitas familias, e hai que dicir ademais que o 80 % deste cadro de persoal son mulleres.

Así e todo, con todos os problemas e dificultades que leva atravesando a empresa, unha das maiores da comarca de Vigo por volume de traballo, ten dúas factorías en Sanguñeda (Mos)

e no Porriño, e por esta grande cantidade de persoas que traballan na empresa, ten unha repercusión importante en toda a comarca da zona de Vigo, no Porriño, Mos, en Redondela, no Condado, no Morrazo, que son lugares de procedencia das persoas que traballan en Madeiras Igrexas. Polo tanto, o que pase con esta empresa, o resultado deste proceso problemático no que está agora, terá tamén moita repercusión nunha comarca que tamén está a sufrir no seu sector industrial as consecuencias da deslocalización.

A situación que atravesamos a empresa podemos dicir que ten relación coas consecuencias da crise económica, que provocou un importante impacto na baixada de demanda pola súa relación co sector da construción e por todo o relacionado coa crise ou o estoupido da burbulla inmobiliaria. E tamén é verdade —hai que dicilo, que ten relación— que a empresa é vítima da mala xestión empresarial, de erros graves, de decisións equivocadas, da deficiente organización do proceso produtivo e de comercialización.

Despois de case dez anos de dificultades, estamos nunha situación límite, nunha situación verdadeiramente extrema para o persoal. Como dixen, levan anos de enormes sacrificios para intentar sacar adiante a empresa. Pasaron xa por dous procesos concursais; o primeiro resolto en fase de concurso, e o segundo, en 2012, vencellado a un plan de viabilidade. Pasaron tamén xa por sete ERE. ¡Nada máis e nada menos que sete ERE entre 2010 e 2017! ERE nos que só en catro houbo acordo entre a empresa e traballadores e traballadoras.

Nesta auténtica travesía do deserto, unha parte do persoal xa consumiu máis de 400 días de prestación por desemprego, o que lle repercutirá moi negativamente se a empresa non sae adiante e hai despedimentos. Ademais, o que está a acontecer con esta empresa é un bo exemplo do que foron as reformas laborais aprobadas polos gobernos do Estado, que coa escusa da crise o que fixeron foi levar a cabo un axuste de contas e un axuste de dereitos sociais e laborais que crearon —e vese no caso desta empresa— unha gran desprotección para a clase traballadora.

Por outra parte, ademais das reclamacións do comité de empresa ante a dirección da empresa e ante a Inspección de Traballo polos ERE, que non foron equitativos, pois mentres que hai empregadas e empregados que perderon máis de 400 días de traballo, outros poucos ou ningún; tampouco se respectaron as condicións aprobadas nos ERE; non houbo recoñecemento de vacacións e días festivos; non se recoñeceron os meses de 31 días; non se pagan os días efectivos de traballo. Isto está pasando nesta empresa, isto está pasando en pleno século XXI. E a pesar das denuncias constantes ante a Inspección de Traballo, a verdade é que segue pasando isto, por iso é tan importante —reclamámolo na proposta de acordo— que a Xunta interveña tamén para velar polo respecto dos dereitos laborais, que se están conculcando sistematicamente no caso desta empresa.

Outro capítulo dos sacrificios que está a pasar o persoal é o que ten que ver cos salarios, que levan conxelados durante oito anos e que na realidade supón unha importante perda de poder adquisitivo que pode estar en máis do 20 % ao longo deste período de tempo. Grazas talvez ás mobilizacións que xa comezou o cadro de persoal e que se van seguir producindo, o pasado luns fóronlle pagadas parte dunha paga pendente do Nadal do ano 2016 e onte mesmo recibiron tamén o pagamento dunha paga pendente do mes de marzo.

Ademais de todo isto, tamén son moeda común na práctica dos donos desta empresa os atrasos nos pagamentos das nóminas. Sempre se aboan a partir do día 15 do mes seguinte, nalgúns casos mesmo a finais de mes, o día 28. E se isto é negativo e grave para o persoal en xeral, aínda o é máis para o persoal de baixa, que sofre aínda maiores atrasos. Aínda por riba de sufrir lesións e secuelas pola dureza do traballo, teñen que soportar tamén este castigo dos atrasos no pagamento dun dereito, que é cobrar unha nómina no tempo que corresponde.

Estamos en consecuencia, en definitiva, ante unha situación crítica, ante un momento decisivo para o futuro e a continuidade da empresa. A pesar das reiteradas promesas incumplidas do propietario, a realidade é que non houbo novos produtos, seguen as dificultades para comercializar o produto, e a anunciada chegada de investidores tampouco se produciu. O horizonte en realidade é moi sombrío tamén pola ameaza da débeda que ten a empresa no seu plan de viabilidade, con esa espada de Damocles de ter que pagar o ano 2018 9,4 millóns de euros.

Os traballadores e traballadoras da empresa pasaron múltiples sacrificios, chegouse a unha situación xa insostible, por iso decidiron, nunha situación extrema, emprender mobilizacións. O próximo sábado, día 21, vai haber unha mobilización en Vigo á que pedimos o respaldo de toda a xente, que se ten que solidarizar con estas demandas xustas do cadro de persoal. Están lanzando tamén un SOS tanto a concellos como á sociedade en xeral como ao Goberno galego.

É fundamental, como dixemos, defender o emprego nesta empresa, defender o emprego industrial na comarca de Vigo, nun sector que foi punteiro e que pode volver selo, e precisa a implicación intensa do Goberno galego na procura dunha solución.

Pedímoslle ao Goberno galego que se reúna co comité de empresa, que lle manifeste o seu apoio ao comité e aos representantes dos traballadores e das traballadoras. Tamén que faga xestións ante a propiedade. Sabemos que a situación da empresa non é fácil, mais hai que facer todo o posible para conseguir tres obxectivos, que son: velar pola garantía dos dereitos laborais e salariais, que están sendo conculcados; en segundo lugar, velar pola defensa dos postos de traballo; e tamén procurar a continuidade e a viabilidade da empresa.

Para estes tres obxectivos pedimos o apoio de todos os grupos desta Cámara. Agardamos que así sexa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Novo Fariña.

**A señora NOVO FARIÑA:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Tamén quero saudar a xente que está hoxe aquí na tribuna acompañándonos.

En relación con esta PNL, estamos ante un caso concreto, o caso dunha empresa situada no Porriño, Mos e Sanguñeda. Como ben dixo vostede, señor Bará, Maderas Iglesias foi un referente, unha empresa que incluso tivo sedes en Europa, fóra de España, e que leva anos arrastrando, a verdade, unha situación moi complicada. Unha situación complicada que gran parte vén desde o estalido da crise. Non podemos esquecer que houbo unha crise económica que vostedes saben que sufrimos, con importante impacto en moitos sectores, incluso un deles era o da construción.

Antes da crise era unha empresa que funcionaba ben, pero a raíz de 2007 foi baixando a súa facturación e tamén a súa situación. No 2001 e 2003 concedéronse axudas para investimentos, axudas para proxectos empresariais que cumpriron a súa función no seu momento.

Efectivamente, como ben vostede explicou, a situación é complicada: reduciuse o emprego e pasaron por procesos concursais. Non podemos esquecer que a empresa estivo sometida a un convenio de acredores, ao que chegou no proceso concursal intentando salvar a situación.

A empresa tamén tivo unha serie de ERE. No referente aos ERE que tamén vostede enumerou, hai que dicir que en catro houbo acordo. O ERE actual vixente, con acordo en número de días de suspensión, é inferior, pasando a 14 días.

A nivel Galicia gustárame dar dous datos sobre a evolución dos ERE. Dende o ano 2013 o número de ERE en Galicia caeu consecutivamente, sendo 2016 o que rexistra a baixada máis acusada; houbo menos do 35 % de expedientes que en 2009. A evolución destes meses de 2017, do que levamos de ano, tamén segue sendo positiva, segue descendendo nun 58,59 % no seu número con respecto ao mesmo período do 2016. Polo cal, o Goberno galego a nivel xeral está facendo xestións. Os resultados son o exemplo, a pesar do que opinen, coma sempre, en relación co emprego.

Non podo negar que nos sorprende, vostedes que falan moitas veces de pechar empresas, que falan de que o Goberno está ao servizo das grandes empresas... Alégranos ver esta PNL para xestionar a continuidade e a viabilidade dunha empresa, para traballar polo emprego.

A mensaxe que aquí queremos deixar clara e patente é que sempre estamos a favor do emprego. É unha das principais preocupacións das familias, de calquera persoa, e por suposto primordial e fundamental para o Goberno. De aí o traballo que o Goberno está a facer: competitividade, calidade e compromiso cos traballadores e co emprego.

Indicadores económicos a nivel xeral, a nivel de Galicia, deste traballo, é que no 2016-2017 medramos nun 3,2 %, a maior porcentaxe dende 2008. Menos paro rexistrado do que había no 2016, 2015, 2014, 2013, 2012, 2010. As afiliacións seguen o maior incremento dende a crise, e as exportacións bateron récord no 2016 e no 2017. Queda moito camiño por percorrer, pero por iso o Goberno segue traballando polo emprego, pola calidade e pola estabilidade.

Hoxe en concreto temos unha empresa, e ¡claro que nos sensibilizamos con toda a situación que están pasando estes traballadores! Por iso nós presentamos esta emenda, coa que esperamos chegar a un acordo positivo, por suposto, por estes traballadores e por mellorar a situación.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias, coa finalidade de procurar a viabilidade e continuidade da empresa, e o mantemento do emprego.»

O cambio do texto é simplemente porque cremos que, en canto aos dereitos laborais, para velar polo respecto á normativa en materia laboral e polos dereitos dos traballadores, está a Inspección de Traballo, e, de ser preciso, os tribunais de xustiza. Se coñecen algún incumprimento, ¡claro que se debe denunciar á Inspección de Traballo!

Xa para rematar, dicirlles que estamos de acordo, estamos abertos ao consenso, ao diálogo e á procura de solucións que manteñan a actividade económica e o emprego en Galicia. E, unha vez máis, quero reiterar a nosa vontade de chegar a un acordo por estes traballadores e por manterlles a súa situación e o emprego.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Novo.

Agora si, en representación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Blanco Rodríguez.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Creo que o primeiro que teño que facer é pedirllas desculpas a vostede e á señora Novo. A estas horas... ¡xa saben vostedes!

O primeiro que quero facer é saudar os traballadores que nos acompañan hoxe, e teño que dicir que dende o PSdeG hai unha fonda preocupación pola problemática que está a atravesar, dende hai tempo xa, esta empresa.

Xa foi aprobada no Concello do Porriño unha iniciativa por parte de todos os grupos municipais, e cónstame a preocupación e a ocupación da alcaldesa do Porriño neste tema, apoiando os traballadores e as traballadoras; sobre todo ás traballadoras, algo do que falarei posteriormente.

Alégrome —teño que dicilo—, señora Novo, deste cambio de actitude do Partido Popular, porque a verdade é que o Partido Popular de Pontevedra o que se adicou a facer durante estas derradeiras... non sei se semanas ou meses, creo que meses, foi —co seu presidente á cabeza— mover os fíos para facer ese asalto democrático á alcaldía do Concello de Tui. Ese foi o traballo que fixeron durante estes últimos meses. Supoño que ás veces para vostedes —ás veces non, moitas veces— o urxente para os seus intereses persoais é máis importante que os intereses dos traballadores e das traballadoras.

A situación de Maderas Iglesias, que tan ben describiu o señor Bará con anterioridade, non é —como se dixo aquí— froito da crise económica, é froito, entre outras cousas, dunha mala xestión; unha xestión que levou a facer unha expansión irracional en plena época de crise económica: aventuras empresariais en Estados Unidos, en Polonia e noutros países, unhas aventuras que quen as sofre non é soamente a empresa, senón os traballadores e as traballadoras. Exactamente con sete ERE, por certo, con condicións que se dixo aquí que eran pactadas pero que non se están a cumprir, con persoas que non perciben o seu salario de maneira mensual, senón con atrasos.

Eu creo que hai que ter en conta unha cuestión que dende o Grupo Socialista consideramos importantísima. O 80 % deste plantel son mulleres, que xa atravesan per se unha situación complicadísima no mercado laboral, o que afonda aínda máis a problemática que está a sufrir esta empresa.

Claro, non é que nós opinemos sobre os datos de emprego —como dixo aquí a señora Novo—, é que os datos de emprego son os que son, non os podemos modificar, e os que son é que hai 121.400 persoas menos que están traballando en Galicia a respecto do ano 2009. Eses son os datos. E os datos dinnos —facendo un cálculo moi sinxelo— que á velocidade á que se está creando e destruindo emprego ao mesmo tempo, en España necesitaríase un ano para recuperar o nivel de emprego do 2009, pero en Galicia necesitaríamos oito veces máis, oito anos. Esa é a realidade dos datos de emprego, por moito que os intenten enmascarar e por moito que intenten cubrir a realidade.

A respecto desta iniciativa, eu espero que hoxe se aprobe nesta Cámara. Espero e desexo que, ademais de que se aprobe esta iniciativa, o Goberno galego manteña o compromiso que dixo agora a señora Novo que van ter co mantemento destes postos de traballo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago Peñas.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día.

Os traballadores e as traballadoras de Madeiras Iglesias teñen o apio absoluto de En Marea. Aquí, e o sábado na manifestación de Vigo, que aí estaremos con vós. Nese sentido imos votar a iniciativa do BNG, aínda que estea transaccionada, e o que queremos facer aquí son tres reflexións.

A primeira é agradecer aos traballadores de Madeiras Iglesias que están aquí porque permiten que o Parlamento fale de temas que son especialmente relevantes para a cidadanía e que moitas veces non falamos deles: do emprego, dos salarios, da precariedade laboral. Son elementos centrais da maioría social deste país, que ten pouca presenza nesta Cámara.

O segundo —non me vai dar vergoña facelo— é recoñecer o heroico papel que están desempeñando as traballadoras e traballadores de Madeiras Iglesias. Oito anos de sufrimento, dous



concursos de acredores, sete expedientes de regulación de emprego. Ver como unha empresa que tiña 800 traballadores e traballadoras queda en 300. Ver como cada día que vas ao posto de traballo o compañeiro ou a compañeira que estaba ao teu lado xa non está aí. Tardar meses en cobrar o teu salario; que o teu salario sexa cada vez máis pequeno; consumir o teu dereito á prestación por desemprego neses ERE inxustamente xestionados para que a empresa non caia.

Compañeiros, vós sodes uns heroes da clase traballadora. (*Aplausos.*) Vós estades defendendo, poñendo todo o voso esforzo, en salvar o emprego. Aferrádevos —e facedes ben— con uñas e dentes ao voso posto de traballo.

Sobre iso quero facer unha reflexión nesta Cámara. Día si e día tamén, porque hoxe nolo recordou a portavoz do Partido Popular, fálase das empresas que nós queremos pechar. Non vou dar a lista, pero todas esas empresas están abertas. As que están pechadas son das que non se fala nesta Cámara; as miles de empresas, miles, que pecharon dende o ano 2009; as ducias de miles de postos de traballo que perdemos, xestionados por un partido que é o que defende as empresas, dende que gobernan. Tamén no sector da madeira, porque dende o ano 2008 perdéronse no noso país máis de oito mil empregos no sector. En Ence non se perdeu ningún, pero no sector da madeira industrial perdemos oito mil empregos. ¿Por que non falamos dos oito mil empregos industriais que perdemos, ao longo de todo o país, en ducias de empresas?

Hoxe estiveron reunidos con En Marea e co resto dos grupos parlamentarios o comité de empresa, os representantes dos traballadores, de Calvo Esteiro. Deixemos de falar neste Parlamento, nese relato contrafactual, de todo o que nós queremos pechar, e falemos da realidade na que vive a clase traballadora, as empresas, e moitos dos nosos sectores industriais. Preocúpense de Ence, por suposto, pero preocúpense tamén de Maderas Iglesias ou de Calvo Esteiro, onde traballan e viven e sofren moitas persoas para manter o seu posto de traballo.

Iso lévame a unha reflexión un pouco máis ampla, e é que, a pesar destas cifras que se inventa o Partido Popular sobre a evolución do emprego, Galicia está nun gravísimo proceso de declive industrial, de desindustrialización. É certo que non é propio só do noso país, é unha tendencia que lle ocorre ao conxunto do Estado español e posiblemente ás economías occidentais. En Galicia hai 50.000 empregos industriais menos dos que había no ano antes da recesión, e moitos deles expresan as situacións de Maderas Iglesias ou de Calvo Esteiro.

Esta é a realidade na que vivimos. As empresas industriais son especies —eu escribín disto nun artigo hai tempo— en perigo de extinción, por iso temos que defendelas, as que realmente existen, as que loitan polo seu futuro como Maderas Iglesias. Por iso os traballadores e traballadoras de Maderas Iglesias teñen todo o apoio de En Marea na defensa do seu futuro, do seu emprego, do seu salario e dos seus dereitos laborais. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Lago.

Por parte do Grupo Parlamentario autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Sorpréndese a portavoz do Partido Popular de que o BNG defenda as empresas. ¡Pois claro!, levamos facendo isto toda a vida dende o BNG, defender as empresas. E tamén o facemos alí onde estamos gobernando: nos concellos, nas deputacións ou cando estivemos na Xunta de Galiza; intentar encher de empresas o noso país e tamén os nosos concellos. Pero claro, unha cousa é iso e outra cousa é a patente de curso. Outra cousa é forzar a lei, coas portas xiratorias, para defender interese particulares en contra do interese público, como queren facer vostedes con Elnosa ou como fixeron xa con Ence. Iso nós non o imos permitir, desde logo. *(Aplausos.)*

Está claro que estamos nunha situación crítica, nunha situación na que o que se faga nos próximos días e nas próximas semanas vai ser determinante e decisivo para o futuro desta empresa. É o momento dunha gran mobilización, de mobilización social e de mobilización institucional. É importante a mobilización na rúa, como levan facendo xa os traballadores e que van facer este sábado, e tamén desde as institucións, desde os concellos, como o Concello de Mos, o Concello do Porriño, e sobre todo a Xunta de Galiza, que é quen ten máis capacidade, máis responsabilidade e máis posibilidade de influír na situación da empresa para intentar cambiar o rumbo, que, dende logo, nestes momentos é moi negro.

Nese sentido eu quero agradecer o apoio de todos os grupos a esta proposta. Esperemos que sexa un paso adiante. E tamén quero, a respecto da emenda do Partido Popular, facer unha proposta de transacción, no sentido de manter a redacción que recolla as achegas do Partido Popular. Quedaría así o texto do acordo: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta a facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias coa finalidade de procurar a viabilidade e a continuidade da empresa, velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego».

Penso que así se recollen tamén as propostas do Grupo Popular e podemos chegar a un acordo unánime deste Parlamento que insisto en que será un paso adiante e será un acordo positivo para intentar conseguir a continuidade, a viabilidade da empresa, e salvar os postos de traballo, que son moi importantes para a comarca de Vigo e sobre todo para os traballadores e traballadoras desta empresa, que levan xa feitos moitos sacrificios e merecen todo o apoio das institucións e tamén do Goberno da Xunta.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Pasamos ao debate da seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda por iniciativa do Grupo dos Socialistas de Galicia, de don José Antonio Quiroga Díaz.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 17997).*

*Emenda de adición.*

*No punto 6 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:*

*<<6. ..., nomeadamente para certos servizos de risco e coas medidas de seguridade propias para a utilización deses medios de defensa.>>*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Quixera saudar antes de nada ás compañeiras do servizo que nos acompañan hoxe, do corpo de axentes medioambientais, que, ao igual que o resto do Servizo de Extinción de Incendios, hoxe están abatidos polo acontecido e extenuados polo grande esforzo realizado nestes días tan tristes e tan negros.

Espero que hoxe saia a adiante esta iniciativa que presenta En Marea xa que pensamos que é de xustiza. E digo que espero porque na última pregunta que rexistramos sobre cales eran as razóns da eliminación dos vehículos oficiais de axentes medioambientais das cores específicas, do vinilo coa imaxe corporativa da Xunta do servizo ao que pertencen, así como a non dotación desta frota de sistemas de iluminación prioritaria e da inexistencia dunha uniformidade regulamentada, contestaron que a Xunta de Galicia está a traballar nunha orde pola que se van establecer os elementos identificativos e a uniformidade dos axentes forestais, que están facendo un borrador consensuado a nivel sindical —é mentira— e coa Dirección Xeral de Ordenación Forestal e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Malcontestaron unha das catro preguntas que se lles formularon.

Miren, señorías, as axentes e os axentes medioambientais ou axentes forestais son os funcionarios e funcionarias que ostentan a condición da axente da autoridade pertencente á Administración pública galega, que, de acordo coa súa propia normativa, teñen encomendadas, entre outras funcións, a de vixilancia, a de policía e custodia dos bens xurídicos que conforman o patrimonio natural, e a de policía xudicial en sentido xenérico, tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de axuízamento criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces, tribunais e do Ministerio Fiscal. Eles son un dos piares máis importantes do servizo para evitar que ocorra o que pasou esta última fin de semana.

Na actualidade o corpo de axentes medioambientais está formado por uns 540 axentes, dos cales máis ou menos 380 están adscritos á Dirección Xeral de Ordenación e Protección Forestal, dependente da Consellería de Medio Rural, e o resto, uns 160, atópanse adscritos á

Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Dentro do seu marco competencial vense totalmente apagados, ao restarlle a propia Consellería de Medio Ambiente moitas das funcións que hoxe teñen atribuídas. Eles senten unha clara e absoluta falta de directrices dirixidas ao seu propio colectivo; inexistencia de coordinadores, de enlaces, entre as direccións xerais e os distritos e xefaturas de conservación da natureza que encaucen, supervisen e dirixan as directrices en cuestión, e que, á súa vez, doten ou propoñan aquela necesidade de formación e medios técnicos para a realización dos distintos traballos encomendados. Ao carecer desta figura, ninguén marca unhas directrices comúns, ninguén se encarga de encauzar as súas necesidades formativas e de medios, converténdose tanto nunha cousa como noutra, nun claro *sálvese quien pueda*.

Desde a chegada do Goberno do señor Feijóo existe unha clara e metódica estratexia de apagón deste colectivo cara á sociedade. Son un colectivo que estorba, tanto para o propio Goberno autonómico como para outras administracións. Aos dirixentes políticos da Administración non lles interesa que existan tantos ollos especializados sobre un territorio onde, con carácter xeral, está presente a súa maior base social de votantes. Canto menos organizados, formados e dotados, máis ambigüidade, máis deixadez e, por tanto, menos presión sobre o administrado.

Para conseguir o que denominamos como o apagón do colectivo estase a realizar unha metódica estratexia de negación de dotación de material, imaxe corporativa cara á sociedade, respaldo institucional e formación do colectivo. (*Murmurios*.) Coa eliminación da única imaxe corporativa dos poucos vehículos que se renovan —cabe destacar que a actual frota de vehículos oficiais do colectivo de axentes son de finais dos anos noventa, superando na maioría dos casos os 300.000 quilómetros— xa non teñen a imaxe corporativa que os identifica dende os anos noventa. Alégase por parte da Administración que hai instrucións de unificar a imaxe corporativa da frota de vehículos da Xunta: coche de cor branca co logotipo da Xunta. Requíreselle ata a saciedade que se lles permita que figure o escudo e a denominación do corpo de axentes ambientais, pero ségueselles negando. Sen embargo, toda a frota de vehículos dos gardacostas de Galicia levan o seu escudo e levan a súa denominación.

Existe unha negación sistemática de dotar a frota dos vehículos dos axentes e das axentes con sistemas de iluminación prioritaria. É realmente frustrante e inxusto estar atrapado nunha retención quilométrica mentres observas e sofres como os vehículos de Protección Civil, Garda Civil e Policía Local avanza cara a un incendio grazas aos seus sistemas de iluminación, mentres o director de extinción, que é o primeiro que ten que chegar a ese incendio para que non pase o que pasou toda esta fin de semana, segue atrapado en retencións quilométricas.

Négase sistematicamente a uniformidade —como ben contabamos—, negase sistematicamente dar a coñecer á sociedade o seu labor. Dende o ano da súa transferencia á Comunidade Autónoma, no ano 1985, nunca se fixo ningún tipo de propaganda institucional sobre o seu colectivo. Son múltiples as reportaxes audiovisuais e escritas que se lles teñen feito de xeito institucional a gardacostas, ás unidades adscritas da Policía Nacional, así como ao Seprona.

Négaselles facer públicas as estatísticas das infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o corpo de axentes medioambientais; a Policía Autonómica e os gardacostas preséntanas todos os anos. Négaselles habilitar perfís oficiais nas redes sociais, tanto de Twitter como de Facebook —non pasa iso cos gardacostas—. Négaselles sistematicamente habilitar un teléfono de atención ao cidadán para denuncias medioambientais. Deste xeito, poderían canalizar as mesmas, sendo xestionadas directamente polo corpo de axentes medioambientais.

A desfachatez chega a tales extremos que nos boletíns anuais informativos que publica a Consellería de Medio Ambiente sobre as normas anuais de caza e pesca non figuran en ningún apartado do mesmo. E no apartado de teléfonos de denuncias figura a unidade adscrita ou o da Garda Civil. Négaselles sistematicamente ser integrados no 112, incumprimento por parte da Administración galega da Lei 17/2015, do sistema nacional de protección civil, que concretamente no seu artigo 17 di: «Terán a consideración de servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil os servizos técnicos de Protección Civil e de emerxencias de todas as administracións públicas; os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento e de prevención e extinción de incendios forestais; forzas e corpos de seguridade; servizos de atención sanitaria de emerxencias, forzas armadas e unidades militares de emerxencia».

Négaselles sistematicamente permitir que sexan integrantes nos operativos de busca de persoas desaparecidas. Pasou hai pouco nun coñecido caso dunha rapaza que desapareceu na zona do Barbanza. Eles solicitaron integrar ese dispositivo de busca, e namentres se autorizou a voluntarios a participación cidadá, e incluso a Infantería de Marina para o seu rastreo, a estas persoas que coñecen o territorio non se lles deixou participar.

Néganselles medios de defensa persoal para o exercicio das súas tarefas policiais: furtivismo de caza e pesca continental, chegando a tal extremo que cando se lle expón a perigosidade de traballos policiais de antifurtivismo ao xefe de Conservación da Natureza, a contestación é que non vaian facer eses servizos. Formación técnica específica, policial para o desenrolo das súas funcións, etc.

É a tal punto ao que chegamos que a raíz do asasinato no pasado mes de xaneiro deste ano de dous axentes medioambientais en Cataluña a mans dun cazador se reabriu o debate a nivel estatal da necesidade de formación e dotación de medidas de defensa para este colectivo, volvéuselle solicitar ao director xeral de Emerxencias e Interior e ao director da Agasp a dita formación, volvendo outra vez a ser denegada. Sen embargo, no DOG do 24 de febreiro a propia Agasp convoca xornadas de actuación técnica en intervención operativa para gardas rurais, é dicir, para seguridade privada específica en caza e en pesca.

Pensamos que é unha proposición non de lei de mínimos, onde instaríamos a Xunta de Galiza a facer unha campaña institucional divulgativa sobre o labor que realizan as e os axentes medioambientais; facer públicas as estatísticas de infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o corpo de mestres medioambientais; habilitar un perfil oficial nas redes sociais que teñen os corpos adscritos á Consellería de Medio Ambiente; habilitar un teléfono de atención ao cidadán para denuncias medioambientais; integrar os axentes medioambientais no 112; habilitar os axentes de medios de defensa persoal para o exercicio das súas tarefas policiais;

e facilitar formación técnica e policial para o desenvolvemento das citadas funcións na Escola Galega de Administración Pública, pero principalmente na Academia Galega de Seguridade Pública —na Agasp—.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Bos días-tardes, presidente, deputados, deputadas, invitados.

Esta iniciativa que hoxe presenta o Grupo de En Marea vén moito a conto do que está a pasar estes días de luctuosos sucesos, xa que tanto axentes medioambientais da Consellería de Medio Ambiente, como forestais, da Consellería do Medio Rural, cumpren con boa parte das súas funcións no contorno dos montes galegos que sufriron os efectos da vaga de lumes, e, polo tanto, son coñecedores da problemática destes días de primeira man.

A iniciativa, se se mira desde certa óptica, dá a impresión de que se trata dunha táboa reivindicativa máis propia dunha negociación entre sindicatos e empresa, neste caso coa Administración, que dunha PNL, pero as melloras nas condicións de traballo que se propoñen e as melloras para este colectivo son importantes.

Fálase de difusión do labor destes funcionarios para o adecuado coñecemento da súa función, consideramos que é necesaria. Facelos máis visibles diante da cidadanía parécenos adecuado. Darlle máis operatividade aos vehículos consideramos que é moi funcional. E a adecuación á Lei 17/2015, na que xa están encadrados os seus homólogos noutras comunidades autónomas e permite un abano de dotacións moito máis amplas, como, por exemplo, inundacións, nevadas, busca de desaparecidos e un longo etcétera, parécenos tamén imprescindible. Todo isto para un amplo colectivo de funcionarios que, a pesar de ter orixe común, teñen distintas encomendas en distintas consellerías de referencia, e este é un elemento clave para entender e solucionar o tema.

Dentro do catálogo de cambios e melloras que se piden para estes funcionarios —dando por bos todos os demais— está o punto 6, a habilitación de medios de defensa persoal, que entendemos que non é máis que un eufemismo de portar armas de fogo —suponse que curtas e longas—, quizais é o aspecto que supón un cambio máis drástico e cualitativo de todas as peticións.

A petición de portar armas é algo de gran calado que hai que matizar e non tomar á lixeira. Primeiro, non son as mesmas encomendas para os axentes forestais de Medio Rural que para os axentes de medio ambiente da Consellería de Medio Ambiente, e esta diferenza é importante. Por iso, que os axentes forestais de Medio Rural leven armas no seu servizo a nós parécenos unha estampa que corresponde aos tempos da ditadura, cando se imponían plantacións nos montes veciñais comunais *manu militari* por parte do Icona sen ter en conta a opinión e os intereses dos lexítimos propietarios. Pero esas situacións mudaron radicalmente desde a instalación da democracia e non se aprecia necesidade nin oportunidade.



Sen embargo, os axentes medioambientais da Consellería de Medio Ambiente teñen outras encomendas e claramente teñen que enfrontarse a situacións de alto risco, onde a carencia de armas pode provocar situacións de perigo para os axentes. Por exemplo, cando se intervén para controlar casos de furtivismo, onde os furtivos poden levar —e, de feito, moitas veces levan— armas, ou en certas situacións da tempada de caza, onde pedir explicacións ou peticións sobre armas aos cazadores provoca situacións de tensión e de perigo para os axentes, como antes referiu o ponente que ocorreu na comunidade catalá.

Froito deste contexto, dentro do colectivo dos axentes medioambientais da Consellería de Medio Ambiente é maioritaria a día de hoxe a petición de portar armas nas situacións de risco, e o Grupo Parlamentario Socialista comparte esta petición, coa engádegas de que se especifique coas medidas de seguridade e control propios das armas de fogo.

Do mesmo xeito, acreditamos que a necesidade de portar armas para os axentes forestais da Consellería do Medio Rural non é necesaria por non vivir estas situacións de risco, aínda que, se temos que mirar este aspecto desde outro punto de vista e lle fixeramos caso ás teses do Goberno sobre o terrorismo incendiario e a presenza de tramas de terroristas incendiarios, a verdade é que habería que valorar o tema. Pero como nós non acreditamos —ata que se demostre— que haxa organizacións terroristas que andan armadas en grupos plantando lume como responsables da catástrofe que se viviu estes días etc., non consideramos que os funcionarios axentes forestais da Consellería do Medio Rural teñan que andar armados, co que isto implica.

Dado que andar armados ofrece cambios cualitativos e, en consecuencia, novas situacións para os axentes medioambientais da Consellería de Medio Ambiente —co que si estamos a favor—, parécenos de obrigado cumprimento —que sería o seguinte punto— a formación técnica e práctica destes funcionarios.

Por esta razón propoñemos a emenda que cambia no punto 6 de axentes forestais da Consellería do Medio Rural a axentes medioambientais da Consellería de Medio Ambiente a petición de levar armas, adecuando esta aos servizos e características reseñados.

Imos apoiar, polo tanto, esta iniciativa coa emenda de habilitar aos axentes medioambientais da Consellería de Medio Ambiente o uso de medios de defensa persoal, nomeadamente armas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Un bo número dos lumes que asolaron esta fin de semana este noso bendito país foron de interface como non podían ser doutra maneira, dado o caos habitacional e forestal que temos. O certo é que, se o dispositivo non tivera que protexer as vidas e as casas dos cidadáns, a maior parte dos lumes terían sido controlados máis facilmente e non estarían tan activos á chegada de *Ophelia*, porque o mal, o desastre da fin de semana, á parte das extremas condicións meteorolóxicas que ninguén nega, é estrutural, é o resultado das políticas forestais e de ordenación do territorio suicidas do Partido Popular, o fracaso do plan forestal ultrapasado e inútil

O afán por producir inframadeira a toda costa, aínda que esgote e arruíne o noso solo, está levándonos a unha autoliquidación estúpida. Non hai xeito nin medios nos concellos pequenos de poñer en marcha as franxas de seguridade, as distancias ás vías públicas e todo iso que agora nós sabemos que lles gustaría ter feito... ou se cadra non, porque a inconsciencia vostedes, por veces, son quen de disfrazala de virtude.

Os axentes forestais e os ambientais, tan maltratados pola Administración, tan faltos de apoio, tan ninguneados, son un factor esencial nun inicio de activación no cumprimento da lei no tocante ao respecto ás distancias de seguridade, evitando así eses lumes de nova xeración que vostedes negaron aquí. Despois do desta fin de semana non sei se continúan a negalos.

Vivimos rodeados de cemiterios perigosos con bombas medioambientais enterradas ou a ceo aberto. Unha analítica sería das augas dos nosos ríos ou dos nosos mananciais romperíanos a alma.

Ese medio rural cada vez máis despoboado e máis selvaticado, máis contaminado, con explotacións máis intensivas, con proxectos mineiros espoliadores que nos deixan a contaminación e levan procesar a riqueza fóra, ese medio, o noso hábitat, necesita dos axentes forestais e dos de medio ambiente, que deberían ser uns mesmos, con diferentes cometidos pero coa mesma categoría e consideración: axentes da lei con todos os atributos.

Se alguén percorre o territorio e sabe ver onde está plantado ilegalmente, onde non se observan as distancias de seguridade ás vías e lugares habitados, onde hai unha infracción que poden corrixir cun aviso amable ou onde se necesita unha denuncia contundente, qué se pode cortar e qué non; se alguén reúne esas características, responde ao nome de axente forestal, quen vai poñer á disposición da rexeneración dos milleiros de hectáreas arrasadas esta fin de semana o seu bo facer e o seu bo saber.

Se alguén sabe ver que fera fixo destrago nun animal doméstico ou nun cultivo, sabe ler nunha alambrada o paso do raposo ou do porco bravo, a que se debe a tristeza dun río ou o berro de angustia dunha carballeira, a mala cor dunhas augas, ese alguén tamén ten un nome: axente medioambiental.

E están ameazados; o seu labor e figura están ameazados. Hai intereses espurios que tentan reducilos á mínima expresión. E non crean que é pola crise nin pola súa función, porque a súa función decaese e non sexa xa necesaria. Non, trátase de cobiza. É susceptible de ser en-

tregado o seu labor á rapina deses que cacarexan a eficiencia do privado fronte ao público. ¡Pobre do medio ambiente e do equilibrio do rural como entren as empresas privadas, que todo o miden polo carto! Pois nesas andamos.

A Lei de patrimonio natural ten agora a oportunidade de situar este colectivo profesional co recoñecemento debido investíndoo da autoridade necesaria para exercer as súas funcións con firmeza e contundencia. Este colectivo, revestido da consideración precisa, deberá desempeñar na loita contra o lume e demais delitos contra o medio ambiente un papel fundamental. Prescindir deles, que é o que se está a facer na actualidade, é un despropósito que favorece a cronificación do lume.

Nos últimos anos, vostedes, señores do Partido Popular, foron desactivando a súa capacidade de intervención, relegándoos a labores burocráticos, desactivándoos, e así engordando paralelamente as atribucións de asistencias técnicas. Sonlles molestos.

Entre as trabas que se lles poñen, está o fomentar unha falta de motivación e identificación co seu traballo, vendo como as súas denuncias van parar ao fondo dun caixón e non prosperan administrativamente. E diso todos os que vivimos no rural somos testemuñas dalgunha que outra. Reléganos a facer informes técnicos que son propios de técnicos específicos ou enrédanos facendo censos ou cousas secundarias para que non poidan desprezar toda a súa efectividade e capacidade na vixilancia, inspección e levantamento de actas de denuncia. Reparen que nin o presidente, nin o vicepresidente, nin a señora conselleira fixeron mención deles nos agradecementos polo esforzo da fin de semana, ¡esqueceulles! Igual que lles esqueceu dicir que onte o lume de Cervantes non o apagou a UME, apagárono axentes do... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Si? Os da UME chegaron o luns e dixeron que non actuaban porque... en fin, non había vía de escape. Os outros si tiñan vía de escape.

É por todo isto que desde o Bloque imos apoiar a iniciativa de En Marea, como non podía ser doutro xeito. E facemos votos porque se lles dea todo canto precisen e máis en beneficio do equilibrio medioambiental, da racionalización dos cultivos forestais e da sostibilidade do monte. ¿Parécelles ben? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Bos días de novo, señorías.

Bos días tamén aos invitados e grazas polo traballo que veñen desempeñando todos os axentes medioambientais ao longo destes anos.

Señor de En Marea, perdeu vostede outra oportunidade para pedir desculpas polo que dixo o seu compañeiro no Congreso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Onte vostedes indignábanse por poñer en dúbida a súa dor, pero hoxe vostedes din non só que non nos doe, senón que ademais fomos quen o queimamos. Non só non é que non se desculpen por esas palabras, senón que ademais as subscriben e as están a compartir. Como dicía o señor Bará,

en política non vale todo. Non vale todo, e vostede perdeu unha grande oportunidade para desculparse. *(Aplausos.)*

Trae vostede, señoría, unha iniciativa sobre as funcións dos axentes medioambientais e as funcións que deberían exercer e que non poden non sei por que directrices. E fixo vostede tamén unhas valoracións falsas que eu non podo compartir.

Non son directrices de ningunha consellería. Os axentes medioambientais están a desenvolver as súas funcións, que as teñen atribuídas segundo as escalas establecidas na disposición adicional nove da Lei de 2015 de emprego público de Galicia. En ningún momento se lle ten res-tado ningún tipo de funcións, máis ben ao contrario. A Lei de emprego público de Galicia crea a escala de axentes técnicos en xestión ambiental, novo grupo B, que substitúe a escala de axentes facultativos ambientais do corpo de axudantes de carácter facultativo, do grupo C. Galicia é punteira dentro do Estado na consideración deste colectivo no novo grupo B.

Para facer, señorías, a reclasificación profesional deste colectivo, de xeito que pasen do grupo C1 ao grupo B, é requisito imprescindible que este persoal teña a titulación adecuada e supere o correspondente proceso selectivo. Para posibilitar o dito ascenso asíñase con todas as or-ganizacións sindicais, señorías —coa CIG, con Comisións, co CSIF e coa UXT—, un acordo o 15 de setembro de 2016, hai un ano, sobre o cronograma para facer efectiva esta nova escala de axentes técnicos en xestión ambiental, cuxos puntos fundamentais, cuxos acordos fun-damentais, son os seguintes:

Primeiro. Facer unha promoción interna para o acceso do grupo C1 ao grupo B, o que imposibilita que poidan presentarse outros empregados públicos.

Segundo. Referido sobre todo á formación. Señorías, dun total de 472 efectivos, 83 teñen a titulación necesaria para a promoción interna; 399 non teñen a titulación, dos cales 199 po-súen titulación para poder matricularse no ciclo superior, pero 200 non teñen titulación nin sequera para poder matricularse para poder obter ese título. Polo tanto, dado que a maior parte deste colectivo non dispoñía dunha titulación mínima para dita promoción interna, as consellerías de Medio Ambiente e do Medio Rural, xunto con Educación, organizaron un sis-tema para que puidesen acadala. Un sistema custeado pola Administración, que se traduce tamén —e non se pode esquecer— nunha melloría para este colectivo e que é proporcionado a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dando a posibili-dade para que obteñan este ciclo superior aqueles integrantes deste colectivo que non po-suían esa titulación necesaria.

Tamén relacionado coa formación, que está vinculado ao punto 7 da súa iniciativa, a Direc-ción Xeral de Patrimonio Natural, en colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pú-blica, programou os seguintes cursos destinados a axentes medioambientais, que se impartirán no mes de outubro: Actuación inspectora nas leis de caza e pesca e Redacción de actas e informes. E durante o 2018 tamén está prevista formación, sobre todo sobre a Lei de patrimonio natural, unha vez, por suposto, que a lei sexa aprobada por esta Cámara. Polo tanto, señorías, no que se refire a formación, xa está previsto realizar actividades de for-mación e non ten sentido solicialas.

En relación co terceiro punto do acordo, que creo que ademais era a aprobación dun regulamento de funcións e creo que é o que afecta directamente ao resto dos puntos da súa iniciativa, en relación con estas funcións, o colectivo formulou unha proposta de regulamento, no que entre outras cuestións solicitaban —e penso que é o principal escollo para poder acadar ese acordo no regulamento de funcións— converter este colectivo nun corpo armado; é dicir, que teñan o dereito de uso de armas. É verdade que vostede non o di expresamente na súa iniciativa no punto 6. Como ben dicía o señor Quiroga, vostede recorre a ese eufemismo de habilitar os axentes de medios de defensa persoal, pero eu penso que vostede non debería recorrer a ese eufemismo e dicírllo claramente a esta Cámara. E se vostede quere armar os axentes medioambientais, entendo que debería de ser a través non dun eufemismo, senón dunha iniciativa específica, e incluso ao mellor habería que facelo a través doutro procedemento.

Fala tamén vostede de policía xudicial xenérica, e iso non é certo, non é certo. Á parte de non ser certo, vostede o sabe. Compare a Lei orgánica...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...de forzas e corpos de seguridade.

E xa para rematar, sobre o resto de puntos, campaña divulgativa, estatísticas de inflación, o perfil oficial deste corpo nas redes sociais, o número de teléfono específico para este corpo, eu entendo que se ten que falar dentro dese acordo. O noso grupo respalda ese acordo, acordo feito cos traballadores e acordo que contempla importantes mellorías para ese colectivo.

Entendemos que dentro dese acordo

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...é onde teñen que acadarse esas novas aportacións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, señor presidente.

Visto que os últimos puntos da proposición non de lei si que lles valían aos deputados do Partido Popular, tamén puideron pedir a votación por puntos, que así polo menos o colectivo xa podía avanzar nalgúns dos requirimentos que facía esta proposición non de lei.

Díxome vostede que non sei que fixo alguén das Mareas, que colgou nas súas redes sociais... Non sei de que me falou. E que nós compartimos. Non sei agora mesmo, eu hoxe polo menos non vin nada. Di que temos que pedir desculpas. Desculpas téñenlle que

pedir vostedes hoxe a toda a sociedade galega por todo o que pasou nesta última fin de semana. (*Aplausos.*) Desculpas téñenlles que pedir vostedes ás veciñas e veciños da provincia de Ourense por ter o 085 sen persoal durante dous días, durante o 1 e o 3 de outubro. Desculpas téñenlles que pedir vostedes aos brigadistas de Seaga, que cargaron contra vostedes por incompetentes, por prorrogar os seus contratos desde este luns e non antes.

Aquí non funcionaron os protocolos porque a Xunta nin os aplica como debe nin coordina os bombeiros forestais nin os bombeiros urbanos, como pasou nas cidades. Cando hai lume de nivel 2, no que arden casas, gasoleiras etc., hai un mecanismo que se debe de activar, que é o Peifoga, e non o fixeron; e cuestións tan básicas como o desaloxo das aldeas non se realizaron, de tal maneira que había xente que non tiña nada que ver co dispositivo sacando a xente moi maior das súas casas. Non se preveu suficiente persoal de terra e ataque para as extincións. Tampouco se dispuxo de brigadas helitransportadas da Xunta porque non se prorrogou o tempo do contrato dos helicópteros, como si se fixo coas empresas privadas de Natutecnia.

Fallou información á cidadanía da situación de risco extremo. Non se suspenderon as actividades nas zonas forestais e de influencia forestal, como por exemplo a caza. O venres 14 a Xunta negouse a aumentar o número de gardas para os axentes forestais, que son os quen teñen que dirixir os traballos. Despois de non prorrogarlles os contratos, a sabendas da situación de risco, o sábado 15 persoal adscrito a Seaga —temos aquí a súa nota— era informado da prórroga do seu tempo de servizo por un prazo de quince días. Os axentes medioambientais, que hoxe están aquí acompañándonos, tiveron unha adscrición obrigada a incendios ata o día 30 de setembro. A pesar desta situación de risco non se prorrogou dita adscrición, e tampouco se preveu o reforzo do sistema de comunicación do 112 nin do 085. Temos aquí a señora conselleira de Medio Ambiente, que ten aí aos seus traballadores e traballadoras, que hoxe dixo nunha radio pública que non sabía se ardía máis un eucalipto ou un carballo.

Eu, falando de desculpas, o que lle recomendaría a este Goberno é que fagan como fixo esta muller en Portugal que ante a incompetencia que viu que non dou levado adiante, hoxe presentou a súa dimisión.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Sobre a emenda, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Sobre a emenda do PSOE entendemos que completa. Foi un erro noso, aceptámola.

**O señor PRESIDENTE:** Aceptan a emenda, que é unha emenda de substitución.

Entón, se é unha emenda de substitución e a aceptan, perfecto.



### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Terminado o debate, procedemos ás votacións das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Raúl Fernández —vou resumir, procurarei facelo ben—, en relación coa execución da liña das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don José González Vázquez.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivados da obriga real de contribuír, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmoables situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición non de lei dos grupos parlamentarios Popular, de En Marea, Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, de iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Marcos Cal Ogando. Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Votamos.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Luis Villares Naveira, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución da auga no conxunto do territorio galego.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa do señor Pazos Couñago.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e dez deputados/as máis, sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 20; abstencións, 11.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez . Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 40; abstencións 17.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas.

Hai unha proposta de transacción. ¿Pódea ler, se fai o favor?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Para non alongarnos máis, chegamos a un acordo co Partido Socialista. Entón, imos votar integramente o mesmo texto que no día de onte, ao fío da emenda que nós lle presentamos ao Partido Socialista.

Leo moi rapidamente simplemente o engadido que lle facemos á emenda do Partido Socialista nesta transacción, que se adicionaría ao final do punto 2 do apartado A: «Con carácter inmediato, en canto non se chegue a un acordo co sector sobre os termos e condicións nesta liña, ampliarase a contía e os prazos de solicitude para as liñas de apoio publicadas no DOG número 191 do venres 6 de outubro de 2017». E adicionar un último punto ao apartado A que di o seguinte: «Con carácter de urxencia habilitaranse axudas directas para os custos extraordinarios de alimentación na gandería e na apicultura.»

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G .P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Había unha proposta de transacción, chegaron a un acordo. Votamos coa proposta de transacción incluída.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias S. A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don David Rodríguez.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que é unha emenda de substitución.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Suspendemos a sesión ata as 15.45.

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e seis minutos da tarde e retómase ás tres e corenta e sete minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión coas interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre as incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Luca Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Antes de nada, quería referirme ás deputadas e aos deputados do Partido Popular cunha petición clara: que, por favor, abandonen dunha vez o insulto fácil que levamos neste pleno, que abandonen a prepotencia e a mala educación e que deixen de tratar a cidadanía coma se fora estúpida, porque non o é.

A súa actitude é indigna deste Parlamento. Primeiro insúltannos e logo din que temos que pedir perdón. ¿Pero onde están vostedes? ¿Onde estaban o luns cando a xente saíu ás rúas? Claro que faltan moitos perdóns enriba da mesa, faltan moitísimos perdóns: falta o perdón do presidente da Xunta, falta o perdón da conselleira, falta o perdón do director xeral da CRTVG, e, dende logo, falta o perdón do señor Balseiro e dese outro señor —como se referiu o noso compañeiro—, o deputado do Partido Popular que agora non anda por aí e que cada vez que abre a boca só é para enganar o Parlamento. ¡Claro que fan falta moitos perdóns! (*Aplausos.*)

E sinto dicirlllo, señor presidente, a súa ecuanimidade nestes días fai augas. Fará de parapeto do Partido Popular, pero a democracia perde.

Indo á cuestión que hoxe nos ocupa, traemos aquí unha interpelación que ocupa e preocupa a meirande parte das familias deste país, como é a do inicio do curso; un inicio que cada ano vemos que supón un esforzo enorme para as familias, e un inicio que cada ano supón constatar tamén os efectos dos recortes do Partido Popular sobre o dereito ao ensino, porque, lamentablemente, cada inicio de curso supón unha especie de *déjà vu* malo e triste que se repite unha e outra vez. Un *déjà vu* no que constatamos as mesmas denuncias; volvemos constatar os datos que evidencian a degradación progresiva do ensino público.

Nun sistema de ensino verdadeiramente público, gratuíto e universal, comezar o curso non debería de ser un motivo de preocupación para as familias; sen embargo, os recortes en bolsas escolares, o elevado prezo do material escolar, así como os copagos educativos en servizos de comedor e libros de texto, implican de media que cada familia gaste 750 euros por fillo ou filla que inicia o curso. ¡750 euros!, unha cifra elevadísima que pon en evidencia que hai moitas familias que non poden facerlle fronte, e pon en evidencia a insuficiencia de recursos públicos postos á disposición das persoas que máis o precisan.

¿Que fai o Goberno do Partido Popular para aliviar esa poderosa carga? ¿Que fai o Goberno do Partido Popular para garantir que o inicio do curso non grave especialmente as persoas

que teñen máis dificultades de partida? Moi pouco; tanto é así que a contía de axuda para adquirir material escolar é unicamente de 50 euros para aquelas familias con especiais dificultades. ¡50 euros para facer fronte a 750 euros de media! Señor conselleiro, reparten vos-  
tedes miseria.

Por outra banda, comezamos o curso coa desaparición de 9 unitarias no medio rural galego; 9 unitarias, que acaban de deixar en máis de 200 as que desapareceron nunha década, que, como xa dixemos aquí, son 200 crónicas de 200 mortes anunciadas. É unha cuestión fundamental de dereitos constitucionais e é tamén unha cuestión fundamental para garantir que temos un rural vivo. É unha medida imprescindible para reverter a situación de abandono do medio rural. Un rural vivo require escolas. As nenas e nenos do rural precisan escolas, e para iso fan falta recursos.

Máis recursos e menos boas palabras, máis recursos e menos anos do rural. «Ano do rural», ¡que burla! Agardamos que despois do desastre que vén de producirse neste país abandonen ese ofensivo slogan; é o mínimo que poderíamos pedirilles. Trátase de ter un mínimo de decencia política.

Pero non só temos que lamentar o peche de escolas. Ao final, a suma total ao inicio deste curso implica ter 47 docentes de primaria e infantil menos, e 42 unidades menos. Ademais, o inicio deste curso escolar vén acompañado polo aumento incontrolado das materias afíns. Este ano 1.400 docentes impartirán materias que non son da súa especialidade, o que supón un incremento de algo máis do 6 %, e máis de 450 docentes traballarán en máis dunha escola; mesmo temos 60 profesores e profesoras nos que conflúen ambas situacións: varias materias e varios colexios, máis afíns e mesmo perfís que cambiaron na adxudicación de prazas.

Esa é a aposta pola calidade no ensino do Goberno do Partido Popular, o aumento descontrolado das materias afíns, que implica que teñamos menos profesorado impartindo materias das que é especialista.

¿Como vai isto, señor conselleiro? ¿Pensa vostede que a calidade aumenta cando o profesor de Música imparte Matemáticas? ¿Os resultados son mellores cando o profesor de Debuxo imparte Tecnoloxía? Agardamos que o poida explicar na súa quenda. ¡Quen sabe, igual ata nos sorprende! Xa non é a primeira vez que nesta Cámara temos que escoitar as innovacións pedagóxicas máis absurdas, como esa que di que o mesmo dá ter 30 alumnos e alumnas nunha aula que ter 15.

O mesmo acontece coa taxa de interinidade, que, como sabe, pasou de algo menos do 5 % no 2009 ao 16 % no presente curso. Menos emprego público, peor pagado e de peor calidade. Exemplos todos eles da precarización das condicións laborais do profesorado do ensino público galego.

En terceiro lugar, cómpre destacar que se empeza o curso con obras sen rematar en máis de 100 escolas por todo o país, ¡en máis de 100 escolas! Os bos xestores do Partido Popular teñen case tres meses as aulas baleiras e non son quen de asegurar que se comece o curso coas



aulas en perfecto estado, e iso sen contar os centros de escolas que precisan obras urxentes, que nin están nin se lles espera na axenda de preocupacións do Partido Popular.

Poderemos falar, por exemplo, do Colexio Rosalía de Castro de Carril. Nesta escola o teito de seis aulas atópase cuberto por placas suxeitas perigosamente con cinta adhesiva. ¡Cinta adhesiva para suxeitar o teito no que están nenos e nenas pequenos! Ademais de problemas coa climatización, baños en moi mal estado, etc., o normal cando temos escolas de máis de 50 anos que sofren o abandono e os recortes das políticas do Partido Popular. Só nesta partida os orzamentos se reduciron nun 70 % dende que chegaron vostedes ao Goberno; un 70 % menos en partidas de mantemento e mellora das instalacións educativas, que implican — ¡claro que si! — aulas en mal estado, alumnado en clase con abrigo e cubertas que seguen tendo amianto. Esa é a realidade do seu facer máis con menos.

Pero sigamos avanzando, porque hai máis. Un capítulo máis deste inicio do curso escolar pasou polo transporte. Este ano estreabamos o seu improvisado novo Plan de transporte, e, como era de esperar, fíxoo con numerosos problemas por todo o país, mesmo con empresas que incumprían a normativa vixente. Basta, por exemplo, poñer o exemplo do 13 de setembro de Salceda de Caselas, onde nais e pais dunha escola impediron a saída dun autobús da empresa de Monbus. Impedírono porque se estaba incumprindo a normativa de seguridade, que obriga a que cada neno e nena teña o seu asento. Pero non, esta empresa o que fixo durante tres días —ata que as familias llo impediron— foi levar a tres alumnos e alumnas no sitio de dous.

¿A Administración? Non estaba nin se lle esperaba, os bos xestores, que tampouco estaban cando se iniciou a praga de roedores no comedor da Cañiza; os bos xestores que tampouco estiveron o luns para evitar a apertura dos centros educativos de Carballada de Avia, Vilariño de Conso e Castro Caldelas, que se vían rodeados dunha situación realmente preocupante e que finalmente tiveron que ser desaloxados. Pero a Administración non fora quen de suspender as aulas.

É evidente, señor conselleiro, poden estar moi contentos, vostedes e todos os membros do Goberno, a súa xestión é impecable. ¡Sóbrantelles motivos de satisfacción!, como xa imaxino que irá por aí a súa intervención.

Por todos eses motivos —son catro os que consideramos fundamentais, pero asegúrolle que podemos enumerar moitos outros— presentamos esta interpelación:

Á luz dos datos comentados, ¿considera o Goberno galego que o inicio do presente curso escolar transcorreu dentro dos parámetros que deben caracterizar un ensino público de calidade? ¿Considera vostede que todos os medios posibles da Administración pública están postos á disposición de garantir que todas as nenas e nenos de Galicia teñan un ensino público de calidade? ¿Están todos os medios enriba da mesa para garantir que non deixamos cada vez máis nenas e nenos fóra do sistema educativo? ¿Están todos os medios dispoñibles para garantir o que dicían no seu programa de goberno, que apostarían por un ensino público de calidade?

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Comezou a señora Chao falando de insulto fácil e de mentira fácil. Eu diría que hai mentiras difíciles e mentiras difíciles de manter, e hai mentiras que realmente deixan en moi mal lugar a quen as fai. Sen ir máis lonxe, un cargo moi importante nas Mareas de Podemos dixo en sede parlamentaria que Galicia a queimara o PP, e escribiuno. Esa é unha mentira difícil de manter; non é unha mentira nada fácil. Ou non é unha mentira nada fácil de manter e é unha mentira moi difícil de manter o que vostede está plantexando aquí e falando aquí, de degradación progresiva do ensino público. Realmente, vostede non ve a realidade, ou non a quere ver, ou lle gustaría que a realidade que vostede debuxou fose a que é. Pero está moi equivocada, porque, mire, vostede non ve a evolución dos resultados educativos; non os ve ou non os quere ver. Non ve a redución do fracaso escolar, mesmo vostede di que se está incrementando o fracaso escolar. ¡Veña Deus e o vexa!

Vostede non ve os avances en equidade, ou os resultados en equidade, e vostede non ve os informes que din que o sistema educativo galego público é o sistema que ten unha maior porcentaxe de integración con alumnos de necesidades educativas especiais. Vostede —insisto— fala de mentira fácil, pero realmente hai mentiras moi difíciles de manter, como as que vostede e o seu grupo acaban de facer. (*Aplausos.*)

Indo, señora Chao, á súa pregunta e á súa interpelación, que literalmente di: «Á luz dos datos comentados na exposición de motivos, ¿considera o Goberno galego que o inicio do presente curso escolar transcorre dentro dos parámetros que deben caracterizar un ensino público de calidade?» Isto é o que pregunta vostede. E eu dígolle: si; claramente si. Cremos que o inicio do presente curso transcorreu dentro dos parámetros que deben caracterizar un ensino público de calidade. ¿Ou vostede acaso dubida de que Galicia teña un ensino público de calidade? Sería moi bo que dixese aquí publicamente se vostede dubida de que en Galicia hai un sistema público educativo de calidade.

Temos un bo sistema educativo, homologable aos mellores, jaos mellores! ¿Que hai cousas por facer? Por suposto. ¿Que hai cousas por mellorar? Por suposto. Pero temos un dos mellores sistemas educativos que se poden ter.

E realmente, señora Chao, vostede chega sempre a este Parlamento —digámolo dun xeito suave— con críticas de serie, con discursos enlatados. É coma un *playback*. Chega aquí, dálle ao botón e solta o que a vostede lle gusta, pero realmente vostede sabe que non é así. E vostede vén aquí desvirtuar unha situación que está moi lonxe dese escenario de catástrofe que vostede plantexa. Se algo caracteriza o inicio de curso este ano —como outros anos atrás— é que foi absolutamente normal. A mellor noticia foi que non houbo noticia practicamente.

E, sen dúbida, esta interpelación é bastante extemporánea. Eu teño pedido unha comparencia para explicar o inicio de curso, que sempre se fai en outubro aproximadamente, para poder explicar os datos pechados, porque vostede saberá que hai certas variables educativas e que os datos aínda non están pechados.

Pero eu sempre gusto de dicir unha cousa que certamente creo que aprendín na casa dos meus maiores, e é que o tempo dá e quita razóns. O tempo é o mellor xuíz, dá e quita razóns. E, miren, ao final do curso pasado vostedes viñeron e dixeron nesta casa que ía haber un inicio de curso caótico, falaron de peche de centros. (*Murmurios.*) ¿Que centros pecharon, señoría? Houbo unha agregación de dous centros educativos na Serra de Outes, e non hai nada máis que ver as declaracións que hai moi pouco se publicaron nun medio de comunicación por parte do director para ver que o seu caos se tornou nun aspecto positivo para as comunidades educativas deste contorno. (*Aplausos.*)

Vostedes faláronnos —e faláronnos hoxe tamén— do transporte escolar, de que ía ser un auténtico caos, de que ía ser un desastre. A mellor noticia, señoría, foi que non houbo noticia neste ano; a única noticia foi que funcionou con absoluta normalidade. Vostede ponme un caso. Bueno, si, un caso..., dous casos, perfecto. Pero o cambio do novo sistema de transporte escolar compartido non xerou ningún tipo de problema.

Saca vostede tamén aquí a colación unha cuestión que pasou hai moi poucos días e que ten que ver tamén moito co que é o inicio do curso. O inicio do curso implica mobilizar unha inxente cantidade de recursos humanos e de recursos materiais: hai que adxudicar destinos, substitucións, implementar novos ciclos, novas asignaturas... É moi complexo tecnicamente e hai que dar sempre resposta día a día a estas circunstancias.

E vostede falounos da necesidade de resolver cuestións. Pois, mire, sacou vostede a relación dos centros educativos que foron afectados pola vaga de lumes, polo auténtico terrorismo incendiario que tivo lugar en Galicia hai moi pouco tempo. Pois, mire, esta administración educativa estivo absolutamente encima destas cuestións. O luns decretamos que en torno a 20 centros da provincia de Pontevedra —do sur de Pontevedra— non tivesen aulas por unha cuestión simple de precaución. Posteriormente, nalgúns centros educativos, os directores —que teñen a potestade de, se hai algún tipo de problemática, tomar as decisións— puideron tomar calquera tipo de decisións en centros onde poida haber algún tipo de problema. E así se fixo nalgún centro educativo da provincia de Ourense, en Carballeda de Avia —que vostede citou— e nalgún máis, practicamente sen ningún tipo de incidencia, porque houbo que dar resposta en tempo real a unha situación de terrorismo incendiario que, afortunadamente, no sistema educativo, non tivo ningunha transcendencia.

Pero, bueno, imos ao que vostede plantexa, ás críticas da súa exposición de motivos. ¡Home!, certamente, vostede falou de 750 euros. É curioso, na exposición de motivos fala de 800 euros de custo medio. Non sei se cambiou da súa exposición oral á exposición de motivos, onde vostede cita 800. Tamén é certo que nos medios de comunicación uns días antes dicían 850, pero bueno... É certo tamén unha cuestión: que Galicia ten un dos mellores sistemas de apoio ás familia; dos mellores, sen dúbida, de España. E teno dun xeito gradual e progresivo en función da renda, algo que entendemos que é moito máis xusto socialmente. Temos un

sistema baseado no fondo solidario de libros e nas axudas directas ás familias que máis o precisan para poder comprar libros ou comprar materiais educativos. Moi poucas —atreveríame a dicir que ningunha— comunidades autónomas teñen un sistema de apoio en libros como ten Galicia, moi poucas. Hai máis de 137.000 usuarios e usuarias que reciben apoio en materia de libros por parte da Administración autonómica, ou que reciben transporte escolar, 90.000 nenos, en torno a 120 millóns de euros; o 25 % do transporte escolar de España está en Galicia, absolutamente gratuíto. Ou o mesmo podemos dicir dos comedores, onde hai un sistema equitativo, onde hai un acceso ao servizo en función da renda: en torno ao 85 % non pagan nada e en torno a un 15 % pagan algo. E iso posibilita e viabiliza que se manteña o sector e que haxa tamén un incremento das prazas.

Realmente, señoría, o seu discurso cae absolutamente. Son mentiras difíciles de manter, mentiras que o tempo deixa en mal lugar.

Vostede fala tamén do profesorado. Mire, Galicia ten unha enorme plantilla de profesorado, das mellores. Temos en torno a 30.000 profesores, estamos cumprindo sempre os catálogos, e temos tamén a menor taxa de interinos de España —a mellor ratio alumnos-profesores de España—.

E vostede fáleme tamén das unidades. As unidades péchanse e ábreanse en función da dinámica demográfica. Eu xa sei que vostedes plantexaron que se manteñan unitarias con 3 alumnos. Nós entendemos que hai que ter 5 alumnos, por unha razón de socialización, porque o ensino nesas etapas educativas tamén ten unha compoñente de socialización, e así o mantivemos e o mantemos sempre.

Realmente, señorías, ao final, sempre hai unha mobilidade no agrupamento, con agrupamentos ou con desdobramentos de unidades educativas. Pero en ningún momento estamos fóra das ratios educativas; en ningún momento estamos fóra do catálogo que miden os profesores. E iso é algo do que debemos estar moderadamente creo que satisfeitos, porque non é igual, nin moito menos, noutras comunidades autónomas. Hai comunidades autónomas rexidas por partidos de esquerdas coma vostedes onde hai unha porcentaxe altísima do que se coñecen como «caracolas»; é dicir, aulas de quita e pon. E aquí, neste ano, fíxose unha enorme cantidade de esforzos para poder mellorar o sistema educativo. Tivemos no verán moitísimas obras abertas e fomos capaces de mellorar moitísimo tamén o propio sistema educativo.

En todo caso, señora deputada, creo que debería de recoñecer que Galicia ten un bo sistema educativo e que a posta en marcha dun curso escolar, coa complexidade que ten, se fixo con absoluta normalidade. Debería recoñecer —e ser un pouco humilde— que todas aquelas mentiras difíciles de manter que vostedes lanzaron quedaron en auga de borrajas...;

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...foron como aquelas lágrimas que se mezclan coa choiva; quedaron en nada, porque, ao final, o tempo sempre é o mellor xuíz. E agardo que en vez de cuestionar

constantemente o sistema educativo, os seus profesionais, as súas familias, equipos directivos, etc., recoñeza que o sistema educativo ano a ano está mellorando...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...e que, obviamente, hai cousas por facer, pero, afortunadamente, os datos e as variables comparativas con outras comunidades autónomas ou con outros países están dándonos progresivamente a razón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Mire, señor conselleiro, xa llo dixen moitas veces aquí: gañar as eleccións non lle é un cheque en branco. Se o fora, poderían disolver a Cámara e poderíamos marchar todos para a casa. E, aínda que queiran, de momento, de momento, non lle vai así. De momento, o funcionamento no Parlamento é diferente. (*Murmurios.*) Vostedes gobernan e nós somos o principal... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non, perdón, a eles... Silencio. escoiten a quen está no uso da palabra.

**A señora CHAO PÉREZ:** Vostedes gobernan, e nós somos o principal partido da oposición. Vostedes gobernan, e nós controlamos a tarefa ou a inacción de goberno. Nós facemos as preguntas e vostedes respóndenlas; nós non temos que dar declaración ningunha. E, dende logo, sobre todo, xa llo teño dito moitas veces, se vostede tomara en serio este Parlamento, se vostede tomara en serio a actividade parlamentaria, non poñería na miña boca cousas que non dixen. De verdade, ¿que problema de comprensión auditiva ten? ¿Cantas veces hai que repetirlle a mesma cousa? En ningún caso cuestionamos os profesionais do ensino público, todo o contrario, sabe vostede perfectamente que temos traído a este Parlamento un montón de medidas para pedir o mínimo exixible, que é que se lles devolvan os dereitos que vostedes lles recortaron. Son vostedes os que maltratan os profesores e profesoras deste país. Polo tanto, non poña na nosa boca cousas que non dicimos. Non se equivoque, aquí á única persoa que cuestionamos é a vostede, non aos profesionais do ensino; a vostede, que ten a responsabilidade.

É máis, vostedes tampouco teñen cheque en branco ningún, porque dixeron unha cousa e fan outras. Nun dos temas que nos ocupan, por exemplo, se un le o seu programa, no referido á educación, hai un apartado pequeno —claro, moi pequeno, xa sabemos que non é unha das prioridades deste goberno— no que falan de que se comprometen a afondar na equidade, na xustiza social e no acceso á educación —un parágrafo, pero, bueno, tiveron que metelo—. E continúan: «O acceso en igualdade de oportunidades pasa por tratar con equidade o conxunto do alumnado e as súas familias, favorecendo a quen máis o precisa». Non o dixo En Marea, díxoo o Partido Popular, dino no seu programa.

¿A que se refiren exactamente con iso? ¿Refírense, logo, aos 50 euros para facer fronte a un pagamento de 750? Lamento a confusión na cifra —igual ten vostede outra—, ¿son 750 euros de media? ¿É correcto ou incorrecto? ¿Non o sabe? 750 euros de media... (*Murmurios.*) En todo caso, ¿considera vostede que 50 euros son suficientes para facer fronte a un pagamento de 750 euros? ¿Considera suficientes 50 euros anuais para que as familias fagan fronte ao pagamento de todo o material escolar? ¿É iso axudar a quen máis o precisa? ¿De verdade non lle dá a vostede vergoña ningunha subir aquí e dicir —así, porque me dá a gana— que teñen o sistema máis equitativo do mundo? ¿Non lle dá vergoña ningunha subir aquí e dicir que teñen o sistema máis equitativo do mundo nos libros cando foron vostedes, cando foi o seu goberno, o que botou abaixo o programa de gratuidade dos libros de texto que tiñamos no Goberno bipartito? ¿Non lle dá nin sequera rubor ningún? (*Murmurios.*)

¿É acaso axudar a quen máis o precisa gastar nove veces máis en profesores de Relixión que en bolsas universitarias? (*Murmurios.*) ¿É axudar a quen máis o precisa blindar os concertos educativos ata o 2023 mentres se pechan aulas en centros públicos? ¿Iso é axudar a quen máis o precisa? Porque, ¿sabe onde non poñía isto? Isto, dende logo, onde non o poñía era no seu programa electoral. Ninguén votou o Partido Popular porque lle dixeran que ían pechar aulas públicas para seguir abrindo concertadas. Iso non llo dixeron absolutamente a ninguén. (*Murmurios.*)

Porque é que é o de sempre, os recortes —como o levamos denunciando nesta Cámara dende o principio— foron para uns, pero non son para todos por igual. Os recortes a onde non chegan é ao ensino privado, que pagamos todas e todos. O Goberno galego con estes segue sendo tremendamente xeneroso, aumenta o seu financiamento e comprométeo ata o 2023, mesmo incluíndo eses centros con prácticas claramente machistas como a segregación do alumnado.

¿É axudar a quen máis...? (*Murmurios.*)

Señor presidente, en toda a intervención hai un ruxerruxe de fondo. Non sei... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Perdón. É verdade que hai un ruído de fondo. Prégolles ás súas señorías que estean atentos e deixen falar a quen está no uso da palabra. Seguro que, se queren falar, hai estupendas salas fóra nas que se pode conversar cos compañeiros.

Perdoe e continúe.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas.

¿É axudar a quen máis o precisa manter unha lei educativa segregadora e elitista?, ¿unha lei educativa parcheada unha e outra vez que dixeron poñer en suspensión pero que en realidade segue plenamente vixente nos centros educativos do país, mentres tratan de prorrogala nesa especie de impasse de negociación de pacto educativo que cada día resulta máis preocupante?

Mire, señor conselleiro, antes usei uns exemplos. Xa lle dixen que eran uns, porque o tempo manda; pero son iso, exemplos, porque poderíamos sacar outros. Diso vostede non



tiña nada que dicir. Mesmo lle traio un que supoño que coñecerá moi ben, porque é de Lalín, e supoño que vostede, posto que é veciño, saberá algo diso: queixas dos pais pola excesiva calor nas aulas do Xesús Golmar, de Lalín. Outro exemplo: os incumprimentos reiterados coa substitución das cubertas dos centros de ensino na cidade da Coruña; igual diso sabe algo tamén. Poderíamos falar tamén dos problemas da escola de Santa Baia, de Boiro, á que lle negaron a renovación dos libros escolares e que conta con libros estropeados do 2009, que nin sequera están adecuados ao currículo vixente; igual diso sabe algo tamén. Poderíamos falar tamén de que un mes e medio despois de iniciado o curso escolar vostedes aínda non pagaron as axudas do curso previo para a normalización lingüística; diso igual tamén quere comentar algo. Ou do inexplicable ataque á liberdade de cátedra contra un docente que organizou un debate sobre Cataluña co seu alumnado; a maquinaria a todo trapo, asegurando que nas aulas se fomenten consumidores, iso si, pero non cidadanía crítica.

Temos que falar tamén —porque nos obriga unha e outra vez— e denunciar a fraude dos seus datos, as mentiras que repite aquí sen rubor ningún cando fala das ratios; a trampa estatística coa que ocultan o feito de que teñamos aulas con 30 alumnos e outras de 15. Así, sálle moi ben a cifra, pero non están falando do problema fundamental, que é que temos aulas con moito alumnado.

E outro problema fundamental...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CHAO PÉREZ:** ...que aquí pasa... —é que antes me quitaron tempo— ...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa, pero xa leva 50 segundos de máis, por iso lle pido que remate.

**A señora CHAO PÉREZ:** ...e que é algo inédito en todo o Estado, que non ten xustificación ningunha e que supón unha burla á intelixencia da cidadanía, que as persoas repetidoras non computen nas ratios. Di vostede: temos 30 persoas nunha aula. Igual hai 5 repetidores, dá igual, porque eses non contan, ¡quen sabe por que! ¡Quen sabe! ¿Quen pode explicar que o alumnado repetidor non conte nas ratios? Pero pode sacar vostede moito peito.

Mire, señor conselleiro, dende En Marea pensamos que esta interpelación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CHAO PÉREZ:** ...chega no mellor momento porque estará case pechando as contas para os orzamentos. En realidade, o que lle estamos pedindo é que considere que ten na súa man unha ferramenta poderosísima. Ten na súa man a posibilidade de reverter case unha década de recortes; ten na súa man a posibilidade de devolverlles ás nenas e aos nenos de Galicia todo o que lles quitaron. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

Ten a palabra, no turno de réplica, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, señora Chao, gañar non é un cheque en branco, pero perder tampouco, ¡eh! (*Aplausos.*) Perder non lle autoriza a vostede a vir aquí dicir as mentiras que di.

Recórdolle. Vostede dixo na súa interpelación que estaba incrementándose o fracaso escolar. (*A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) Verémolo no *Diario de Sesións...* (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, igual que pediamos antes que se escoitara a quen estaba no uso da palabra, señora Chao, pídlle agora que tamén escoitemos a quen está no uso da palabra. Por favor, sigamos igual para todos.

Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Señora Chao, verémolo no *Diario de Sesións*, afortunadamente, (*A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) e xa verá como, ao final, o tempo dá e quita razóns e, ao final, o *Diario de Sesións* dará ou quitará razóns.

Mire, vostede tamén di aquí —dixo aquí— que había unha degradación do sistema educativo. Cando vostede di iso, estalles faltando ao respecto aos equipos directivos... (*A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, a min, a ver... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora Chao, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Señora Chao, eu asúmo, e pódeme insultar a min o que queira; eu asumo o que vai, digamos, no meu traballo. Pero eu non lle podó permitir que degrade ou que diga que o sistema educativo está degradado porque lles está faltando ao respecto a máis de 30.000 profesionais docentes, equipos directivos, equipos de inspección, equipos de orientación, porque non creo que só pola miña culpa o sistema estea degradado. Entón, ou está degradado ou non o está. Vostede a min critíqueme, pero non diga en sede parlamentaria que o sistema educativo está degradado, porque os profesionais docentes que a escoiten botarán, sencillamente, as mans á cabeza. Perder as eleccións tampouco dá patente de curso para dicir calquera cousa, como un discurso absolutamente de serie, e para que non pase absolutamente nada porque podemos dicir hoxe o que queiramos e mañá o que nos dea a gana. Vostedes dixerón aquí que se ían pechar centros educativos. (*A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, non, non. Vostedes dixerón publicamente que en varias localidades de Galicia —Ribadavia, As Pontes e O Porriño— se cerraban centros educativos. Invítoa a vostede a que vaia a eses centros.

Mire, vostede fala sen rubor da equidade educativa do sistema educativo galego. Dixo que non hai igualdade de oportunidades e que mo invento eu. Vostede non le os informes PISA, vostede non le os datos estatísticos do Ministerio de Educación, non os le; porque, se os lera, non viría aquí dicir esas mentiras que di, porque se poñería colorada, sinceramente; sinceramente, poñeríase colorada. *(Aplausos.)* Porque o informe PISA dixo que Galicia ten o sistema máis equitativo de España e dos máis equitativos do mundo; dío o informe PISA.

Os datos do Ministerio din que temos o sistema que maior integración ten de alumnos con necesidades educativas especiais. Máis do 90 % dos alumnos con algún tipo de discapacidade ou necesidade educativa especial están integrados no sistema educativo público, nas aulas públicas. E vostede vén aquí e négao, e non pasa nada. Tamén hai un tempo negou e dixo que ían pechar centros, e agora non pechan e non pasa nada. A culpa é do conselleiro... Ben, está moi ben.

Mire, eu non sei por que a xente vota o PP. Podo presumilo, podo pensalo, pero estou seguro de que ninguén votou a En Marea para dicir unha mentira hoxe, mañá dicir outra e pasado cambiala. Porque vostedes non din máis que medias verdades e mentiras completas, e iso realmente é increíble. Fíxese vostede que fala de recortes. Vostede non ve os orzamentos, porque vostede fala de recortes. ¿Vostede non sabe que nos dous últimos exercicios houbo un incremento acumulado de practicamente o 8 % nas partidas de educación? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede, ¡ah!, un recorte, un recorte... Ben, ou fala das ratios. Vostede debería saber que Galicia foi a única comunidade autónoma no peor momento da crise que non modificou as ratios. As súas, como din vostedes, si o fixeron. E tamén outra cousa curiosa: vostede entendo que é unha persoa de esquerdas, moi progresista, que aposta polo ensino público. Estou seguro, porque o di sempre. Vostede dixo ou case se arrogou ser parte do Bipartito. No ensino concertado no Bipartito cada ano incrementaban as unidades educativas, 50 ao ano. Cada ano do... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, Luís, é certo. 213, ¡213! Iso non o negues, que ti o sabes, 213. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Máis de 50. Vostede non era conselleira nin eu tampouco. ¿Sabe canto incrementou o Goberno do señor Feijóo nos últimos nove anos? Menos de 9; contra máis de 50, menos de 9.

Vostedes seguen dicindo as súas letanías, que ninguén cre. Pero como traen un discurso escrito de serie e o utilizan sempre, pois realmente pensan que a cidadanía lles fai caso. E, efectivamente, hai persoas que, ao mellor, poden facerlles caso a vostedes, pero danse conta co tempo de que os están enganando, porque están mentindo, radicalmente mentindo. E cando vostede cuestiona o sistema educativo público, saiba que vostede está cuestionando a centos, a miles de profesionais, que fan o seu traballo o mellor que poden e o mellor que saben, e que teñen unha enorme capacidade para adaptarse aos cambios. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Sen ir máis lonxe, neste inicio de curso puxemos en marcha dúas novas estratexias educativas: unha para fomentar o ensino dixital e outra para fomentar o ensino de idiomas. Os docentes involúcranse, os centros involúcranse, e é algo tremendamente positivo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...que vai en beneficio do alumno, porque lle dá igualdade de oportunidades, posibilitálle ter máis innovación e posibilitálle ter máis calidade.

En todo caso, señoría, para rematar, simplemente quero dicir que o inicio de curso foi absolutamente normal. Estou seguro de que a vostedes lles gustaría que non fora así, pero, afortunadamente para as familias e para os alumnos, a mellor noticia foi que non houbo noticia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Punto 7 da orde do día, preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os cambios políticos que se teñen producido na provincia de Pontevedra nos últimos dous anos**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora VILÁN LORENZO:** Boa tarde.

Grazas, presidente.

O 13 de novembro de 2015, en Oia, o Partido Popular presentaba unha moción de censura, e así recuperaba a alcaldía. Máis ou menos en xuño de 2016, previo ás eleccións autonómicas, o presidente da Xunta anunciaba a bombo e platillo a fusión voluntaria de Cerdedo e Cotobade en Pontevedra, facendo un *gerrymandering*, como ocorreu no século XIX en Massachusetts, cando o gobernador manipulaba as circunscricións electorais para producir un determinado resultado electoral que lle fose favorable. Cerdedo vai deixar de pertencer ao partido xudicial da Estrada e integrarse no de Pontevedra, xunto con Cotobade.

O 10 de maio de 2016, en Pontecesures, o Partido Popular presentaba unha moción de censura e recuperaba a alcaldía. En maio deste ano, outro cambio máis —iso si, chamado por vostedes eufemisticamente «Pacto de goberno»— en Sanxenxo daba de novo a alcaldía a Telmo Martín a través dun acordo coa formación Sanxenxo Agrupación Liberal.

E onte mesmo, en Tui, o Partido Popular decidiu que haxa un novo alcalde liberal, libertario —dixo a si mesmo— galeguista e nacionalista, iso si, con só 2 concelleiros, el e outro; polo tanto, permitindo vostedes, que teñen 4 concelleiros e mais as súas confluencias, que goberne a lista menos votada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En todos estes casos, curiosamente, a alcaldesa de Oia, o alcalde de Pontecesures, a concelleira de Medio Ambiente de Sanxenxo e o alcalde Tui son militantes do PSdeG.

Eu sempre digo nas comisións que non creo nas confluencias planetarias, pero parecen demasiados cambios en concellos nunha provincia, a provincia de Pontevedra, en menos de dous anos. E pode ser —fágolle a pregunta así teórica, e vostede contéstama, se quere e, se non, non— que vostedes o que queiran facer é que, como perderon a Deputación de Pontevedra nas pasadas eleccións municipais por primeira vez na historia, quizais queren amañar en dous anos o asalto de novo á Deputación de Pontevedra, porque é posible que non a poidan recuperar a través das urnas. Quizais vostedes teñan algún tipo de compromiso con eses novos alcaldes de Oia, Pontecesures, Sanxenxo e Tui, incluso de Cerdedo-Cotobade, para poder asaltar a Deputación de Pontevedra cando era o seu presidente, ao final, o señor Louzán.

E a pregunta é moi sinxela, señor vicepresidente: ¿está a comprometer o Goberno da Xunta de Galicia fondos públicos, fondos públicos comprometidos polo seu goberno, para provocar cambios políticos na provincia de Pontevedra de cara a algún fin ou non?

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vilán, pregunta de total actualidade. Estamos os dous de acordo, seguro, e alégrome moito de que ma faga, porque esta mesma mañá a presidenta da Deputación de Pontevedra, a señora Carmela Silva, botou por fóra, como se soe dicir, unha serie de exabruptos, de faltas de respecto, de disparates..., en fin, que culminaban unha semana de utilización absolutamente partidista da web da Deputación de Pontevedra como a versión máis cutre do Partido Socialista máis cutre; que non o hai, pero, vendo todo iso, está claro que algunhas cousas conflúen.

E mire, moita xente —moita xente do meu partido e tamén moita xente do seu— dicíame: ¿por que non lle contestas á presidenta da Deputación? ¡É que xa está ben, hai cousas que non se poden tolerar! E mire, ¿sabe por que non lle contestei? Porque cando a señora Carmela Silva fai de Carmela Silva, que é case sempre, é imposible tomala en serio, simplemente por iso non lle vou contestar. *(Aplausos.)*

Transmítallo vostede, se é da súa corda, ou, se non, non, porque, como vostedes son bastante tamén complicados niso, non está moi claro se é ou non é. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E xa sabía que o señor Abel Losada se ía poñer nervioso, como todos podemos estar comprobando... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...pero isto xa estaba no guión tamén.

Señora Vilán, agora, poñéndonos serios, e xa digo que á señora presidenta da Deputación é moi difícil tomala en serio, pero poñéndose en serio, faime unha pregunta, e eu fago unha resposta clarísima: en ningún caso e baixo ningún concepto nin o Goberno da Xunta de Galicia nin o Partido Popular fai ningunha manobra para cambiar alcaldías e, moito menos, comprometendo os fondos públicos. (*Murmurios.*) ¡Que lle quede clarísimo, señora Vilán! (*Aplausos.*) Vostede di que os desprazados son alcaldes do Partido Socialista. ¡Home, é que, entre outras cousas, non foron en ningún caso a lista máis votada! É que ten moi-tísima graza que se escandalicen agora de que vai ser alcalde no concello de Tui unha persoa que encabezaba, que non era a lista máis votada, cando vostedes contribuíron a que a lista máis votada no concello de Tui non puidera acceder á alcaldía. Resulta que todos os alcaldes do Partido Socialista que foron removidos mediante moción de censura en ningún caso foron a lista máis votada. ¡E agora acórdase da lista máis votada! Fagamos un pacto aquí mesmo. Eu admítolle —se vostede ten capacidade, que non o sei— que en nome do seu partido, do seu grupo, xa que fai esta pregunta, digamos que nas seguintes eleccións vai ser alcalde ou alcaldesa en todos os casos quen sexa a lista máis votada, xa que tanta indignación lles causa en Tui. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¿Están de acordo? ¡Agora mesmo, sen ningún problema!

E mentres, señora Vilán, é moi difícil falar en serio; coa señora Carmela Silva de por medio, imposible, pero con vostede vouno intentar.

Fala de fusións, e di que utilizamos estímulos económicos para favorecer fusións. ¡Gran descubrimento! ¡Se é o que estamos dicindo desde o principio! ¡Se é que non o ocultamos en ningún momento! Hoxe mesmo tivemos unha reunión coa Federación Galega de Municipios e Provincias e volveuse dotar un fondo adicional para fusións. ¡Que gran descubrimento agora dicir que estamos dotando de medios económicos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...os orzamentos da Xunta para facer as fusións! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Réplica, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Señor vicepresidente, este é o acordo entre o Partido Popular e Convergencia XXI —que firman x persoas; non sei se algunha firma será a súa—, e que din que son representantes desas persoas, como cargos supramunicipais, José Manuel Cores Tourís, secretario xeral do PP de Pontevedra e garante do compromiso das administracións supramunicipais... —¡garante do compromiso das administracións supramunicipais gobernadas polo Partido Popular! Soa un pouco estraño iso— e don Garcilaso de la Vega López



—que tamén poderían ter buscado outra persoa—, en calidade de secretario xeral de Convergencia XXI.

Por certo, isto si que é cutre, porque hai un montón de faltas de ortografía, e máis cutre que as faltas de ortografía nun documento firmado por un señor que é xefe territorial da Xunta de Galicia... É verdadeiramente cutre. *(Aplausos.)*

Neste documento, neste documento... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu non sei se o señor Tellado quere intervir na miña pregunta, ao mellor si, non o sei. *(Murmurios.)* O que é agora o alcalde de Tui dixo: «Recoñezo» —onte mesmo díxoo— «que o pacto alcanzado co resto de grupos da oposición inclúe compromisos de investimento que deberían agradar e non molestar. ¿Ou hai algún partido en España que non utilice as institucións para favorecer a outros?» Vostedes votan como alcalde a un señor desta catadura ética, que di isto, e iso dá lugar a certas interpretacións que..., non é que eu sexa un xenio, pero non é tampouco moi difícil de entender.

O señor Cores Tourís compromete aquí fondos da Xunta de Galicia para facer novos xulgados, para a estrada, para a rotonda en Guillarei, compromete unha compravenda dunha finca por parte do Concello, tamén protección civil... É dicir, non son fondos dentro do acordo entre dúas persoas que teñen representación do municipio, e o peor de todo é que compromete ao Goberno de España na rehabilitación...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Grazas.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...do Teatro Principal. Señor vicepresidente, respóndame...

**O señor PRESIDENTE:** Señora Vilán, terminou o tempo.

*(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Vilán, terminou o tempo. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, terminou.

Xa coñece a mecánica das preguntas. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Vilán, non está no uso da palabra. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non a está escoitando, non está no uso da palabra.

Grazas, señora Vilán. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, non a están escoitando porque xa rematou o seu turno.

Grazas.

*(Aplausos.) (A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Vilán, non a están escoitando. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Vilán, non quero chamala a orde, terminou o seu tempo. Grazas.

*(Aplausos.) (A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Iso non corría présa. Perdoe, pero iso non corría présa. Ímolo deixar aí. Iso que acaba de dicir non corría présa ningunha. Ímolo deixar aí.

Turno de peche, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas, señor presidente.

¡Señora Vilán, que nerviosos se poñen con este tema, Dios mío!

Mire, o primeiro que lle vou dicir respecto do señor Garcilaso de la Vega, ao que non teño gusto de coñecer, é que na súa opinión un señor con ese nome debería absterse de participar na vida pública. ¡Menuda falta de respecto, señora Vilán! ¡Home!, é que xa se contaxian dos disparates que di a presidenta da Deputación.

Mire, vólvolle dicir: absolutamente ningunha compra. Pero é que, se imos a iso, nós non dixemos nada, ¿que poderíamos dicir cando na moción de censura da Deputación de Lugo o señor alcalde de Becerreá dixo que para convencelo da moción de censura, menos ministro da gobernación, que xa non había, lle ofreceron vostedes de todo? ¿Pero que imos dicir despois?, ¿que o compraron tamén? ¿Que resposta lle podíamos dar ao alcalde de Tui, ao señor Padín, que dixo onte que se resulta que se lle ofrecera algo neste momento tamén se lle deu a ofrecer, en boa lóxica, cando grazas ao seu apoio, o señor alcalde, ex-alcalde socialista de Tui, en minoría, foi alcalde a pesar de non ser a lista máis votada? ¿Que pasa aí, señora Vilán? ¿Pero como poden vostedes dicir unha cousa nun caso e noutro outra cousa, segundo lles conveña? ¿Non ven que perden toda a coherencia do mundo?

Dime que resulta que no acordo están os xulgados de Tui. Oia, ¿sabe con quen fun eu presentar os terreos para facer os xulgados de Tui? Co ex-alcalde de Tui. ¿Que pasa, que agora é un compromiso, que compramos o alcalde de Tui actual porque anunciamos un compromiso que xa estaba presupostado e xa estaba presentado desde hai máis dun ano? ¡Señora Vilán, un pouco de coherencia e un pouco de seriedade ao falar destes temas! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Que cambiou? ¿Que cambiou dende que o ex-alcalde de Tui dixo o outro día: «O meu goberno está en minoría, recoñézoo, fronte a unha oposición que de xeito lexítimo e democrático pode presentar a moción de censura?» ¿Que cambiou para que agora no día de onte a señora Carmela Silva pase todo o día diante do Concello de Tui? ¿Sabe que cambiou? Que

está, efectivamente, moi preocupada, pero non preocupada pola moción de censura en Tui, iso dálle exactamente igual, está preocupada polo que lle vou dicir agora: está preocupada porque, por certo, os únicos que falan da Deputación vinculada á moción de censura de Tui son vostedes, o Partido Socialista, señora Vilán; non escoitará a ningún representante do Partido Popular, a ningún representante das súas confluencias —como vostede di, xa na desesperación de non entender nada do que pasa en Tui— falar da Deputación de Pontevedra vinculada á moción de censura de Tui.

Aquí fálase dun desgoverno, como di o ex-alcalde de Tui, dun goberno en minoría que impediu que gobernara a lista máis votada, que fixo o posible, como fixo en moitos sitios, para que non gobernara quen gañara as eleccións e que agora se encontra coa estabilidade que dá lugar ás mocións de censura. Ese é o problema, señora Vilán, ese é o problema polo cal teñen medo a perder a Deputación, efectivamente, porque non o están facendo ben, porque se dedican a dicir disparates, porque se dedican a utilizar a web da Deputación para facer un uso partidista e obsceno contra o resto dos partidos, porque lle faltan ao respecto ao resto dos alcaldes, ao alcalde de Tui, ao alcalde de Pontecesures, á alcaldesa de Oia..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...ao alcalde de Cotobade e á metade dos alcaldes da provincia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente, terminou o seu tempo.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...que seguen sen ser recibidos dous anos despois. Por iso van perder a Deputación. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Cristina Isabel Romero Fernández e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia**

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor vicepresidente.

Como vén sendo habitual, cada vez que remata unha tempada turística, sexa a do verán, a da Semana Santa, ou mesmo a dunha ponte longa, e mesmo cando remata o ano, e unha vez que son coñecidos os datos turísticos, pois este grupo parlamentario solicita a valoración dos mesmos ao Goberno. E solicitámolo porque estamos a falar dun sector estratéxico da nosa economía cunha importancia cada vez maior no noso PIB e, polo tanto, pola importancia que ten no incremento do emprego, pero tamén para avaliar as políticas turísticas

que pon en marcha a Xunta de Galicia. En definitiva, preguntámoslle sobre a valoración das súas políticas para saber se imos polo bo camiño.

Os que pasamos os veráns habitualmente en Galicia temos visto ano tras ano como se incrementan os visitantes, e mesmo como se incrementa a actividade turística alí onde estiveramos, e, unha vez analizados os datos, pois vese que a percepción non foi errada.

Os datos turísticos ratifican que Galicia acumula cinco anos consecutivos de crecemento, que si que é certo que cunha cifra de viaxeiros aloxados similar á dos anos pasados, pero aumentou o número de noites que estes viaxeiros pasaron na nosa comunidade, cunha suba superior á do conxunto do Estado. Polo tanto, aumentou a estadía media que estes turistas pasan en Galicia, alcanzándose neste verán a data máis elevada dos últimos cinco anos, e novamente cun crecemento superior ao da media estatal. Estes parámetros, tanto o número de noites como a estadía media, son importantes porque afectan directamente tanto o incremento do gasto dos turistas na nosa comunidade como a rendibilidade do sector.

A pesar de que chegaron a Galicia un número parecido de viaxeiros este verán, o conxunto dos visitantes nos outros oito meses do ano incrementouse nun 23 %, e isto está a demostrar que o incremento de visitantes ao longo do ano non se produce neste ano precisamente na época estival. Isto é importante tamén porque se acada a tan desexada, tanto polo sector como polas estratexias que pon en marcha a Xunta, desestacionalización do sector.

Con estes datos, ¿que valoración fai o Goberno galego deste constante incremento de turistas que se achegan a Galicia? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Romero.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Pois unha valoración francamente positiva, como, doutro xeito, á vista das cifras que imos acadando está, que foron moi boas hai dous anos, que foron moi boas o ano pasado e que volveron ser moi boas este ano, e esperemos —todo apunta— que sexan mellores o ano que vén. Eu simplemente vou recordar dúas cifras globais que creo que son as máis fáciles de entender e tamén de reter. O turismo en Galicia representa máis do 10 %, o 11 % concretamente, do noso PIB, e o 12 % dos postos de traballo. Polo tanto, creo que son cifras que por si soas falan da importancia dun sector que, insisto, segue medrando, e segue medrando, ademais, de xeito estable e, ademais, dun xeito moi esperanzador. Isto non é froito da casualidade. En primeiro lugar, é froito e mérito, sen ningunha dúbida, do propio sector, que soubo reinventarse, soubo pasar momentos moi difíciles, derivados da crise e que, ao final, emerxe, como emerxen os sectores potentes e que saben facer ben as cousas.

Eu creo que a Xunta de Galicia axudou, sinceramente, con moitos instrumentos, por citar dous: a Estratexia de turismo de Galicia 2020, que é tanto como dicir que temos unha pla-

nificación que permite contribuír —insisto, contribuír, porque o gran protagonista disto é o propio sector turístico, como dicía antes— a ter estas boas cifras, e tamén medidas que foron polémicas no seu momento pero que o tempo está demostrando —ademais dun xeito bastante rápido— que eran axeitadas, como o Decreto de vivenda de uso turístico, que se está demostrando que era necesario, e que máis que necesario era case imprescindible para ordenar un sector que necesitaba esa ordenación.

Polo tanto, os rexistros turísticos son excelentes, pensando en que medran sobre cifras que serán boas e que, ademais, son excelentes, tanto dende o punto de vista cuantitativo, que sempre é importante, como sobre todo dende o punto de vista cualitativo, que creo que é moi importante dende o punto de vista dun turismo sostible.

Vou dar cifras que creo que son bastante simplificativas: establecementos que ofrecen aloxamentos, rexistrados nos meses de xullo e agosto deste ano 2017, máis de 4 millóns de pernoctas, que é un 3 % máis que no ano 2016, e que está por riba da media do sector —en España tamén houbo, pero foi do 2 %—; é dicir, o 1 % máis. Catro millóns de pernoctas creo que é unha cifra moi apreciable. Son xa cinco anos consecutivos de mellora, algún dos primeiros anos aínda anos de crise; polo tanto, quere dicir que as cousas se están facendo ben.

E outro dato tamén moi importante, á parte do número de pernoctas, é o número de pernoctas que fai cada viaxeiro, a estadía media, que medra un 3,6. Este si que é o mellor dato do lustro, e ademais medra un punto porcentual máis por riba do que medra a media nacional, cando o turismo tamén a nivel estatal está acadando cifras récord. Polo tanto, así queremos seguir. Por iso, non entendemos moi ben que no debate do estado da Autonomía a oposición poida opoñerse a seguir promocionando un turismo sostible, un turismo estable, e sobre todo opoñerse clarisimamente a medidas que favorezan...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** ...ou poñan en risco tendencias de turismofobia, como hai noutros sitios, e xa ve o resultado que están dando.

Moias grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Réplica, señora Romero.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Si, é evidente que estamos ante uns excelentes datos turísticos, froito dunha excelente xestión turística e dun excelente sector que apostou pola calidade, da man de Turismo de Galicia. Por iso quero transmitir dende o grupo parlamentario a noraboa a todos eles polo traballo.

Estes datos non é que sexan bos porque o diga vostede ou porque o diga eu, é que tamén o di o Consello Galego de Turismo, que, na súa reunión do 10 de outubro, unha reunión na

que participaron os axentes máis representativos do sector, avalou estas boas cifras e comparte o avance da Xunta de Galicia na consolidación dun turismo de calidade.

Este é o camiño no que hai que traballar, señor vicepresidente: apostar por un turismo responsable e sostible que consolide a Galicia como un destino tranquilo, representativo do que se está a chamar agora o *slow turismo* para vir a Galicia, onde se pode gozar e descansar todo o ano, non só no verán.

Hoxe estamos xa na tempada outonal, aínda que non o pareza polo tempo, pero, ¿que previsión ten o Goberno galego para manter este incremento de rexistros turísticos fóra da tempada estival?

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Romero.

Turno de peche, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señor presidente.

Pois unha vez consolidado o ritmo crecente —insisto, cinco anos xa de número de pernoctas e, sobre todo, de número de estadias medias, aumentando cada ano—, o que hai que facer agora é que estes números se trasladen non só aos meses centrais da alta tempada turística, por así dicilo, aos meses do verán —iso non é doado, pero sería moito máis sinxelo que noutras épocas do ano—, senón que precisamente se trasladen aos restantes meses do ano; é dicir, hai que desestacionalizar o turismo e tamén diversificalo no territorio. Hai zonas de Galicia eminentemente turísticas, tradicionalmente de moita afluencia de turistas, pero hai outras moitas zonas de Galicia que teñen tantos ou máis atractivos turísticos, e, polo tanto, a misión da Xunta de Galicia e de todo o sector —da Xunta de Galicia como administración competente— é dalos a coñecer e convertelos en destinos atractivos turísticos tamén.

Polo tanto, niso estamos, en diversificar o turismo no territorio e en que se coñezan tesouros de Galicia en moitos rincóns que temos, que, cunha explotación turística sostible por suposto teñen que ser dados a coñecer e postos en valor. A política de xeodestinos que se veu facendo este ano empeza a dar os seus froitos. Fíxose promoción dos parques naturais nestes últimos meses —de triste actualidade estes últimos días precisamente polo lume que se plantou neles—. Son un dos nosos tesouros tamén para a atracción do turismo. Polo tanto, iso tamén contribúe a fixar poboación e contribúe a darlle valor ao rural. Polo tanto, seguiremos promocionando o turismo en zonas que ata ao de agora non eran de moita afluencia turística; insisto, sempre tendo en conta que ten que ser un turismo sostible e un turismo de calidade, e non de cantidade, especialmente nestas zonas sensibles.

E respecto das diversificacións no tempo, creo que todo o mundo entende perfectamente que se trata de que a xente veña non só nos meses de verán, como dicía antes, senón tamén no resto do ano. Temos moitísimos lugares que ofrecen atractivos para vir no outono, no



inverno, e o que temos que facer é poñelos en valor. Os outonos gastronómicos medraron —por certo, están nun 4,5 % respecto do ano anterior—; é un programa relativamente novo, e é o camiño que hai que marcar. Temos moitísimos tesouros en Galicia, algúns declarados patrimonio da humanidade, como a muralla de Lugo, a torre de Hércules, os trens turísticos tamén, o programa Etapas por Galicia... Todo iso contribúe a que a xente, sen dúbida, veña a Galicia non só nos meses nos que sería máis sinxela esa promoción, como antes explicaba, senón tamén no resto dos meses. E se conseguimos de verdade desestacionalizar o turismo, conseguiremos que estas cifras de incremento se consoliden durante o ano e conseguiremos que ese 12 % de emprego e ese máis do 10 % do PIB se consoliden e sigan medrando, e aínda temos moito campo por facer.

Polo tanto, nisto estamos empeñados, e, por iso, insisto outra vez en que deberíamos todos ter claro que calquera tendencia á turismofobia que existe e que non queremos que nos chegue... A algúns failles moita graza, probablemente porque lles fan moita graza os efectos que ten noutros sitios. A nós non nos fai ningunha. Polo tanto, faremos todo o posible, a pesar de non ter o apoio —e xa se viu no debate do estado da Autonomía— dalgúns grupos políticos, incomprendiblemente, na miña opinión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da responsabilidade de dotar suficientemente as partidas orzamentarias destinadas á igualdade, así como á violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Señor Rueda, prioridade: dise da circunstancia de ter máis dereito ca outros a certa cousa ou de ser tratado antes ou con máis consideración. Iso é o que di a RAG sobre este termo.

Son centos as veces que esa palabra saíu da súa boca neste último ano, e son centos as veces que aparece escrita nos documentos dos plans de traballo da Consellería de Igualdade. De tanto repetila, debe pensar que se cumpre por si mesma. ¿Pero cal é o significado que lle dan vostedes á palabra prioridade?

Hai un método infalible para coñecer cando unha cousa se sustenta en verdadeiras intencións para un goberno e cando non, cando se converte nunha prioridade, e ese é o método dos números: canto máis alto é o número, máis prioridade; canto máis baixiño é, menos prioridade. Ano 2009: 31,2 millóns para a igualdade; ano 2016, apenas 7 millóns; ano 2009, moita prioridade. Ano 2016, pouca prioridade.

¿Saben cantos son os cartos que este goberno deixou de executar na loita pola igualdade contra a violencia de xénero dende o ano 2009? Na loita contra a violencia de xénero, é certo

que se incrementou en 2,5 millóns. O problema é que na loita pola igualdade deixaron de executarse 171 millóns de euros.

Como comprenderá, unha cifra non compensa a outra. Son 168,5 os millóns que as mulleres e os colectivos máis vulnerables de Galicia perderon nestes anos para a loita contra a desigualdade. Non é unha cifra alta; 168,5 millóns é unha cifra trágica e reveladora da actitude deste goberno polo que supón de falla de compromiso coa loita pola igualdade.

Esa é unha das cuestións que explica a urxencia da pregunta que hoxe lle queremos trasladar: coñecer o porqué desa falla de compromiso, de consideración, con esa prioridade. ¿Por que din unha cousa e cada ano cos orzamentos fan o contrario?

Hai uns días tratouse de chegar a un acordo de todos os grupos sobre unha resolución en torno á loita contra a violencia de xénero. Os grupos da oposición solicitabamos a concreción do aumento da cifra que se vai destinar no ano 2018. A realidade é que non foi posible o acordo, resistíndose vostedes a comprometer a concreción desa cifra, e esgrimiron entre outras cuestións, para sorpresa deste grupo parlamentario e desta deputada, que non existen medidas concretas para dotalas de orzamento e que estas teñen que nacer do acordo de todos os grupos. Unha clara fuxida cara adiante e un insulto a todas as mulleres e a todos os colectivos implicados nesta loita pola igualdade en Galicia.

Por iso, eu pregúntolle: ¿considera este goberno que a urxencia de dotar suficientemente as partidas destinadas tanto a igualdade como a violencia de xénero son única e exclusivamente responsabilidade deste goberno?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señora Pierres, xa lle dixemos moitas veces que unha mentira, non por moitas veces repetida, chega a ser verdade. Vostedes levan anos —e así lles vai— dicindo unha gran mentira.

Resulta que todos os orzamentos que había no ano 2009 os suman, coma se foran de igualdade, e compáranos cos que hai de igualdade agora, e, claro, dálles menos. Pero, claro, se sumamos como orzamentos de igualdade o cheque infantil, a prestación por fillas e fillos menores de 3 anos, as escolas infantís... Todo iso segue nos orzamentos. Claro, se eu lle fago esa suma, ao mellor lle cae a cara de vergonza, porque está moito máis alta con nós. Agora, vostedes sigan facendo esa comparación —que ninguén lles cre xa— e seguirá dándolles ese slogan que non vai a ningunha parte.

Eu pídlle que sexamos minimamente serios. Eses orzamentos están na Xunta de Galicia. Vostedes tiñan, como en tantas cousas no Bipartito, 200 directivos, non se poñían de acordo

e, polo tanto, o orzamento repartido, e todo o que facía a parte do BNG sumábanos e dicían que era o que non era, porque agora o temos en política social e temos máis.

Polo tanto, non sigan facendo ese cálculo, porque é para sacarlles as cores, sinceramente. Temos moitísimo máis. Afortunadamente, a economía foi medrando, mantivémonos nos anos máis difíciles e temos moito máis do que gastaban vostedes tendo moitos máis recursos.

Polo tanto, iso non lles poderá en ningún caso... Se quere falar disto en serio, que é do que veño falar eu, eu, desde logo, estou de acordo. Mire, estou de acordo tamén nunha cousa: nunca serán suficientes os orzamentos, e de nada vale facer ponencias, facer pactos, reunirnos —que iso está moi ben e de aí saen as ideas—, se despois non teñen recursos orzamentarios. Estou totalmente de acordo, pero é que os recursos orzamentarios existen, señora Pierres, existen, e, polo tanto, claro, se vostede me fai esas trampas contables e conta o que non hai que contar porque xa está noutro lado, vai ser moi difícil poñerse de acordo e falar en serio.

Polo tanto, mire, por facerlle un pequeno recordo —porque é necesario cada vez que me preguntan por iso porque parece que non o teñen claro—: 4,5 millóns de euros en axudas directas á vítimas de violencia de xénero. ¿Sabe cal é o incremento respecto do que tiñan vostedes? O 98,9 %. Vostede mesma o recoñeceu, e agradézollo, o que pasa é que todo o que dixos despois non era verdade. Esa é a única verdade que, na miña opinión, dixos na súa intervención.

No primeiro semestre do ano, 235 mulleres atendidas, o 23 % de incremento na partida de asistencia psicolóxica ás persoas que o necesitan, vítimas de violencia de xénero. ¿Sabe canto o incrementamos? 523 persoas atendidas no primeiro semestre, o 23 % de incremento, como lle dicía. Tamén 69 homes atendidos. Rede de acollemento, 162 persoas: 84 mulleres e 78 menores, tamén un incremento importante. No Programa de inserción laboral para vítimas de violencia de xénero, o 23 % de incremento, máis de 800.000 euros.

Isto é o que hai, señora Pierres, esta é a realidade. Isto é —e estou de acordo con vostede só niso porque no resto me fai cifras tramposas e cálculos que non son— o que hai que facer. De nada vale dicir que imos facer cousas, se despois esas cousas que necesitan recursos públicos e cartos non teñen respaldo orzamentario. Pero aquí resulta que si que o temos. ¿Que hai marxe de mellora e de crecemento? Por suposto. Incrementamos sensiblemente en épocas difíciles os orzamentos destinados a loitar contra a violencia de xénero e a favorecer a igualdade, iso é unha verdade. E cando hai cifras é moi difícil dicir mentiras, e, aínda así, vostedes dinas, e laméntoo moito. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Está ben que me rebata as cifras con cifras parciais, pero non coa suma total. Ten tempo, ten dous minutos para facer a suma.

Nós non dubidamos, de feito, que vostedes fagan cousas na Consellería dende a Secretaría Xeral de Igualdade; o que temos claro é que a igualdade non é para vostedes unha prioridade, son insuficientes os pasos e insuficientes as accións e as medidas postas en marcha. Os pasos cara adiante para que calen na sociedade teñen que ser profundos para todos e para todas, deixando de lado as estratexias de pequenas accións que funcionan só para encher titulares de autopropaganda para este goberno.

É súa a responsabilidade ter desantendido o que debería ser a súa prioridade. Chama a atención, ademais, que queiran pospor a dotación orzamentaria das medidas da igualdade ata acadar un acordo cos grupos da oposición, vostedes precisamente que botan abaixo neste e noutros temas cada iniciativa que lles propomos.

¿Seica non teñen medidas suficientes? Fagan un exercicio básico: collan, por un lado, o sétimo Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, 51 obxectivos, 253 medidas. Collan o primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, 87 medidas. Collan o Plan de atención integral á saúde da muller de Galicia, 26 proxectos para pór en marcha. Collan a Lei 12/20016, do 22 de xullo, para a prevención do tratamento integral da violencia de xénero. Miren os seus principios e os seus obxectivos. Collan, polo tanto, todo isto e revisen o que está por facer, que é moito. Teñen centos de accións e medidas para acometer, moitas delas xa contempladas en plans anteriores e que seguen agardando no caixón a seren postas en marcha.

Deixen de dar excusas e de botar balóns fóra. A igualdade xa non está para máis patadas nin para máis cambadelas. Comprométanse e comecen por recuperar eses 168,5 millóns de execución que se perderon na loita pola igualdade en Galicia. A só uns días de presentar os orzamentos do 2018, teñen a oportunidade perfecta para demostrar que a igualdade si é a súa prioridade. O contrario será unha decepción máis para todos aqueles e aquelas que loitan por un mundo máis igual.

Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Turno de peche, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Si, señora Pierres, vostede dime que tiña dous minutos para facer os cálculos. Xa os teño feitos. Ademais, xa sabía que... É que sempre están... Levan oito ou nove anos con estes cálculos, e insisto: así lles vai.

Mire, voulle dicir moi claramente: a Secretaría Xeral de Igualdade, á protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, no 2009, cuns orzamentos xa non lle digo canto superiores aos que nós despois tivemos que administrar, ¿saben canto dedicaban? 2.837.283 euros. No 2017, por falarlle deste ano, ¿sabe canto lle dedicamos nós? 5.204.667. *(Aplausos.)* O 83,4 % máis, señora Pierres, para que se lles caia a cara de vergonza, non porque subiran,

que está ben subir, senón simplemente por seguir denunciando cousas que non son verdade. Así non imos a ningunha parte.

Vostede agora fáleme de leis, e fai unha pregunta clarísima: ¿considera este goberno que a urxencia de dotar suficientemente as partidas destinadas á violencia de xénero e á igualdade é única e exclusivamente responsabilidade deste goberno? Non, é responsabilidade de todos, xa llo dixen. Deste goberno, e por iso aumentamos como aumentamos, en violencia de xénero, case un 100 %, e en xeral un 23,7 %, e tamén é responsabilidade do Goberno central e responsabilidade das outras administracións. Non esqueza que aquí non hai responsabilidades exclusivas en temas tan importantes.

Entón, claro, eu non entendo moi ben. Hai pouco tempo a señora Vilán me facía unha pregunta parecida, polo menos ao meu xuízo, que me dicía: ¿cre vostede que as políticas de igualdade e os principios que as que inspiran deben alumear todas as accións dun goberno? Por suposto que si, e tamén as accións con contido económico. Pero, entón, póñanse vostedes de acordo.

Pregúntame por outros gobernos. Oia, acaban de votar vostedes en Madrid, no Pacto nacional contra a violencia de xénero, a favor, ¡a favor! Póñanse de acordo, entón. Non vaia facer unha cousa a Madrid e veña facer outra aquí, porque, entón, é moi difícil poñerse de acordo. (*Murmurios.*) Xa sei que o fan, todos os días, pero eu pediríalle que para falar en serio non o fagan. Porque mire, este pacto incrementou en 1.000 millóns de euros para os próximos cinco anos as partidas para favorecer a igualdade e para loitar contra a violencia de xénero: 100 millóns de euros máis para os concellos, 500 millóns de euros máis para as comunidades autónomas, 400 millóns de euros máis para as políticas que exerce directamente a Administración xeral do Estado; o 25 % de incremento, que, por certo, é inferior ao noso 31 %...

Pero iso está moi ben, e, como está moi ben, vostedes votárono a favor. E agora vénme facer esta pregunta. Pois si, mire, estou de acordo, ten que haber respaldo orzamentario nas políticas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero, pero, entón, non entendo nin a súa pregunta nin os seus cálculos nin entendo absolutamente nada.

Vostede dixo: son máis administracións as que se deben de implicar. Totalmente de acordo. Mándelles este recado ás súas deputacións, que fan moitos actos, fan moita propaganda, pero ao final as mulleres reciben moi pouca axuda desas administracións. E hai moitas políticas que poderían ter, como hai respaldo orzamentario doutras administracións, á parte da Administración do Estado e da Xunta de Galicia, moita máis eficacia. Polo tanto, menos actos de propaganda e máis axudar a quen realmente o necesita.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a campaña publicitaria da Xunta de Galicia #*DameGalicia***

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes, señor vicepresidente.

Hoxe preguntámoslle por esta fotografía que apareceu nunha das campañas da Xunta de Galicia #DameGalicia; (*O señor Sánchez García amosa unha fotografía.*) esta foto onde aparece unha muller diante da balsa de monte Neme. Gustaríanos tamén que nos explicara como chegou a publicarse nesta campaña.

Para promocionar o turismo galego vostede expón unha foto dunha balsa de lodos tóxicos que hai case tres anos produciu un verquido de 24.000 metros cúbicos de lodos tóxicos, que non causou unha traxedia humana porque non lle cadrou, pero si que causou un impacto ambiental evidente.

Esa balsa, propiedade dunha empresa chamada Leitosa, dun sobriño de Cotino, dunha empresa relacionada coa trama Gürtel, négase a facer o plan de restauración, que custa 800.000 euros.

Esta balsa segue sen ter as medidas de seguridade axeitadas, está aberta, con taludes verticais onde poden caer persoas, e calquera día, cando cambie o réxime de choivas e haxa unha choiva tan abundante como houbo naquel momento, pode volver acontecer un accidente. ¡Oxalá que non!

Esa balsa é perfectamente o exemplo do modelo polo que vostedes apostan na Lei de fomento de iniciativas empresariais. Non sei se sabe vostede que na Lei de fomento de iniciativas empresariais vostedes modifican a Lei de minería de Galicia para darlles máis facilidades, e segundo palabras textuais, «para eliminar trabas administrativas ás empresas para dinamizar o sector».

Señor vicepresidente, este é o exemplo, porque só é unha actividade que provoca impactos ambientais e paisaxísticos moi graves e que nos deixa os pasivos ambientais a nós para o futuro. Temos que pagar nós. E este, non é un caso illado, a balsa de monte Neme. Temos as minas de San Fins, onde imos ter que comer dúas balsas que deixan as empresas que explotaron o volframio; temos Cementos Cosmos; temos Touro... É o sistema destas empresas: a especulación, deixarnos os pasivos ambientais, os impactos ambientais, as subvencións, a lasitude normativa ou a lasitude no cumprimento da normativa, que o precisan. Sen estes elementos, non hai negocio, señor vicepresidente.

Polo tanto, a nosa pregunta é se vostedes —coas leis que están aprobando, de reforzar este modelo testado, de darlles máis facilidades, de darlles máis flexibilidade a estas empresas, a través da aprobación desta lei aprobada como foi aprobada— é o futuro que queren para o noso país; un futuro onde nestas balsas do monte Neme se multipliquen propiedades de empresas estranxeiras, especuladoras, que veñen sacar os beneficios a este país, que deixan os impactos e que se van sen arreglar as desfeitas que fixeron.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.



Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, mire, voulle falar un pouco máis, nesta primeira intervención, de turismo; e na segunda, se quere, falamos un pouco máis de industria. Dígoo porque é a primeira vez que vostedes preguntan — polo menos a min, que é ao que me toca responder estas preguntas no pleno— sobre turismo, ou polo menos con algo relacionado cunha campaña de turismo que fai a Xunta de Galicia. Entendo o porqué; entendo que a razón é porque ata o de agora todo se fixo ben e, polo tanto, non hai nada que preguntar. Agora hai que preguntar porque está relacionado cunha explotación industrial.

Pero indo á parte turística, benvida sexa a súa preocupación, aínda que sexa colateral, tanxencial e non sei se realmente sincera. Benvida sexa a súa preocupación, cando acabo de respostar a unha pregunta onde dixeran — e gustaríame volver repetilo, porque supoño que iso tamén lle interesa e lle alegra, supoño, porque xa un nunca sabe con vostedes— que era o 12 % do emprego e máis do 10 % do PIB.

Mire, pregúntame vostede se esas imaxes escollidas para a campaña *#DameGalicia* pensamos que son as que representan o que pretende facer o Goberno galego coa aprobación da Lei de fomento de iniciativas empresariais de Galicia. Non, nin moito menos. Pero é que xa o deixamos claro, por iso as retiramos. Esta era unha campaña — supoño que niso estamos todos de acordo— innovadora. Ganou unha empresa, e a empresa de creatividade o que fixo foi decidir — e nós estabamos de acordo e seguimos estando de acordo en que era unha boa idea— que, para traer visitantes, ¿que mellores promotores que as propias persoas que visitan os diferentes lugares de Galicia, fan fotos, as colgan en Instagram e, polo tanto, dan fe de que eses sitios merece a pena visitalos? Oia, aquí houbo un erro, nós xa o recoñecemos desde o primeiro momento. ¡Pero é que o dixemos publicamente! A Axencia de Turismo de Galicia dixo que esa foto non debía estar colgada porque non era representativa nin do que queríamos promocionar nin estaba acorde con outras accións en materia industrial da Xunta de Galicia e por iso decidimos retirala. E fixémolo sen ningún problema e recoñecéndo. Eu creo que cando algún comete un erro, pois... ¡Oia!, aínda que sexa un erro indirecto, porque non foi a Xunta de Galicia directamente, pero é certo que lle adxudicamos a unha empresa ese cometido. Polo tanto, os filtros non funcionaron, polo menos na súa totalidade axeitadamente, e cando nos demos conta do erro recoñecémolo.

Polo tanto, eu creo que nese sentido o problema está resolto. Se vostede agora o utiliza para falar doutras cousas, pois, en fin, espero que na parte relacionada coa promoción de Galicia o teña clarísimo. Se o segue utilizando para falar de cousas que creo — na miña humilde opinión, vostede pensará o contrario— que non veñen a conto nin teñen que ver coa promoción turística de Galicia, pois, entón, vai ser moi difícil poñerse de acordo. Pero sabe que sen ningún problema a Xunta de Galicia, cando cre que hai que rectificar, rectifica sen ningún problema e non utiliza camiños indirectos nin aproveita que as cousas pasan por aí para outros fins diferentes. Espero que vostede faga exactamente o mesmo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor vicepresidente, eu non sei se vostede entendeu ben a pregunta, pero é ben sinxela: ¿é un exemplo da Galicia, que pretende o Goberno coa aprobación da Lei de fomento de iniciativas empresariais? ¡Eu creo que se entende ben! Creo que se entende ben e que non é unha pregunta precisamente sobre turismo.

Vostede di que non é a Galicia que pretenden. Vostede di que non quere que isto se xeneralice. Non quere que se xeneralice un país cheo de explotacións mineiras abandonadas, sen que as empresas afronten as súas responsabilidades para restaurar os danos que fixeron, ¿verdade, señor vicepresidente? Acábame de dicir iso. Acábame de dicir que vostedes non queren esa Galicia. Dirame que queren unha Galicia sustentable, respectuosa co medio ambiente, etc.

A pregunta era: entón, ¿por que aproba unha lei de fomento de iniciativas empresariais que disque era para competir con Portugal, e que nada ten que ver con iso, que modifica a Lei de minería para flexibilizar aínda máis as garantías que teñen que depositar estas empresas para a restauración, señor vicepresidente? ¿Vostede sabe que acaban de presentar unha autoemenda, vostedes, o Partido Popular, para dicirlles ás empresas que, se rematan a explotación, teñen un mes para traspasarlle os dereitos a outra e, polo tanto, non teñen que poñer os cartos para restaurar as zonas que explotaron? ¿Vostede sabe que acaban de flexibilizar as garantías que teñen que presentar estas empresas e que lles vale a póliza de seguros que subscriban para non facerse cargo do Plan de restauración? Precisamente o que pasou na balsa de monte Neme, que a aseguradora non quere facerse cargo da restauración, señor vicepresidente.

¿Por que vostedes, en vez diso, non fan as leis para corrixir as eivas demostradas? ¡Non queremos máis casos como este, señor vicepresidente! (*O señor Sánchez García amosa unha fotografía.*) Non queremos que os turistas veñan ver isto —isto si que é turismofobia, mandar os turistas á balsa de monte Neme—. ¡Non queremos iso! ¿Que fan vostedes para corrixir iso? En vez de dar máis garantías, redúcenlles os prazos, reducen as garantías, flexibilizan as garantías que teñen que presentar, etc.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Esa é a pregunta...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...¿por que aproban esa lei se queren...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...unha Galicia diferente da que aparece nesta foto, señor vicepresidente? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Turno de peche desta pregunta, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Si.

Señor Sánchez, vostedes, evidentemente, non o entenderon; ou si o entenderon, pero o que pasa é que non lles interesa recoñecelo. E nada desta lei. Esta lei o que pretende é facilitar a creación de riqueza en Galicia sen reducir en ningún caso ningún tipo de garantía. Xa sei que vostede non está de acordo. Oia, lexitimamente, e este goberno terá todo o dereito do mundo a intentar que os recursos mineiros se poñan en valor con todas as garantías para o medio ambiente, en primeiro lugar, e con todas as garantías xurídicas.

No caso concreto do que estamos falando —de Neme— sabe vostede todo o que pasou. A Xunta de Galicia foi a primeira que lle dixo á empresa que tiña que restaurar os danos e, cando non estivo de acordo, actuamos en consecuencia, e deunos a razón o xulgado. E unha das cousas que vai permitir esta lei, precisamente, é volver sacar a licitación eses dereitos mineiros, sacalos a concurso, e obrigarlle á adxudicataria a presentar un plan de recuperación. Esa é unha das virtudes desta lei. Iso é o que dará a garantía xurídica; é a forza dunha lei que o que busca é garantir a sostibilidade das explotacións mineiras, pero compatibilizándoas en todo momento co dereito a ter unha rendibilidade económica que cree riqueza e postos de traballo. ¿Ou acaso non estamos de acordo en que moitísima xente, moitísimos miles de galegos e galegas, viven á conta da minería e, polo tanto, a obrigación dun goberno é compatibilizar o mantemento dos recursos ambientais coa explotación económica que permita que toda esa xente siga vivindo diso? É que diso vai esta lei, señor Sánchez. Vostedes non o queren recoñecer, queren facer demagogia. Xa sei que plantexaron moitas plataformas, xa sei que están detrás de moitas iniciativas, pero ao final este goberno seguirá actuando con toda a seguridade xurídica para garantir a explotación racional dos recursos mineiros e a viabilidade económica, e sobre todo a garantía da sostibilidade medioambiental.

E, mire, xa que trae este fío, remato como empecei. Sinceramente, non me recoñeceu —e eu pensei que ía facelo— que, efectivamente —e fíxeno aquí—, se se comete un erro, a Xunta de Galicia está disposta a admitilo sen ningún problema, que é que esa imaxe non debía estar porque non era a imaxe axeitada —tendo tantas e tantas imaxes para mostrar nunha campaña de promoción de Galicia— polos problemas que ten actualmente e polas circunstancias que se están dando nesa paraxe; pero fixémoslo sen ningún problema. E querer mesurar iso para falar doutras cousas, sinceramente, creo que por aí non imos a ningunha parte. Podemos discutir de diferentes opcións políticas ou de diferentes puntos de vista políticos sobre unha iniciativa económica, de acordo, pero facer demagogia e plantexar unha oposición frontal a unha lei que aínda se está debatendo e que vai traer recursos, iso simplemente non leva a ningunha parte e deixa a moita xente probablemente sen o seu medio de vida,

sen o seu sustento. E xa verá como outra vez a súa actitude non lles dará a razón, cando a xente teña que opinar, e aínda que moitas veces non se diga, a xente está de acordo coas cousas que se fan dende unha administración racional, explicando as cousas e non cedendo a presións que pouco teñen que ver co que finalmente se está defendendo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Todos cometemos erros, iso é a verdade, ata eu. (*Murmurios.*) Ou sexa que por iso...

**Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto social, ambiental e paisaxístico que tería a execución do proxecto de creación da área deportiva das Costeiras, no concello de Baiona**

**O señor PRESIDENTE:** Don Marcos Cal, cando queira.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

En primeiro lugar, quixera saudar os veciños e veciñas de Baiona, principalmente da parroquia de Baredo, que están loitando e mobilizándose para defender o seu monte comunal, como o fixeron esta fin de semana, cando o lume se achegaba a Baiona e estiveron protexendo o seu monte. Conseguiron protexelo do lume, pero teñen enriba neste momento outra ameaza: o alcalde do Partido Popular de Baiona, sen ter falado coa veciñanza de Baredo —que sería a que está máis afectada por esta megaobra—, plantexa executar unha área deportiva nos montes comunais de Baredo que conta co total rexeitamento dos veciños da parroquia, que serían os principais afectados. Hai indicios máis que razoables de que o complexo deportivo afectaría a súa rede de subministración de auga, que depende de 20 mananciais, xa que Baredo non está conectado á traída municipal. De saír a adiante este proxecto, veríase tamén moi afectada a flora e fauna do lugar. Neste senso, a veciñanza tamén amosa especial preocupación pola afección que tería a cabana gandeira, poñendo en risco o medio de ingresos de moitos veciños e veciñas.

Outro dos problemas que existen ten que ver coa utilización dos agroquímicos que se empregan neste tipo de instalacións, que provocarían danos á saúde, contaminando as augas superficiais ao filtrarse na terra, así como a contaminación volátil, debido á situación escollida: xusto enriba do núcleo de poboación, onde viven máis de 1.000 persoas. E tamén debemos advertir afeccións do patrimonio e tamén sociais.

De seguir adiante con este plan, a comunidade de montes afectada enfrontaríase a unha expropiación sen posibilidades de oposición de 700.000 metros cadrados de terreo, que son un baluarte en Baiona e que pasarían de estar en mans da cidadanía a mans privadas para realizar operacións especulativas que nada benefician a cidadanía. Estamos falando dunha usurpación de espazo comunitario para facer negocio privado.

Nun contexto no que a crise medioambiental e a seca constitúen un dos principais problemas aos que nos enfrontamos, parece que a construción dun campo de golf nunha provincia na que xa existen oito non é unha necesidade pública; a flora, a fauna e a auga si que o son. Danar a biodiversidade tanto na flora como na fauna, realizar desmontes, alterar concas e cursos dos mananciais, altísimos consumos de recursos hídricos ou contaminación dos mananciais e o aire pola utilización de agroquímicos son algunhas das consecuencias directas que tería no ecosistema do lugar e na vida destas persoas.

Dende de En Marea entendemos que unha obra semellante non pode levarse a cabo en contra do criterio das persoas afectadas do lugar e sen unha análise rigorosa dos posibles riscos ambientais, paisaxísticos e hídricos, así como sen un informe serio que sustente a declaración de necesidade pública que poida xustificar a usurpación destes terreos comunais por parte do Partido Popular.

Por este motivo, polas implicacións medioambientais, paisaxísticas, de saúde pública e de xestión de recursos hídricos, nun contexto de escaseza...

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta, por favor.

**O señor CAL OGANDO:** ...laborais e sociais, formulámoslle a seguinte pregunta, que é: ¿como valora o Goberno da Xunta o impacto social, ambiental e paisaxístico que tería a área deportiva das Costeiras, no caso de levarse a cabo? Pedímoslle unha valoración, non que nos diga...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** ...se é legal ou non é legal. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Señor Cal, eu tamén me sumo ao saúdo especial que fai aos veciños do concello de Baiona, e tamén tendo a oportunidade de darlles un agradecemento expreso e un recoñecemento expreso polo traballo que nestes días fixeron contra os lumes.

Señor Cal, este é un goberno —como o deberían de ser todos, obviamente— que segue a lexislación e que fai cumprir a lexislación vixente. Iso do que vostede falaba na súa intervención, apelando aos informes serios, aos informes rigorosos, e, evidentemente, esa seriedade e ese rigor quen os marcan son as leis, e ninguén está por riba das leis.

Neste caso, ao principio guiámonos, nesta tramitación da avaliación ambiental estratéxica, dun plan especial de dotación de infraestruturas, que, como ben sabe —supoño que vostede;

eu estou convencida de que os veciños si que o saben—, se trata dun plan especial que xa está incluído no PXOM de Baiona.

É unha zona para desenvolver, efectivamente, unha área deportiva, que ten que ser —e así o di o PXOM, que é o Plan xeral que foi aprobado no ano 2014— compatible cos valores naturais do ámbito ordenado. Nesta zona débese garantir —que é o cumprimento que debemos facer dende a Consellería de Medio Ambiente— unha integración ambiental e adoptar as medidas previstas para reducir, eliminar ou compensar calquera posible efecto negativo que haxa sobre o medio e mesmo tamén sobre a paisaxe.

No PXOM tamén se indica que o dito plan especial debe conter unha avaliación ambiental estratéxica, o estudo da utilización dos seus recursos hídricos e, por suposto, minimizar a posible interferencia que ten na paisaxe. E, como xa lle dixen, este proxecto atópase actualmente en trámite de avaliación ambiental ordinaria, que, fronte á simplificada, é a que permite a presentación de alegacións e sobre todo a que inclúe informes medioambientais moitísimo máis completos e que lle dan máis garantías a toda a tramitación.

A cronoloxía foi que en xuño do 2015, o Concello —que é quen ten a competencia de liderar este tipo de proxectos; non a Consellería, o Concello neste caso— comunica o inicio da tramitación do Plan especial ás Costeiras. Nese mesmo mes, trasladámoslle o documento de alcance dende a Consellería e nel determinábase o grao de especificación que debe ter o estudo ambiental estratéxico do plan.

En xuño do 2017 o Concello aproba inicialmente este plan, abrindo un período de información pública, que, se non me equivoco, creo que aínda está aberto —digo creo porque pode estar pechado, pero, se está pechado, está recentemente pechado—. Ao mesmo tempo, remítese á Consellería de Medio Ambiente, e solicítase un informe sobre o documento do plan. En agosto emitimos o informe solicitado, sinalando nel as cuestións que se precisan que deben ser incluídas e que deben ser contempladas para garantir a sustentabilidade, que son que debe quedar garantido —é o que lle pide esta consellería nun informe ao Concello— o abastecemento de auga, saneamento e xestión de augas para todo o mundo, incluídos os veciños, evidentemente...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** ...que se deben facer os mínimos desmontes e terrapléns e que se debe respectar a circulación de fauna.

Continúo logo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Cal.



**O señor CAL OGANDO:** Ben, señora conselleira, vostede fala de seriedade e rigor. Eu non sei se vostede —imaxino que si— viu o proxecto. O proxecto parte de moitísimas incorreccións e de falsas situacións e, polo tanto, non está feito con seriedade e con rigor.

O proxecto parte dunha suposta necesidade pública por un incremento da poboación e utiliza datos do 2011, que é no momento en que Baiona comeza a perder poboación. É unha triquiñuela que se fai para xustificar algo que non ten xustificación, e vostede non dixo nada.

Eu pedinlle unha valoración. Vostede é a conselleira de Medio Ambiente. Díxenlle que non me diga se é legal ou non, que é o que fixo vostede, dar unha cronoloxía e dicir o que é legal e o que non. Eu pido unha valoración da conselleira de Medio Ambiente do que é unha tremenda agresión medioambiental. Estamos falando da usurpación de 700.000 metros cadrados, dun baluarte en Baiona, dunha zona de alto valor paisaxístico, de alto valor ambiental, que contén os mananciais de auga dos que beben 1.085 persoas e que a utilizan para uso doméstico. Non estamos falando de nada menor. Pídlle que diga cal é a súa valoración nun contexto de cambio climático, nun contexto de seca, que tamén alimenta os lumes que xa vivimos esta fin de semana. Sabemos que é un problema de enorme gravidade. E nesta zona estaríanse usurpando recursos hídricos ao campo.

Estas instalacións calcúlase que poderían consumir en torno a 500.000 metros cúbicos de auga ao ano, o que é unha auténtica barbaridade no contexto no que nos atopamos. O que temos que protexer é a auga, o que temos que protexer é o medio ambiente e un espazo para as veciñas. Ese espazo segue sendo para as veciñas e non para que se constrúa un campo de golf, que é o paso previo para unha recualificación, para facer unha urbanización, porque non hai ningunha necesidade dun campo de golf. Hai oito campos de golf na provincia de Pontevedra e trinta campos de golf en Galicia, e a maioría deles son deficitarios. Polo tanto, non se sustenta que haxa unha necesidade de construír un campo de golf...;

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CAL OGANDO:** ...aquí hai unha operación especulativa detrás...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** ...hai unha agresión medioambiental e pídlle á conselleira de Medio Ambiente...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

**O señor CAL OGANDO:** ...que dea unha valoración do que suporía...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, xa está entendido.

**O señor CAL OGANDO:** ...esta obra medioambientalmente. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Turno de peche, señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Señoría, ¿pero vostede cre que as opinións ou as valoracións son as que quedan? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Cre vostede que un goberno cando valora e opina xa está? ¿Ou cre vostede que, cando a un goberno lle entra un expediente, o que ten que facer por rigor, para non prevaricar, é tramitalo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A vostede, como vostede entenderá, eu creo que a miña opinión non é o que lle importa; polo menos aos veciños estou convencida de que non é o que lles importa. Eu o que teño é a responsabilidade —que por iso son goberno; ademais de deputada, son goberno— de seguir tramitando os expedientes cando entran. Hai un goberno das Mareas no Concello da Coruña que precisamente di que non, que se os expedientes entran, igual non se tramitan. E hai tamén un grupo político que di que as leis se poden cumprir *a depende* se se consideran xustas. A eles o que lles teño que dicir, señor Cal, é que, como haxa —e que lles quede a garantía— un só informe medioambiental negativo, ese expediente non vai saír para diante. Non por eles, senón porque así se fai, porque así o fan os técnicos da Consellería de Medio Ambiente. Sempre os expedientes entran, trámitanse e respóndese co máximo rigor a todos os informes medioambientais e paisaxísticos que se precisan neste informe.

E, outra cousa, non adiantemos e non soliviantemos máis do suficiente, porque a día de hoxe aínda non recibimos dende o Concello as alegacións estudadas e avaliadas pola súa parte; é dicir, aínda terá que vir aquí, á Xunta de Galicia, o informe que diga dende o Concello se as alegacións que teñen presentado estes veciños están aceptadas ou non, porque igual están aceptadas e xa non temos máis que falar, señor Cal.

Polo tanto, imos deixar seguir a súa tramitación, que é o que fan os gobernos serios, que é o que fan os gobernos responsables, e non fale de valoracións e de opinións; non tente confrontar unha vez máis o Goberno da Xunta cos veciños. Eles saben perfectamente o que fai o Goberno da Xunta de Galicia, que é tramitar con rigor, e seguiremolo facendo, porque detrás deste papel pode que non haxa nada, pero detrás do papel que presenta un concello na Xunta de Galicia hai un técnico que firma e hai unha responsabilidade. E o que non lle vai pedir vostede, señor Cal —eu, dende logo, non—, é que faga ningunha prevaricación ao respecto.

Polo tanto, prudencia; xa non digo tranquilidade, prudencia. E o que si que digo é: se hai un só informe de augas, de medio ambiente, de paisaxe..., do que sexa, negativo, ese informe é suficiente para non aprobar a autorización ambiental dese expediente.

Esta Xunta non é a que valora se é necesario ou non un campo de golf en Baiona, é unha iniciativa competencia do Concello desenvolver un plan especial, non da Consellería; a Consellería o único que fai é tramitar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie nos concursos de solo empresarial**

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Boas tardes, señor presidente.

Señora conselleira, hai algo máis de dous anos e medio iniciou a Xunta de Galicia, a través da consellería que vostede preside, unha serie de procedementos, de bonificacións, na venda de parcelas en solos industriais en Galicia que dependen da consellería que vostede dirixe.

A maiores, no ano 2015, en decembro, engadiuse a esta promoción e a estas bonificacións na venda de parcelas que ía e segue estando actualmente en vigor —eran entre o 50 % e o 30 % do prezo inicial de venda— a posibilidade de adxudicación de terreos industriais en dereito de superficie. Daquela falábase inicialmente de dous millóns de metros cadrados, cando se aprobou hai case dous anos o dereito de superficie, e hai uns meses sacaba Xestur unha iniciativa a maiores de algo máis dun millón de metros cadrados que se incorporaba a ese grupo de metros cadrados que había antes de parcelas, a ese número de parcelas en venda.

A día de hoxe nós, polos datos que hai na prensa, incluso ás veces nas súas comparecencias, temos entendido que foron eu diría que un éxito importante estes programas sacados e levados a cabo pola Xunta de Galicia.

A nosa pregunta é moi sinxela. Queriamos saber, ao longo destes máis ou menos dous anos e medio que leva en marcha todo este proceso de iniciativas, cal é o balance que fai a consellería que vostede dirixe sobre estas medidas que se levaron a cabo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, señoría.

Grazas, presidente.

Señoría, efectivamente, os distintos departamentos do Goberno galego con competencias na materia están a traballar intensamente para ofrecer medidas encamiñadas a ofrecer solo empresarial en vantaxes competitivas, para crear emprego, para crear riqueza e para desenvolver a actividade económica. Estamos a falar de diferentes medidas. Temos claros exemplos: a nova medida fiscal anunciada polo presidente da Xunta no debate do estado da Autonomía, consistente na eliminación do imposto sobre actos xurídicos documentados para quen queira mercar solo industrial en Galicia; tamén o acordo asinado a semana pasada entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para facilitar que os concellos galegos outorguen incentivos fiscais a esas

empresas que queiran apostar por Galicia e implantar as súas iniciativas empresariais en Galicia; e tamén a recentemente aprobada —onte— Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, para favorecer a actividade económica, favorecer o emprego e favorecer a captación de novos investimentos que queiran apostar por Galicia. É unha lei que significa simplificación administrativa, reducindo prazos administrativos para implantar as empresas no solo galego, novos programas de incentivos a estas empresas, como pode ser o pagamento aprazado, e actuacións, polo tanto, para ofrecer as máximas facilidades ás empresas que se decanten por Galicia para implantar a súa iniciativa empresarial.

Estas iniciativas véñense a sumar ás que temos implantadas desde hai tempo, desde o ano 2015. Son as bonificacións de prezo de venda de solo empresarial, as bonificacións de entre o 30 % e o 50 % do prezo do solo, e tamén a adxudicación do solo en dereito de superficie.

Polo tanto, non só poñemos solo empresarial ás empresas, senón que o ofrecemos nas condicións máis vantaxosas para que as empresas poidan competir e poidan ofrecer dinamizar a economía e tamén crear emprego en Galicia. Estamos a falar dun plan de abaratamento de solo industrial que empezou, como dicía, no ano 2015, onde empezamos a realizar os primeiros concursos tanto de Xestur e do IGVS e as rebaixas de entre o 30 % e o 50 %. E temos que dicir que realmente foi un éxito este plan de bonificacións implantado dende o ano 2015. Adxudicamos 870.000 metros cadrados de compra-venda, con bonificacións de 30 millóns de euros, e coa nova fórmula de dereito de superficie, que é un alugueiro simbólico con dereito a compra, que poñemos á disposición do solo, a 90 céntimos/metro cadrado, 132.000 metros cadrados.

En total, en dous anos e medio adxudicamos máis dun millón de metros cadrados de solo empresarial da Xunta de Galicia. Polo tanto, 1 de cada 3 metros de solo empresarial propiedade da Xunta témolo adxudicado. Dende logo, é un éxito este plan de bonificacións implantado pola Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Grazas, señora conselleira.

Permítame felicitar a todo o seu equipo por estas iniciativas e, de feito, eu son de Lugo, como vostedes saben, e alí temos un polígono, que é o polígono coñecido como o polígono das Gándaras, ao que hai que dicir que estas iniciativas desde logo lle viñeron moi ben. Hai un éxito importante dunha serie de empresas que xa están instaladas e funcionando, e outras sabemos e somos coñecedores de que están a punto de instalarse.

Gustaríame, dado que, como dixen, son de Lugo, que se puidera me aportara algún dato, non só do polígono das Gándaras, senón doutra serie de polígonos, especialmente daqueles que tiveron unha maior aceptación con estas medidas.

Somos conscientes de que estas medidas de bonificacións, estas distintas bonificacións, afectaron practicamente todo o solo de titularidade do que é a Consellería, é dicir, a Xunta

de Galicia, pero somos tamén coñecedores de que, en concreto, neste polígono ou, por exemplo, no de Carballo, no de Bértoa, ou noutra serie deles, se chegou ata o 50 % desas bonificacións, e, loxicamente, o éxito si que foi moi importante. Desde logo, como deputado de Lugo si lle dou as grazas por ese esforzo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Turno de peche, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señor Castiñeira, dende o Goberno galego estamos a traballar para que as empresas se decanten por Galicia, para dar as máximas facilidades aos emprendedores e que instalen aquí as súas empresas.

Como dicía ao principio da miña intervención, foron un millón de metros, máis dun millón de metros cadrados, os adxudicados dende o ano 2015 dende que temos iniciado o plan de investimentos; investimentos que xeraron, dende logo, postos de traballo e tamén investimento inducido: 720 millóns de investimento inducido grazas a este máis de millón de metros cadrados adxudicados e creación de 24.000 postos de traballo, 24.000 empregos. O certo é que entregamos este solo e adxudicamos este solo empresarial coas condicións de que en tres anos as instalacións estean construídas e tamén con licenza. O balance que temos que facer deste máis dun millón de metros cadrados adxudicados de solo industrial é que nestes momentos 40 empresas xa teñen rematada a súa construción e están funcionando, 36 teñen as obras iniciadas, 17 contan xa con licenza ou está solicitada ou concedida e 134 están redactando os proxectos correspondentes.

Estamos a falar, facendo un balance, de que os parques empresariais con maior dinamismo dende logo que son o polígono de Bértoa e o polígono das Gándaras, en Lugo. No parque empresarial de Bértoa están adxudicados 156.000 metros cadrados, con bonificacións de preto de 5,4 millóns de euros; no parque das Gándaras, 144.000 metros cadrados adxudicados, con bonificacións de 7,7 millóns de euros. O certo é que temos declarado un proxecto singular a unha empresa de bricolaxe con 25.000 metros cadrados adxudicados na segunda fase.

A última adxudicación, tamén de solo empresarial, no último consello de administración de Xestur —hai menos dun mes— é tamén significativa: 113.500 metros cadrados adxudicados en Bértoa, As Gándaras, Morás e A Sionlla; 106.000 deses metros cadrados, en Morás, adxudicados en dereito de superficie a Aluman. Unha única adxudicación, polo tanto, en Morás, que o sitúa como un dos últimos parques empresariais onde vendemos máis solo; sen olvidar, por suposto, a formalización do contrato con Finsa na Sionlla, con 205.000 metros cadrados.

Polo tanto, eu creo que son bos resultados, unha boa nova. Seguiremos traballando para que as empresas se decanten por Galicia. Si que e unha boa nova máis dun millón de metros ca-

drados adxudicados dende o ano 2015. Hai que seguir traballando para que as empresas se decanten por Galicia, crear actividade económica, crear emprego e tamén, sobre todo, revitalizar a economía aquí en Galicia.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Francisco Casal Vidal, do G. P. de En Marea, sobre o grao de execución orzamentaria actual no referido ao número de solicitudes aprobadas, así como ao importe total adxudicado, das partidas correspondentes ao ticket eléctrico, destinado a axudar as familias ao pagamento das facturas da luz, así como no referido ás axudas urxentes de tipo social para evitar cortes na subministración de luz e gas a consecuencia do non-pagamento de recibos**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Francisco Casal, do Grupo Parlamentario de En Marea.

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

No ano 2016 dotaron vostedes o ticket eléctrico para axudar as familias a pagar o recibo da luz con 2,1 millóns de euros, e dotaron tamén con 600.000 euros as axudas urxentes para poder pagar recibos pendentes atrasados e evitar así os cortes de luz.

A Rede Europea de Loita contra a Pobreza estima —hai unha semana que sacou o informe— que en Galiza hai en torno a 700.000 persoas en risco de pobreza. Pois a realidade é que no 2016 só 2.200 persoas solicitaron o ticket eléctrico; e 1.000 persoas, as axudas urxentes para evitar os cortes de luz. Máis do 80 % do orzamento quedou sen executar. Vostedes despois gastárono, segundo parece, en iluminar a Cidade da Cultura.

Vostede aquí no pleno deixou claro que, evidentemente, isto non era normal, e, se había 700.000 persoas en risco de pobreza enerxética e só 2.200 pediran o ticket e 1.000 as axudas, recoñeceu que ao mellor o problema era de tramitación, de condicións; polo que todo iso se ía solucionar e se ían ampliar as características da orde para que puidera ter unha amplitude moito maior e para moita xente. A realidade é que publicaron a orde de 2017 e non cambiaron nin unha coma. Bueno, si, cambiaron unha coma. En vez de mellorar a posibilidade de que a xente accedera a estas axudas, puxeron unha coma, unha coma que supón reducir ao 56 % o orzamento do 2016. ¿Como é posible que, en vez de dedicar unha hora, ou dúas, o seu equipo a facer unha orde moito máis axeitada, o que fagan é, directamente, como a xente non o pide, quitar o diñeiro, sabendo, como vostede xa recoñeceu aquí, que a xente non o pedía porque a tramitación era exclusivamente electrónica, e era para xente que non ten para pagar o recibo da luz? É verdade que despois se di que «se poderá facer unha presentación telemática asistida por un funcionario», por un funcionario que ten que ser dunha delegación da Consellería de Industria. Ou sexa, que unha pensionista do Barco de Valde-



rras, para conseguir unha axuda en torno a 200 ou 250 euros, ten que trasladarse a Ourense para que un funcionario lle tramite a axuda de maneira telemática asistida.

E, se non o cren os señores deputados e as señoras deputadas, entren na páxina do tícket eléctrico a ver se vostedes mesmos, xente cun certo nivel de coñecemento tecnolóxico, pasan da primeira páxina. É practicamente imposible para unha persoa que non estea moi dotada en técnicas de xestión electrónica pasar só da primeira páxina. Esta é a realidade.

E a solución parece que foi reducir o orzamento en vez de mellorar as condicións, en vez de que a tramitación fora a través dos servizos sociais...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** ...o que é normal neste tipo de axudas.

Tendo en conta isto...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo. Está entendida xa, porque vai sobre o tícket eléctrico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, si, entendino eu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdoe, eu teño que xestionar o tempo de todos. Vostede xestiona o seu pero eu teño que xestionar o de todos. *(Aplausos.)* ¿Enténdeme? Isto é o complexo do asunto.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, o que dixen nesta Cámara segue vixente. E o que dixen exactamente foi que este Goberno é consciente de que a pobreza enerxética é unha prioridade e que este Goberno tamén é consciente, loxicamente, de que hai unha marxe de mellora; e que trasladamos o compromiso de que, unha vez que se defina o novo marco xeral do Estado, teremos que traballar sobre como podemos adaptar as medidas que temos en Galicia ao desenvolvemento do Real decreto lei 7/2006, ao que vostedes, por certo, votaron en contra. Iso está reflectido no *Diario de Sesións* do pasado 8 de febreiro.

Señor Casal, ese novo marco xeral, ao que eu aludía, foi publicado no *Boletín Oficial do Estado* do día 7 deste mes de outubro. E nel establécense tres categorías do consumidor vulnerable e tamén cales son as medidas de protección para cada unha delas. Creo que ese é o marco onde temos que traballar, porque loxicamente aí —en colaboración entre as diferentes administracións, a Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica e tamén as administracións locais—, temos que desenvolver todo un marco de axudas para que se poida mellorar, loxicamente, non só o acceso senón tamén as diferentes medidas que permitan loitar contra a pobreza enerxética.

E neste sentido tamén nesa intervención trasladei a importancia de que se puideran trasladar propostas no marco da tramitación da iniciativa lexislativa popular de loita contra a pobreza enerxética —que, como sabe, o prazo aínda está aberto para a presentación de emendas—.

Polo tanto, señor Casal, creo que estamos no marco axeitado, precisamente, para asentar as bases do noso futuro sobre o maior consenso posible e, sobre todo, para mellorar a situación da pobreza enerxética en Galicia. Vostede sabe perfectamente que, un ano máis, non só no ano 2016, senón que tamén neste ano 2017, todas as solicitudes que cumpren os compromisos están sendo admitidas, absolutamente todas. E sabe perfectamente que a tramitación ten que ser garantista. Por iso é telemática. Pero tamén sabe que se está desenvolvendo coa máxima atención. O 70 % de todas as axudas estanse tramitando nas cinco delegacións territoriais, pero tamén contamos coa colaboración de Cáritas, contamos tamén coa colaboración da Cruz Vermella, e estamos facendo toda unha tramitación con transparencia e coa máxima axilidade. De feito, as axudas para evitar os cortes de subministración estanse resolvendo mensualmente.

Polo tanto, creo que hai un marco axeitado de axudas e un marco axeitado de tramitación. Pero loxicamente hai marxe de mellora. E no contexto da iniciativa lexislativa popular...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** ...creo que entre todos podemos establecer esa mellora para os cidadáns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Réplica, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Grazas, señor presidente.

Como non me deixou concretar a pregunta, por iso o conselleiro non respostou a pregunta. Pregunteille canto fora a execución desas partidas orzamentarias e non contestou. Pero a verdade é que teño que utilizar este turno, este minuto con corenta e cinco que me queda, para facer un rogo de humanidade ao señor conselleiro. Ademais, quero que sexa unha pequena homenaxe a Marcelino, o home que morreu abrindo as súas cuadras para poder salvar os seus animais, e a cadela de Chandebrito que buscou e buscou a súa cría, que, aínda que estaba carbonizada, a encontrou e levou para casa.

O que lle rogo, señor conselleiro, é que mañá traslade ao Consello da Xunta a traxedia que está a pasar nos montes de Galicia cos animais. Miles deles morreron, pero tamén miles vagan feridos, queimados, desorientados, perdidos... Recordaríalles que é verdade que hai que dar prioridade aos problemas de seguridade das persoas, pero que non podemos olvidarnos desa parte fundamental do que é o país galego, do que é fundamental na nosa idiosincrasia como persoas do país galego, da nación de Galicia, que é a relación cos animais. Non se olvide dos animais.

Como non se podía tramitar unha PNL tan rápido —rexistrámola hoxe—, dámoslles aí ideas, que non son nosas, son ideas de todas as protectoras e as asociacións animalistas de Galicia, de como poder actuar.

Porque hai que actuar de maneira inmediata; sobre todo, porque hai un risco. Estes días están chegando a Galicia decenas de voluntarios. E a previsión é que na fin de semana cheguen miles de voluntarios para entrar nos montes de Galicia a alimentar e a recuperar os animais. Iso xa está pasando esta tarde e onte pola tarde. Ese é un risco enorme, é unha irresponsabilidade deixar a xente que non ten experiencia tentar facer iso. Hai que ordenar iso e rógolles que o teñan en conta porque non pode ser que xente sen experiencia e sen ter instrucións claras dos responsables, como poden ser os axentes forestais...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Por iso lles pido, por favor, que mañá falen de problemas materiais, dos danos para as persoas...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo, señor Casal. Terminou o seu tempo.

**O señor CASAL VIDAL:** ...pero tamén dos danos aos animais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Resposta, se procede, señor conselleiro, aínda que non foi exactamente sobre a cuestión do ticket eléctrico. (*Fortes murmurios.*)

Non, non, ¡silencio!, estou falando eu. Agora vai respostar o conselleiro e xa está, trámite normal. ¡Tranquilidade absoluta, por favor! Estamos rematando xa.

Señor conselleiro, cando queira.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, a verdade é que a esta nova técnica parlamentaria de escribir unha pregunta e de vir aquí ao pleno e falar do que lle pete pois non estou moi acostumado. En calquera caso, como a pregunta está, efectivamente, por escrito, aínda que parece que vén aquí falar do que lle peta, pois eu intentarei remitirme ao rigor parlamentario, cousa que vostede lamentablemente non está a facer.

En calquera caso, tampouco veña a este pleno a intentar dar leccións nin de sensibilidade nin de humanidade, aconséllollo. Porque este Goberno claro que é perfectamente sensible e está seguindo polo miúdo todos os impactos que se están a producir, lamentablemente, pola vaga de lumes que se produciu esta fin de semana. E loxicamente hai unha preocupación polas persoas, unha preocupación polos animais, polos bens. En definitiva, hai unha preocupación por Galicia. (*Aplausos.*)

En calquera caso, como vostede na súa pregunta por escrito, que non na intervención oral, me preguntaba polo ticket eléctrico social, efectivamente sabe que estas axudas son dobres. Son axudas para o corte de subministración e tamén para a súa posta en marcha, para axudar ao pago da factura. Son preto de 12.000 familias, señor Casal, 12.000 familias con nomes e apelidos, que se beneficiaron tanto das axudas do ticket eléctrico como das do corte de subministración. E beneficiáronse porque hai un marco garantista e porque hai todo un soporte, dende o punto de vista administrativo, de axuda á súa tramitación que está permitindo que estas 12.000 familias se beneficien das axudas.

Dende o ano 2014 foron 7.500 familias as que se beneficiaron do ticket eléctrico, das cales 2.543 foron neste ano. E as axudas por corte de subministración chegaron a 4.447 fogares entre 2016 e 2017, e a 3.383 no que levamos de ano. E sabe tamén que esta cifra se pode incrementar, porque o prazo para solicitar as axudas que evitan os cortes de electricidade e gas tamén está aberto ata mediados de decembro.

En definitiva, Galicia foi pioneira na activación de medidas para os consumidores máis vulnerables. Galicia segue atendendo as necesidades das familias máis necesitadas, non só dende o punto de vista eléctrico senón tamén a través da Axenda Social de Galicia. E loxicamente seguiremos a traballar.

E creo, señor Casal, creo, que temos entre todos que adoptar todas as medidas que permitan garantir que aqueles que estean nunha situación de risco de exclusión social poidan ter asegurado tamén o servizo de subministración eléctrica e a gratuidade do consumo mínimo. Iso é o que marca o real decreto...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):**... aprobado polo Goberno e iso é o que todos temos que traballar no marco da iniciativa lexislativa popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz, e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición da Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura da mina de cobre a ceo aberto de Touro**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don José Luis Rivas Cruz, do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

De 1973 a 1986 explótase a ceo aberto unha concesión mineira de 600 hectáreas nos concellos de Touro e O Pino. Esta actividade mineira produciu unha degradación ambiental da zona e púxose de manifesto na contaminación por metais pesados e pola acidez das augas dos ríos Pucheiras e Brandelos.

Finalizada a actividade, o problema agrávase polo almacenamento neste espazo de todo tipo de lodos industriais, entullos, refugallos e cinzas. O fedor é insoportable na contorna.

No 86 cesa a actividade mineira sen que se efectúe ningunha restauración ambiental e paisaxística. ¿Sabe o señor conselleiro o uso que lle deu o goberno do seu admirado presidente Fernández Albor á fianza de 300 millóns de pesetas para a restauración? ¿Houbo algún tipo de requirimento á empresa para que deixase aquilo como correspondía? Non.

Agora, neste pasado agosto, o propietario actual dos terreos e da concesión mineira solicita a reapertura con pretensión de seguir explotando os mesmos xacementos máis outros colindantes: 689 hectáreas das que só un 30 % corresponden a terreos xa afectados pola explotación anterior. Vai afectar case 500 hectáreas de terreos agrícolas e forestais nunha zona que conta coa explotación gandeira posiblemente máis dimensionada do país, e con industrias de transformación de renomeado prestixio.

Pero o que máis nos amola e nos alarma é a megabalsa mineira de 126 hectáreas de extensión, cun muro de 80 metros de altura e 2 quilómetros e medio de lonxitude, que almacenará estériles altamente contaminantes. Tamén vai contar cunha escombreira de material xerador de acidez de 48 hectáreas de superficie.

Esta balsa reduce a poboación de Arinteiro á mínima expresión, e condiciona o seu futuro con este depósito de contaminación, que sería unha case eterna ameaza, e tamén coa eliminación dos mananciais imprescindibles e dos que se senten tremendamente orgullosos.

Non se contempla no proxecto ningunha compensación económica que amorteza minimamente os impactos negativos que se van producir tanto na fase de explotación, polos efectos propios do proxecto mineiro, como na fase posterior, como resultado da eliminación de 500 hectáreas de solo fértil e da depreciación económica que sufrirán todos os inmobles, construcións e terreos adxacentes.

Pero o máis duro de dixerir, señor conselleiro, é o feito de sentir no máis fondo das nosas conviccións que nos están tomando o pelo, porque estamos a falar dunha riqueza deste territorio que pertence a unha sociedade que non vai desfrutar dela; aínda ben, pola contra, imos quedar coa contaminación, coa depreciación da comarca, cos estériles ácidos almacenados *per secula seculorum*. E as empresas van levar, nesta primeira fase, 350.000 toneladas de mineral de cobre, cun 27 % de riqueza, que nin sequera se vai transformar no Estado, vai ser subastado e mandado en barco a outros países que logo nos van vender o cobre, o produto finalizado.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas. Ten outro turno despois.

Resposta do conselleiro de Economía e Emprego.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, se o Bloque Nacionalista Galego quere falar en serio de minería, este Goberno está a favor. Se o Bloque Nacionalista Galego quere facer demagogia e ideoloxía coa minería, creo que este non é o lugar axeitado, dígollo sinceramente. E dígollo porque vén aquí a esta Cámara a lanzar cifras ao chou, vén aquí a dicir que lle estamos tomando o pelo á xente. E eu o que lle veño a dicir, sen ningún tipo de acritude, é que este Goberno está coa lei. Vostede, seguramente, quérese situar á marxe da lei. Pero este Goberno está respectando a lei e respectando tamén, señor Rivas, os veciños e veciñas de Touro e do Pino, as dúas cousas.

E dígolle isto porque vostede sabe perfectamente que a aprobación de calquera proxecto mineiro, calquera, ten que respectar as garantías dende o punto de vista urbanístico, dende o punto de vista medioambiental e dende o punto de vista das técnicas de explotación que se requiren; unhas garantías, señor Rivas, que son exactamente as mesmas, exactamente as mesmas, que vostedes, o Bloque Nacionalista Galego xunto co Partido Socialista de Galicia, estableceron no ano 2008 coa Lei de ordenación da minería.

Señor Rivas, estamos aplicando a súa lei, que é a lei de todos porque nos obriga a todos, e obriga tamén a este Goberno. Polo tanto, a miña pregunta é: ¿por que vén a este Parlamento a crear alarma social? ¿Por que, se vostede sabe perfectamente que esta lei está en tramitación, sabe perfectamente que hai que emitir 14 informes sectoriais e sabe perfectamente que se presentou toda unha serie de alegacións que nestes momentos se lle trasladaron á empresa para que aclare todos os aspectos vinculados a este proxecto? ¿Por que vén aquí a tomar posición dende un punto de vista dun partido político? ¿Por que?

Hai unha lei que temos que cumprir, que nós temos que cumprir e que vostedes, como grupo político, deberían respectar; entre outras cousas, porque, ademais —insisto—, é unha lei que aprobaron no ano 2008 vostedes.

Polo tanto, creo que debería deixar ao lado os seus prexuizos coa minería. Se están en contra da minería, dígano, dígano claramente e vaian ás 7.000 familias que en Galicia viven da minería. Díganllo a todos, aos 7.000, porque parece, señor Rivas, que o Bloque Nacionalista Galego só está a favor cando goberna; pero, cando está na oposición, está en contra da minería. Iso non é moi rigoroso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Eu creo que estou cumprindo coa obriga que me dá o mandato que me foi dado pola poboación. *(Aplausos.)* Segundo, a alarma está creada, señor conselleiro. Vostede non vai por alí e eu si, cumprindo co meu mandato. Terceiro, ¿vostedes van ofrecer algunha garantía se a actividade mineira cesa pasadomañá, despois de empezar, ou ao cabo de dous anos ou de tres anos? Porque é que en Touro e no Pino xa saben diso, saben como quedou aquilo. ¿Vostede sabe como está aquilo? ¿Vostede sabe a cantidade de merda —con perdón,



señor presidente —que alí hai? ¿Vostede sabe o que é aquilo? Pois vaia e míreo, e logo falamos.

Ademais, ¿non é responsabilidade do seu goberno e de calquera goberno velar pola riqueza do seu país? ¡Este é o noso país! ¡Este é o noso país! Galicia é o noso país, e a súa obrigaçión é velar por que esa riqueza sirva para os habitantes deste país, posuidores dese territorio e desa riqueza, e non para catro que van marchar sen deixar ningún lucro aquí, ¡ningún! (*Aplausos.*) ¡E diso se trata, señor conselleiro!

¿Vostedes van establecer algún tipo de fianza ou de garantía para que isto se leve a bo termo e se cumpra rigorosamente con todas as necesidades e toda a lexislación medioambiental? Porque no pasado non o fixeron, e o seu goberno, presidido polo señor Fernández Albor, non moveu nin unha palla, ¡nin unha palla! E a fianza quedou aí. Non sabemos onde está.

O gato escaldado, da auga fría foxe. E, neste caso, en Touro hai moito gato escaldado. E 400 postos de traballo por un tempo que non se sabe, indeterminado, non son garantía suficiente para unha barbaridade que pode contaminar —e temos exemplos noutros sitios— o río Ulla, que fornece de auga potable a moitas poboacións no seu curso.

Moitas grazas e desculpe o ton. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Eu descúlpolle o ton, e vou contestarlle con toda cordialidade.

O seu exercicio de hipocrisía política ten poucos precedentes, porque vexo que vostede non coñece a lei que vostedes aprobaron. Se a coñecera e lera, sabería que establece non só unha serie de garantías medioambientais, urbanísticas e técnicas para o desenvolvemento dos proxectos e para a súa aprobación, senón que ¡claro que establece garantías dende o punto de vista do proxecto de investimento e dende o punto de vista do proxecto de restauración! Establece esas garantías. Claro que se lle van pedir esas garantías, aplicando a lei.

Volva vostede ao camiño da lei, ¿Por que se está separando do camiño da lei? ¿Por que entre o ano 2005 e 2009 non fixeron ningunha actuación nesta mina se consideraban que había que facela? ¿Fíxose esa pregunta? Parece que non.

O que si está claro é que non leu esa lei. E nós o que si lle podemos garantir é o estricto cumprimento da legalidade vixente. Volva vostede á lei, señor Rivas, e que volva á Lei da minería o Bloque Nacionalista Galego. E eu si lle podo garantir á veciñanza de Touro e do Pino que pode estar tranquila. Pode estar tranquila porque, se a actividade mineira que se quere desenvolver alí é aprobada, será porque esa actividade é segura, tanto dende o punto de vista da saúde como dende o punto de vista do medio ambiente. E iso vano garantir os catorce informes que terán que aprobarse para que este proxecto poida ver a luz.

Polo tanto, señor Rivas, non podemos estar de acordo cando vostede se quere poñer á marxe da lei. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* A lei é absolutamente garantista. E, loxicamente, nós imos garantir que ese proxecto, se é viable e cumpre con todas as garantías, tanto dende o punto de vista medioambiental, urbanístico como financeiro — por suposto, tamén financeiro —, se poida desenvolver.

Eu, sinxelamente, non sei que tipo de prexuízo ideolóxico teñen contra a minería, descoñézo. Pero resúltame moi estraño que un grupo político cunha mínima responsabilidade, non só dende o punto de vista de ser garantista coa lei senón dende o punto de vista do desenvolvemento económico con actividades que xeran emprego e que xeran riqueza, se poña en contra dunha actividade como é, neste caso, a minería.

Eu só lle vou recordar o artigo da lei que vostedes aprobaron que creo que reflicte claramente como marcaron como obxectivo «o desenvolvemento dun réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sustentabilidade e de seguridade, e promover un aproveitamento racional e compatible coa protección do medio ambiente».

Iso é precisamente o que fará este Goberno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a calidade asistencial en atención primaria e nos hospitais comarcais despois da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde, señor conselleiro.

Mire, a preocupación pola situación sanitaria pública en Galiza non fai máis que aumentar, ao igual que non deixa de medrar o rexeitamento ás decisións que vostede, desde a Consellería de Sanidade, está a tomar. Galiza ten a terceira sanidade peor valorada do Estado.

Desde que fixeron público o anteproxecto de modificación da Lei de saúde de Galicia do ano 2008, non deixaron de producirse rexeitamentos, con máis de 2.000 alegacións no portal de transparencia, a pesar de que fixeron público o anteproxecto en pleno mes de agosto, con nocturnidade, aleivosía, con opacidade, sen diálogo nin participación, e cun prazo para a presentación de alegacións moi reducido. Houbo pronunciamentos en contra tanto de profesionais como de organizacións sindicais, mocións aprobadas en numerosos concellos, mobilizacións masivas nas catro áreas sanitarias que pretende suprimir. O 29 de setembro, o Salnés manifestouse en Vilagarcía; o 30 de setembro, a comarca de Valdeorras manifestouse no Barco; o 5 de outubro, a comarca da Mariña manifestouse en Burela; e o 8 de outubro, a Terra de Lemos manifestouse en Monforte. Miles de persoas saíron á rúa en todas e cada unha destas áreas sanitarias.

Ten vostede nas rúas á xente, xente que non quere que supriman as súas áreas porque saben perfectamente o que significa esa supresión. Porque saben que non é absolutamente ningunha mellora e que o modelo que vostedes pretenden consolidar xa fracasou.

Esa masiva resposta de rechazo, señor conselleiro, ten unha explicación moi sinxela. E é que nestas áreas saben cales son as consecuencias das medidas que xa tomou o PP respecto dos hospitais comarcais —concentración, centralización dos servizos sanitarios—. Xa saben o que é que os hospitais perdan autonomía, perdan dotacións, perdan especialidades. Xa saben o que é desprazarse quilómetros, durante unha hora, durante hora e media, para ir facer probas diagnósticas, para ir a determinadas consultas. E saben que o modelo do Partido Popular vai supoñer máis alonxamento, máis deterioración, máis masificación nos grandes hospitais e máis listas de espera, peor calidade asistencial e, en resumo, máis sufrimento.

¿E quen se beneficia desta situación? Pois desta situación benefíciense os centros privados aos que derivan miles de doentes da sanidade pública, empresas privadas que cada ano ven aumentar os seus beneficios, aumentar o número de camas, aumentar o número de servizos; centros privados que medran mentres, proporcionalmente, diminúe a sanidade pública.

Por iso, despois de todas estas mobilizacións, despois de todo este rexeitamento, o que queremos preguntar, señor conselleiro, é se vai rectificar, se vostede cre realmente que a atención primaria e os hospitais comarcais poden prestar unha boa calidade asistencial con esa perda de autonomía, de capacidade de decisión e de dirección que consolida a súa modificación.

¿Vai rectificar, señor conselleiro? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Ten outro turno despois.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, señores parlamentarios, en primeiro lugar quería agradecer o traballo realizado por todo o persoal sanitario o domingo e durante todo o resto da semana, que atendeu de forma espléndida a toda a poboación de Galicia. (*Aplausos.*) Tamén a todos os servidores públicos de todos os ámbitos, especialmente aos de extinción de incendios, policía; e especialmente a todos os cidadáns, a todos os veciños dos concellos afectados, que deron unha gran mostra de colaboración, de traballo e de ben común.

Señora Prado, eu creo que vou facer, en primeiro lugar, un resumo do que é a Lei de saúde, porque ás veces teño a impresión de que non coñecen en que consiste esta reforma. Esta reforma faise fundamentalmente polo tempo transcorrido. O mapa sanitario de Galicia apróbase no ano 1984, e a normativa da Lei de saúde actual é de 2008. Nese tempo a medicina evolucionou de forma moi importante, moi importante, adaptándose aos factores sociais cambiantes. E, loxicamente, necesítase unha actualización. É curioso que nos critique por modificar unha lei que ten once anos, e, de 137 artigos, cambiar 15 artigos e ampliar en 3

máis. A oposición di que está moi mal a sanidade, que é un mal servizo, pero que queiramos modificar unha lei para actualizar, potenciar e seguir mellorando a atención sanitaria pois resulta que tampouco lles serve.

Esta lei, fundamentalmente, modifica conceptos como o de autoridade sanitaria —amplía o que é a autoridade sanitaria—. En docencia e investigación, a aparición da Axencia do Coñecemento e a Investigación vén centralizar todas as actividades. E, polo tanto, xa gran parte destes artigos estaban derogados. Tamén crea unha comisión interdepartamental en materia de educación e saúde —creo que é moi importante—. Tamén hoxe, precisamente, na mesa sectorial se aprobaba algo que se quere incorporar aquí, que é a xestión de persoal, os traslados, un procedemento aberto e permanente —creo que tamén é importante para todos os profesionais—. E no punto quinto, que parece que é o único que coñecen, que é a organización territorial, pois aí o que queremos facer, precisamente, é seguir mellorando o modelo EOXI —a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Galicia, que agrupa en sete grandes áreas a actividade— e utilizar os conceptos da Lei xeral de sanidade e cambiar ese nome polo actual, o de área sanitaria. E, por certo, o Bipartito —no que estaba o seu partido— xa quería autorizar ese paso. Pasamos de 11 a 7 áreas sanitarias, e creamos 11 distritos sanitarios...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...con hospitais comarcais que non tiñan ningunha [...] (*O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Ten outro turno despois.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Seguiremos.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Réplica, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Señor conselleiro, o BNG leu perfectamente esa modificación da lei, e sabemos claramente que vai no mesmo paquete da Lei de garantía das prestacións sanitarias, do decreto que aprobaron vostedes o outro día no Consello da Xunta para desenvolver esa Lei de prestacións sanitarias, e que vai significar derivación de doentes e de recursos públicos —de moitos centos de millóns de recursos públicos— á sanidade privada.

Vostede o que pretende é impoñer un relato fraudulento, está intentando impoñer o relato mentireiro, intentando impoñer o relato de que esta é unha modificación inocua, que soamente é un cambio de nomes, cando sabe perfectamente que non é así, que esta non é unha modificación ao peso duns artigos, así, sen máis nin máis. Non se trata dunha modificación menor —como está intentando trasladar o Partido Popular—, non é un simple cambio de terminoloxía. Supón unha modificación, dende logo, de moito calado. E, para proba, pois temos un deses artigos, o artigo que di que, en vez de facerse a prestación sanitaria en función das necesidades da poboación, pase a ser en función dos recursos dispoñibles. Un artigo

que xa vale absolutamente polo peso de toda unha lei. E entón ¿con que nos encontramos? Con que non hai recursos públicos. Polo tanto, recorreremos á sanidade privada. Ese é o resumo da súa modificación, e de aí o decreto que aprobou precisamente hai uns días o Consello da Xunta.

E vostede sabe perfectamente que os tempos que establece ese decreto son imposibles de cumprir. E como son imposibles de cumprir, se é un auténtico plan de choque na sanidade pública —coa situación actual son imposibles eses prazos de sesenta días para intervencións e corenta e cinco días para consultas ou probas diagnósticas—, o que van facer é derivar eses doentes á sanidade privada. O que van facer é formar profesionais na sanidade pública para que logo acepten mellores condicións na sanidade privada. É evidente cal é a estratexia do Partido Popular.

Vostede, señor conselleiro, non dialoga, non escoita, só practica a política de feitos consumados. E, diante dunha situación na que miles de persoas lle están pedindo rectificación, o único que segue facendo é...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...consolidar un relato...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...que é mentireiro.

Eu hoxe aquí...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

Terminou o seu tempo. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Turno de peche do señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, presidente.

Como digo, creo que aquí xa está previsto do que se quere falar independentemente do que poidamos dicir; neste caso, o representante da Consellería de Sanidade.

Mire, hai que ser moi claros. ¿Vanse pechar comarcais? Non se van pechar comarcais. ¿Imos mellorar os servizos sanitarios dos comarcais, da atención primaria e dos hospitais de área? Imos melloralos. ¿Imos mellorar a calidade dese servizo? Imos melloralos.

Desde logo, nós pensamos —diferentemente do que pensa vostede mesma— que os tempos máximos están para cumprirse. Vostede di que non se poden cumprir. Nós estamos seguros de que os imos cumprir. *(Aplausos.)*

E gustaríame contestarlle, xa que ultimamente está habendo moitos problemas coas preguntas, que parece que non sabemos cales son as preguntas que temos que contestar, e dírcille: ¿considera o Goberno galego que a atención primaria e os hospitais comarcais poden prestar unha boa calidade asistencial con este modelo? Si, ¡si!, para que quede claro e despois non haxa dúbidas.

Mire, desde o ano 2012, no que o modelo EOXI se está desenrolando —que é desde ese ano, porque non é algo que empezamos hoxe—, lévase traballando, desde logo, con magníficos profesionais do sistema sanitario. Desde o ano 2012 ao 2016 resulta que se fixeron máis de 263.000 consultas ou actos médicos en hospitais de día e tratamentos en hospitais de día con médicos procedentes doutro hospital nos hospitais comarcais. Evitamos, con esta medida, 263.000 desprazamentos dos usuarios desas áreas. Creo que é importante.

Pero, mire, voulle dicir, por certo, que as mocións que presentan en concellos —teño aquí unha do Concello da Guarda— son exactamente iguais que a que presenta vostede. O único que cambian, claro, é porque en Vigo non hai modificación da área sanitaria, non hai comarcal, cambian esa parte. Pero todo o demais é copia e pega. Isto é o que utilizan para a mellora da sanidade.

E, mire, nós pensamos e cremos na democracia, cremos na participación cidadá e dos profesionais. Estamos en fase de estudo e de alegacións, e imos seguir co procedemento, cunha nova exposición. Logo será aprobada polo Consello e logo virá ao Parlamento para que todos vostedes poidan aportar moitas máis cousas. Seguramente a lei que saia do Parlamento vai ser aínda mellor.

Pero o que si quería darlle son uns datos que teño aquí, que creo que son bastante claros, aínda que igual aburren a oposición. Mire, respecto de servizos postos en marcha nos hospitais comarcais desde a creación das EOXI, no ano 2012, ata o 2016, temos endocrino e rehabilitación en Virxe da Xunqueira; neuroloxía, cardioloxía, endocrino, pneumoloxía e uroloxía na Barbanza; HADO, oncoloxía, segunda unidade de endoscopias, unidade de retina, consulta de ostomías, cardioloxía, rehabilitación e anatomía patolóxica no Hospital da Costa...;

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** oncoloxía, neuroloxía...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e HADO no Hospital de Monforte...;

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...en Valdeorras, neuroloxía, cardioloxía, oncoloxía, endocrinoloxía, dixestivo...,



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...dermatoloxía...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Acabo xa, de verdade que acabo.

En Verín, neuroloxía, oncoloxía, cardioloxía, psiquiatría...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e uroloxía.

Esta é a sanidade que defendemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Rematan aquí as preguntas ao Goberno. E continuamos coas interpelacións.

**Interpelación de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Interpelación de don José Antonio Quiroga Díaz, do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Boa tarde, conselleira.

Aínda que a substancia desta interpelación que presentamos o día de hoxe é a mesma desde a súa presentación o 6 de xuño, si que houbo algún cambio desde esa data, e algún cambio importante, como é a presentación do borrador do Plan forestal no Consello da Xunta o 30 de xuño. Pero desde esa data, que saibamos, ese borrador, ou as conclusións primeiras ás que se puido chegar á vista do borrador, están *missing* e ninguén sabe delas, aínda que hai a lenda urbana de que circulan por algún ámbito. Pero oficialmente non se coñecen.

Con esta interpelación entramos, en definitiva, a fondo nun dos piares fundamentais non só da ordenación do país e das masas forestais, dos usos do chan, senón tamén da loita contra o lume. É, polo tanto, este plan forestal unha peza fundamental, unha peza clave para este país.

Un bo plan forestal —a xuízo de especialistas, investigadores, sector forestal, ecoloxistas, divulgadores e columnistas de todo tipo— é o elemento central, como dicía antes, non só

na loita contra o lume senón tamén na ordenación do país. De aí a necesidade imperiosa de elaborar un bo plan que conte co máximo consenso. E para iso é necesaria a participación dos sectores implicados e da sociedade en xeral. Sen esta implicación que, en definitiva, demandamos e reclamamos, o plan entendemos que vai saír coxo.

Das 2.100.000 hectáreas de superficie forestal total, aproximadamente un millón e medio de hectáreas —como todo o mundo sabe— están ocupadas polos bosques de distintos cultivos silvícolas. Galicia é a comunidade que ten máis recursos silvícolas. E, de feito, máis do 50 % da madeira con destino á transformación en España procede da nosa comunidade, o que dá unha idea da transcendencia no aspecto económico que vai ter o Plan forestal para a economía; pero non só para economía senón tamén para a sociedade e para a ecoloxía, ou para o medio ambiente en xeral.

O Plan forestal, que rexe os destinos dos bosques e cultivos silvícolas —como tamén todo o mundo sabe—, data de 1992, e estaba previsto que fose operativo ata o 2032. Pero tamén todos os axentes socioeconómicos relacionados, ou con intereses no bosque, árbores e madeira, están de acordo en que o devandito Plan forestal —o de 1992— é, ou está, obsoleto, está superado, e non dá resposta adecuada aos retos e problemas que se suscitan en torno á superficie forestada e ás súas finalidades. Literalmente xa non vale para o que foi concibido, que é a ordenación dos usos do solo, das masas forestais, coa transcendencia e implicacións que dicíamos antes.

A proba máis fehaciente supónhena as plantacións descontroladas de especies silvícolas en terras agrarias ou a proliferación de certas especies alá onde ao propietario lle convén. Pero onde ao propietario lle convén ao mellor non é o máis adecuado para a paisaxe, a edafoloxía, a ecoloxía e mesmo para a dinámica socioeconómica.

No 2012 aprobouse a Lei de montes, o que supuxo un avance en canto á definición de propiedade, obrigas dos propietarios, sancións e un longo etcétera —que, por certo, non viña mal tamén revisala para adecuala ás novas circunstancias do país—. En 2015 aprobouse a Proposta de directrices para a revisión do Plan forestal, que, segundo a Consellería, pretende sentar as bases —estas directrices— para o futuro Plan forestal galego que dea resposta adecuada aos novos retos do sector que nestes momentos hai. E, por outra banda, é o que o sector e a cidadanía en xeral están demandando como auga de maio.

Ao longo destes anos foron saíndo decretos para regular diversos aspectos relacionados coa ordenación forestal, e mesmo outros decretos e normativas que non pasaron do estadio de borrador, e que vostedes —o Goberno en xeral— lanzaron a modo de globos sonda. E fixeron correr ríos de tinta sobre aspectos concretos da regulación forestal. Non cabe ningunha dúbida de que a sondaxe que máis polvareda levantou foi o proxecto de dividir o país por unha liña oblicua entre norte e sur en canto ás posibilidades de plantar diversos tipos de especies de eucalipto, que reflectía a idea —entendemos— de calmar certos sectores de votantes sen que iso supuxera ningunha cortapisa para o monocultivo dos distintos tipos desta especie na demarcación norte, que é a que quedaba —por así dicilo— destinada ao cultivo do eucalipto. Estes intentos responden á estratexia de ir parcheando a planificación de algo tan relevante como a política forestal.

Segundo certas informacións, o borrador do novo plan forestal está feito pola empresa Tragsatec. Segundo certas informacións, eu non podo acreditarlo documentalmente. E tamén pola información que temos dun técnico en concreto, para máis señas, Pedro Alcanda, enxeñeiro.

Polo tanto, a día de hoxe hai un borrador feito, iso está acreditado, e nós afirmamos que ese borrador está feito sen a participación do sector. Presentado —como dicía antes— no Consello da Xunta o 30 de xuño, ou sexa, hai catro meses, e desde esa segue agochado nos despachos ou en calquera outro lado, pero o sector implicado e a cidadanía en xeral, asociacións, ecoloxistas, etc., nada saben deste borrador.

Polo tanto —volvo dicilo—, movémonos nun terreo de certa especulación que espero que vostede poida aclarar. Queríamos saber e coñecer por que razón ese borrador aínda non se deu a coñecer ao sector, ou o que é máis concreto e preciso, por que non se levou aínda ao Consello Forestal.

Por todo o anteriormente exposto e outras moitas razóns, a ninguén se lle escapa a importancia e a necesidade que ten a posta en marcha do novo Plan forestal galego e a relevancia da participación dos sectores e colectivos implicados e/ou interesados na elaboración do novo plan. A nós parécenos —e así o marcaban as directrices— que a participación do tecido, do sector, das asociacións, dos ecoloxistas, era clave, iso está no frontispicio das directrices ás que estamos aludindo.

Polo tanto, o borrador do Plan forestal é clave para o futuro deste país, e a súa elaboración —a que está neste momento no paso de borrador— contravén as recomendacións tanto de asociacións como de entidades profesionais e, en xeral, de todos aqueles que teñen interese no futuro do forestal galego, que, en definitiva, é toda a cidadanía en maior ou menor grao.

Por todo iso, e indo á interpelación en concreto, preguntamos ou interpelamos: ¿En que estado está a día de hoxe o borrador do plan, porque xa se pode falar de borrador? E o que é aínda máis fundamental, ¿cando ten pensado o Goberno da Xunta presentar ese borrador do Plan forestal ao sector implicado, ao Consello Forestal e aos grupos parlamentarios para o seu debate, mellora e adaptación ás necesidades socioeconómicas, culturais e medioambientais de Galicia?

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Boa tarde, presidente.

Boa tarde, señores deputados.

Señor Quiroga, estou case plenamente de acordo na exposición do seu argumentario desta interpelación, simplemente algunha corrección de datos, como que temos 2,5 millóns de hectáreas forestais. Á parte de todo iso, podía responder xa directamente.

Tiñamos pensado presentar a revisión do Plan forestal no mes de setembro. Séguennos chegando achegas, pero achegas da xente, sobre o que é o desenvolvemento das directrices, e seguíronnos chegando ao longo do verán, co cal dígolle que presentaremos este plan antes de que remate o ano.

Dúas concrecións, para que despois non se diga que non resposto. E xa despois explicarlle un pouco o que moitos de vostedes xa saben. O Plan forestal de Galicia é un documento aprobado no seu día, fíxose por unanimidade, e agora a revisión do Plan forestal preténdese que sexa por unanimidade ou co maior consenso posible, e ese consenso ten que vir da man do sector, pero tamén ten que vir da xente do rural, que vive no rural e que vive do rural. Independentemente de que se fagan achegas por parte da universidade, ecoloxistas e demais.

O que fai ou o que fixo este plan foi establecer unhas previsións de superficie de cultivo a partir dunha demanda estimada; pero son iso, estimacións, non teñen carácter de norma executiva e do que se debe ou non plantar. Trátase de prever unha determinada situación cuns fins de planificación forestal a medio e a longo prazo. Efectivamente, había que revisalo, porque os tempos mudan, a demanda é outra e as características da sociedade tamén.

O actual proceso de revisión do Plan forestal de Galicia —como lle dixen— está previsto presentalo antes de que remate este ano. Estase a desenvolver como unha iniciativa de abaixo a arriba. Como dicía vostede, comezouse no ano 2015, e comezouse ademais nun plano amplo, nun plano aberto e nun plano moi participativo. E o fundamental é que de aí saíron as directrices cun gran consenso e creo que con 1 ou 2 votos particulares.

¿Como está coordinado e como se fixo? Pois está coordinado pola Administración, e créame que vai seguir coordinado pola Administración, e créame que non hai ningunha empresa nin nada alleo ao que á Administración se refire.

Dentro disto, os representantes que están e que estiveron na formulación que ao final deu lugar á redacción das directrices foron por un lado, como non podía ser doutro xeito, a Administración autonómica, as universidades galegas, os propietarios forestais, as empresas vinculadas ao sector forestal, os colexios profesionais forestais, os grupos ecoloxistas e tamén os sindicatos do sector. Todos eles expuxeron os seus puntos de vista sobre as diferentes cuestións que debían tratarse e que deben de seguir tratándose, chegando a acordos sobre o que son as directrices base; e as directrices base son o fundamental para que saia adiante unha revisión dun plan forestal que sexa adaptada aos novos tempos, que se vexa o monte como economía, como recurso, pero tamén como un ben social e un ben medioambiental.

Así, o documento final recollerá o consenso de todos os axentes implicados, de todos aqueles que quixeron ser partícipes del. Esta revisión do plan forestal xa dende o seu inicio tomou unha forma: ten que ser aberto; ten que participar a xente; e ademais cun enfoque, que é integrar o monte na sociedade, non como algo illado, e facelo da forma máis consensuada posible, independentemente de que haxa intereses dun lado ou doutro. Ao final, todos perseguimos ter un monte que sexa o monte de todos os galegos e as galegas, que sexa un monte para a economía, pero que sexa un monte para o coidado medioambiental, un monte para uso e disfrute tanto no eido deportivo como noutros campos.

As directrices finais —como creo que ben dicía vostede— aprobáronse en decembro do ano 2015 por consenso de todos os axentes, e os seus aspectos máis relevantes son: conseguir unha cultura forestal da sociedade galega; unha cultura na que se sinta como noso o monte, que sexa unha parte máis de nós, como se fose a nosa lingua.

Promover un tecido de empresas e industrias forestais que elaboren todos os produtos do monte; é dicir, que cheguemos dende o principio ata o final.

Fortalecer e complementar o sistema de investigación forestal en Galicia como elemento clave para o desenvolvemento do sector. E cando falamos de investigación, falamos en todos os ámbitos, tanto de sanidade vexetal como doutros eidos.

Fomentar unha silvicultura profesionalizada, como base indispensable para o aproveitamento integral dos recursos forestais, e así poder asegurar a súa renovación, que é fundamental; é dicir, profesionalizada e, sobre todo, renovable.

Ademais, acadar outros obxectivos, que son: a transformación e mellora das estruturas produtivas; o incremento da produción e calidade da madeira do monte galego; seguir profundando no que é a certificación; e a promoción da actualización do sistema de formación.

É fundamental a formación dos nosos xoves de cara ás ensinanzas forestais, que satisfaga as demandas que integren os diferentes axentes do sector forestal mediante apoio ás súas organizacións profesionais. Sabemos que cada vez necesitamos máis profesionais, e eses profesionais tamén teñen que estar no monte.

Posteriormente, o Consello da Xunta de Galicia acordou o 9 de xuño de 2016 o inicio do procedemento de elaboración da primeira revisión do Plan forestal de Galicia, pero única e exclusivamente baixo as directrices que saíron adiante co maior consenso posible, e sen haber alteracións. Os traballos realízanse sempre, sempre, baixo a supervisión do persoal da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, e —como dicía anteriormente— respectando esas directrices.

Este procedemento de revisión do Plan forestal de Galicia segue a ter un carácter participativo, no que interveñen todos os representantes do sector forestal galego que así o desexan. O primeiro borrador do texto —como dicíamos— presentouse no Consello da Xunta de Galicia o 30 de xuño. A continuación, logo de diversas reunións con membros do sector, o texto que resulte delas será levado ao Consello Forestal; no Consello Forestal están todos representados. Posteriormente, todos os interesados na revisión do plan poderán remitir as súas achegas e, por suposto, presentar as súas alegacións, porque han de ser sempre produtivas, e é o único xeito de ser quen de chegar á sociedade e, polo tanto, de ser quen tamén de estipular unhas bases fixas de cara ao futuro.

Estamos plenamente de acordo —como non podería ser doutro xeito, señoría— coa importancia que para a nosa comunidade ten o sector forestal. É unha importancia por territorio —2,5 millóns de hectáreas—, pero é unha importancia tamén dende o punto de vista da economía, dende o punto de vista das empresas, dende o punto de vista dos postos de tra-

ballo —son 70.000 postos de traballo—, e algo fundamental: dende o punto de vista medioambiental.

Os últimos datos que nos trasladan, pero xa o sector en si, como é o caso de Confemadera e a Asociación de primeira transformación de madeira de Lugo, fálannos de máis de 80.000 propietarios forestais que cortaron madeira en Galicia ao longo do ano 2015 —aínda non sacaron os novos datos—, cun incremento respecto do ano anterior dun 14 %, e segue aumentando. Preto do 12 % das familias galegas perciben ingresos por este concepto, e supéranse os 300 millóns de euros. O volume de cortas ronda os 8,25 millóns de metros cúbicos. Existen máis de 2.800 comunidades de montes. O 50 % das cortas de madeira a nivel nacional realízanse en Galicia; Galicia é unha potencia mundial no que ao forestal se refire. E desas, o 24 % das cortas de madeira a nivel nacional realízanse na provincia de Lugo. Ademais, o sector representa o 3,5 % do produto interior bruto de Galicia, e o sector da madeira de primeira transformación facturou 1.565 millóns de euros.

O valor das exportacións ascende a 768,1 millóns de euros.

En resumo, falamos de 3.000 empresas e falamos de 70.000 postos de traballo; 20.000 directos e 50.000 indirectos.

Vistos estes datos, que ademais moitos deles xa os deu vostede anteriormente, o lóxico, por suposto, é que fagamos un esforzo entre todos. E facer un esforzo entre todos é facelo dende o punto de vista político, pero, sobre todo, que sexa un esforzo que veña de abaixo arriba, que sexa a sociedade a que nos diga que tipo de monte quere para Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...e niso é no que nos estamos a centrar. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Bueno, conselleira, coincidimos en moitas cousas, pero parece que nesas coincidencias nos movemos nun plano moi estritamente teórico, porque logo a realidade non avala esas coincidencias.

É certo que estamos no momento adecuado para tratar de facer o mellor plan, por iso recalcamos tanto na participación, no que vostede mesma nos vén dar a razón, e creo que todo o mundo estamos de acordo en que é unha das claves fundamentais para sacar un bo plan.

Afirma que as directrices son a base, son fundamentais. Que ten que ser aberto e consensuado, polo tanto, a clave. Pero, máis alá do discurso que vostede trae aquí, hai algo que non acaba de casar con respecto a este tema da participación, e eu, no que coñezo, teño que negar a maior en canto a iso da participación.



E, ¿por que negar iso ou negar a participación? Vostede utilizou expresións como que seguen chegando achegas. Pero ¿achegas de quen? Porque, entón, a dedución é que aquí hai dous circuítos; o circuíto que manexan vostedes, que non o dubido porque o descoñezo, que estean con ese borrador movéndoo por algún lado, pero é que hai representantes participantes no Consello Forestal que non dan fe de haber visto ese borrador. De aí que sexa posible e totalmente verosímil falar desas dúas canles: a canle institucional, que vostedes manexan —manexarán, daranllo a algunha xente, segundo a lenda urbana hai xente que coñece ese borrador—, pero vólvolle repetir que hai outros membros do sector interesado, do sector madeireiro, do sector asociativo, dos ecoloxistas, de sindicatos, que non coñecen para nada a día de hoxe ese borrador. Iso si, saben que anda rulando por algún lado, pero como comprenderá vostede, non podemos permitir, se isto é tan importante, se é tan clave, que se funcione nesa maneira: que haxe un circuíto paraoficial, e logo a sociedade civil, ou boa parte da sociedade e do sector, que non estea enterada de como está discorrendo a confección deste borrador.

Fala ou fai moito fincapé, cando sae a relucir o Plan forestal, nas famosas directrices. Ben, pois a páxina 99 das directrices di algo así como que é necesario revisar a estrutura porque hai un número excesivo de membros, principalmente da Administración. E tamén é fundamental —e isto dicíao no ano 2015— revisar as funcións do Consello Forestal de Galicia. ¿Fíxose isto? Pois participantes e membros do Consello Forestal negan a maior, din que non.

Saco tamén a colación prensa do 27 do 5 do ano 2017, ou sexa, deste ano, onde o propio presidente dicía —hai case cinco meses— que o novo plan forestal —o borrador, queremos crer— será presentado dentro dunhas semanas ao Consello Forestal, segundo anunciou este venres o presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

Cinco meses, por iso nós estamos reclamando e estamos protestando, da mellor maneira posíbel, porque —volvo repetir— boa parte do sector e dos interesados neste tema, que é un tema cardinal para o país, descoñecen o borrador. Polo tanto, non poden participar nin poden —como dicía vostede— facer achegas para melloralo, para facer o mellor plan posible, porque todos estamos de acordo en que é crucial para este país, porque é un plan altamente transversal. Pero nas recomendacións á Dirección Xeral de Ordenación e Producións Forestais para a redacción do Plan forestal, e en documento de vostedes, fálase de que os redactores do Plan forestal deben analizar certos documentos de referencia, e fan alusión en concreto aos de Amigos da Terra. ¿Analizouse? É a pregunta que fago.

Recoméndase no punto 3 que se faga unha enquisa por colectivos sobre o documento das directrices. ¿Fíxose? É a pregunta.

Propónse no punto 4 que se manteña un grupo de traballo como organismo consultivo. Pregunta, ¿mantívose?

No punto 6 di: O prazo razoable para que a Administración forestal complete a redacción do plan é de seis meses; van dous anos.

E volvo dicir que o sector, as asociacións, ecoloxistas, sindicatos, o país enteiro, reclama, quere ver ese borrador, quere participar, e non para criticar, senón para aportar, para tratar de mellorar, para sacar, en definitiva, un plan que colme as necesidades deste país...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** ...que axude á dinámica socioeconómica e ao medio ambiente de Galicia.

Nada máis. Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Peche desta interpelación, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas.

Créanme que non hai nada, absolutamente nada, que agochar. Créanme que son dous anos continuados de participación. Créanme que as bases están máis que asentadas, e esas bases que están asentadas son as directrices. Créanme que dende o minuto cero, e despois das directrices, distintas organizacións e distintos representantes do Consello enviaron documentos que foron analizados e que están sendo analizados. Efectivamente, xa hai un borrador, e un borrador que segue sendo ampliado por parte da Dirección Xeral de Ordenación Forestal para intentar aglutinar cada unha desas directrices, facer a estipulación pertinente, e a partir de aí, cando se presente, terán todo o tempo necesario as distintas organizacións e vostedes mesmos para facer as distintas achegas.

Apostamos por algo fundamental, e ese algo fundamental é o que perseguimos absolutamente todos e supoño que perseguen tamén vostedes, que é unha xestión forestal sustentable; unha xestión que sexa vista por todos —sexan do ámbito rural ou do urbano— como algo propio, como algo para mimar, como algo para ter. Isto significa facer compatible o aproveitamento económico e social do monte coa súa preservación medioambiental.

Efectivamente, todos os documentos achegados polos ecoloxistas —como non pode ser doutro xeito—, igual que os achegados polas organizacións sindicais, que os achegados polas empresas ou os achegados polos propietarios forestais, son analizados meticulosamente para, ao final, intentar aunar todos os esforzos e que saia unha revisión do Plan forestal que intente servirnos a todos. Pero cando digo servirnos a todos digo, sobre todo, servir á xente e aos propietarios desas parcelas que viven no rural.

E queremos seguir dando continuidade, ao mesmo tempo que estamos a traballar nesa revisión do Plan forestal. Efectivamente, xa existe o borrador, que se presentará antes de decembro —seguimos dicindo antes de decembro—, e se non se presentou antes foi porque se analizaron distintos documentos e se intentou enriquecer moito máis o que era un primeiro borrador, pero non porque o teñan uns si e outros non, senón porque se ían facendo achegas

e porque somos unha administración aberta, polo tanto, todo o que veña é fundamental e témolo en conta.

Ao tempo que faciamos isto, continuabamos traballando nos distintos eidos e facendo valer todas as convocatorias de axudas, que son fundamentais, e ademais así se nos pedía cada vez que reunimos o Consello Forestal, e son: seguir coas accións silvícolas de prevención, seguir coa forestación, seguir cos sistemas agroforestais, seguir loitando para previr os incendios, seguir coas axudas aos investimentos en empresas forestais. É dicir, como resumo, seguir traballando a prol do monte galego.

Polo tanto, o Goberno galego intenta, na medida do posible, harmonizar e ordenar o sector para que os terreos forestais acollan os recursos madeireiros que realmente sexan necesarios para que os propietarios forestais teñan asegurado un futuro coas menores incertezas posibles para a súa economía. O equilibrio produtivo do territorio forestal é o obxectivo básico que perseguimos, porque é o que persegue o Consello Forestal e o que persegue as directrices, na procura dunhas producións sostibles para os propietarios forestais e unha eficaz loita contra o abandono do territorio. Por iso se están a incrementar os esforzos para conseguir melloras substanciais na produción de madeira, incrementando producións, incrementando calidade, estruturando e ordenando oferta, así como mellorando a calidade xenética do material de reprodución, e iso facéndoo compatible coa Lei de montes, co cal terán vostedes boa nota do que estamos facendo, terán oportunidade de enriquecer ese borrador.

Polo tanto, eu agardo ter a dispoñibilidade de todos os grupos para facer a crítica construtiva e, polo tanto, sacar adiante unha revisión do Plan forestal o mellor consensuada posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e seis deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a diminución da contía orzamentaria dedicada ás axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira do Medio Rural.

Señora conselleira, o rural existe. Galicia é unha comunidade na que o rural ten un peso cualitativo moi importante, e vostede sábeo. E ademais é unha comunidade na que o rural ten un gran sentido simbólico. Sentimos a permanencia e a posesión sobre a terra.

Señora conselleira, o rural galego esmorece. Esmorece porque perde os seus maiores. Esmorece porque perde os seus xoves. Esmorece pola falla de aproveitamento dos seus recursos

produtivos. Esmorece pola desaparición dos sectores produtivos no rural. E esmorece, tamén, polo abandono do seu goberno. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, Galicia arde. É verdade que o Goberno do Partido Popular non ten a culpa dos incendios, pero si ten culpa de non contar cos medios necesarios e suficientes para facer fronte a esta situación, fundamentalmente para evitar a queima de casas e a queima de persoas, do achegamento ás persoas e ás vidas humanas.

A propia Fegamp, xa no mes de xuño, pediu á Xunta de Galicia, á súa consellería, axudas para limpar as franxas fronte aos lumes, pero non obtivo esa axuda tan necesaria. A Fegamp cre que a vaga de incendios debe impulsar unha nova política de ordenación do territorio, e reclama saber como se van xestionar as axudas que vostedes están anunciando.

Señora conselleira, é o momento de reflexionar sobre o modelo existente; é o momento de motivar a industria de aproveitamento agroforestal, así como iniciativas particulares, para que se establezan nos territorios rurais. Señora conselleira, é o momento de pensar no noso rural, e aí nos terá a todos os grupos políticos.

O señor presidente da Xunta de Galicia anunciou cun gran despregamento propagandístico que esta ía ser a lexislatura do rural. Señora conselleira, levan vostedes gobernando nove anos ininterrompidos, ¡nove anos ininterrompidos, seguidos!, nos que o que teñen é un descenso na poboación xeral de case 89.000 persoas; nos que a poboación entre 23 e 34 anos baixou en 175.690 persoas. Eu creo, señor presidente, que se teñen moito que falar, o poden facer no pasillo. *(Aplausos.)* O descenso dos menores de 20 anos é de máis de 13.000 persoas; que temos un descenso nos nacementos na nosa comunidade *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

Señora Rodríguez Arias, ese xesto...

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...a min non me importa que estea baleiro, pero, se van falar, é mellor que o fagan fóra.

Descenso do número de nacementos en 2.620, e o saldo vexetativo pasou de ser negativo en 7.702 persoas a 12.261 persoas.

Os concellos de menos de 2.000 habitantes incrementáronse en 19, e nos concellos de menos de 5.000 habitantes perdemos máis de 34.000 habitantes. E se temos en conxunto os de menos de 10.000, perdemos case 55.000 habitantes.

Polo tanto, temos unha Galicia máis envellecida, na que o potencial xove ten que marchar para ter un proxecto de vida, que incrementa a precariedade no emprego, empeora a nosa calidade de vida, encarecen os servizos públicos, temos menos potencial produtivo e o despoboamento é importante, fundamentalmente no rural. Polo tanto, señora conselleira, podemos afirmar con rotundidade que esta ha ser a lexislatura do esmorecemento do noso rural, a lexislatura do abandono do rural galego.

O Partido Popular goberna sempre con parámetros de rendibilidade económica, goberna sempre cara á galería, non xestiona o público para todos e para todas e xestiona perfectamente a publicidade e a propaganda. Vostedes son expertos —xa llelo dixen en moitas ocasións— en facer que fan. Vostedes anúnciannos a bombo e platillo un plan de fixación da poboación no medio rural que ten máis de 231 millóns de euros, e no que o seu obxectivo é a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxeos como dos novos eidos de negocio. Buscan tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, e a creación e conservación do emprego.

Para este plan, segundo vostedes, céntranse en seis eixos: cohesión territorial, innovación, agricultura sostible, competitividade, cooperativismo e remuda xeracional.

O orzamento está ben, 231 millóns de euros pode ser unha dotación interesante. O obxectivo é compartido por nós. O problema está, coma sempre, na execución destes orzamentos. Estamos outra vez a facer que fan. O problema, señora conselleira, volve ser que vostedes viven inmersos na publicidade e na propaganda, e a verdade é que iso lles dá bastantes bos resultados.

Mire, voulle dar datos de execución da súa consellería durante estes últimos anos, mentres vostede é conselleira do Medio Rural.

No ano 2016, un 87,9 %; no ano 2015, un 82,65 %; e no 2014, un 78,90 %. Pero voulle facer tamén un desglose destas partidas que vostedes anuncian un ano tras outro para fixar a poboación.

Na partida 7/12, de fixación da poboación no medio rural do ano 2016, teñen unha execución dun 69 %; en modernización e diversificación do tecido produtivo rural, un 44 %; en fomento do asociacionismo agrario e divulgación de tecnoloxía agraria, un 18 %; en ordenación das producións forestais, un 57 %; en implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables, un 55 %; e en mellora da calidade da produción agroalimentaria, un 66 %. Dígolle ademais que as modificacións orzamentarias respecto aos créditos iniciais que vostede consigna nos seus orzamentos para facer que fan, teñen un decremento de máis de 56 millóns de euros respecto a ese crédito inicial, e deixan sen executar, no ano 2016, 99,86 millóns de euros; é dicir, 100 millóns que non aplican para o fin que se pretendía.

¿Isto non terá algo que ver coa situación do rural, señora conselleira? ¿Isto non terá algo que ver en que os lumes cheguen máis aló do que sería desexable, seguro que para vostede tamén? Estou convencida de que si.

Pero mire, se imos á execución do 2017 —é verdade que estes datos son a mediados de ano, a 30 de xuño do 2017—, temos que a partida de fixación da poboación no medio rural ten un 6,68 % executado. Espero e desexo, o noso grupo espera e desexa, que no ano 2017 sexan quen de executar o cen por cento, e recórdolle que estamos a 17 de outubro.

Dentro deste plan de fixación de poboación do medio rural, con estes 231 millóns de euros, no primeiro dos seus eixos, cohesión territorial, dotado segundo vostedes con 72 millóns de euros, inclúe, entre outras medidas, unha primeira, que son camiños municipais, que dotan con 16 millóns bianuais; é dicir, para o 2017 son 8 millóns de euros, e poñen como obxectivo promover a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade a fincas e explotacións agrarias e forestais, así como a mellora da accesibilidade aos núcleos de poboación. E como indicadores poñen 325 quilómetros/ano.

É unha cantidade moi inferior á dotada no exercicio 2016, na que eran 20 millóns de euros, e por certo só executaron 16.205.000, e tamén nos gustaría saber cales foron as razóns. Baixan vostedes dun ano para outro 12 millóns de euros na dotación anual. Como vostede ben sabe, que os camiños rurais estean ben acondicionados é fundamental para a cohesión territorial, pero tamén axudan para evitar a propagación rápida dos lumes e para facilitar o acceso dos medios para apagar eses lumes. E tamén facilitan o acceso para acondicionar os terreos e as propias explotacións.

Vostedes publican unha resolución o 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, no que o obxecto é a ampliación, mellora e mantemento dos camiños municipais.

Resulta que é unha resolución que publican o 31 de maio. O prazo de solicitude, segundo o artigo 6, é dun mes; é dicir, o 30 de xuño. O prazo límite para a resolución son catro meses dende a resolución, é dicir o 30 de outubro. E o prazo de xustificación o 16 de outubro. A verdade é que é bastante difícil cumprir o obxectivo das cousas que vostedes proñen. Hai 15 días escasos que están empezando a chegar estas resolucións, polo tanto, estando xa fóra de prazo, terían 15 días para facer a tramitación, contratación e execución das obras.

Polo tanto, nós interpelámoslos, señora conselleira, para que vostede nos diga: ¿Considera o Goberno galego que coa diminución na partida adicada ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 respecto dos 20 millóns de 2016, se está a cumprir co obxectivo anunciado da lexislatura do rural?

¿Considera o Goberno galego que na actualidade os camiños rurais cumpren xa cos requisitos de xerar cohesión social e territorial e mellorar as condicións de vida e de traballo no medio rural, en particular facilitando a accesibilidade e a vertebración do territorio?

¿Considera o Goberno galego axeitado publicar a convocatoria de subvencións o 31 de maio de 2017, tendo como prazo límite para executar e xustificar estes investimentos, correspondentes á anualidade 2017, o 16 de outubro de 2017?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta da conselleira do Medio Rural.



**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Tería tantas cousas que dicir que vou intentar atallar polo menos nalgunha. Falabamos de camiños, pero talvez haberá que centrarse noutros temas.

Dígolle, señora Rodríguez, que os galegos son moi intelixentes, e da publicidade vívese unha primavera, pero dende logo non se vive nove anos. (*Aplausos.*) Co cal é bo ter un respecto polos galegos e as galegas que decidiron que o Partido Popular... Eu de verdade que a escoitei con moitísima atención, aínda que un pouco anonadada, pero debemos de ter respecto por eles porque son eles os que decidiron que sexa o Goberno do Partido Popular o que estea re-xendo as súas directrices.

Non esmorece o rural. Créame que o rural hoxe está triste, igual que está triste Vigo, igual que está triste calquera punto de Galicia. Hoxe todos estamos tristes, polo tanto, seguramente eu ata vou ser máis suave do que debería, porque chega un momento en que a un tamén lle faltan forzas e folgos. Pero non morre o rural, créame, non dean esa imaxe do rural. Están vostedes empeñados en demonizar ese rural. O rural segue unha liña igual aquí en Galicia que en calquera outro lado, e a xente decide vivir no rural ou en calquera outro lugar.

Efectivamente, hai sobre a mesa 1.861 millóns de euros, que son os do PDR, e créame que se están executando, e estanse executando ademais moi ben. Créanme que teño datos para poder darllos, e son que, en dous anos, 1.400 xoves optaron por ir ao rural galego, por estar no rural galego, por desenvolver a súa actividade no rural galego ou por ampliar as súas explotacións no rural galego. Un total de 1.400 xoves.

É certo que había ben anos que os xoves non optaban por ese rural, e son xoves ademais formados, que é fundamental; é dicir, unha nova xeración que ve un xeito e unha maneira de vivir no rural galego.

Pero non só iso, e se vostede ve as afiliacións á Seguridade Social, comprobará en que posición está o rural galego, a xente que se dedica á gandería e á agricultura, e tamén o sector forestal.

Pero se ve vostede as exportacións, e polo tanto analiza as industrias agroalimentarias, percatarse de que Galicia dá pasos de xigante. E non só iso, falamos de indicacións xeográficas protexidas, falamos de denominacións de orixe e falamos de toda a economía que envolve tanto uns como os outros. Co cal, de publicidade créanme que non se vive, porque ao final esa xente opta polo que creu máis pertinente.

Volvemos nomear os incendios, e eu, por suposto, estarei aquí dando a cara e loitando para que isto non volva suceder, pero non relativicen os incendios. Non esquezan os incendiarios, sería un terrible erro facer iso. E dígollo porque dá igual que estea en Pazos de Borbén, que vaia a Baiona, que vaia a Nigrán, que vaia a Gondomar, que vaia a San Cristobo de Cea ou que vaia, como fun eu hai un pouco —un pouco, porque acabo de chegar—, a Cervantes. E se se fala coa xente alí, comprobaremos que é o que nos din arredor dos incendios.

Cervantes é un sitio ideal, seguramente mellor para pasear que para vivir —dígoo polo abrupto que é Cervantes, polo tanto, non é doado dicirle á xente que ten que vivir alí—. Ás veces que ría a xente que non vive no rural, que non coñece as zonas, (*Aplausos.*) que non sabe o difícil que é vivir, é terrible, é un insulto unha e outra vez ás xentes do rural.

Como lles dicía —ademais falaban de que non había os medios precisos—, eu simplemente lles vou nomear Cervantes porque acabo de estar alí, e porque non é cuestión de que lles traia aquí con detalle todos os lugares, pero tamén se lles darán a coñecer.

No caso de Cervantes houbo dúas situacións, unha en Noceda e a outra en Donís. No inicio do incendio, e porque o sacou a señora Rodríguez a colación, porque eu créanme que traía todo apuntado sobre os camiños, e despois direillo directamente, sen máis.

O inicio dun dos incendios foi ás 22.10 do día 12 —que, por suposto, agora mesmo se atopa controlado—, e alí estiven co seu alcalde, estiven cos seus veciños e estiven co persoal que colaborou. E créanme que había recursos e créanme que non deron feito máis. E non deron feito máis porque falaban de ventos furacanados —como falamos aquí— e dunhas temperaturas extremas. E, polo tanto, arriscaron a súa vida; dá igual que houbera máis ou menos poboación —é un encanto de lugar, todo son frondosas—. E, ao final, foron moitísimas as hectáreas ardidadas. E comezaron ás 22.10, e dicía o alcalde que tiñan claro que xa non había medios aéreos. Tiñan claro que a súa orografía non é complicada senón que vai máis alá. E tiñan claro que a xente arriscara moito. E aí, nese incendio, houbo 22 axentes, 65 brigadas, 30 motobombas, 2 pas, 15 helicópteros e 2 avións. Esa é a realidade. Estamos falando de recursos porque é que me dixeron que non había recursos. E acabo de chegar dun lugar, e eu non sei que ocorre por non dicir cales son os recursos. (*Murmurios.*)

Pero continuó, e é que xa non sei quen fai aquí a interpelación, se o PSOE, se o BNG... (*Murmurios.*)

E, polo tanto, está o caso de Noceda e, polo tanto, téñolles que seguir dicindo que o inicio en Noceda foi ás 21.49 do día 13; é dicir, xuntáronse dúas situacións 2. Por suposto, está estabilizado. ¿A superficie? Créanme que moitísima, e todo frondosas, todo. ¿E hai gando? Efectivamente, claro que hai gando. ¿E cantos medios houbo aí? Pois 22 axentes, 52 brigadas, 35 motobombas, 2 pas e 5 helicópteros, ademais da UME. Porque ás veces, cando se fala de que non hai medios, é bo recordar, aínda que sexa sinteticamente, o que ocorre nuns sitios ou non ocorre.

Polo tanto, non relativicemos. Falen vostedes coa xente de Cervantes e diranlles se tiña por que arder Cervantes. Non tiña por que arder Cervantes se non houbera alguén que lle prendera lume. E, por riba, prendéronlle lume de noite, cando xa non actuaban os medios aéreos.

Pero, ben, como aquí tiñamos que falar de infraestruturas, si hai algo que tamén quero clarificar e... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, pois, igual, polo tanto, de tanto repetilo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*  
¿Si? Pois paréceme ben, gústame que me escoite vostede en directo... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Villares, silencio.

*(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, silencio. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señor Villares, silencio! Silencio. *(Fortes murmurios.)*

Silencio.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Estoulle dicindo o que vin, estoulle dicindo que estiven coa xente... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ¿Pero que me está contando? *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, señor Villares.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Estoulle dicindo que fun agora. Estoulle dicindo que un dos incendios comezou o día 12... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Villares, vostede é un portavoz.

Perdoe un momento, señora conselleira.

Vostede é o portavoz dun grupo e hai que saber comportarse no Parlamento. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* E eu son o presidente e podo cometer un erro e pedir perdón, pero vostede está cometendo erros permanentemente. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, perdoe. Vostede é o portavoz dun grupo e, polo tanto, pídlle que, como portavoz que é, que representa todo un grupo e coordina todo un grupo, exerza de portavoz e non provoque unha situación, neste caso, que non vén ao caso. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, ¡silencio!

Prosiga, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Chama a atención, señoras e señores deputados... E, despois, non me estraña que se diga o que se di por aí fóra, que digan que os medios aéreos foron cando eu fun e que eu fun cando o incendio xa estaba extinguido. ¡¿Pero de que me está falando vostede?! *(Fortes murmurios.)* ¡Os medios aéreos están perimetrando os lugares, señor Villares! ¡Que o informen ben do que está acontecendo! *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Continuamos. Se me preguntan a min, eu teño que contestar.

Polo tanto, un incendio o día 12, outro incendio o día 13. E eu cheguei ás 2 da tarde a Cervantes. Comprenderán que os medios aéreos non foron detrás de min. Non insulten vostedes nin a uns nin a outros. Vaian alí, falen coa poboación, sexa da cor que sexa. *(Aplausos.)*

Por favor, señor Villares, que non llo conten. Achéguese ata os lugares, non teña medo á xente, porque eu non teño medo á xente. A xente do rural é fantástica para falar con ela, enténdeno todo. Achéguese ata alí. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

E remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Direilles que... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...independentemente de que a Fegamp...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...trasladara a súa inquedaanza, que seguro que ten unha boa inquedaanza... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡¡Pero...!!

**O señor PRESIDENTE:** Señor Villares, chámoo á orde.

*(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Villares, chámoo á orde. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Chámoo á orde.

E remate cando poida, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** É normal que a Fegamp teña a súa inquedaanza. Tamén lle direi que é o que pon a Xunta de Galicia á disposición dos con-

cellos galegos: pon brigadas municipais para todos aqueles que desexen ter unha brigada municipal. Quen non tivo unha brigada municipal, créame que foi porque non a solicitou. Ao mesmo tempo, xa o pasado ano, a instancias tamén da Fegamp e na reunión pertinente, púxose unha partida: a partida para a identificación das fincas nas franxas para proceder a notificar aos seus propietarios e, polo tanto, que cada un cumprira a súa obriga.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Temos todos obrigas, témolas os concellos, os particulares e o resto das administracións. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, eu xa sei que non son portavoz de grupo, pero quen a interpelou fun eu e, entón, agradeceríalle que se dirixira a min. E perdoe pola inxerencia. (*Risos.*) (*Aplausos.*) En calquera caso, dentro da miña pouca relevancia, ou irrelevancia, segundo o considere vostede...

Mire, eu si creo que os galegos e galegas son absolutamente intelixentes. E, evidentemente, respecto absolutamente todos os galegos e todas as galegas, os que nos votaron e os que votaron o Partido Popular. E xa dixen que a súa publicidade e propaganda lles daba bos froitos. Recoñezolles que para iso son moi hábiles, e sábeno xestionar perfectamente.

Pero, mire, non me diga que vostede fala do mundo rural porque o coñece... Mire, é que eu vivo no rural, vivo voluntariamente no rural e quero seguir vivindo no rural. E vivo porque me dá a gana, porque sinto apego á miña terra e, polo tanto, ninguén me ten que explicar como é o rural. (*Aplausos.*) Vostedes teñen unha concepción bucólica do mundo rural, *del paseo de Caperucita*. Pero, non, eu quero vivir, e quero vivir como unha muller do século XXI. Non quero vivir no rural como se vivía antigamente. E ese é o meu dereito e é o que lle pido ao Goberno da Xunta de Galicia, que é o meu goberno, e, polo tanto, son vostedes.

Vostede di que se están executando ben os fondos. ¡Iso é o que nós esperamos! Desde logo, estaremos absolutamente pendentes dos datos da execución orzamentaria, absolutamente pendentes. Pero tamén estaremos absolutamente pendentes dos datos demográficos, porque, ata o de agora, o que nos din os datos demográficos é que o rural cada vez perde máis. E esas 1.000 persoas das que vostede fala espero que se empadroen no rural e que, polo tanto, teña que retirar as miñas palabras ou, polo menos, rectificalas.

Xa lle dixen na miña primeira intervención que non os culpamos dos incendios. E nós condenamos ¡contudentemente! a calquera que poña lume, ¡a calquera! E non estamos demonizando o Partido Popular por poñer lumes, pero si estamos dicindo que, ao mellor, non están poñendo todos os medios necesarios para evitar *semejantes tragedias* E, cando falamos

de «semellantes traxedias», falamos, fundamentalmente, da perda das casas e da perda de vidas humanas. (*Aplausos.*)

Vostede dime que estivo hoxe en Cervantes. Pero é que, mire, é a súa obrigaón. E estou segura de que está exhausta de estar estes días nos concellos onde houbo incendios. Pero é que é a súa obrigaón, ¡vostedes son o Goberno! É a obrigaón de todos nós. Adicámonos á política e, polo tanto, témonos que adicar fundamentalmente aos nosos veciños, ás nosas veciñas e ao noso territorio. Polo tanto, paréceme ben, pero non a vou aplaudir por facer o que ten que facer, señora conselleira.

Vostede dime que non utilizan a publicidade e a propaganda, pero hoxe todos os medios din que se pagou con cartos públicos do Goberno galego publicidade e páxinas enteiras sobre a declaración institucional do presidente tras os incendios que asolaron Galicia. Se iso non é verdade, por favor, diríxase aos medios de comunicación que nos están dando esa información.

Vostede fala tamén de que os galegos e galegas arriscan a súa vida. Pero a min iso entristéceme, ¿sabe?, porque me recorda a traxedia do *Prestige* e ver como os galegos e galegas, coas súas batas brancas —e moitos deles, sen elas—, acudiron de forma masiva a quitar o chapapote. E agora van, como hai vinte anos, con tinas de auga para apagar os lumes. Por favor, señora conselleira, estamos no século XXI. E o que pedimos é que, se as cousas non funcionaron ben, reflexionen e muden as súas políticas, porque non están dando resultados. Isto, por desgraza, pode volver pasar, e esperamos que apliquen todos os medios para que non volva suceder ou, polo menos, para que non haxa perdas —insisto— en vivendas e en vidas, que é o máis importante.

De todos os xeitos, señora conselleira, segue vostede sen contestarme as preguntas que lle fixen e, o máis importante, se considera vostede que a redución de 20 a 8 millóns de euros —é dicir, 12 millóns menos— na partida de camiños rurais é suficiente para que todos os camiños municipais estean en bo estado e, polo tanto —como lle dixen antes—, para facilitar non só o acceso ás fincas, senón tamén o acceso dos medios. E, cando falo deses medios, tamén falo dos medios para apagar os lumes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Peche desta interpelación, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas.

Señora Rodríguez, eu non me laio de ter que ir ao rural. ¡Xa só faltaría! Eu vou encantada ao rural. Gustaríame ir noutras condicións, pero non me laio de ir. Xa sei que é a miña obriga, ¡faltaría máis!

Vou intentar darlle resposta, entón, para clarificar todo isto. Polo tanto, hai que dicir que apostamos polo rural, por suposto. Tal e como lles dicía, son 1.400 os xoves que optaron por incorporarse ao rural. Foron o ano pasado máis de 2.800 as solicitudes para a modernización



de explotacións no rural. E conseguimos que sexan varias as empresas que se instalen en Galicia para a transformación dos nosos produtos lácteos. Mañá mesmo preséntase unha nova marca de leite galego que lles dará un impulso moi importante aos nosos gandeiros. É outra marca, e unha marca importante, porque a xente quere optar pola calidade e quere optar por leite distinguido. E, polo tanto, eu agardo que iso sexa un bo resultado económico, porque, se por algo se distingue Galicia, é pola calidade dos seus produtos. Non podemos competir en cantidade pero si podemos competir en calidade.

Á parte diso, toca falar de camiños e, polo tanto, do Plan marco 2013-2014, con 13, 9 millóns de euros; do Plan marco 2014-2015, con 25,5 millóns de euros —neste caso cofinanciado tamén polas deputacións, que foi moi importante ese cofinanciamento das deputacións, e teríamos que poñer sobre a mesa que de novo se volvera cofinanciar, porque todos estamos moi interesados en que o rural galego teña mellores camiños, porque son fundamentais en todos os eidos—; e do Plan marco do ano 2016, con 20 millóns de euros.

O Plan de camiños xestionouse no ano 2016 a través da medida 4.3 do PDR, destinada a infraestruturas rurais, que, a día de hoxe, está practicamente esgotada. E iso é unha mostra de como estamos xestionando o PDR; é dicir, xa esgotamos a partida dedicada ao Plan de camiños, pero non quixemos deixalo aí, e, polo tanto, no ano 2017 xa non tiñamos cofinanciamento do PDR —é dicir, xa non tiñamos fondos do Feader— e decidimos poñer fondos enriba da mesa, fondos propios; co cal, pode servir, nun momento determinado, para dicir «Pois mirentedes, é que diminuímos a contía», pero, en realidade, o esforzo que se fixo foi moito máis alá, porque xa non había fondos para cofinanciar o Feader. Así que destinamos 16 millóns de euros, pero fixémoslo de xeito bianual: bianual, porque así nolo pediron os distintos concellos, porque —aquí, que houbo alcaldes e, se non, o resto dos deputados tamén o teñen que saber— cada vez que temos que asfaltar ou ensanchar algún camiño, pois, dependendo, temos que pedir os permisos pertinentes e, polo tanto, hai que agardar un tempo; e así nos pediron os alcaldes, e así, ademais, tamén o conveníamos coa Fegamp, que foran partidas bianuais.

Pero deámoslles a oportunidade a eses alcaldes, a todos os que o quixeron, de solicitar o anticipo do 50 %. E todos aqueles que o solicitaron... porque todos tiveron a oportunidade —a través duns parámetros que consensuamos coa Fegamp e, polo tanto, que foron abertos—, todos tiveron a posibilidade de solicitalo; tamén teño que dicir que hai algún que, por despiste ou porque igual non lle facían falta os recursos, non o solicitou. Pero, os que solicitaron esta axuda, todos eles pediron o adianto do 50 % e concedéuselles o adianto do 50 %; pero teñen a posibilidade de ter feitas as súas obras ata setembro do ano 2018. Iso non quere dicir... Non... Si, pero créame que foi así, que se fixo a reunión con eles e por iso se lles deu a posibilidade de pedir o adianto e, polo tanto, de que así se realizara. Co cal, ata setembro do ano 2018, poden levar a cabo as súas obras, porque o ano pasado así nolo pediron, e agora estamos cos novos orzamentos e, créame, señora Rodríguez, que de novo os concellos galegos, por igual, sen distincións, aqueles que así o desexen —que hai algúns que non o queren, polos motivos que sexa—, terán oportunidade, de novo, de ter outro orzamento para o arranxo de camiños, que, sen dúbida, é fundamental: temos moitísimos camiños no rural galego, e para cohesionar os lugares, por mobilidade, e porque ao rural galego tanto vai o autobús como vai a ambulancia como vai o panadeiro como as persoas que viven no día a día.

Talvez sería bo que houbera un esforzo e así se vai pedir, como houbo no seu día por parte das deputacións, houbo no ano 2014 e 2015. Sería bo e, polo tanto, así engordaríamos a partida e resultarían máis beneficiados os nosos concellos. Pero non queda aí, senón que intentamos seguir reestruturando o que son as nosas parcelas, as nosas propiedades e, polo tanto, foron, á parte destes 16 millóns de euros, outros 20 millóns de euros a maiores, naqueles lugares...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...onde estamos a facer as concentracións parcelarias, e gran parte deses foron para camiños.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.


Non hai máis asuntos; remata, polo tanto, o pleno.

Boa tarde.

*Remata a sesión ás oito e vinte e un minutos do serán.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25